TESE DE DOUTORAMENTO

ARTE TARDOANTIGA E ALTOMEDIEVAL NA *GALLAECIA* ENTRE IRIA FLAVIA E TUI (SS. IV-IX)

Mª Jesús de la Torre Llorca

ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL

PROGRAMA DE DOCTORADO EN ESTUDOS MEDIEVAIS

SANTIAGO DE COMPOSTELA

2020

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

DECLARACIÓN DA AUTORA DA TESE

ARTE TARDOANTIGA E ALTOMEDIEVAL
NA GALLAECIA
ENTRE IRIA FLAVIA E TUI (SS. IV-IX)

Dña.MªJesús de la Torre Llorca

Presento a miña tese, seguindo o procedemento axeitado ao Regulamento, e declaro que:

1) A tese abarca os resultados da elaboración do meu traballo.

2) De selo caso, na tese faise referencia ás colaboracións que tivo este traballo.

3) A tese é a versión definitiva presentada para a súa defensa e coincide coa versión enviada en formato electrónico.

4) Confirmo que a tese non incorre en ningún tipo de plaxio doutros autores nin de traballos presentados por min para a obtención doutros títulos.

En ....., ... de ..... de 20..

Asdo.....

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

AUTORIZACIÓN DOS DIRECTORES DA TESE

ARTE TARDOANTIGA E ALTOMEDIEVAL
NA GALLAECIA
ENTRE IRIA FLAVIA E TUI (SS. IV-IX)

Dna. Marta Cendón Fernández
D. Fernando López Alsina

INFORMA/N:

Que a presente tese, correspóndese co traballo realizado por D/Dna. Mª Jesús de la Torre Llorca, baixo a nosa dirección, e autorizamos a súa presentación, considerando que reúne os requisitos esixidos no Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC, e que como directores desta non incorre nas causas de abstención establecidas na Lei 40/2015.

En ....., ... de ..... de 20..

Ado.....

Ado.....

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

RESUMO

Este traballo é unha viaxe pola Galicia altomedieval, ao longo da vía XIX do Itinerario Antonino, entre as antigas dioceses de Iria Flavia e Tui, para reunir diversas manifestacións artísticas, principalmente capiteis e outras pezas escultóricas, datadas entre os séculos IV e IX d.C. e estudalas dende a Historia da Arte e a Arqueoloxía.

Historiograficamente, algunhas destas manifestacións artísticas foron consideradas como tardoantigas, suevas ou visigodas. O noso estudo fai unha revisión desas investigacións e, utilizando as propias pezas como "pezas diana", inicia unha busca de paralelos contextualizados afíns en rasgos técnicos e morfolóxicos.

Para iso, primeiro localizamos e examinamos os *situs* de onde procederon as pezas. Todos, a excepción de un, están relacionados con edificios cultuais relixiosos próximos á vía estudada. Posteriormente, realizamos unha análise individualizada de cada unha das pezas, extraendo as súas particularidades concretas, que son contrastadas coas pezas de outras áreas, sobre todo do norte de Portugal e lugares limítrofes da Galicia actual. O contraste condúcenos a varios resultados, como que moitas das pezas posiblemente pertenzan a etapas posteriores ás contempladas pola historiografía, que na Galicia altomedieval actuaron importantes talleres escultóricos que expandiron os seus modelos polas vías de comunicación do momento, ou que moitos sistemas decorativos e programas iconográficos se mantiveron durante centurias.

RESUMEN

Este trabajo es un viaje por la Galicia altomedieval, a lo largo de la vía XIX del Itinerario Antonino, entre las antiguas diócesis de Iria Flava y Tui, para reunir diversas manifestaciones artísticas, principalmente capiteles y otras piezas escultóricas datadas entre los siglos IV y IX d.c. y estudiarlas desde la Historia del Arte y la Arqueología.

Historiográficamente, algunas de estas manifestaciones artísticas han sido consideradas tardoantiguas, suevas o visigodas. Nuestro estudio hace una revisión de esas investigaciones y, utilizando las propias piezas como "piezas diana", inicia una búsqueda de paralelos contextualizados afines en rasgos técnicos y morfológicos.

Para ello, primero localizamos y examinamos los *situs* de donde procedieron las piezas. Todos, excepto uno, están relacionados con edificios cultuales religiosos próximos a la vía estudiada. Posteriormente, realizamos un análisis individualizado de cada una de las piezas, extrayendo sus particularidades concretas, que son contrastadas con piezas de otras áreas, sobre todo del norte de Portugal y lugares limítrofes a la Galicia actual. El contraste nos conduce a varios resultados, como que muchas de las piezas posiblemente pertenezcan a estapas posteriores a las contempladas por la historiografía, que en la Galicia altomedieval actuaron importantes talleres escultóricos que expandieron sus modelos por las vías de comunicación del momento, o que muchos sistemas decorativos y programas iconográficos se mantuvieron durante centurias.

ABSTRACT

This work is a journey through early medieval Galicia, along the XIX route of the Antoninus Itinerary, between the ancient dioceses of Iria Flava and Tui, to compile diverse artistic manifestations, mainly capitals and other sculptural pieces dated between the IV and IX centuries A.D. and study them from the History of Art and Archaeology.

Historographically, some of these artistic manifestations have been considered late antique, Suebi or Visigothic. Our study makes a revision of those investigations and, by using the own pieces as "target pieces", initiates a search of related contextualized parallels in technical and morphological features.

To do this, we first locate and examine the *situs* from which the pieces came. All of them, except one, are related to religious buildings close to the studied route. Later, we made an individualized analysis of the pieces, extracting their particularities, which are contrasted with pieces from other areas, especially from the north of Portugal and places bordering the current Galicia. The contrast leads us to several results, such as the fact that many of the pieces possibly belong to later periods than those contemplated by historiography, that important sculptural workshops operated in early medieval Galicia that expanded their models through the communication routes of the time, or that many decorative systems and iconographic programs were maintained for centuries.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

AGRADECEMENTOS

Quero agradecer en primeiro lugar aos meus directores, Marta Cendón Fernández e Fernando López Alsina, por aceptar a dirección deste traballo, polos seus consellos e correccións.

O meu agradecemento tamén ao director do Museo Provincial de Pontevedra, José Manuel Rey García, por facilitarme o acceso ás pezas procedentes de San Salvador de Setecoros e a Antonio de la Peña Santos por axudarme na miña visita a este museo e pola información cedida. A Xulio Rodríguez González, director do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense e, en especial, a Ana Mª Veiga e a Xosé Lois Méndez por acollerme tan ben e proporcionarme os medios e toda a información que lles pedín durante a estadía que realicei, tutelada por Adolfo Fernández Fernández, a quen tamén lle recoñezo a súa xestión e apoio. A Alfredo Erias, director do Museo das Mariñas de Betanzos, por guiarme polo museo e permitirme tomar fotografías de todo. A Ramón Yzquierdo Peiró, polos permisos para fotografar as pezas que lle solicitei do Museo Catedralicio de Santiago de Compostela e ofrecerme toda a información sobre elas. Ao Museo das Peregrinacións e de Santiago, ao Museo do Pobo Galego, ao Arquivo Histórico Universitario da USC e ao Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, por permitirme indagar nos esquivos e esparexidos fondos da Exposición Regional de 1909. Grazas tamén pola súa axuda ao persoal do Servizo de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia de Santiago de Compostela.

A Santiago Chenlo Campos, por preocuparse por este traballo e buscarme datos sobre a historia dos capiteis de Setecoros e a Xabier Bernárdez Fresco por levarme tantas veces a xunta eles e amosarme o proceso da súa restauración.

A Rafael Fontoira Surís, por atenderme cando o interroguei e a Xoán Martínez Tamuxe, por facilitarme as "pistas" para coñecer algo máis sobre algunhas das pezas deste traballo. A Rodrigo de la Torre Martín-Romo, mestre canteiro, polas súas respostas, propostas e interpretacións. A Javier Amigo Vázquez, por conseguir que un capitel "sexa materia de debate entre botánicos" e polos seus consellos na terminoloxía.

Tamén teño que lembrarme do párroco de San Pedro de Lantaño, Don Román, por deixarme ver a igrexa por dentro, a Francisco, o campaneiro, por abrirme as portas e a

Brian por acompañarnos durante a visita. Ao párroco de Santa María de A Guarda, Don Jesús María García Villadóniga por deixarme buscar capiteis perdidos dentro da igrexa e a Fernando por ensinarnos os secretos deste templo.

Aínda é hoxe o día que non me creo que José Carlos Sánchez Pardo me chamara para colaborar no proxecto EMCHAHE, foi un privilexio enorme para min, ao igual que compartir espazo no Tana con Marcos, Rebeca, Mario, Erik, Fátima…

A quen me animaron sempre, Xandra, Tiago, Sabela, Vero, Manu... Quero pedirlle perdón a Sofía por pasarme ao "lado escuro".

Á miña familia. A miña nai, ás miñas irmáns, Cris e Eva, agora tócavos ler e non escoitarme. Aos meus sobriños, Anxo e Jairo, e aos meus cuñados, Costi e Andrés. A Nélida e a Manolo, os mellores sogros do mundo. A Alfonsina, por estar sempre pegada a min (literalmente).

E por suposto a Xavi, o meu compañeiro de aventuras, o meu filósofo particular, o meu refuxio de montaña, quen me levou a todas partes, quen me soportou sempre, quen me ensinou todo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Ao meu pai

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Índice

1. INTRODUCIÓN 23

2. BLOQUE A 27

2.1. OBXECTIVOS, METODOLOXÍA E ESTRUTURA 27

2.2. BALANCE HISTORIOGRÁFICO 30

3. BLOQUE B 33

3.1. OS *SITUS*: DISTRIBUCIÓN ESPACIAL, HISTORIA E MATERIAL ATOPADO 33

3.1.1. Santa María de Iria Flavia (templo parroquial, Padrón, A Coruña) 34

3.1.2. San Pedro de Carcacía (templo parroquial, A Igrexa, Padrón, A Coruña) 37

3.1.3. Santa María de Xanza (templo parroquial, A Igrexa, Valga, Pontevedra) 39

3.1.4. San Salvador de Setecoros (templo parroquial, A Eirexe, Valga, Pontevedra) 42

3.1.5. Santa Comba de Cordeiro ou Santa Comba de Louro (xacemento arqueolóxico, Beiro, Valga, Pontevedra) 45

3.1.6. Santo André de César (templo parroquial, Caldas de Reis, Pontevedra) 48

3.1.7. San Pedro de Lantaño (templo parroquial, Casal, Portas, Pontevedra) 50

3.1.8. San Salvador de Lérez (templo parroquial, Porta do Sol, Lérez, Pontevedra) 51

3.1.9. San Xoán de Cabeiro (templo parroquial, O Igrexario, Redondela, Pontevedra) 53

3.1.10. San Martiño de Couso (xacemento arqueolóxico, Ponteareas). 55

3.1.11. San Pedro de Angoares (templo parroquial, Ponteareas, Pontevedra) 56

3.1.12. Santa Leocadia de Guillade, (restos arqueolóxicos, Ponteareas, Pontevedra). 58

3.1.13. Santo Estevo de Beade (templo parroquial, As Coutadas, Vigo, Pontevedra) 59

3.1.14. Vila de Toralla (xacemento arqueolóxico, Vigo, Pontevedra) 60

3.1.15. Barrio de O Areal (xacemento arqueolóxico, Vigo, Pontevedra) 62

3.1.16. Tui (Pontevedra) 64

3.1.16.1. San Bartolomé de Rebordáns e Santa Eufemia de Rebordáns (xacemento arqueolóxico, Tui, Pontevedra). 66

4. BLOQUE C 69

4.1. AS MANIFESTACIÓNS ARTÍSTICAS 69

4.1.1. Os capiteis atribuídos ao templo de San Salvador de Setecoros (Valga, Pontevedra). 69

4.1.1.1. O capitel corintio normal: nomenclatura dos seus elementos compositivos e cuestións técnicas. 74

4.1.1.1.a. Nomenclatura dos elementos que compoñen un capitel corintio. 78

4.1.1.1.b. Cuestións técnicas na labra do capitel corintio. 82

4.1.1.2. Análise dos capiteis de San Salvador de Setecoros (Valga, Pontevedra). 83

4.1.1.2.a. Os capiteis SET01 e SET02. 84
Comparativa dos capiteis SET01 e SET02 cun capitel atopado no xacemento de Toralla (Vigo, Pontevedra). 87
Comparativa dos capiteis SET01 e SET02 cun capitel procedente do templo de Santiago de Saamasas (Lugo). 89
Comparativa dos capiteis SET01 e SET02 con capiteis procedentes de Braga (Portugal). 91
4.1.1.2.b. Os capiteis SET03 e SET04. 93
Variedades de flores nos ábacos de SET03 e SET04. 98
Comparativa dos capiteis SET03 e SET04 de San Salvador de Setecoros (Valga, Pontevedra) cun capitel reutilizado no interior do templo de San Xoán de Vilaronte (Foz, Lugo). 99
Comparativa dos capiteis SET03 e SET04 de San Salvador de Setecoros (Valga, Pontevedra) cun capitel reutilizado no interior do templo de San Xoán da Pena (Lugo, Lugo). 101
Comparativa dos capiteis SET03 e SET04 de San Salvador de Setecoros (Valga, Pontevedra) cun capitel reutilizado na portada sur do templo de San Miguel de Corullón (Bierzo, León). 103
Comparativa dos capiteis SET03 e SET04 de San Salvador de Setecoros (Valga, Pontevedra) con un capitel procedente do templo de Santa María de Temes (Carballedo, Lugo). 107
4.1.1.2.c. Capitel SET05 112
Comparativa do capitel SET05 con dous capiteis procedentes do Museo Arqueolóxico de Oviedo (Asturias). 114
Comparativa con varios capiteis procedentes do Mosteiro de Vila Mou (Viana do Castelo, Portugal). 116
4.1.1.2.d. O capitel SET06. 117
Comparativa cun capitel procedente de San Xiao de Sergude (Carral, A Coruña). 119
4.1.1.2.e. Os capiteis in situ SET07 e SET08. 120
Comparativa dos capiteis SET07 e SET08 de San Salvador de Setecoros con capiteis reaproveitados no paramento do templo de Santa María de Temes (Carballedo, Lugo) 123
Propostas da súa función orixinal dos capiteis SET07 e SET08. 124
4.1.1.2.f. Análise dos fustes procedentes de San Salvador de Setecoros (Valga, Pontevedra) 125
Fustes *in situ* de San Salvador de Setecoros (Valga, Pontevedra) 126
Fuste procedente de San Salvador de Setecoros, Valga (Pontevedra) depositado no Museo da Catedral de Santiago de Compostela 127
Fustes procedentes de San Salvador de Setecoros, Valga (Pontevedra) depositados no Museo da Deputación de Pontevedra 128
4.1.1.2.g. Dous ladrillos procedentes do templo de San Salvador de Setecoros, Valga (Pontevedra). . 130
4.1.2. Capitel procedente do templo de Santa María de Xanza, Valga (Pontevedra). 131
4.1.2.1. O entrelazo presente no capitel de Santa María de Xanza (Valga, Pontevedra): unha fórmula decorativa compartida cun capitel procedente de Chaves (Portugal) e un clípeo ornamental pétreo procedente de A Sabanle (Crecente, Pontevedra). 134
Motivo entrelazado que aparece nun disco atopado en A Sabanle (Crecente, Pontevedra) 138
4.1.3. Capitel procedente de Santo Estevo de Beade (Vigo, Pontevedra) 140

4.1.4. O capitel de San Xoán de Cabeiro (Redondela, Pontevedra): peza dun posible taller bracarense en Galicia. *143*
Os capiteis do arco de San Xoán de Panxón (Nigrán, Pontevedra) 145
Capitel procedente do cenobio de San Cosme e San Damián de Baíña (Baiona, Pontevedra) 153
4.1.5. Relevo no templo de San Pedro de Lantaño (Portas, Pontevedra). *155*
4.1.5.1. Análise das imaxes representadas nos perpiaños 157
4.1.5.1.a. Perpiaño con zoomorfo-palmeta: cabalo ou león? 157
4.1.5.1.b. O relevo do zoomorfo acompañado dunha árbore en San Pedro de Lantaño: posible persistencia de modelos iconográficos durante o altomedievo na Gallaecia. 165
4.1.5.2. Comparativa da peza de San Pedro de Lantaño cun capitel de imposta procedente de San Martiño de Vila Mou, Viana do Castelo (Portugal). 175
4.1.5.2.a. Relevo de San Martiño de Pazó (Allariz, Ourense) 178
4.1.5.2.b. O disco de Santa Uxía de Mougás, crucificado ou orante? 180
4.1.5.3. Perpiaño con flor de lis. 183
4.1.6. Pezas atopadas en San Martiño de Couso (Pontеareas, Pontevedra). *184*
4.1.6.1. Análise das pezas reutilizadas no cruceiro de Couso. 187
4.1.6.2. Análise dos restos de capitel no cruceiro de Couso e comparativa con outras pezas. 188
4.1.6.3. Análise do fragmento reutilizado no cruceiro de Couso con decoración sogueada. 191
4.1.6.4. Cruz litúrxica atopada en San Martiño de Couso (Pontеareas) e outros paralelos. 198
4.1.7. Restos decorativos reaproveitados en San Salvador de Lérez (Pontevedra) *201*
Comparación do friso con octopétalas en San Salvador de Lérez con outras pezas galegas. 203
Comparación do friso con octopétalas en San Salvador de Lérez (Pontevedra) con dúas pezas portuguesas. 206
Análise do perpiaño con epígrafe e flores hexapétalas reutilizado en San Salvador de Lérez, Lérez (Pontevedra) 208
4.1.8. Probable lauda altomedieval en San Pedro de Angoares (Pontеareas, Pontevedra) *211*
4.1.8.1. A igrexa románica de San Pedro de Angoares: espectro dun templo altomedieval. 217
4.1.8.2. Igrexas sobre outras posibles igrexas 219
4.1.9. Un capitel procedente de San Bartolomé de Rebordáns (Tui, Pontevedra) *221*
Capitel depositado no Museo de Pontevedra 224
Capiteis en Santa Eufemia de Rebordáns 225

5. CONCLUSIÓN **229**

6. MAPAS **237**

6.1. MAPA 1: VÍAS DE GALICIA 239
6.2. MAPA 2: *SITUS* DO TRAMO DE VÍA XIX IRIA FLAVIA-TUI 240
6.3. MAPA 3: LOCALIZACIÓN DAS PEZAS NA GALICIA ACTUAL FÓRA DO TRAMO DA VÍA XIX IRIA FLAVIA-TUI 242
6.4. MAPA 4: LOCALIZACIÓN DAS PEZAS NA ESPAÑA ACTUAL 244
6.5. MAPA 5: LOCALIZACIÓN DAS PEZAS NO PORTUGAL ACTUAL 246
6.6. MAPA 6: LOCALIZACIÓN DAS PEZAS EN EUROPA 248

6.7. MAPA 7: DETALLE DOS *SITUS* E LOCALIZACIÓN DAS PEZAS ARREDOR DO TRAMO DE VÍA 250

7. ESQUEMAS DAS FOLLAS DOS CAPITEIS 253

8. FICHAS 257

FICHA Nº 1: CAPITEL PROCEDENTE DE SAN SALVADOR DE SETECOROS (VALGA, PONTEVEDRA). 259

FICHA Nº 2: CAPITEL PROCEDENTE DE SAN SALVADOR DE SETECOROS (VALGA, PONTEVEDRA). 265

FICHA Nº 3: CAPITEL PROCEDENTE DE SAN SALVADOR DE SETECOROS (VALGA, PONTEVEDRA). 271

FICHA Nº 4: CAPITEL PROCEDENTE DE SAN SALVADOR DE SETECOROS (VALGA, PONTEVEDRA). 277

FICHA Nº 5: CAPITEL PROCEDENTE DESAN SALVADOR DE SETECOROS (VALGA, PONTEVEDRA). 283

FICHA Nº 6: CAPITEL PROCEDENTE DE SAN SALVADOR DE SETECOROS (VALGA, PONTEVEDRA). 289

FICHA Nº 7: CAPITEL EN SAN SALVADOR DE SETECOROS (VALGA, PONTEVEDRA). 295

FICHA Nº 8: CAPITEL EN SAN SALVADOR DE SETECOROS (VALGA, PONTEVEDRA). 301

FICHA Nº 9: FUSTE EN SAN SALVADOR DE SETECOROS (VALGA, PONTEVEDRA). 307

FICHA Nº 10: FUSTE EN SAN SALVADOR DE SETECOROS (VALGA, PONTEVEDRA). 313

FICHA Nº 11: FUSTE PROCEDENTE DE SAN SALVADOR DE SETECOROS (VALGA, PONTEVEDRA). 319

FICHA Nº 12: FRAGMENTO DE FUSTE DE SAN SALVADOR DE SETECOROS (VALGA, PONTEVEDRA) 325

FICHA Nº 13: FUSTE PROCEDENTE DE SAN SALVADOR DE SETECOROS (VALGA, PONTEVEDRA). 331

FICHA Nº 14: DOUS LADRILLOS PROCEDENTES DE SAN SALVADOR DE SETECOROS (VALGA, PONTEVEDRA). 337

FICHA Nº 15: CAPITEL PROCEDENTE DE SANTA MARÍA DE XANZA (VALGA, PONTEVEDRA). 343

FICHA Nº 16: PLACA PROCEDENTE DE SAN PEDRO DE CARCACÍA (PADRÓN, A CORUÑA) 349

FICHA Nº 17: PLACA PROCEDENTE DE SAN PEDRO DE CARCACÍA (PADRÓN, A CORUÑA). 355

FICHA Nº 18: BLOQUE CON RELEVO EN SAN PEDRO DE LANTAÑO (PORTAS, PONTEVEDRA) 361

FICHA Nº 19: BLOQUE CON RELEVO EN SAN PEDRO DE LANTAÑO (PORTAS, PONTEVEDRA). 367

FICHA Nº 20: FRISO DECORATIVO EN SAN SALVADOR DE LÉREZ (LÉREZ, PONTEVEDRA). 373

FICHA Nº 21: PLACA DE CONSAGRACIÓN EN SAN SALVADOR DE LÉREZ (LÉREZ, PONTEVEDRA) 379

FICHA Nº 22: BRAZO DE CRUZ DE OURO EN O AREAL (VIGO, PONTEVEDRA). 385

FICHA Nº 23: CAPITEL CORINTIO DE TORALLA (VIGO, PONTEVEDRA). 391

FICHA Nº 24: CAPITEL DE SANTO ESTEVO DE BEADE (VIGO, PONTEVEDRA). 397

FICHA Nº 25: FRAGMENTO DE CAPITEL REUTILIZADO NUN CRUCEIRO EN COUSO-GULÁNS (PONTEAREAS, PONTEVEDRA) 403

FICHA Nº 26: FRAGMENTO GRANÍTICO INCRUSTADO CON TRES BANDAS E DECORACIÓN DE CORDÓN, COUSO (PONTEAREAS, PONTEVEDRA). 409

FICHA Nº 27: PEZA CON EPÍGRAFE EN SAN MARTIÑO DE COUSO (PONTEAREAS, PONTEVEDRA) 415

FICHA Nº 28: CRUZ DE METAL EN SAN MARTIÑO COUSO (PONTEAREAS, PONTEVEDRA) 421

FICHA Nº 29: LAUDA EN SAN PEDRO DE ANGOARES (PONTEAREAS, PONTEVEDRA) 427

FICHA Nº 30: CAPITEL DE PRODECENCIA DESCOÑECIDA DEPOSITADO NO MUSEO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA (PONTEVEDRA). 433

FICHA Nº 31: CAPITEL EN SAN XOÁN DE CABEIRO (REDONDELA, PONTEVEDRA). 439
FICHA Nº 32: FUSTE EN SAN XOÁN DE CABEIRO (REDONDELA, PONTEVEDRA). 445
FICHA Nº 33: PÍA EN SAN XOÁN DE CABEIRO (REDONDELA, PONTEVEDRA). 451
FICHA Nº 34: CAPITEL DE SAN BARTOLOMÉ DE REBORDÁNS (TUI, PONTEVEDRA). 457
FICHA Nº 35: LAUDA DE SAN XOÁN DO PORTO (TUI, PONTEVEDRA). 463

9. BIBLIOGRAFÍA 469

10. LISTADO DE IMAXES 493

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

1. Introdución

A elección do tema sobre o que trata o presente traballo é o desenlace dunha serie de toma de decisións, producidas ao longo de varios anos de busca e intención de estudo das manifestacións artísticas en Galicia entre os séculos V e VII, principalmente de "época sueva". A orixe foron tres razóns fundamentais. A primeira, un traballo fin de mestrado, dirixido pola profesora Raquel Casal García, titulado *Cultura material moble da Tardorromanidade na Gallaecia*, onde presentamos unha compilación de pezas datadas entre os séculos IV-VII, recollendo os máximos datos posibles sobre elas da bibliografía consultada, aspirando nun futuro a poder analizar as pezas en persoa, coñecendo a dificultade que iso implicaría, pero intuíndo a súa potencialidade. A segunda razón foi o coñecemento da existencia dos capiteis atribuídos á igrexa de San Salvador de Setecoros (Valga, Pontevedra), un conxunto de pezas que, dada a súa variedade material, estética e cronolóxica (séculos VI-VII), motivounos a investigar todo o posible sobre a súa historia, a súa realización e intentar visualizar a súa posta en escena nun edificio aparentemente ecléctico. A terceira razón, e quizais a concluínte, foi a participación durante nove meses, e en plena elaboración da tese, no proxecto EMCHAHE (Early Medieval Churches: History, Archaeology and Heritage) dirixido por José Carlos Sánchez Pardo, cuxo obxectivo principal é o estudo das igrexas altomedievais de Galicia (entre os séculos V e XI), dende a interdisciplinaridade (arqueoloxía, historia, historia da arte), facendo unha completa inspección de toda evidencia coñecida a través das referencias bibliográficas e fontes documentais, para a súa posterior prospección e análise. A colaboración neste proxecto sería, en palabras de Sánchez Pardo, un "suicidio" para o transcurso da tese, xa que se empregaría o tempo na colaboración dun proxecto que pisaría a nosa investigación: recompilar todas as pezas de cronoloxía altomedieval en Galicia. Porén, ocorreu todo o contrario, pois foi o máis aproximado a obter unha especie de bolsa de investigación, algo non conseguido por outros medios, o que permitiu poder visitar multitude de pezas espalladas por todo o territorio, así como sufragar unha estadía de investigación no Museo Arqueolóxico de Ourense, tutelada por Adolfo Fernández Fernández, para localizar e identificar pezas altomedievais.

Moitas das conclusións extraídas da colaboración en EMCHAHE, xunto coas consultas no museo ourensán, así como o coñecemento máis profundo dos capiteis de Setecoros,

fixeron que agromasen vínculos entre pezas moi afastadas. Non obstante, tamén hai unha serie da áreas en Galicia nas que se acumulan unha serie de pezas con características comúns, que posúen á súa vez nexos con pezas doutras áreas. A predilección polas pezas de Setecoros fixo elixir un tramo delimitado de estudo (a vía XIX do Itinerario Antonino dende Iria Flavia a Tui) onde se concentran gran número de pezas interconectadas, sabendo que existían relacións con outras fóra deste ramal viario. Intentaríase, polo tanto, consolidar posibles resultados da investigación de xeito acoutado, para facer nun futuro o mesmo noutros espazos definidos ata completar Galicia.

Os resultados que se foron obtendo, tanto das comprobacións relativas ás pezas incluídas no tramo Iria Flavia-Tui, como os que se foron logrando no proxecto mencionado, tornaron necesaria unha ampliación do marco cronolóxico e, polo tanto, a renuncia ao estudo da arte de "época sueva".

Así as cousas, no presente traballo preténdese, como obxectivo principal, reunir todas as pezas artísticas decorativas, maioritariamente arquitectónicas, plantas de igrexas e outros elementos atopados xunto elas, datados entre os séculos IV e IX d. C., na vía XIX[1] do Itinerario Antonino (mapa 1), no seu tramo entre as antigas dioceses de Iria Flavia e Tui. A configuración deste tramo de vía dende antigo é moi importante, pois responde a un interese de control estratéxico terrestre (unión de núcleos importantes como Lugo, Astorga e Braga), marítimo (dada a proximidade ao Océano Atlántico) e fluvial (desembocadura de ríos navegables como o Miño ou o Ulla). Esta vía foi a principal liña de comunicación norte-sur da *Gallaecia* e estivo dotada de áreas comerciais, foros e portos marítimos que consolidaron grandes fluxos mercantís, intercambios culturais, artísticos, etc.

En consecuencia, procedeuse a analizar todas as pezas atopadas neste tramo de vía, dende unha perspectiva histórico-artística e arqueolóxica, localizando na documentación

[1] Queremos deixar constancia do coñecemento do estudio do trazado das vías 19 e 20 de Villanueva González (Villanueva González, R.: "Vigo y Pontevedra. Dos ciudades descendientes de aquellas mansiones romanas: *Vico Spacorum* y *Ad Duos Pontes* mencionadas en el Itinerario de Antonino a comienzos del iglo III d. C.", en *Boletín do Museo do Castro de Viladonga*, nº 28, 2018, pp. 74-99, cuxa interpretación está en desacordo co trazado proposto por outros autores como Peña Santos. Se ben é certo que este traballo está construído sobre un trazado viario concreto, a suposta vía XIX, priorizamos o estudio das manifestacións artísticas que se poden atopar entre as dióceses antigas de Iria Flavia e Tui, así como as que se poden atopar en áreas perimetrais da costa, próximas a esta hipotética vía de comunicación. Sabemos, en calquera caso, que existiu unha continua comunicación norte-sur neste tramo, así como influencias de toda índole.

as pezas para coñecer cal foi o seu tratamento no pasado e procurando verificar que todas pertencen aos *situs* atribuídos.

Por outro lado, procuráronse outras pezas similares que puidesen pertencer a talleres artísticos que tiveron unha importante actividade en todo o territorio da antiga *Gallaecia*. Para isto intentouse consultar, na medida do posible, a documentación e bibliografía existente sobre este período, en particular a que trata do territorio obxecto de estudo e elaborar un *corpus* de pezas artísticas, que recollesen todos os datos posibles.

Tamén se pretendeu facer unha análise de todas as pezas escultóricas con decoración atendendo ás súas dimensións, na medida do posible, aos elementos compositivos e a súa descrición, así como a verificación dos materiais utilizados. A finalidade deste diagnóstico era emendar erros repetidos durante décadas na bibliografía, en relación a estes parámetros, que dificultan o estudo e coñecemento das pezas. No entanto, esta comprobación foi soamente visual, principalmente por falta de medios.

A tarefa da recompilación resultou complexa, xa que moitas pezas están dispersas, outras desaparecidas e outras inaccesibles. Todas elas foron recompiladas a partir da bibliografía e, posteriormente, dentro das nosas posibilidades, foron estudadas directamente. A este respecto hai que salientar a axuda ofrecida por algunhas institucións, tanto para poder visitar pezas como para consultar documentación, como o Museo da Catedral de Santiago de Compostela, o Museo das Peregrinacións de Santiago de Compostela, o Museo do Pobo Galego, o Museo Provincial de Ourense, Museo Quiñones de Vigo e o Museo das Mariñas de Betanzos[2], e os párrocos dalgunhas das igrexas visitadas como San Salvador de Setecoros, San Pedro de Lantaño ou Santa María de A Guarda[3]. Pero tamén destacamos a sensación de abandono e falta de colaboración por parte doutros museos como o Provincial de Pontevedra. A experiencia neste museo foi desilusionante e, a pesar da vontade do director porque se accedera a ver as pezas, a actitude de determinado persoal responsable das mesmas foi incomprensible. Unicamente se tivo acceso ás pezas que se solicitaron ver mediante o

[2] Coñeciamos información sobre un capitel gardado neste Museo. Estivemos véndoo grazas a Alfredo Erias, que nos acompañou na recillida de datos. Non incluiremos esta peza ao non chegarmos a conclusións con respecto ás pezas que incluímos neste traballo.
[3] Tiñamos información de pezas altomedievais depositadas nesta igrexa, así e todo, non atopamos ningún resto e alí descoñecían esta información.

seu nome e número de inventario; isto significa que o descoñecemento doutras pezas e do seu número impediu a súa inclusión neste traballo, pois negáronnos acceso á base de datos interna e, ademais, de moi malas formas. Aspírase e loitarase na medida do posible para que nun futuro os fondos depositados en entidades como esta sexan verdadeiramente públicos, accedendo a eles sen ningún tipo de atranco. Os resultados obtidos neste museo non están, polo tanto, todo o completos que deberían, polo que será necesaria unha nova da recollida de datos sobre a información das pezas visitadas.

Así mesmo, fíxose un rastrexo bibliográfico para poder atopar, polo territorio da antiga *Gallaecia* (actual norte de Portugal e comunidades limítrofes da Galicia contemporánea), outras testemuñas que puidesen ser análogas ás atopadas no espazo de estudo para poder, ben ratificar a exclusividade das pezas consideradas, tardoantigas, "suevas", "visigodas" ou altomedievais, ben revalidar a teoría da existencia de talleres itinerantes de significativa calidade que operaron no territorio. Existen indicios que corroboran esta última hipótese e cremos que é moi relevante a investigación a este respecto, xa que nos atopamos ante o descubrimento de obradoiros con certa actividade no noroeste peninsular, importante para o coñecemento da arte da Alta Idade Media en Galicia.

Todas estas pezas clave están dispostas, como dixemos, ao longo da vía XIX do *Itinerario Antonino*, e nas súas proximidades, no tramo comprendido entre Iria Flavia e Tui, antigas dioceses da *Gallaecia*. Esta delimitación levouse a cabo por unha necesidade de cincunscribir o ámbito de traballo, por cuestións espazo-temporais e sobre todo de recursos dispoñibles, xa que o ideal sería facer un corpus con todas as manifestacións artísticas de todo o territorio de Galicia. Con todo, este espazo non foi escollido azarosamente, xa que se procurou demarcar o campo de traballo optando por unha vía de comunicación que se utiliza dende tempos prehistóricos e non mediante delimitacións territoriais.

En xeral, non analizamos elementos de carácter moble como cerámica, numismática e enterramentos (aínda que faremos algún comentario) dos cales existen amplos estudos, cuxas conclusións foron, ademais, importantes para a elaboración do noso traballo. A única excepción son dúas cruces sustentantes atopadas en dous dos *situs* arqueolóxicos estudados.

2. Bloque A

2.1. Obxectivos, metodoloxía e estrutura

Reúnense neste estudo unha serie de pezas artísticas atopadas ao longo da vía XIX do Itinerario Antonino, nun tramo acoutado que se inicia e remata en dúas antigas dioceses da *Gallaecia*, Iria Flavia e Tui.

O primeiro achegamento, tanto a elas como aos lugares a onde pertencen (*situs*), foi mediante a recompilación de toda a información a través da bibliografía, documentación, fontes e memorias de escavación. Posteriormente, realizouse o traballo de campo, visitando eses *situs*, a maioría igrexas, e realizando os trámites para acceder ás pezas depositadas en museos; en ambos casos houbo algunhas dificultades para alcanzar os obxectivos. Non estudaremos sartegos nin enterramentos, dende o punto de vista tipolóxico, aínda que algúns serán nomeados pola súa importancia contextual e iconográfica.

Intentamos buscar inexactitudes e erros historiográficos de todas as pezas que aparecen no traballo á procura de emendar os que sexan posibles. Tamén procuramos confirmar que as pezas proceden dos *situs* que se lle atribúen.

Ilustramos cada apartado cun gran número de fotografías, xa que daremos moita importancia á imaxe para que se poidan advertir mellor as nosas hipóteses. Aportaremos esquemas das follas dalgúns capiteis para intentar consolidar as nosas comparacións.

Os eixos nos que se desenvolve o traballo son:

Marco Espazo-Temporal

Reunimos un total de 36 pezas, datadas entre os séculos IV-IX, atopadas ao longo, ou moi próximas, á vía XIX do Itinerario Antonino, no tramo que transcorre entre as antigas dioceses de Iria Flavia e Tui. Procuramos demarcar o ámbito de traballo mediante unha vía de comunicación que se utiliza dende tempos prehistóricos, co coñecemento de que existen restos de posible orixe tardorromana e altomedieval. O obxectivo primeiro é pescudar a tipoloxía das pezas deste tramo de vía (próxima á costa

atlántica e de gran importancia de cara a posibles influencias estimuladas polo comercio continuo), utilizada como eixo para a expansión dos estilos. Trataremos tamén de analizar se se produce unha evolución estilística das pezas entre os séculos IV-IX. E finalmente, mediante a confrontación das mesmas con outras doutras áreas, intentamos recoñecer talleres ou centros de produción, cuxas pezas chegaron ata este espazo delimitado, e de que xeito o fixeron.

Os situs

Reunimos un total de 17 *situs* distribuídos ao longo do tramo de vía XIX do Itinerario Antonino. Cada *situ* será introducido explicando a súa tipoloxía (ben sexa un xacemento arqueolóxico, unha igrexa, etc.) e facendo unha descrición formal, procurando descubrir, mediante a bibliografía e as fontes, a súa antigüidade. No caso das igrexas farase unha breve referencia ao edificio actual, xa que na maioría dos casos a construción altomedieval, ora desapareceu, ora quedan escasos restos, ou incluso permanece baixo unha construción posterior. No caso de que se realizaran actuacións arqueolóxicas nos *situs* serán comentadas. A presentación dos *situs* farase con inicio en Iria Flavia e remate en Tui. Farase referencia á distancia de cada *situ* respecto do trazado da vía, aproximadamente. Dos *situs* elixidos proceden unha serie de pezas que consideraremos "peza diana", das que se elaborou unha ficha incluída ao final do traballo.

As "pezas diana"

Na súa maioría, as 36 pezas analizadas posúen unha función arquitectónica e están decoradas, pero incluímos tamén algúns elementos metálicos de posible función litúrxica aparecidos en contextos similares, que consideramos importantes para entender as realidades do período de estudo e que examinamos nun apartado propio.

A totalidade das 36 pezas considéranse "diana" porque implican outra serie de pezas (case un centenar), fóra do tramo de vía elixido, coas que consideramos que comparten unha serie de particularidades cronolóxicas, técnicas, contextuais, morfolóxicas, etc., ou cando menos algunha delas. Serán estudadas dende a bibliografía, as fontes e directamente.

Rexistro

Acompaña a cada "peza diana" unha ficha (ata completar un total de 35) que se elabora para dar rexistro a dita peza. A súa estrutura é a seguinte:

Na primeira páxina, os catro campos imprescindibles: o número de sigla, o nome da peza coa súa procedencia, unha fotografía e un campo coa orixe da fotografía. Intentamos por todos os medios que fose propia e con mellor calidade que as que aparecen na bibliografía ou circulan pola rede. Isto axuda a que se aprecien detalles importantes para a análise, tanto das pezas diana, como dos contrastes con outras pezas.

Na segunda páxina inclúense os campos de tipoloxía de elemento, función e forma, unha breve descrición, a localización actual (incluíndo o seu número de rexistro no caso de que sexa un museo) e un campo co número de sigla do elemento na bibliografía (este campo vímolo necesario principalmente polos capiteis, xa que cada autor asigna unha sigla diferente e pensamos que axudaría a unha localización rápida nas obras).

A terceira páxina contén un campo dedicado á procedencia da peza, seguido doutro que inclúe o número de sigla dos elementos vinculados á peza principal da ficha (cremos que isto axuda a apreciar a complexidade do contexto e á non dispersión do concepto do *situ* de onde proceden as pezas); a continuación, destinamos o espazo aos materiais, ferramentas (no caso de ser identificada ou extraída da bibliografía), técnicas utilizadas e dimensións (intentouse elaborar un rexistro de dimensións xenérico, dada a variedade de pezas); tomamos nota tamén nos seguintes apartados do estado físico da peza (conservación, causas do deterioro e se está reutilizada ou ten algún tipo de sinal que así o indique).

Na cuarta páxina dedicamos un apartado á cronoloxía proposta pola bibliografía consultada e á obra onde aparece; despois, a nosa proposta, no caso de atopar razóns para determinala; creamos un apartado para rexistro de epígrafes, pois aínda que non abundan entre as nosas pezas diana, con todo, rexistramos algún, polo que consideramos conveniente anotar a fórmula, o tipo de letra e a posible dedicación notificada; o seguinte campo é para posibles observacións consideradas de interese.

A quinta e última páxina está reservada a recoller a bibliografía onde a peza aparece mencionada.

Conforman a estrutura do estudo tres bloques: o primeiro, Bloque A, é o introdutorio, onde se expoñen os obxectivos, a metodoloxía e o balance historiográfico; nun segundo, Bloque B, faise un comentario de cada *situ*, comezando en Iria Flavia e terminando en Tui, de norte a sur; no Bloque C, expomos as "pezas diana", que non seguen necesariamente a orde dos *situs*, e a través delas introducimos o resto de pezas. As primeiras pezas diana son as atribuídas á igrexa de San Salvador de Setecoros (Valga, Pontevedra), que en certo modo marcará a pauta, tanto polo maior volume de elementos, na súa maioría capiteis, como de información que se logrou recompilar. Tratamos de observar as posibles correspondencias de estilo e de técnica das "pezas diana" con outras pezas (ben contidas na vía, ben paralelizables coas "pezas diana"), buscando trazos similares (tipolóxicos, iconográficos, técnicos, etc.). Incluímos aquí, tamén, un esquema elaborado coa terminoloxía propia do estilo corintio en lingua galega, tomando como fonte varias obras, ata completar os termos necesarios para a explicación dos capiteis, xa que non atopamos ningún manual que os contemple todos xuntos.

Como corolario do examinado nos tres bloques citados, ofrecemos unha conclusión, onde se recollen as principais ideas e hipóteses extraídas do traballo realizado

Xa a modo de anexos, incluímos mapas, esquemas das follas dos capiteis, fichas de todas as pezas, bibliografía, así como unha relación das imaxes.

2.2. Balance historiográfico

Realmente, os estudos relacionados coas manifestacións artísticas que tiveron lugar no paréntese que abraza a Tardoantigüidade e a Alta Idade Media en Galicia están comezando, se ben é certo que o conxunto de estudos históricos sobre este período é maior. Particularmente cremos que a principal problemática que existe é a continua parcelación de disciplinas e temáticas que, dun tempo a esta parte, atomizan cada vez máis o coñecemento. Unicamente se nalgún momento fósemos quen de integrar todas as investigacións poderíamos dar con algunha resposta que esclareza algo máis este período tan críptico que se nos resiste.

Este traballo involucra varias disciplinas artísticas (arquitectura, escultura...), técnicas, materiais, actividades comerciais, vías de comunicación, aspectos relixiosos e litúrxicos, etc., o que torna inasumible referir todos os estudos realizados sobre estes temas na

antiga *Gallaecia*, que ademais abarca un amplo territorio do Noroeste Peninsular. Son cuantiosas as referencias que poderíamos nomear, pero imos concretar neste apartado só aquelas que foron o apoio principal para a elaboración do traballo.

Cremos, por outra banda, que unha das principais fontes que deberíamos ter consultado para a investigación das manifestacións artísticas atopadas entre Iria Flavia e Tui, tería sido, sen dúbida, os fondos coa documentación emanada da *Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra*. Con todo, a nosa petición de consulta non foi respondida polo de Museo de Pontevedra, que é quen a posúe. Esta asociación realizou durante finais do século XIX e principios do XX unha labor enorme de recollida de materiais arqueolóxicos, reunida nun *Inventario de la riqueza artística de Pontevedra*. A mediados do século XX hai que destacar os traballos de don Ángel del Castillo, historiador e arqueólogo que publicou numerosos artigos sobre diversas pezas artísticas de toda Galicia e realizou o *Inventario de la riqueza monumental y artística de Galicia* en 1972, obra moi importante para o coñecemento dalgunha das obras que trataremos. Paralelamente, as escavacións de Chamoso Lamas por estes anos xeraron algunhas noticias sobre determinados achados, como o caso de Iria Flavia ou San Bartolomé de Rebordáns, entre outros. Ao coñecemento dalgúns vestixios histórico-arqueolóxicos situados na Provincia de Pontevedra contribuíron autores como Fontoira Surís co seu *Inventario de la Riqueza Monumental de la Provincia de Pontevedra*, 2001 e, por suposto, os traballos realizados por Martínez Tamuxe na zona do Baixo Miño, que tiveron os seus inicios coincidindo coa creación do Museo Histórico Diocesano de Tui.

Un dos referentes para o estudo global da arte da Alta Idade Media en Galicia foi a tese do profesor Manuel Núñez, *Arquitectura Prerrománica* en 1978, que foi quen de realizar unha análise da arquitectura galega dende o período suevo ata a incorporación de Galicia ao reino astur. Unha nova recapitulación foi a realizada en 1993 por Ramón Yzquierdo Perrín recollida nun volume dedicado a *Arte Medieval* en Galicia.

En canto ás obras monográficas debemos destacar as dedicadas aos capiteis. Para a Península, de obrigada consulta son dúas: a tese de doutoramento de Enrique Domínguez Perela realizada en 1987, *Capiteles Hispánicos Altomedievales* e a de Domingo Magaña *Capiteles tardorromanos y altomedievales de Hispania (ss. IV-VIII)* de 2011. Outras achegas ao coñecemento destas pezas foron as realizadas tamén por

Núñez Rodríguez, *Estudio estilístico de los capiteles de los siglos V al VII en Galicia*, en 1975-1978, e Gutiérrez Behemerid, *Capiteles romanos de Galicia* en 1982.

Importantes para toda a Península Ibérica foron os estudos de Schlunk, centrados na etapa visigoda en Asturias e Galicia. Dedicados á escultura da zona da *Lusitania* son fundamentais as investigacións de Cruz Villalón, coa tese *Mérida visigoda. La escultura arquitectónica y litúrgica,* publicada en 1985.

Autores como Luis Caballero Zoreda realizaron importantes investigacións no campo da arqueoloxía da arquitectura, cunha preocupación revisionista, que está axudando hoxe a coñecer os procesos construtivos grazas á lectura de paramentos que afectan directa e indirectamente ao estudo dos elementos arquitectónicos decorados; a maioría destes traballos, publicados en *Anejos de Archivo Español de Arqueología*, son o resultado dunha serie de reunións que derivaron na famosa división entre visigotistas e mozarabistas a finais dos anos 90. Son continuadores desta nova liña metodolóxica dende o punto de vista tecnolóxico da actividade construtiva altomedieval Mª José Utrero Agudo ou, dende o estudo da decoración escultórica destas edificacións, Alejandro Villa. As novas pautas, métodos utilizados e o incremento das actuacións arqueolóxicas están axudando a ter unha interpretación actualizada dos monumentos da Tardoantigüidade e do Altomedievo, non soamente a nivel estatal, senón tamén a nivel territorial. Neste sentido caben sinalar as diferentes publicacións realizadas por José Carlos Sánchez Pardo, derivadas do necesario proxecto EMCHAHE[4], creado para o estudo das igrexas Altomedievais de Galicia dende unha perspectiva multidisciplinar, onde se reuniron e se seguen reunindo, para a súa análise, todos e cada un dos elementos arquitectónicos decorativos da Galicia tardoantiga e altomedieval.

Non queremos esquecer obras clave para o exame da nosa arte Tardoantiga e Altomedieval levadas a cabo en Portugal. Os tributos de Fernando de Almeida, *Arte visigótica em Portugal*, 1962, *Historia da Arte em Portugal*, 1993, son imprescindibles, así como os máis recentes de Manuel Luis Real, *A escultura decorativa em Portugal: O grupo "portucalense"*, 2007, e por último, Filomena Limão, *Capiteis da Antiguidade Tardía em Portugal (séculos III/IV-VIII)*, 2010.

[4] Proxecto no que tiven a sorte de participar e, sen o cal, este traballo non tería sido posible.

3. Bloque B

3.1. Os *situs*: distribución espacial, historia e material atopado

Neste apartado introduciremos os *situs*, entendendo como tales os lugares onde atopamos construcións de onde proceden, ou aínda subsisten, pezas artísticas cunha cronoloxía entre os séculos IV-IX, intentando non repetir información que se pode consultar en estudos específicos sobre os lugares tratados. Realizaremos unha aproximación concisa, pois o foco do noso traballo son as propias pezas.

Os *situs* principais están localizados no tramo Iria Flavia-Tui da vía XIX. Para o trazado da vía seguimos, fundamentalmente, a proposta de De la Peña Santos, que atravesaría a actual provincia de Pontevedra, de norte a sur, aproveitando a Depresión Meridiana[5], un accidente xeolóxico que segue unha fractura norte-sur, dende Carballo (A Coruña) a Tui (Pontevedra). Esta fractura serviría como vía de comunicación natural grazas á orografía do terreo[6]. No entanto, incluiremos algúns *situs* que non están exactamente sobre este corredor natural exactamente, incorporando propostas doutros autores que enlazarían o núcleo tudense coa *mansio* Burbida, reflectidos no trazado plasmado no mapa 1[7].

Se ben é certo que De la Peña rexeita como camiños principais outros percorridos que se apartan do tramo proxectado en época romana, directamente norte-sur, debido á aparición de evidencias arqueolóxicas (miliarios), nós terémolos en conta pola súa significación e persistencia durante a Idade Media[8], utilizados neste período como enlaces viarios que comunicaban Tude con outros núcleos próximos[9], así como polo achado de pezas artísticas interesantes.

[5] De la Peña Santos, A.: "Consideraciones sobre la vías romanas de la Provincia de Pontevedra", en *Castrelos*, nº 3-4, 1987, pp. 217- 244, p. 223.
[6] De la Peña Santos, A.: "Consideraciones sobre la vías romanas de la Provincia de Pontevedra", en *Castrelos*, nº 3-4, 1987, pp. 217- 244, p. 223.
[7] Propostas realizadas por Saavedra, Barros Silvelo, Arias Bonet, etc. González Soutelo, S.: *O Tui antigo: unha aproximación histórica-arqueolóxica*, Toxosoutos, 2007, p. 112.
[8] Ferreira Priegue, E.: *Los caminos medievales de Galicia*, Boletín Auriense, Anexo 9, Museo Arqueolóxico de Ourense, 1988.
[9] González Soutelo, S.: *O Tui antigo: unha aproximación histórica-arqueolóxica*, Toxosoutos, 2007, p. 112.

3.1.1. Santa María de Iria Flavia (templo parroquial, Padrón, A Coruña)

Comezamos o noso itinerario na Colexiata de Santa María de Iria Flavia[10], Padrón (A Coruña), non soamente un *situ* importante por estar excelentemente comunicado grazas á súa saída natural ao mar e a súa conexión cos vales interiores, senón pola transcendencia histórica, xa que aparece mencionado como *mansio* da vía XIX do Itinerario Antonino. Xunto con Tui (último punto que trataremos), forma parte das dúas sedes costeiras da Galicia suroccidental na tardorromanidade que funcionaron como dioceses, mencionadas no coñecido *Parroquial Suevo*[11]. Ambas conforman un paréntese no que reuniremos unha serie de vestixios artísticos que cronoloxicamente se sitúan entre os séculos IV e IX d. C.

Paradoxalmente, neste punto de partida non apareceu, polo momento, ningún elemento cuxa tipoloxía responda aos distintos materiais englobados neste traballo[12]. Pero encontramos certas conexións de tipo iconográfico entre pezas doutros *situs* e as formas en relevo das tapas dos sartegos aparecidos soterrados en gran número neste lugar.

O principal xacemento está situado baixo a actual colexiata de Santa María de Iria Flavia, se ben é certo que en varias catas realizadas nos anos 90 tamén foron descubertos outros restos de materiais nas proximidades. Na actualidade a zona de Iria Flavia é un lugar moi urbanizado[13], tanto por edificacións de vivendas como por infraestruturas de tipo industrial, vías de comunicación (estradas, vía do tren e pasos subterráneos) e zonas de cultivo que alteraron a orografía do terreo. Das distintas escavacións realizadas ao longo do tempo obsérvase unha ocupación de antigos sectores de habitación romanos, de carácter privado, de época flavia[14], cunha cronoloxía dende o

[10] Número de rexistro no Servizo de Arqueoloxía da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta, GA15065001.
[11] Sánchez Pardo, J. C.: "Organización eclesiástica y social en la Galicia Tardoantigua. Una perspectiva geográfico-arqueológica del Parroquial Suevo", en *Hispania Sacra,* LXVI, pp. 439-480.
[12] A pesar de que Núñez vincula "dúas plaquetas do século VI no Museo Catedralicio compostelano", que supoñemos que son as placas de mármore atribuídas a San Pedro de Carcacía, ao edificio de Santa María de Iria Flavia. Quizais pola proximidade dos *situs* e polas caracetrísticas comúns. Núñez Rodríguez, M.: *Arquitectura prerrománica*, 1978, p. 44.
[13] Rodríguez Resino, A.: *Do Imperio Romano á Alta Idade Media. Arqueoloxía da Tardoantigüidade en Gallaecia (séculos V-VIII)*, Toxosoutos, 2005, pp. 45-48.
[14] Fernández Ochoa, C., Morillo Cerdán, A. e López Quiroga, J.: "La dinámica urbana de las ciudades de la fachada noralántica y del cuadrante noroeste de Hispania durante el Bajo Imperio y la Antigüedad tardía (siglos III-VII d. C)" en *VI Reunió d´Arqueología Cristiana Hispánica en Valencia*, Institut d´Estudis Catalans, Barcelona, 2005, pp. 95-119, p. 112.

século I d. C; unha área funeraria e unha construción dun edificio de tipo cultual[15], atopados baixo a nave central da colexiata, a nave do evanxeo e o exterior. En cada actuación recolléronse toda unha serie de materiais cerámicos (ánforas, *sigillatas*[16]), tégulas, ladrillos, numismas, mosaicos[17], etc., así como o único exemplo de estatuíña de touro, representativa do culto a Serapis de toda a Península Ibérica[18], que dan mostra do valor histórico deste antigo núcleo urbano.

López Ferreiro foi o primeiro en intervir no interior da Colexiata de Santa María de Iria Flavia no século XIX e, posteriormente, sería Manuel Chamoso Lamas, quen, a partir de 1969, continuaría cos traballos de escavacións ata 1983. A través dos seus informes[19] pódese observar a parcialidade do arqueólogo á hora da recollida de datos, na súa maior parte perdidos sen remedio, feito xa advertido por Pérez Losada[20] e Suárez Otero, quen tamén realizaría unha escavación de urxencia descubrindo unha necrópole medieval[21]. Durante os anos de actividade arqueolóxica de Chamoso Lamas desenterrouse unha necrópole tardorromana e altomedieval con diversidade tipolóxica de tumbas monolíticas e arquitectónicas[22] dispostas en tres niveis cronoestratigráficos (un nivel

[15] Fernández Ochoa, C., Morillo Cerdán, A. e López Quiroga, J.: "La dinámica urbana de las ciudades de la fachada noralántica y del cuadrante noroeste de Hispania durante el Bajo Imperio y la Antigüedad tardía (siglos III-VII d. C)", en *VI Reunió d´Arqueología Cristiana Hispánica en Valencia*, Institut d´Estudis Catalans, Barcelona, 2005, pp. 95-119.

[16] Estudiadas por López Pérez. López Pérez, Mª C.: *El comercio de terra sigillata en la provincia de A Coruña*, Brigantium, 16, A Coruña, 2004.

[17] Na nave central da Colexiata apareceu un fragmento de mosaico do que se conservan oito teselas brancas de 1 cm^2 e varias máis soltas sobre un leito de cal hidráulica que foron utilizadas como pavimento da edificación romana. Acuña Castroviejo, F. e Alles León, Mª J.: "Nuevas aportaciones a los mosaicos romanos de Galicia" en *AnMurcia*, 16-17, 2001-2002, pp. 365-374, p. 372.

[18] Blanco Freijeiro, A.: "El buey de Apis en Iria Flavia (Padrón, La Coruña)", en *Gallaecia*, nº 7, 1984, pp. 261-268.

[19] Os informes consultados están mecanoscritos, incompletos e mal conservados. Chamoso Lamas, M.: *Excavaciones arqueológicas en Iria-Flavia (Padrón- La Coruña)*, Ministerior de Educación y Ciencia, Servicio de Información Artística, Arqueológica y Etnológica del Distrito Universitario de Santiago de Compostela, 1975. Memoria depositada na Dirección Xeral de Patrimonio; Chamoso Lamas, M.: *Excavaciones arqueológicas en Iria-Flavia (Padrón- La Coruña),* Ministerior de Educación y Ciencia, Servicio de Información Artística, Arqueológica y Etnológica del Distrito Universitario de Santiago de Compostela, 1976. Memoria depositada na Dirección Xeral de Patrimonio; Chamoso Lamas, M.: *Ampliación de Informe a lós Trabajos de Excavación realizados en el yacimiento arqueológico de Iria-Flavia (Padrón- La Coruña*), Ministerior de Educación y Ciencia, Servicio de Información Artística, Arqueológica y Etnológica del Distrito Universitario de Santiago de Compostela, 1977. Memoria depositada na Dirección Xeral de Patrimonio; Chamoso Lamas, M.: *Excavaciones arqueológicas en El yacimiento Iglesia Ex-Colegiata de Santa María de Iria Flavia, Atrio y cementerio de Adina,* 1981, Memoria depositada na Dirección Xeral de Patrimonio.

[20] Pérez Losada, F.: *Poboamento e ocupación rural romana no noroeste peninsular: (núcleos agrupados romanos secundarios en Galicia).* Santiago de Compostela, 2000, p. 136.

[21] Suárez Otero, J.: "Cerámicas pintadas na Galicia medieval: os vasos con pintura branca", en *Boletín Auriense*, XXIII, 1993, pp. 71-88.

[22] Pérez Losada, F.: *Poboamento e ocupación rural romana no noroeste peninsular: (núcleos agrupados romanos secundarios en Galicia).* Santiago de Compostela, 2000, p. 168.

tardorromano entre os séculos III-V, un nivel xermánico-altomedieval entre os séculos V-VIII e un nivel medieval entre os séculos VIII-XI)[23]. Nas escavacións realizadas na área urbana, durante os anos 90, localizáranse en torno á igrexa de Santa María estruturas onde se descubrirían niveis de ocupación pertencentes ao século I-II d. C. con abundancia, novamente, de restos cerámicos, ferros, vidros e pesas de tear[24].

O edificio actual é unha reconstrución barroca de Melchor de Velasco realizada entre os séculos XVII-XVIII, con restos dos séculos XII-XIII, onde se mantén a antiga fachada gótica na que se representa a Epifanía, entre outras estruturas, sobre un edificio do século XII que posuía unha planta de cruz latina con corpo basilical de tres naves e cabeceira de tres ábsidas rectangulares[25], edificio que substituíu á fábrica altomedieval destruída por Almanzor.

Imaxe 1: Sartegos no exterior da Colexiata de Santa María de Iria Flavia (Padrón, A Coruña) (fotografía da autora).

No exterior pódense observar a trintena de sartegos altomedievais desenterrados nas escavacións realizadas por Suárez Otero e que, día a día, sofren o deterioro ambiental sen que haxa ningún tipo de plan conservador por parte das institucións[26].

Este tipo de sartegos aparecen en multitude de *situs*, normalmente asociados a edificacións altomedievais. Como exemplo próximo a Iria Flavia podemos citar os

[23] Pérez Losada, F.: *Poboamento e ocupación rural romana no noroeste peninsular: (núcleos agrupados romanos secundarios en Galicia)*. Santiago de Compostela, 2000, p. 168.
[24] Terra Arqueos: *Informe preliminar da escavación no xacemento romano de Iria Flavia, Padrón*, A Coruña, 1993. Memoria depositada na Dirección Xeral de Patrimonio; Terra Arqueos: *Informe preliminar da escavación no xacemento romano de Iria Flavia, Padrón*, A Coruña, 1994. Memoria depositada na Dirección Xeral de Patrimonio.
[25] Taín Guzmán, M.: "Trazas para Iria Flavia", en *Archivo Español* de Arte, 289, 2000, pp. 23-44, p. 23.
[26] En prensa https://www.lavozdegalicia.es/noticia/santiago/padron/2016/06/25/restos-arqueologicos-iria-llevan-anos-poner-valor/0003_201606S25C6991.htm (consultado o 02/06/2019) https://www.lavozdegalicia.es/noticia/santiago/santiago/2019/06/02/sepulcros-piedra-atrio-iglesia-iria-pierden-olvido/0003_201906S2C9995.htm (consultado o 02/06/2019)

atopados nas escavacións no adro da ermida de Martores[27], en Valga (Pontevedra). Alí descubríronse varias tumbas de tégulas e sartegos exentos con tapa sen profanar[28]. Esta capela é o lugar proposto por Guerra Campos como localización da tumba de Prisciliano[29], pero non existen evidencias materiais nin documentais que a día de hoxe ratifiquen tal teoría, existindo outras propostas para o emprazamento dos restos de Prisciliano e os seus discípulos[30]. A construción da capela non parece presentar restos materiais tardoantigos reutilizados[31], aínda que se conserva unha ara dedicada a Mercurio[32] por voto de Severo e restos de aparello prerrománico[33], seguramente contemporáneo destes sartegos graníticos[34], chamados "de estola", tan parecidos, como dixemos, aos que podemos ver en Iria Flavia, ou mesmo aos descubertos baixo a catedral de Santiago de Compostela.

3.1.2. San Pedro de Carcacía (templo parroquial, A Igrexa, Padrón, A Coruña)

Relata Ángel del Castillo, nunha das primeiras publicacións[35] dedicadas ás dúas placas marmóreas procedentes de San Pedro de Carcacía, a 4 km de Iria Flavia, que don Bibiano Giménez, mestre de obras de restauración da Comisaría Xeral do Servizo de Patrimonio Artístico Nacional, adquiriu estas pezas no ano 1943. Foi un labrador desta parroquia quen llas deu, despois de telas na súa propia casa, descoñecendo a procedencia das mesmas. Esta testemuña deixa de manifesto que cabe a posibilidade de

[27] Escavacións realizadas tamén por Chamoso Lamas xunto co profesor da Universidade de Santiago Salvador Parga Pondal. Número de rexistro no Servizo de Arqueoloxía da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta, GA36056007.
[28] Freire Camaniel, J.: *Gallaecia. Antigüedad, intensidad y organización de su cristianismo (Siglos I-VII)*, Fundación Barrié, 2013, p. 774.
[29] Suárez Otero, J.: "Santiago, entre suevos y visigodos. Territorio, conflicto y poder en los orígenes del enigma Jacobeo", en López Quiroga, J. (ed.*): Conversion, Religious Leathership and the Christianization of the Landscape in Late Antiquity*, Oxford, 2020.
[30] Play Augusto, D.: "Arqueología y Priscilianismo", en *Hispania Antiqua*, nº XXXV, 2011, pp. 271-300, p. 286.
[31] Sánchez Pardo, J. C.: "El reuso de materiales y estructuras antiguas en las iglesias altomedievales de Galicia. Casos, problemas y motivaciones" en *Estudos do Quaternario*, nº 12, Braga, 2015, pp. 95-110, p. 97.
[32] Descuberta en 1950 ten o epígrafe Mer/curio/Severus pro/vo/to (CIRG II 122). Está cortada pola súa parte superior e reutilizada como material de construción formando parte dunha escaleira. Rodríguez García, P. e Acuña Castroviejo, F.: "Culto e imagen a Mercurio en Gallaecia", en M. J. Barroca (coord.): *Carlos Alberto Ferreira de Almeida in memoriam*, Vol. II, Porto. pp. 389-408, 1999, p. 329.
[33] Núñez Rodríguez, M.: *Arquitectura prerrománica*, Santiago de Compostela, 1978, p. 67.
[34] Sánchez Pardo, J. C.: Iglesias y dinámicas sociopolíticas en el paisaje gallego de los siglos V-VIII", en *Hispania*, Vol. LXXIII, nº 243, enero-abril, 2013, pp. 11-50, p. 16.
[35] Castillo López, A.: "Relieves visigóticos", en *Boletín de la Real Academia Galega*, nº 277-280, 1945, pp. 125-127.

que as coñecidas placas quizais non proveñan do templo que se conserva na actualidade. O edificio de San Pedro de Carcacía que existe agora construíuse entre os séculos XVI e XVIII. Non quedan restos aparentes no seu exterior de elementos construtivos anteriores. A fachada é moi sinxela, en cuxa entrada occidental podemos ver un fornelo que acubilla a imaxe de San Pedro. O acceso ao interior intentouse, pola nosa parte, en varias ocasións sen éxito. Unicamente localizamos algunhas fotografías que nos revelaron a existencia dun sartego antropomorfo, que está encaixado no paramento norte, nada máis entrar á igrexa. Este indicio consolida un pouco máis a sospeita de que o lugar de Carcacía tivo certo grado de significación no medievo, a pesar da carencia de testemuñas materiais adicionais, que poden ser debidas a que o edificio previo estivese situado nas inmediacións do que se conserva no presente e non baixo este[36]. Por outra banda, a toponimia do entorno tamén o ratifica, xa que nesta área concéntranse enclaves que tiveron, como continuamente estamos matizando, primordiais e diferentes papeis na historia: mansios romanas estratéxicas convertidas en sede episcopal e cecas creadas durante os reinados suevo e visigodo[37]. Destacan os lugares de Rial, Vilar do Bispo ou Mosteiro, neste último consérvase unha igrexa románica, Santa María de Lampai. Así mesmo conflúen diversas vías de comunicación: cara o leste, a sinuosidade do río Ulla penetra no interior da provincia de Lugo ata o seu nacemento[38]; cara o sur, a vía XIX do Itinerario Antonino na súa dirección a *Bracara Augusta,*que leva a Setecoros nun percorrido de apenas 10 km; cara o oeste, inmediatamente ao outro lado dos altos do Monte Meda, está Iria Flavia e a desembocadura do Ulla no Océano Atlántico, gardada polas Torres do Oeste.

[36] Sánchez Pardo, J. C.: "Los contextos de fundación de las iglesias tardoantiguas en Galicia (ss. V-VII): substratos arqueológicos, distribución y significados", en *Antiquité Tardive*, nº 20, 2012, pp. 255-273, p. 265.

[37] A ceca de Catoira e pode que a de Chaves, pois segundo Suárez Otero, o lugar podería coincidir co actual Chaves, no concello de Teo, moi preto de Carcacía, ceca que se identificaría coa antiga *Flavas,* durante os reinados de Recaredo e Witerico entre os séculos VI-VII d.C. Suárez Otero, J.: "Santiago, entre suevos y visigodos. Territorio, conflicto y poder en los orígenes del enigma Jacobeo", en López Quiroga, J. (ed.): *Conversion, Religious Leathership and the Christianization of the Landscape in Late Antiquity*, Oxford, 2020.

[38] As augas do río Ulla están retidas no embalse de Portodemouros. Posiblemente na antigüidade a navegabilidade do río foi posible en moitos kilómetros así como a comunicación coa vía XIX do Itinerario Antonino ao seu paso por *Lucus Augusti*. Queríamos deixar constancia do achado de dous capiteis, posíblemente de mármore, reutilizados nunha pequena igrexa á beira deste embalse, en Santa María de Tronceda (Arzúa, A Coruña). Están encaixados no paramento occidental, e soamente podemos apreciar o ábaco. Esperamos poder profundizar no seu estudo nalgún momento.

Quérese situar neste lugar un templo previo ao actual, cara o século VII d.C.[39], xa que a partir desta data viuse incrementado o número de fundacións eclesiásticas[40]. Así a todo, non hai constancia documental dun templo ata que San Pedro de Carcacía aparece no documento de Tructino establecido como igrexa propia da sede iriense por Afonso III no ano 868[41]. Hai constancia no Tombo A da Catedral de Santiago, documento 5, de que este monarca devolvía á catedral de Santiago a vila de Carcacía, usurpada por Froilán Lemundi, conde de Lugo: "*villa (...) quam ille infelix Froila (...) sibi aprehendiderat*" un ano antes[42].

Falaremos das dúas placas de cancel atribuídas a este *situ* no apartado correspondente.

3.1.3. Santa María de Xanza (templo parroquial, A Igrexa, Valga, Pontevedra)

O templo de Santa María de Xanza foi consagrado a principios do século XII[43], non obstante, a primeira mención é unha doazón que Manso Porto recolle tomando como fonte o testamento de Odoario Alfonso, do 21 de outubro de 1161[44]. González Vázquez aporta un novo dato en relación coa parroquia, a partir dunha sentenza do 7 de maio de 1304 por Fernando IV, sobre o preito entre o deán de Santiago, Arias González, e as freguesías do deado entre as que se atopaba Santa María de Xanza[45].

A igrexa de Santa María de Xanza está situada no lugar de A Igrexa (Valga, Pontevedra) a uns 100 metros da vía XIX do Itinerario Antonino, por onde pasa hoxe a Nacional 550. O seu emprazamento, moi preto da desembocadura do río Ulla, do Océano Atlántico e tamén doutros templos con evidencias artísticas tardoantigas e altomedievais, mencionados neste traballo, como Santa Comba de Cordeiro (Valga, Pontevedra), San Salvador de Setecoros (Valga, Pontevedra), Santa María de Iria Flavia

[39] Núñez Rodríguez, M..: *Arquitectura Prerrománica*, Santiago de Compostela, 1978, p. 68; Yzquierdo Perrín, R. : *Galicia Arte. Tomo X. Arte Medieval*, A Coruña, 1993, p. 64.
[40] Sánchez Pardo, J. C.: "Iglesias y dinámicas sociopolíticas en el paisaje gallego de los siglos V-VIII", en *Hispania*, Vol. LXXIII, nº 243, enero-abril, 2013, pp. 11-50, p. 36.
[41] López Alsina, F.: *La ciudad de Santiago de Compostela en la Alta Edad Media*, Consorcio de Santiago, Universidade de Compostela, 2013, pp. 164-167.
[42] López Carreira, A.: *O reino medieval de Galicia*, Edicións A Nosa Terra, 200, p. 204.
[43] Núñez Rodríguez, M.: "Algunas reflexiones sobre el románico rural gallego", en *Boletín académico*,nº 4, 1986, pp. 4-9.
[44] Arca Somoza, S.: "Xanza", en *Enciclopedia del Romanico. Provincia de Pontevedra*, Fundación Santa María la Real, Aguilar de Campoo, 2005, p. 1184.
[45] Arca Somoza, S.: "Xanza", en *Enciclopedia del Romanico. Provincia de Pontevedra*, Fundación Santa María la Real, Aguilar de Campoo, 2005, p. 1184.

(Padrón, A Coruña), San Pedro de Carcacía (Padrón, A Coruña) ou a capela dos Martores (Valga, Pontevedra), fai que cavilemos sobre a súa potencialidade como contedor de vestixios de interese para a nosa investigación.

Faremos unha breve descrición do templo actual, para posteriormente, se non reconsiderar con rotundidade a pertenza destas pezas á basílica[46], cando menos sospeitar dela[47], a pesar de que hai autores que afirman que Santa María de Xanza foi construída con restos dun edificio anterior[48]. Ao contrario do que ocorre con outras edificacións, apenas atopamos testemuñas historiográficas que falen de restos tardoantigos ou altomedievais reutilizados na presente construción[49] nin se ten constancia de que existan vestixios baixo ela[50].

Santa María de Xanza é un templo de grande sobriedade, de estilo románico rural[51]. A súa nave é de planta rectangular, ao igual que a súa ábsida, a cal foi reformada entre os séculos XVII e XVIII e da que se destaca o seu arco de entrada que "lembra as antigas igrexas de arco de ferradura"[52]. Dende esta accédese, polo lado norte, á capela de San Xosé e, polo lado sur, a sancristía[53], ambas construcións de finais do século XVII e comezos do XVIII.

[46] Sánchez Pardo, J.C.: "Los contextos de fundación de las iglesias tardoantiguas en Galicia (ss. V-VIII): substratos arqueológicos, distribución y significados", en *Antiquité Tardive,* nº 20, 2012*,* pp. 255-273, p. 261.
[47] Sánchez Pardo, J.C.: "Los contextos de fundación de las iglesias tardoantiguas en Galicia (ss. V-VIII): substratos arqueológicos, distribución y significados", en *Antiquité Tardive,* nº 20, 2012, pp. 255-273, p. 261.
[48] Núñez Rodríguez, M.: "Algunas reflexiones sobre el románico rural gallego", en *Boletín académico*, nº4, 1986, pp. 4-9.
[49] Fraguas considera que o arco de entrada á ábsida evoca aos arcos das igrexas antigas e menciona que hai canzorros no exterior máis antigos que outros. A pesar disto non fala de cronoloxías para estes elementos. Fraguas y Fraguas, A. : "La iglesia de Santa María de Janza", en *El Museo de Pontevedra*, nº VI, 1951, p. 119.
[50] Sánchez Pardo, J.C.: "Los contextos de fundación de las iglesias tardoantiguas en Galicia (ss. V-VIII): substratos arqueológicos, distribución y significados", en *Antiquité Tardive,* nº 20, 2012, pp. 255-273, p. 265.
[51] Bango Torviso, I., e Valle Pérez, J. C. (coord.): Enciclopedia del Románico. Provincia de Pontevedra, p. 1187.
[52] Fraguas y Fraguas, A. : "La iglesia de Santa María de Janza", en *El Museo de Pontevedra*, nº VI, 1951, p. 119.
[53] Construida polo maestro Estevan Ferreiro. Bango Torviso, I. e Valle Pérez, J. C. (coord.): *Enciclopedia del Romanico*. Provincia de Pontevedra, 2005, p. 1186. A capela foi levantada prácticamente ao mesmo tempo que a capela de San Xosé e reformada en 1756. Mandouse levantar para cubrir necesidades de almacenaxe de elementos litúrxicos despois da visita do Arzobispo Girón o 21 de outubro de 1675. Fraguas y Fraguas, A. : "La iglesia de Santa María de Janza", en *El Museo de Pontevedra*, nº VI, 1951, pp. 124-125. Nela podemos apreciar enterramentos, armas e blasóns das familias fundadoras como os Piñeiro, Suárez de Deza, Lobeira, Ulloa e Mondragón. Sá Bravo, H.: *Las rutas del Románico en la provincia de Pontevedra*, Caja Rural Provincia de Pontevedra, Pontevedra, 1978, pp.461-466.

Interiormente a nave posúe catro tramos[54] enmarcados por tres pares de columnas pegadas que posiblemente non soportasen o peso dos arcos perpiaños en épocas pasadas[55], e que se corresponden cos contrafortes do exterior[56]. Destacan os capiteis da nave unidos entre si cunha decoración de sogueado que percorre a imposta. Nestes capiteis hai que recalcar a ausencia de ornamentación zoomorfa; emporiso labráronse diversos motivos vexetais como pinas, flores, talos, pencas estriadas e follas enroscadas de gran tamaño. O exterior presenta muros lisos. As fachadas norte e sur son moi similares, formadas no seu exterior pola segmentación de catro panos divididos polos catro contrafortes que coinciden coas citadas columnas[57]. Na parte externa da ábsida e nos laterais percorren o beirado canzorros, en forma de proa na súa maioría, pero tamén de caras, rolos, cabezas de carneiro, bólas, e pencas florais similares ás que atopamos nos capiteis do interior. Nos laterais da fachada principal, que sufriu diversas modificacións[58], hai dous contrafortes e unha portada de arco de medio punto. Sobre o lintel, unha cruz de granito onde a principios do séculos XX houbo unha imaxe da Virxe[59].

Estamos ante un templo na súa totalidade románico, sen ningún tipo de resto anterior, polo que non atopamos suficientes probas para soster que as pezas, ás que nos referiremos no capítulo correspondente, poidan provir desta igrexa[60]. De todos xeitos, analizaremos un curioso capitel de pilastra granítico, que se atribúe a este *situ*[61].

[54] Sá Bravo, H.: Las rutas del Románico en la Provincia de Pontevedra, Cala Rural Provincial de Pontevedra, Vigo, 1978, p. 461.
[55] Fraguas y Fraguas, A. : "La iglesia de Santa María de Janza", en *El Museo de Pontevedra*, nº VI, 1951, p. 121.
[56] Fraguas y Fraguas, A. : "La iglesia de Santa María de Janza" en *El Museo de Pontevedra*, nº VI, 1951, p. 122.
[57] Fontoira Surís, R.: *Inventario de la riqueza monumental de la Provincia de Pontevedra y el Camino de Santiago*, Vigo, 2001, p. 370.
[58] Fraguas y Fraguas, A. : "La iglesia de Santa María de Janza" en *El Museo de Pontevedra*, nº VI, 1951, p. 123.
[59] Fraguas y Fraguas, A. : "La iglesia de Santa María de Janza" en *El Museo de Pontevedra*, nº VI, 1951, p. 123.
[60] Fraguas Fraguas cre que o capitel podería vir de San Salvador de Setecoros. Fraguas y Fraguas, A. : "La iglesia de Santa María de Janza" en *El Museo de Pontevedra*, nº VI, 1951, p. 124.
[61] Tamén se lle atribúe un fragmento de fuste de mármore, hoxe en día desaparecido ou, no mellor dos casos, estraviado ou confundido con outros fragmentos de fuste no Museo Provincial de Pontevedra.

3.1.4. San Salvador de Setecoros (templo parroquial, A Eirexe, Valga, Pontevedra)

Esta basílica é inmediata á Vía XIX do Itinerario Antonino, a 5km, sendo a área onde se sitúa especialmente importante pola concentración de xacementos arqueolóxicos, como acabamos de ver. Historicamente existiu gran interese no control estratéxico desta zona, tanto a nivel terrestre como marítimo, pois a desembocadura do río Ulla na Ría de Arousa dista poucos quilómetros. Atopámonos nunha área que foi rica en comercio grazas ao emprazamento de varios portos marítimos[62] xa en época romana, testemuñados por diferentes prospeccións arqueolóxicas nos últimos anos. Un significativo afianzamento e expansión dun gran fluxo comercial[63] e de intercambio de influencias de todo tipo (culturais, artísticas, económicas, etc.)[64], continuará tamén durante a Tardoantigüidade e no medievo[65] como indican, non soamente as descubertas de producións cerámicas tardías[66], senón tamén, presumiblemente, o transporte de materias primas, entre as que se atopan os mármores[67] para a elaboración dos capiteis que analizaremos no apartado correspondente do Bloque C.

[62] Pérez Losada, F.: *Poboamento e ocupación rural romana no noroeste peninsular: (núcleos agrupados romanos secundarios en Galicia)*. Santiago de Compostela, 2000, p. 135. Fernández Abella, D.: "Prospección arqueolóxica terrestre e subacuática en Agramar, Valga (Pontevedra)" en *Actuacións Arqueolóxicas*, Xunta de Galicia, 2008, 341-343; PyA Arqueólogos S.L: *Prospección y sondeos arqueológicos en Santa Comba de Louro (Valga, Pontevedra)*, Servicio de Arqueoloxía, 2008, Memoria de escavación; PyA Arqueólogos S.L.: *Memoria técnica da escavación arqueolóxica en área en Santa Comba de Louro, Concello de Valga, Pontevedra*, Servicio de Arqueoloxía, 2010. Memoria de escavación.
http://www.pontecesures.net/2008/06/08/valga-investiga-su-pasado-arqueologico/ (consultado 03/11/2014).
https://www.lavozdegalicia.es/noticia/ciencia/2011/02/20/valga-busca-fondos-excavar-media-docena-puntos-interes-arqueologico/0003_201102A20C4991.htm (consultado 03/11/2014).
http://www.arqueologiamedieval.com/noticias/6207/excavaciones-en-busca-de-un-monasterio-medieval-en-valga-pontevedra (consultado 03/11/2014).
https://www.farodevigo.es/portada-arousa/2014/10/31/arqueologos-identifican-restos-tercer-puerto/1122357.html (consultado 03/11/2014).
https://www.lavozdegalicia.es/noticia/arousa/2014/10/31/hallan-valga-puerto-romano/0003_201410A31C11994.htm (consultado 03/11/2014).
https://www.valga.gal/es/ayuntamiento/historia (consultado 03/11/2014).

[63] Pérez Losada, F.: *Poboamento e ocupación rural romana no noroeste peninsular: (núcleos agrupados romanos secundarios en Galicia)*. Santiago de Compostela, 2000.

[64] Naveiro López, J: *El comercio antiguo en el N. W. Peninsular*. Museo arqueolóxico da Coruña, Nº 5, 1991, p. 139 e ss.

[65] Martínez, Mª. C, Amado, X. e López, Mª M.: *La Arqueología en la Gasificación de Galicia 9: Corrección de Impacto del Gasoducto de Transporte Valga-Tui*. 12. 2000, p. 329

[66] López Pérez, Mª C.: *El comercio de terra sigillata en la provincia de A Coruña*, Brigantium 16, A Coruña, 2004, p. 30.

[67] Contémplanse as posibilidades da comercialización do material en bruto cuxa transformación se fai a pé de obra, pero tamén que a obra rematada sexa producto de compra, venda, doazón e mesmo expolio

Imaxe 2: Exterior da igrexa de San Salvador de Setecoros (Valga, Pontevedra) (Fotografía da autora 22/07/2016).

A igrexa actual do Divino Salvador, cuxo templo primitivo considérase instalado nun emprazamento romanizado[68], é do século XVI e a súa fachada foi rematada en 1701[69], aínda que sufriu diversas e importantes reformas[70]. Está articulada nunha planta dunha soa nave e posúe unha sancristía anexa no lado sur da zona absidal. Existe documentación que indica que sufriu remodelacións, entre os anos 1753 e 1754, en todo o sector da cabeceira, incluídos o arco toral e o enlousado da sancristía[71]. O retablo

(Utrero Agudo, Mª. A. e Sastre de Diego, I.: "Reutilizando materiales en las construcciones de los siglos VII-X. ¿Una posibilidad o una necesidad?", en *Anales de Historia del Arte*, Vol. 22 Núm. Especial (II), 2012, pp. 309-323.

[68] Juega Puig, J., Rosales Vázquez, Mª.P., Sánchez Rodríguez, P. e Torres Fernández, M. *Arte e Historia de Setecoros.* (Tríptico informativo sobre a arte na Igrexa de Setecoros).

[69] López Ferreiro, A.: *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela* T.2, 1899, pp. 271-272.

[70] Juega Puig, J., Rosales Vázquez, Mª.P., Sánchez Rodríguez, P. e Torres Fernández, M. *Arte e Historia de Setecoros.* (Tríptico informativo sobre os aspectos artísticos xerais da Igrexa de San Salvador de Setecoros).

[71] Arquivo Histórico Diocesano de Santiago de Composteña. Parroquia de San Salvador de Setecoros. Ref. P020846. Administración Parroquial. Libro de Fábrica e Visitas. Data: 1742-1826 (Fábrica); 1750-1819 (Visitas). Título: "*Para la Fábrica de San Salvador de Siete Coros siendo cura ecónomo Don Diego Riobo Año de 1745*". 1753-1754:fol. 29v "Mayordomo fabriquero de Sietecoros (Gregorio Cordo?) (...) 75 reales de vellón que pagó a Juan de Araújo, Domingo Camiño, Thomas de Bua, J. Alberto Calbo, canteros por losar la iglesia que (llevó) cincuenta y siete sepulturas nuevas, (...); las viejas que se aprovecharon, se pusieron en orden, a 5 (¿??) cada una; en cuia cantidad se incluien los dos pasos del altar

maior, recentemente restaurado[72], construíuse a finais do século XVII ou principios do XVIII[73]. No seu interior consérvanse algunhas pezas da fábrica románica[74].

Están vinculadas a esta fábrica unha serie de pezas arquitectónicas consideradas de orixe tardorromano e altomedieval: oito capiteis corintios, cinco fustes de mármore e dous ladrillos de adobe. Catro dos capiteis e dous fustes están depositados no Museo de Pontevedra; outros dous capiteis e un fuste están no Museo da Catedral de Santiago de Compostela e os dous capiteis, xunto cos dous fustes sobre os que se asentan, están dentro da igrexa de San Salvador de Setecoros.

Hai unanimidade en aceptar que todos os capiteis pertencen a unha fase anterior do edificio de época tardoantiga[75], pero non é irracional pensar, dada a falta de datos documentais, que poidan provir doutro ou doutros edificios e enclaves próximos[76]. Igrexas como Santa María de Xanza[77], mencionada anteriormente, situada a uns tres quilómetros da de Setecoros e da que foi anexa durante centurias[78]; ou Santa Comba de Cordeiro, onde se localizaron enterramentos de tégulas[79] e cuxos restos actualmente se

---

maior, el arco toral; poner a nivel el losado de la sacristía, y asimesmo el coste que tuvo el losado que se halla en el atrio delante de la puerta principal de la iglesia de Siete Coros "Mas da en Data ducientos reales de Vellón que pagó a los referidos canteros que hicieron de nuebo un cementerio que está arrimado al atrio de dicha iglesia y al lado del vendaval, en cuia cantidad se incluie el trabajo de arrancar la piedra para dicho cementerio". Tamén se recollen diversas remodelacións no tellado, cemiterio, revocos, etc durante o ´seculo XVIII: trabajo de arrancar la piedra para dicho cementerio". 1756: Antonio Gil mayordomo fabriquero de Setecoros fol. 34r: "Mas da en Data veinte y quatro reales y treinta y dos reales de vellón del coste de ocho fanegas de cal que se compraron para rebocar y echar los cordones del tejado de la iglesia, dar la (*Monisca/Morisca*) a la espadana y a la puerta del atrio (...)". Anotacións sen transcrición; exclusivamente recollida de información.

[72]https://www.lavozdegalicia.es/noticia/arousa/2016/04/07/setecoros-recurre-emigrantes-restaurar-retablo-barroco/0003_201604A7C4991.htm (consultado 12/06/2016)

[73] Juega Puig, J., Rosales Vázquez, Mª.P., Sánchez Rodríguez, P. e Torres Fernández, M. *Arte e Historia de Setecoros.* (Tríptico informativo sobre a arte na Igrexa de Setecoros).

[74] Entre outras pezas, unha pía batismal e claves de bóveda.

[75] Filgueira, J e García, A *Materiales para la Carta Arqueológica de la Provincia de Pontevedra*, 1953 e Núñez Rodríguez, M..: *Arquitectura Prerrománica*, Santiago de Compostela, 1978.

[76] Núñez Rodríguez, M..: *Arquitectura Prerrománica*, Santiago de Compostela, 1978, p. 68.

[77] Existe un capitel tardorrromano que procede desta igrexa, ver Núñez Rodríguez, M.: *Arquitectura Prerrománica*, Santiago de Compostela, 1978, Dominguez Perela, E.: *Capiteles Hispánico Altomedievales*, Tomo I, Universidad Complutense de Madrid , Madrid, 1987, Tapia Carrasco, M. B.: *Un ejemplo del prerrománico en Galicia: San Xoán de Panxón,* Santiago de Compostela, 1991, p. 150. Incluso se propón que pode proceder de San Salvador de Setecoros (Fraguas y Fraguas, A. : "La iglesia de Santa María de Janza" en *El Museo de Pontevedra*, nº VI, 1951, p. 124).

[78]Administración Parroquial Libro de Fábrica e Visitas de San Salvador de Setecoros 1742-1826 (Fábrica), 1750-1819 (Visitas), AHD; Arquivo Histórico Diocesano de Santiago de Compostela. Parroquia de Santa María de Xanza. Ref. P023108. Administración Parroquial. Libro de Fábrica 1668-1739.

[79] Núñez Rodríguez, M..: *Arquitectura Prerrománica*, Santiago de Compostela, 1978, p. 68.

datan entre os séculos V-VIII[80] d.C.; ou algunha edificación veciña de época tardoantiga[81], como a capela dos Martores, cos sartegos antropomorfos, que coexistiron nun núcleo episcopal como Iria Flavia[82], puideron prover destes elementos arquitectónicos a Setecoros.

3.1.5. Santa Comba de Cordeiro ou Santa Comba de Louro (xacemento arqueolóxico, Beiro, Valga, Pontevedra)

A importancia deste *situ* radica principalmente no seu emprazamento, que ten en común cos anteriores *situs*, estar na confluencia de tres vías de comunicación claves, o río Ulla, a desembocadura deste no Océano Atlántico e a vía XIX do Itinerario Antonino da que dista apenas 3 km. Como ocorre co caso de San Salvador de Setecoros, os xacementos arqueolóxicos de toda esta área, e en especial o de Santa Comba de Louro (ou de Cordeiro), delimitados por estas vías, están vinculados a un contexto comercial, protagonizado pola actividade efusiva levada a cabo nos circuítos atlántico-mediterráneos, e que mantiveron a súa actividade dende a prehistoria ata a actualidade, pero tamén derivada desta actividade mercantil, polos cambios relixiosos que foron transformando a sociedade e a paisaxe como se pode ver no conxunto de restos construtivos que aínda perduran. Mostra disto, ao igual que os restos de Santa Columba de Cordeiro, pódense mencionar as inmediatas Torres do Oeste (O Progreso, Catoira, Pontevedra), importante conxunto de ruínas arqueolóxicas nas que se observou este proceso[83]; ou a capela de San Xulián de Requeixo (Pontecesures, Pontevedra), asentada sobre un importante xacemento arqueolóxico de época romana sobre o que se construíu unha igrexa ás beiras do río Ulla sobre a vía XIX, que sufriu diversas modificacións ao

[80] Sánchez Pardo, J. C.: "El reuso de mateiriales y estructuras antiguals en la iglesias altomedievales de Galicia. Casos, problemas y motivaciones", en *Estudos do Quaternario*, 12, APEQ, Braga, 2015, p. 97.
[81] Hai evidencias dunha continuidade ocupacional entre os séculos IV e VI grazas ao achado de producións cerámicas africanas tardías. López Pérez, Mª C.: *El comercio de Terra Sigillata en la Provincia de A Coruña*, Brigantium, Vol. 16, 2004, p. 30.
[82] López Pérez, Mª C.: *El comercio de Terra Sigillata en la Provincia de A Coruña*, Brigantium, Vol. 16, 2004, p.104.
[83] Núñez Rodríguez, M.: *Arquitectura prerrománica*, Santiago de ompostela, 1978, p. 156; Yzquierdo Perrín, R. : *Galicia Arte. Arte Medieval,* Tomo X, A Coruña, 1993, pp. 106-107. Deste xacemento se conserva no Museo de Pontevedra un relevo granítico fracturado nunha das súas esquinas no que se labrou en relevo unha cruz patada co alfa e omega pensurados dos brazos horizontais e un epígrafe. Arca Somoza, S.: "Catoira", en *Enciclopedia del Romanico*. Provincia de Pontevedra, Fundación Santa María la Real, Aguilar de Campoo, 2005, p. 490.

longo do tempo[84], con restos de paramento que podería pertencer a Alta Idade Media. Santa Comba de Louro exemplifica ben este proceso, xa que grazas a súa escavación descubríronse diversas fases de ocupación superpostas pertencentes a diferentes etapas da historia, dende o século IV ata o XVIII, século no que se desmantela a igrexa e se levan os materiais construtivos á actual localización, a medio quilómetro.

Na fontes documentais, a freguesía de Santa Columba de Louro, Valga, aparece nomeada o 15 de novembro de 1028, nunha cesión que Vermudo III concede á Igrexa de Santiago, *uillam meam uocitatam cordario*, na que vai incluído o mosteiro feito que se constata na *Historia Compostellana*[85]. As primeiras intervencións rexistradas neste *situ* remóntanse a ano 2008, ano no que se realizaron unha serie de prospeccións e sondaxe nos que foron atopados restos dunha necrópole, pezas de material latericio (tégulas) e maioritariamente cerámicas comúns adscritas a un amplo marco cronolóxico "romano-medieval"[86]. No ano 2010 realizouse unha escavación en área, dirixida por Emilio Ramil e restaurada por Rosa Benavides García[87], de 204 metros cadrados nas que se descubriu o perímetro dunha construción identificada como os restos da igrexa de Santa Comba de Louro. Descubriríase un pequeno templo (século V-VI), datada por (OSL e Carbono 14)[88], construída sobre unha vila romana do século IV[89].

[84] Somoza, S.: "Cesar", en *Enciclopedia del Romanico*. Provincia de Pontevedra, Fundación Santa María la Real, Aguilar de Campoo, 2005, pp. 946-950.
[85] Freire Camaniel, J.: *El monacato gallego en la Alta Edad Media*, Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña, 1998, p. 697.
[86] P&A Arqueólogos S.L.: *Prospección y sondeos arqueológicos en Santa Comba de Louro (Valga, Pontevedra)*, Memoria de escavación, 2008.
[87] Benavides García, R.: "Consilidación do xacemento de Santa Comba de Louro", en *Escavación arqueolóxica, consolidación e acondicionamento para a posta en valor do xacemento arqueolóxico de Igrexa Vella de Santa Comba de Louro (Valga, Pontevedra,)* cap. 8, TOMOS, 2012.
[88] Sanjurjo Sánchez. J., Blanco Rotea, R. e Sánchez Pardo, J. C.: "An Interdisciplinary Study of Early Mediaeval Churches in North-Western Spain (Galicia)", en *Heritage*, nº 2, 2019, pp. 599-610, p. 601.
[89] Sánchez Pardo, J. C.: "El reuso de materiales y estructuras antiguas en las iglesias altomedievales de Galicia. Casos, problemas y motivaciones", en *Estudos do Quaternario*, nº 12, Braga, 2015, pp. 95-110, p. 103.



Imaxe 3: Fig. I, Planimetría e fases cronolóxicas do xacemento de Santa Comba de Louro (Valga, Pontevedra); fig. II, necrópole altomedieval descuberta en Santa Comba de Louro; fig. III, tapa de tumba altomedieval reaproveitada na ampliación da igrexa no séculos XVI-XVII (imaxes tomadas de Sen autor. *Escavación arqueolóxica, consolidación e acondicionamento para a posta en valor do xacemento arqueolóxico da igrexa vella de Santa Comba de Louro,* Concello de Valga)

A súa planta ten forma basilical, rematada nunha cabeceira rectangular, con unha ou dúas habitacións anexas para uso dalgún eclesiástico ao que estarían asociados varios enterramentos: dúas tumbas escavadas nos restos do pavimento tardorromano e outra construída con parede de pedra en posición horizontal, cubertas cunha tapa, e outra tumba feita con pedras e reaproveitamento de material latericio romano[90]. Deste período serían unha lousa granítica localizada ao sur en "cuxa superficie presenta dúas liñas en relevo que arrancan das esquinas" e que os arqueólogos identifican cunha lauda "de estola"; e unha lauda de 149cm de lonxitude e 37cm de anchura, con orientación leste-oeste, que posúe restos de epígrafe e unha cruz gravada[91] que foi reutilizada no extremo oeste do muro de peche sur e faría parte dos alicerces da igrexa[92]. Posteriormente, entre os séculos VIII-IX d. C., e debido a un incendio ou á necesidade de facer un edificio maior, levantaríase un novo templo, aproveitando a fachada e paramentos oriental e occidental, de cabeceira cruciforme con transepto e ábsida probablemente rectangular,

[90] Informe de Escavación arqueolóxica, en área en Santa Comba de Louro (Valga, Pontevedra). Memoria técnica da intervención 2010. Depositado na Dirección Xeral de Patrimonio Xunta de Galicia.
[91] Memoria técnica da escavación arqueolóxica en área en Santa Comba de Louro, Concello de Valga, Pontevedra, 2010.
[92] Sánchez Pardo, J. C.: "El reuso de materiales y estructuras antiguas en las iglesias altomedievales de Galicia. Casos, problemas y motivaciones" en *Estudos do Quaternario*, nº 12, Braga, 2015, pp. 95-110, p. 97.

ao que se lle engaden, no seu lado norte, unha sancristía e unha capela lateral[93]. A igrexa é desmantelada en 1730 e se traslada ao lugar actual.

3.1.6. Santo André de César (templo parroquial, Caldas de Reis, Pontevedra)

Santo André de César está situado a 2 km de Caldas de Reis e, polo tanto, achegado á vía XIX do Itinerario Antonino. Pertence á diocese de Santiago de Compostela. Apenas existen referencias documentais que mencionen esta igrexa, unicamente un Privilexio Real concedido por Afonso IX no ano 1218 que menciona o coto de Cesar. A igrexa románica foi reformada no ano 1725, segundo se desprende dun epígrafe situado no arco que dá acceso á capela meridional. Do edificio románico consérvanse a ábsida semicircular[94], que exteriormente se corresponde co estilo que se pode atopar noutras construcións románicas próximas ou outras situadas en diferentes puntos da comarca do Salnés[95]; e parte dos lenzos murais da nave principal[96]. A súa planta é de cruz latina.

Hipólito de Sá cre que é notable que a igrexa foi construída sobre unha primitiva edificación que tería cruz grega[97]. Esta idea vese reforzada polo descubrimento dunha serie de elementos aparecidos en traballos de restauración realizados no templo, sobre todo na zona da ábsida onde apareceron, detrás dun gran retablo barroco, unha serie de pezas, entre elas un altar de granito de "tradición románica", columnas con capiteis prismáticos "de orixe visigótica", un tímpano sen ornamentación, fragmentos de fustes, e unha base ática"[98]. Grazas a un documento gráfico puidemos comprobar que, ademais dos elementos anteriormente mencionados, tamén formaron parte do atopado unhas ménsula e unha estela con decoración sogueada cunha roda de radios curvos de posible orixe prerromana ou romana. Todos estes elementos conserváronse baixo o pórtico da

[93] Informe de Escavación arqueolóxica, en área en Santa Comba de Louro (Valga, Pontevedra). Memoria técnica da intervención 2010. Depositado na Dirección Xeral de Patrimonio Xunta de Galicia.
[94] Fontoira Surís, R.: *Inventario de la riqueza monumental de la Provincia de Pontevedra y el camino de Santiago*, Deputación de Pontevedra, 2001, p. 351.
[95] Arca Somoza, S.: "Cesar", en *Enciclopedia del Romanico*. Provincia de Pontevedra, Fundación Santa María la Real, Aguilar de Campoo, 2005, p. 505.
[96] Arca Somoza, S.: "Cesar", en *Enciclopedia del Romanico*. Provincia de Pontevedra, Fundación Santa María la Real, Aguilar de Campoo, 2005, p. 505.
[97] Fontoira Surís, R.: *Inventario de la riqueza monumental de la Provincia de Pontevedra y el camino de Santiago*, Deputación de Pontevedra, 2001, p. 351.
[98] Arca Somoza, S.: "Cesar", en *Enciclopedia del Romanico*. Provincia de Pontevedra, Fundación Santa María la Real, Aguilar de Campoo, 2005, p. 512.

igrexa, no entanto, despois de inspeccionar o sitio tan so puidemos contemplar que unicamente estaba o tímpano.

Imaxe 4: Restos en Santo André de César (Caldas de Reis, Pontevedra) na figura superior, hoxe a maioría desaparecidos. Fotografía tomada de Sá Bravo, H.: *Las rutas del Románico en la Provincia de Pontevedra*, Caja Rural Provincia de Pontevedra, Pontevedra, 1078, p. 79. Fotografía dos restos que quedan na actualidade en Santo André de César (fotografía da autora 17/02/2019).

.

3.1.7. San Pedro de Lantaño (templo parroquial, Casal, Portas, Pontevedra)

San Pedro de Lantaño dista uns 4 km da vía XIX do Itinerario Antonino. É unha igrexa practicamente inédita[99] aínda que coñecemos datos sobre un mosteiro fundado cara o ano 950, grazas a un preito acaecido cara o ano 956. O litixio foi debido á apertura de dez salinas, propiedade dos avós dos condes Gonzalo Betote e Teresa Eriz[100]. Aragonta e Pelayo González quereláronse contra os colonos que as traballaban[101]. Da sentencia transcendeu un inventario de mosteiros, fundados polas elites, que recibirían unha quinta parte da salina e entre os que aparece o de Lantaño[102].

Non quedan restos daquel antigo mosteiro e crese que puido estar onde actualmente se localiza a igrexa de San Benito de Portas. Esta hipótese pode ser certa, pero a proximidade do templo de San Pedro, as características arquitectónicas deste e os achados escultórico-decorativos efectuados por Fontoira, indícannos a posibilidade de que aquel mosteiro altomedieval estivera situado no lugar de Casal.



Imaxe 5: Vista aérea da igrexa de San Pedro de Lantaño (Portas, Pontevedra) (imaxe tomada de Google Earth 26/03/2019).

[99] Fontoira Surís, Rafael: *Inventario de la riqueza monumental de la Provincia de Pontevedra y El Camino de Santiago*, Deputación Provincial de Pontevedra, 2001, p. 61.
[100] Freire Camaniel, J.: *El monacato gallego en la Alta Edad Media*, Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña, 1998, pp. 740-741.
[101] López Ferreiro, A.: *Historia de la Santa .A.M.Iglesia de Santiago,* Tomo II, 1899, p. 347.
[102] López Ferreiro, A.: *Historia de la Santa .A.M.Iglesia de Santiago*, Tomo II, 1899, p. 347.

En canto ao edificio actual, foi construído e ampliado en diferentes épocas. Ten unha única nave cunha cuberta moderna. Parte da sancristía, o muro norte e a torre do templo pertencen ao século XVIII[103]. Na fachada, non obstante, hai unha inscrición coa data de 1693[104]. A capela aberta no muro norte, que posúe unha cuberta estrelada de 17 claves, e algunhas das pinturas atopadas no paramento de anexión a sancristía, son do s. XVI. Unicamente se conservan restos románicos[105], algúns canzorros e ringleiras de perpiaños no muro sur, observables no seu embasamento exterior e nos paramentos do interior.

As pezas que se analizarán desta fábrica son dous perpiaños con decoración, reutilizados no paramento norte.

3.1.8. San Salvador de Lérez (templo parroquial, Porta do Sol, Lérez, Pontevedra)

A parroquia de Lérez está atravesada pola vía XIX do Itinerario Antonino. Así o demostran indicios como os miliarios atopados nas inmediacións, ou mesmo na toponimia, xa que existe un tramo entre a zona de A Gándara e A Santiña chamado "A Calzada", que se sabe que foi utilizada como camiño en época medieval[106]; por outra banda está documentada a próxima *mansio* de *Turoqua*, identificada coa Pontevedra actual, posiblemente Toruca, mencionada no *Parroquial Suevo*, onde se localizaron numerosos achados romanos e medievais, xa que foi enclave de chegada e saída de comercio[107].

[103] Fontoira Surís, R.: *Inventario de la riqueza monumental de la Provincia de Pontevedra y El Camino de Santiago*, Deputación Provincial de Pontevedra, 2001, p. 60.
[104] Fontoira Surís, R.: Inventario *de la riqueza monumental de la Provincia de Pontevedra y El Camino de Santiago*, Deputación Provincial de Pontevedra, 2001, p. 60.
[105] Fontoira Surís, Rafael: *Inventario de la riqueza monumental de la Provincia de Pontevedra y El Camino de Santiago*, Deputación Provincial de Pontevedra, 2001, p. 60
[106] Álvarez Castro, X.: "Lérez e a vía romana XIX", en *Revista Cedofeita*, Lérez, Pontevedra, nº 15, 2011, pp. 9-10, p. 10.
[107] Pérez Losada, F.: *Poboamento e ocupación rural romana no Noroeste Peninsular*, Universidade de Santiago de Compostela, 2000, pp. 418 e ss.

Imaxe 6: Fotografía onde se aprecia un tramo empedrado da vía XIX do Itinerario Antonino, antiga calzada romana ao seu paso preto do mosteiro de San Salvador de Lérez (Lérez, Pontevedra). Fotografía tomada de Álvarez Castro, X.: "Lérez e a vía romana XIX", en *Revista Cedofeita*, Lérez, Pontevedra, nº 15, 2011, p. 10.

A día de hoxe esta calzada está sepultada pola estrada[108], pero se conservan grandes laxes pétreas nunha zona de xunqueira, na Gándara, que foron aproveitadas como camiño, polos romanos, no momento de construción da vía[109].Moi preto desta vía atopamos o templo de San Salvador de Lérez. A primeira mención documentada que existe sobre el remóntase ao ano 916 e coñécese grazas a unha copia notarial de 1279. Aquela é unha doazón do rei Ordoño II e a súa dona Elvira que lle fixeron a un abade de nome Guntado, fundador do mosteiro, no lugar denominado por aqueles tempos *Spinareto*[110], dentro da diocese de Iria[111] e moi próximo a unha fortificación situada no Monte Castelo, coñecida como *castellum de Citofacta*[112], un punto clave de control e defensa da vía mencionada[113].

[108] Álvarez Castro, X.: "Lérez e a vía romana XIX", en *Revista Cedofeita*, Lérez, Pontevedra, nº 15, 2011, pp. 9-10, p. 9.
[109] Álvarez Castro, X.: "Lérez e a vía romana XIX", en *Revista Cedofeita*, Lérez, Pontevedra, nº 15, 2011, pp. 9-10, p. 9.
[110] Freire Camaniel, J.: *El monacato gallego en la Alta Edad Media*, Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña, 1998, pp. 745-746.
[111] Sá Bravo, H.: *Monasterios de Galicia*, Editorial Everest, Madrid, 1988, p. 337.
[112] Desta fortificación a día de hoxe apréciase a súa pranta. González Paz, C. A.: "Catro exemplos de fortificacións altomedievais galegas do século X: *Castellum de Aranga, Castellum Minei, Castellum*

A igrexa actual foi construída a principios do século XVIII; así o testifica unha inscrición situada no lintel da porta pola que se accede á capela de San Bieito do ano 1700 e outra de 1748 situada nun medallón situado no tímpano da fachada principal, ano, este último, no que posiblemente rematasen as obras[114]. A planta do templo, moi sinxela, parece corresponderse coa de outros edificios barrocos galegos[115] ao igual que a súa sobria fachada granítica flanqueada por dúas torres, composta por un corpo central, onde se abren tres vans, a saber, unha fiestra, a porta de entrada e entre estas un fornelo que acubilla a imaxe do santo ao que se consagra a capela.

Onde nos interesa achegarnos é ao lado sur do edificio, onde se conserva o único vestixio da construción románica anterior. Trátase de parte da arquería do antigo claustro. Se nos internamos nela apreciaremos que no paramento contiguo aprécianse algunhas pezas reutilizadas como perpiaños que presentan decoración e incluso epígrafes, pertencentes seguramente ao primitivo mosteiro[116], que foron descubertas nunha limpeza rutineira, cando se eliminou a capa de cal que as ocultaba[117]. Analizaremos cada unha delas no bloque dedicado ás manifestacións artísticas.

3.1.9. San Xoán de Cabeiro (templo parroquial, O Igrexario, Redondela, Pontevedra)

Non temos referencias documentais sobre esta igrexa, situada no concello de Redondela. Este *situ* debeu ter certo grado de importancia historicamente xa que é camiño de unión[118] entre Tui e Iria Flavia, polo trazado da vía XIX, da que dista apenas 3km, debido ao achado de miliarios nas inmediacións[119]. Da inspección realizada na

Berreti e Castellum de Citofacta", en *Rudesindus*, Congreso Internacional, Mondoñedo, San Tirso (Portugal e Celanova, 27-30 de xuño, 2007, pp. 359-368. p. 363.

[113] González Paz, C. A.: "Catro exemplos de fortificacións altomedievais galegas do século X: *Castellum de Aranga, Castellum Minei, Castellum Berreti e Castellum de Citofacta*", en *Rudesindus*, Congreso Internacional, Mondoñedo, San Tirso (Portugal e Celanova, 27-30 de xuño, 2007, pp. 359-368. p. 365.

[114] http://cedofeita.arcanaverba.org/arquitec.htm (consultado o 30/01/2019).

[115] http://cedofeita.arcanaverba.org/arquitec.htm (consultado o 30/01/2019).

[116] Núñez Rodríguez, M.: "Algunas reflexiones sobre el románico rural gallego", en *Boletín académico*, nº4, 1986, pp. 4-9.

[117] http://cedofeita.arcanaverba.org/arquitec.htm (consultado o 30/01/2019).

[118] Algúns autores como Tranoy, consideran este punto (Redondela) a unión entre a vía XX *Per loca maritima* e a vía XIX. Loira Enríquez, Mª. J.: *El Proceso de Romanización en el Antiguo Territorio de los Ártabros: Formas de Poblamiento y Organización Territorial a lo largo del Período Romano*, 2019, p. 351.

[119] Como o de Sagamonde (Redondela, Pontevedra). Sáez Taboada, B.: "Aportaciones al trazado de la vía 19 del Itinerario Antonino a su paso por Galicia", en *SPAL, Revista de prehistoria y arqueología de la Universidad de Sevilla,* nº 11, 2002, pp. 389-408, p. 392.

igrexa de San Xoán de Cabeiro (Redondela, Pontevedra), deducimos que previo ao templo actual puido existir un edificio anterior, dado os diferentes tipos de materiais construtivos que puidemos ver non muros do edificio, sobre todo concentrados na zona absidal e parte dos muros norte e sur[120].

Imaxe 7: Fachada da igrexa de San Xoán de Cabeiro (Redondela, Pontevedra) na actualidade, na figura esquerda; á dereita parte do exterior do lado sur da igrexa de San Xoán de Cabeiro en Redondela (Pontevedra) onde se observan os distintos tipos de aparello na ábsida e os restos dunha anterior construción expostos. (fotografía da autora 20/01/2020).

San Xoán de Cabeiro é unha pequena igrexa cunha fachada construída no século XVIII. De nave rectangular, con ábsida tamén rectangular, ten lindante, no lado norte, unha sancristía moderna. Como comentábamos, os muros laterais e a cabeceira conteñen aparello que non se corresponde coa época do conxunto do edificio. Por outra banda no exterior do lado sur hai unha serie de pezas expostas, arrimadas á parede, que responden polas súas características, a unha construción previa, e que Fontoira Surís considera restos románicos[121]. Entre estas pezas, que algunha parece de época moderna, hai unha columna de granito, varios perpiaños (un deles acobadado) que fai soporte dunha pía bautismal e un capitel de estilo corintio que será analizado no seu apartado correspondente.

[120] Vemos necesaria a lectura de paramentos por parte dun experto.
[121] Fontoira Surís, R.: "Por las Rutas del Románico", en *Ruta Cicloturística del Románico Internacional*, nº XXVI, 3 febrero-22 junio, 2008, p. 61.

3.1.10. San Martiño de Couso (xacemento arqueolóxico, Ponteareas).

O xacemento de San Martiño de Couso está situado a uns 4 km da vía XIX do Itinerario Antonino. Os restos da ermida alí situada estaban abandonados ata que foron escavados en 2012 pola empresa de arqueoloxía Anta de Moura S.L[122]. A iniciativa foi levada a cabo pola Comunidade de Montes Veciñais e Man Común de Couso, quen promoveu e financiou a intervención. Non obstante coñecíanse as súas ruínas, situadas entre os montes comunais de Couso e Guláns, por parte dos habitantes dos lugares próximos e en escasos datos contidos en tres documentos.

A fonte documental máis antiga onde aparece mencionada a ermida de San Martiño é unha escritura de 1673 do Conde de Salvaterra e Marqués de Sobroso, don Diego Sarmiento. Nela o conde "outorga a favor dos veciños de Couso incluíndo o pacto de redención do foro"[123] e enumera os límites do Monte Comunal[124]. En datas posteriores a ermida é mencionada en visitas pastorais, recollidas en documentos do Arquivo Diocesano de Tui de 1777 e 1780, solicitando reparacións no edificio. No do ano 1777, por exemplo, don Domingo Fernández Angulo "manda e ordea que na capela de San Martiño se fagan os reparos de composición de paredes por dentro e por fóra, branquexala e retellala, e o altar hase de pintar e adornar para a precisa decencia que require o ministerio sagrado"[125]. No entanto, en 1828 faise unha visita por parte do bispo don Francisco Gómez de Casarubio ás capelas próximas de Santa Baia, San Cibrán e San Diego e non aparece mencionada a de San Martiño, polo que se sospeita,

[122] Solicitamos información a esta empresa para poder completar con máis datos este traballo, pero non recibimos resposta. A memoria da escavación, se foi realizada, non está depositada en Patrimonio. Do mesmo xeito descoñecemos onde están depositados os materiais atopados. Sí atopamos un escueto resumo dalgúns resultados en internet: en concreto nesta páxina http://www.cousodegulans.es/capela-de-s-martino.html (consultado 04/07/2018) aparecen un enlace que redirixe a un artigo dun boletín, chamado Pregón, de 2013, que se publicou nas festas do Corpus de Ponteareas, onde se plasman algúns resultados da escavación de 2012; tamén nun docuemto de Prezi con fotografías e planos desta mesma escavación: https://prezi.com/i4rlgckt2wtk/ermida-de-san-martino/ (04/04/ 2019).

[123] González Groba, F.: "Recuperación da capela de San Martiño, en Couso-Guláns" en *Faro de Vigo*, sábado, 17 de setembro de 2011, p. 6.

[124] https://prezi.com/i4rlgckt2wtk/ermida-de-san-martino/(cosultado 04/04 2019)

[125] González Groba, F.: "Recuperación da capela de San Martiño, en Couso-Guláns" en *Faro de Vigo*, sábado, 17 de setembro de 2011, p. 6.

por esta omisión e polas fontes orais, que xa non se levaba a cabo ningún tipo de culto alí, o que suxire que esta capela debeuse abandonar entre o 1780 e 1828[126].



Imaxe 8: Detalle do documento onde aparece mencionada a ermida de san Martiño de Couso (Ponteareas, Pontevedra). Fotografía de Anta de Moura S.L., fotografía obtida de https://prezi.com/i4rlgckt2wtk/ermida-de-san-martino/ (04/04/2019).

En liñas xerais, o que se descubriu interprétase como o "núcleo dunha comunidade de tipo monacal, fundada entre os séculos VIII-IX d.C., con carácter familiar dirixida por un representante de máis peso no grupo"[127].

Entre os restos pertencentes a esta ermida, que serán analizados no presente traballo, atópanse un fragmento de capitel, un fragmento decorado con sogueado, un fuste, unha posible mesa de altar e unha cruz sustentante metálica, dos cales soamente están localizados o fragmento de capitel e a peza sogueada xa que están reutilizados no embasamento dun cruceiro situado no centro do lugar de Couso.

3.1.11. San Pedro de Angoares (templo parroquial, Ponteareas, Pontevedra)

A igrexa de San Pedro de Angoares, Ponteareas (Pontevedra) está situada a uns 10 km da vía XIX do Itinerario Antonino.

[126] González Groba, F.: "Recuperación da capela de San Martiño, en Couso-Guláns" en *Faro de Vigo*, sábado, 17 de setembro de 2011, p. 6.
[127] Prieto Robles, Mª Soledad e Castro Carrera, J. C.: " A capela de San Martiño, Couso-Guláns. Un vestixio singular na historia de Galicia" en *Pregón,* 2013, p. 72.

Existen numerosas referencias a San Pedro de Angoares[128] pola singularidade do seu estilo románico[129], pero non ocorre o mesmo no que atinxe a súa fundación[130]. Existe a posibilidade de que antes do edificio románico houbera un máis antigo, como se verá no apartado correspondente.

Coñecemos algúns documentos que afirman que no pasado foi un mosteiro que se rexía pola regra beneditina[131]. O primeiro data de 1229[132]. Trátase unha doazón do monxe Pedro ao abade Pelagio e resto dos monxes; noutro documento de 1290, o abade Pedro da Viega afora a Juan Domínguez unha herdade en Nespereira[133]; un privilexio real de 1293, do rei Sancho IV, alude á pobreza e exigüidade do mosteiro[134]. Este foi anexo, xunto con outros templos como San Bartolomé de Rebordáns, á catedral Tui a partir de 1435, quedando constancia do feito nunha bula do papa Uxío IV que se fixo efectiva en 1444[135]. O mosteiro entra en decadencia a finais do século XV[136] e no 1528 nunha visita pastoral ordénase a reparación do mosteiro, as capelas e o corpo da igrexa para que non chova dentro[137]. A partir de aquí San Pedro de Angoares vai sufrir unha serie de modificacións na súa factura que se estenderán ata o século XX, aínda que a súa natureza esencialmente románica subsistise ao longo dos séculos.

[128] Sobre o templo trataron: Castillo López, A.: "Iglesias antiguas de Galicia: San Pedro de Angoares", en *Boletín de la Real Academia Gallega*, nº 160, 1924 pp. 82-87; Sá Bravo, H.: *El monacato en Galicia*, T-II, 1972; González Pérez, C.: *San Pedro de Angoares: módulo para la memoria de una parroquia*, Pontevedra, 1975; Bango Torviso, I.: *Arquitectura Románica de Pontevedra*, 1979; Iglesias Almeida, E.: "El monasterio de San Pedro de Angoares", en *Soberosum. Revista de Estudios*, nº 1, Museo Municipal de Ponteareas, 1993, pp. 115-131; Ramos Díaz, M.: "Angoares", en *Enciclopedia del Románico en Galicia*. Pontevedra, Fundación Santa María la Real, Aguilar de Campoo, 2005; Torrado Gándara, L.*: El obispado de Tui en la Edad Media: sus iglesias románicas*, Universidade da Coruña, 2015; Vázquez Corbal, M.: *El arte románico en la antigua diócesis de Tui*, Universidade de Santiago de Compostela, 2016.

[129] Non entraremos nas particularidades do templo románico e soamente rastrexaremos e analizaremos os vestixios considerados pola historiografía de orixe tardoantigo e altomedieval.

[130] Iglesias Almeida, E.: "El monasterio de San Pedro de Angoares", en *Soberosum. Revista de Estudios*, nº 1, Museo Municipal de Ponteareas, 1993, pp. 115-131.

[131] Torrado Gándara, L.: *El obispado de Tui en la Edad Media: sus iglesias románicas*, Universidade da Coruña, 2015, p. 218.

[132] Freire Camaniel, J.: *El monacato gallego en la Alta Edad Media*, Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña, 1998, pp. 598-599.

[133] Documento do 25 de xuño de 1290, Pergamiño 14/75 Arquivo da Catedral de Tui, en Iglesias Almeida, E.: "El monasterio de Angoares", en *Soberosum*, nº 1, Ponteareas, 1992, p. 115 e ss.

[134] Pergaminos 3/18 y 3/20 Archivo de la Catedral de Tui. Iglesias Almeida, E.: "El monasterio de Angoares", en *Soberosum*, nº 1, Ponteareas, 1992, p. 116.

[135] Castillo López, A.: "Iglesias antiguas de Galicia: San Pedro de Angoares", en *Boletín de la Real Academia Gallega*, nº 160, 1924, pp. 82.

[136] Vázquez Corbal, M.: *El arte románico en la antigua diócesis de Tui*, Universidade de Santiago de Compostela, 2016, p. 44.

[137] Torrado Gándara, L.: *El obispado de Tui en la Edad Media: sus iglesias románicas*, Universidade da Coruña, 2015, p. 218.

A singularidade deste edificio radica na súa planta, pois existen poucos exemplos na península ibérica e ningún en Galicia[138]. Consta dunha soa nave de cruz latina e unha ábsida de cabeceira rectangular[139]. Algúns autores, afirman taxativamente[140] que previo ao templo románico existiría un anterior, tal como o suxiren as dimensións da zona da cabeceira, a disposición das aberturas dos paramentos para os vans, os restos arqueolóxicos atopados nas inmediacións e unha peza reutilizada no lenzo murario[141].

3.1.12. Santa Leocadia de Guillade, (restos arqueolóxicos, Ponteareas, Pontevedra).

Situada a uns 14 km da vía XIX do Itinerario Antonino. O lugar de Santa Leocadia de Guillade (Ponteareas, Pontevedra) sitúase ao norte da igrexa de San Miguel de Guillade onde se conservan restos dunha antiga ermida. Segundo describen Mariano Piñeiro Groba e Claudio González Pérez na obra *Historia de Puenteareas* "estaba situada no lugar de A Encostada, onde fai algúns anos apareceron, ao facer unhas escavacións Xoán Martínez Tamuxe, unha serie de restos arquitectónicos. Aprécianse segundo parece, certas influencias visigóticas na disposición da planta do edificio atopado, que avalarían a hipótese de que a orixe deste cenobio hai que situalo entre os séculos VI e VIII"[142]. Estas escavacións foron realizadas entre os anos 1962 e 1976, e dos restos constatados por Piñeiro e González unicamente se conserva a pía bautismal, polo que será complicado un análise e estudio en profundidade. Na actualidade soamente se

[138] Fontoira Surís, R.: *Inventario de la riqueza monumental de la Provincia de Pontevedra y el Camino de Santiago,* Diputación Provincial de Pontevedra, 2001, p. 23.
[139] Castillo López, A.: "Iglesias antiguas de Galicia: San Pedro de Angoares", en *Boletín de la Real Academia Gallega*, nº 160, pp. 82.
[140] Castillo López, A.: "Iglesias antiguas de Galicia: San Pedro de Angoares", en *Boletín de la Real Academia Gallega*, nº 160, p. 86.; Fontoira Surís, R.: *Inventario de la riqueza monumental de la Provincia de Pontevedra y el Camino de Santiago*, Diputación Provincial de Pontevedra, 2001, p. 23.
[141] González Pérez dá conta de numerosos restos arqueolóxicos atopados nas inmediacións de Angoares. Entre eles cita os de tipo tardorromano, suevo e visigodo como sepulcros antropoides en Frades, Fozara e Mondariz e nomea unha igrexa visigoda desaparecida en Riofrío (p. 25-26); destaca que varios autores aseguran que pola chamada "ponte das partidas" entre o lugar de Moreira e Cristiñade, pasava a vía XIX do Itinerario Antonino, cousa que non podemos confirmar. González Pérez, C.: *San Pedro de Angoares. Módulo para una parroquia*, Museo de Pontevedra, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1975. Fontoira Surís, R.: *Inventario de la riqueza monumental de la Provincia de Pontevedra y el Camino de Santiago*, Diputación Provincial de Pontevedra, 2001, p. 23. Atopáronse tamén tégulas e cemento romano (Castillo López, A.: "Iglesias antiguas de Galicia: San Pedro de Angoares", en *Boletín de la Real Academia Gallega*, nº 160, p. 86.).
[142] Romaní Martínez e Otero Piñeyro: "La "Domus" de Santa Leocadia de Guillade (Ponteareas) en un documento del año 963. Estudio sobre su autenticidad", en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, LVI, N.º 122, enero-diciembre, 2009 p. 126.

poden observar perpiaños e restos de paramentos que, segundo Hipólito de Sá, son os restos daquela ermida[143].

O documento máis antigo onde se menciona Santa Leocadia de Guillade é no Tombo do Mosteiro de Melón do ano 1611 (folio 337). Neste documento, copia dun orixinal do século XII dun orixinal[144], faise mención a unha doazón feita en 963 por varios presbíteros da vila ao Mosteiro de Santa Leocadia de Guillade[145]. Dita vila localizábase, naqueles tempos de profusión de fundacións eclesiásticas como San Bartolomé de Tui ou San Pedro de Angoares, nas proximidades dunha vía comercial que conectaba o Baixo Miño e as terras do Avia coa vía XIX ata a cidade episcopal de Tui[146], importante nó de comunicacións.

3.1.13. Santo Estevo de Beade (templo parroquial, As Coutadas, Vigo, Pontevedra)

A igrexa de Santo Estevo de Beade está situada a menos de 10 km da vía XIX do Itinerario Antonino. A única referencia documental coa que contamos, e a máis antiga, a Santo Estevo remóntanse ao século XII. Trátase dun documento do 1 de decembro de 1156, no que Afonso VII reparte os seus bens entre o bispo de Tui e o Cabido[147]. Así e todo, existen restos arqueolóxicos que indican que esta parroquia é habitada con moita anterioridade. Grazas á toponimia do lugar extráese de que o nome *Beade* procede da forma *Beati*, xenitivo de Beatus, nome común entre os cristiáns durante os séculos IV-XI[148]. Este *Beatus*, puido ser un propietario destas terras que fundaría un templo dedicado a Santo Estevo[149].

[143] Sá Bravo, H.: *Las rutas del románico en la provincia de Pontevedra*, Vigo, 1978.
[144] Romaní Martínez e Otero Piñeyro: "La "Domus" de Santa Leocadia de Guillade (Ponteareas) en un documento del año 963. Estudio sobre su autenticidad", en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, LVI, N.º 122, enero-diciembre, 2009 p. 117.
[145] Sá Bravo, H.: *Las rutas del románico en la provincia de Pontevedra*, Vigo, 1978, p. 356; Freire Camaniel, J.: *El monacato gallego en la Alta Edad Media*, Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña, 1998, p. 733.
[146] Romaní Martínez e Otero Piñeyro: "La "Domus" de Santa Leocadia de Guillade (Ponteareas) en un documento del año 963. Estudio sobre su autenticidad", en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, LVI, N.º 122, enero-diciembre (2009), p. 127.
[147] Ocaña Eiroa, F. J.: "La desaparecida iglesia románica de Santiago de Vigo, y la imagen del Salvador", en *Abrente*, nº 42-43, 2010-2011, pp. 41-74, p. 70, nota 2.
[148] Carrasco, L. e Navaza, G.: *Toponimia do Val do Fragoso*, nº 3, Universidade de Vigo, 2014, p. 11.
[149] Carrasco, L. e Navaza, G.: *Toponimia do Val do Fragoso*, nº 3, Universidade de Vigo, 2014, p. 12.

A igrexa actual é unha construción dos séculos XVI-XVIII, de planta rectangular cuxa fachada, na que destaca a torre do campanario cunha balaustrada, érguese mediante tres cos flanqueados por pilastras que rematan en pináculos. Desta igrexa dise que procede un capitel de estilo corintio, único resto conservado, dunha edificación anterior altomedieval e que analizaremos no seu apartado correspondente.

3.1.14. Vila de Toralla (xacemento arqueolóxico, Vigo, Pontevedra)

Este xacemento está preto da cidade de Vigo e non está situado exactamente sobre a vía XIX do Itinerario Antonino, aínda que é adxacente e pasa a uns 10 km. Ao igual que a área arqueolóxica de Vigo (neste traballo centrada exclusivamente no barrio de O Areal), non eran na antigüidade lugares incomunicados das principais redes viarias. Incluso foi un enclave politicamente dependente de Tude[150]. É xunto con Adro Vello un dos xacementos máis importantes escavados nos anos 90[151], neste caso baixo a supervisión de Soto Arias e Hidalgo Cuñarro, e posteriormente en sucesivas campañas entre os anos 2002 e 2007, interveuse con maior rigor científico. Dende estes últimos traballos o xacemento está musealizado[152]. A superficie escavada descubriu a *vila* de Toralla (San Miguel de Oia, Vigo), unha das poucas vilas romanas de gran tamaño que ata o de agora se localizaron en Galicia[153].

[150] Pérez Losada, F.: *Poboamento e ocupación rural romana no noroeste peninsular: núcleos agrupados romanos secundarios en Galicia*. Santiago de Compostela, 2000, p. 531.
[151] Pérez Losada, F.: *Poboamento e ocupación rural romana no noroeste peninsular: núcleos agrupados romanos secundarios en Galicia*. Santiago de Compostela, 2000, p. 5. Neste ano a familia Mirambell, devolve a finca ao Concello de Vigo.
[152] Fernández Fernández, A.: *El Comercio Tardoantiguo (ss. IV-VII) en el NO Peninsular a través del Registro Arqueológico de la Ría de Vigo*, Universidade de Vigo, 2011, p. 31.
[153] Pérez Losada, F.: *Poboamento e ocupación rural romana no noroeste peninsular: núcleos agrupados romanos secundarios en Galicia*. Santiago de Compostela, 2000, p. 451.



Imaxe 9: fig. I, plano da vila de Toralla (San Miguel de Oia, Vigo); no recadro **a** sinálase a área que corresponde ao edificio principal que foi escavada pola familia Mirambell a principios do século XX e de onde supostamente provén o capitel VIG02 (imaxe tomada de http://vigodixital.opennemas.com/articulo/cidade-por-conhecer/vila-romana-toralla/20141220174318000750.html , consultado o 20/01/2018); fig. II, vista aérea da situación xeográfica da vila de Toralla fronte a illa do mesmo nome. Á dereita a praia de O Bao e á esquerda a praia de Canido imaxe tomada de (http://proxecto-toralla.webs.uvigo.es.html , consultado o 20/01/2018); fig. III, base atopada durante as escavacións de 1992-1994 (imaxe tomada de http://arqueovigo.blogspot.com/search/label/Romanizaci%C3%B3n , consultado o 20/01/2018).

Esta *vila* de Toralla ocuparía unha extensión de preto de dúas hectáreas (imaxe 9) e estaría dedicada a residencia con certa pegada luxosa (hipocausto, mosaicos, cerámicas importadas) e a actividades agrícolas[154]. Formaría parte dun conxunto de asentamentos desta índole localizados na área xeográfica próxima ao *vicus Elanei*[155], destacado enclave comercial en cuxo porto exportábanse mercadorías (metais como chumbo e estaño, madeiras, coiro, etc)[156] e importábanse inxentes cantidades de produtos provenientes de África e o Oriente, a través do Mediterráneo, e do mundo Atlántico

[154] Hidalgo Cuñarro, J. M. e Costas Goberna, F. J.: "La villa romana de Toralla", en *El Museo de Pontevedra*, XXXVI, 1982, p. 356.
[155] Fenández Ochoa, C., Morillo Cerdán, A. e López Quiroga, J.: "La dinámica urbana de las ciudades de la fachada noratlántica y del cuadrante noroeste de Hispania durante el Bajo Imperio y la Antigüedad Tardía (siglos III-VII d.C.)" en *VI Reunió D´Arqueologia Cristiana Hispánica. Les ciutats Tardoantigues D´Hispania: Cristianització i Topografia*, Institut d´Estudis Catalans, Valencia, 2003, pp. 95-119, p. 110.
[156] Fernández Fernández, A.: "Un análisis del comercio tardoantiguo el el Noroeste Atlántico desde los productos transportados por vía marítima", en *Vislumbrando la Tardoantigüedad. Una mirada desde la Arqueología*, Instituto de Estudios Riojanos, nº 19, Logroño, 2018, p. 137-168.

(aceite, cerámica, cereais, viño, xoias, vidro, alume, ámbar, etc)[157]. No entorno desta zona costeira habería importantes factorías dedicadas a produción de sal[158].

A *vila* de Toralla tivo o seu apoxeo no século IV d. C e foi abandonada no primeiro cuarto do século V d.C., posiblemente pola chegada dos pobos xermánicos[159].

3.1.15. Barrio de O Areal (xacemento arqueolóxico, Vigo, Pontevedra)[160]

Este xacemento atópase en plena cidade de Vigo, a uns 8 km da vía XIX do Itinerario Antonino. Como dixemos no apartado anterior, dedicado ao xacemento de Toralla, estes lugares non se asentaron sobre a propia vía, pero existiron camiños, costeiros e terrestres, que enlazarían con poboacións importantes creándose, por exemplo, corredores marítimos cara Iria Flavia dende Redondela pasando por Baiona e cara Tui pasando por Porriño ou, como se testemuña en época medieval, por Beade[161].

Nunha zona que antigamente estaba bañada polo océano e que os continuos recheos provocados polo desenvolvemento da cidade fixeron que na actualidade o barrio de O Areal se afastara do mar. No xacemento realizáronse diversas actuacións arqueolóxicas nas que se constatou un enclave romano, sendo este protagonista dalgúns estudos dende o século XIX[162] e de sucesivas referencias arqueolóxicas que se viron materializadas a partires dos anos 90, onde se desenvolven importantes actuacións nas rúas Rosalía de Castro, Hospital e Marqués de Valladares, que darán cos restos de calzadas, necrópoles,

[157] Fernández Fernández, A.: "Un análisis del comercio tardoantiguo el el Noroeste Atlántico desde los productos transportados por vía marítima", en *Vislumbrando la Tardoantigüedad. Una mirada desde la Arqueología*, Instituto de Estudios Riojanos, nº 19, Logroño, 2018, p. 137-168.
[158] Fernández Ochoa, C., Morillo Cerdán, A. e López Quiroga, J.: "La dinámica urbana de las ciudades de la fachada noralántica y del cuadrante noroeste de Hispania durante el Bajo Imperio y la Antigüedad tardía (siglos III-VII d. C)", en *VI Reunió d´Arqueología Cristiana Hispánica en Valencia*, Institut d´Estudis Catalans, Barcelona, 2005, p. 111.
[159] Fernández Fernández, A.: "As relacións externas da *Gallaecia* durante os séculos IV-VII D.C a treveso do material importado localizado en Vigo (Galiza)", en *Hidacio da Limia e o seu tempo: a Gallaecia sueva / A Limia na época medieval*, Excmo. Concello de Xinzo de Limia (Biblioteca Arqueohistórica Limiá, Serie Cursos e Congresos nº 5), Xinzo de Limia, 2011 p. 11.
[160] Número de rexistro no Servizo de Arqueoloxía da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta, GA36057083.
[161] Pérez Losada, F.: *Poboamento e ocupación rural romana no noroeste peninsular: núcleos agrupados romanos secundarios en Galicia*. Santiago de Compostela, 2000, p. 413-414. González Soutelo, S.: O Tui antigo: unha aproximación histórica arqueolóxica, Toxosoutos, 2007, p. 112.
[162] Para unha aproximación ao coñecemento da historia das investigacións sobre este xacemento consúltese: Pérez Losada, F.: *Poboamento e ocupación rural romana no noroeste peninsular: (núcleos agrupados romanos secundarios en Galicia),* Santiago de Compostela, 2000, p. 376 e ss.

estruturas construtivas, diferentes materiais mobles, como cerámica (ánforas, *sigillatas*, vaixelas finas -como no xacemento próximo de Toralla-, cerámicas comúns e de cociña de importación mediterránea e atlántica)[163], estelas, vidros e moedas[164] e un salgadoiro de evaporación que foi conservado para a visita ao público no soto 2 dun centro de saúde construído entre os anos 1998 e 2000[165].

Os estudos da cultura material atopada nas diferentes intervencións arqueolóxicas no barrio de O Areal de Vigo foron escasos[166], exceptuando algún monográfico sobre as estelas[167] da rúa Pontevedra, ata a publicación do traballo de Fernández Fernández dedicado a análise do comercio tardoantigo do Noroeste Peninsular a través da cerámica atopada nos xacementos vigueses.

De gran relevancia foron as publicacións derivadas do achado, neste *situ*, dun colar de doas de ámbar con forma de 8 ou de "champiñón", depositado no Museo Municipal de Quiñones de León (Vigo), con número de inventario 9379[168], aparecido nas escavacións da rúa do Hospital, onde se exhumou unha necrópole de tumbas prismático-triangulares; xunto a este atopáronse outras doas e un anel de pasta vítrea. Os colares de ámbar en forma de oito constitúen un achado que normalmente é considerado como fósil director para datar contextos nos que se atopan[169]. A tipoloxía do colar é, ao mesmo tempo que o

[163] Fernández Fernández, A.: *El Comercio Tardoantiguo (ss. IV-VII) en el NO Peninsular a través del Registro Arqueológico de la Ría de Vigo*, Universidade de Vigo, 2011, p. 128.
[164] Pérez Losada, F.: *Poboamento e ocupación rural romana no noroeste peninsular: (núcleos agrupados romanos secundarios en Galicia)*, Santiago de Compostela, 2000, p. 379.
[165] Bueno Sánchez, C. e Rey García, J. M.: "Salinae. Centro arqueolóxico do Areal (Vigo, Pontevedra). Un viaje apasionante al mundo de la sal", en *Actas do VI Congreso Internacional de Musealización de yacimientos y Patrimonio. Arqueología, Patrimonio y Paisajes Históricos para el siglo XXI*, Toledo, Noviembre, 2010, pp. 475-481,
[166] Rodríguez Resino, A.: *Do Imperio Romano á Alta Idade Media. Arqueoloxía da Tardoantigüidade en Gallaecia (séculos V-VIII)*, Toxosoutos, 2005, p. 73.
[167] Como foron os realizados por Álvarez Blázquez -Bouza Brey: Álvarez Blázquez, J.M. e Bouza Brey, F.: *Inscripciones romanas de Galicia, Suplemento al Fascículo III, Vigo*, Instituto P. Sarmiento de Estudios Gallegos, Santiago, 1961; e Juliá, D.: *Etude épigraphique et iconographique des stèles funéraires de Vigo*, Instituto Arqueolóxico Alemán de Madrid, F.H. Kerle Verlag, Heidelberg, 1971.
[168] Serodio Dominguez, A.: "Collar de Ámbar de Vigo", en *In Tempore Sueborum. El tiempo de los suevos en la Gallaecia (411-585). El primer reino medieval de Occidente*, Deputación Provincial de Ourense, 2017, pp. 94-95.
[169] Son abundantes os paralelos que apuntan a esta cronoloxía como a máis característica para este tipo de doas: un colar da inhumación feminina romana de Fordington Hill, en Dorchester, ao oeste de Inglaterra; na tumba infantil nº 90-91 da necrópole tardorromana de Szentendre en Hungría, datada entre finais do III e fianis do IV d.C.; na necrópole de Gundelsheim en Alemaña; en Dienstend, Alemaña; en Ruzicanka, Chmelnickij, un colar achado na tumba nº55 desta necrópole; unha tumba en Colonia, Alemaña; a tumba nº 16 de Gródel mam Burg; en Wildschütz; nunha tumba feminina da necrópole de Vermand, Picardía (Francia). Un paralelo especialmente interesante é o que corresponde á tumba nº12 da necrópole suburbana de Hürth-Hermülheim en Colonia (Alemaña) pertencente a unha muller. Entre outras perlas de vidro, atopáronse nove de ámbar en forma de oito, que suscitan un problema de identidade da muller,

ámbar, innovador nestas latitudes. No noroeste hispánico só se coñecen paralelos para estas contas de ámbar na aparecida nunha tumba da necrópole de Adro Vello (O Grove, Pontevedra), apartado (4.1.6.4) do presente traballo, e outras en forma de disco da necrópole do Beiral, Ponte da Lima (Portugal), datadas como merovinxias do século V d.C. É certo que o ámbar está presente durante período visigodo, pero son doas cilíndricas e alongadas derivadas daqueles primeiros colares de ámbar que formaban parte do atavío feminino dos xermanos. O colar podería relacionarse co establecemento dos suevos no Noroeste Peninsular[170].

E por último compre sinalar o descubrimento, durante unhas escavacións de urxencia realizadas entre 2006 e 2007, do fragmento do brazo menor dunha cruz votiva que se tratará e poñerá en relación co outros obxectos litúrxicos atopados en diferentes *situs* propostos no presente traballo e fora de Galicia.

3.1.16. Tui (Pontevedra)

Como se anuncia no título deste traballo Tui é o *situ* onde finaliza o noso traxecto a través da cultura material, e se converte no último punto destacado da vía XIX do *Itinerario Antonino* no territorio galego actual. Non é a nosa tarefa realizar un exhaustivo exame desta cidade en época tardorromana e altomedieval, xa que son moitos os estudos monográficos dedicados a este sitio histórico[171], pero faremos un

dubidando se fora romana ou xermánica ou de orixe xermánica, integrada nun grupo de orixe local provincial-romano, posibilidade que López Quiroga formula para o caso da necrópole de Vigo.

[170] Para coñecer máis sobre este tipo de cultura material consúlese: Casal García, R.: "Un collar de ámbar suevico en Vigo" en *Separatas Gallaecia*, nº 16, Departamento de Historia I, Universidad de Santiago de Compostela, 1997; Casal García, R. e Blanco Sanmartín, P.: "Artes industriais tardorromanas e xermánicas" en *Hª da Arte Galega. Prehistoria, Arte Castrexa e Romanización, A Nosa Terra*, Vigo, 1998; López Quiroga, J.: "La presencia germánica en Hispania en el siglo Vd.C. Arqueología y procesos de etnogénesis en la Península Ibérica" en *CAPUAM* 30, 2004, pp.213-223; López Quiroga, J.: "Elementos foráneos en las necrópolis tardorromanas de Beira l (Ponte da Lima, Portugal) y Vigo (Pontevedra, España): de nuevo la cuestión del siglo V d.C. en la Península Ibérica" en *CAPUAM* 27, 2001, pp. 115-124; Perez Rodríguez-Aragón, F.: "Testimonios materiales de la presencia de tropas "bárbaras" en la Hispania romana del siglo V" en *Sautuola*, XIV, Instituto de Prehistoria y Arqueología "Sautuola", 32 Santander, 2008; Rodríguez Resino, A.: *Do Imperio Romano á Alta Idade Media. Arqueoloxía da Tardoantigüidade en Gallaecia (séculos V-VIII)*, Toxosoutos, 2005, pp. 123-124; Tempelmann-Maczynska, M.: *Die Perlen der Römischen Kaisezeit und der Frühen Phase der Völkerwanderungszeit im mitteleuropäischen Barbaricum*, 1985.

[171] Son innumerables as obras dedicadas a Tui, pero podemos cital algúns dos principais autores que centraron os seus traballos a esta cidade histórica: Álvarez Limeses, Ávila y La Cueva, Cendón Fernández, González Soutelo, Iglesias Almeida, López Alsina, Martinez "Tamuxe", Pérez Losada, Perles Fontao, Vila Pérez Vila-Botanes, entre outros moitos.

relato introdutorio para poder presentar as pezas e outras manifestacións artísticas atopadas na área que ocupou o Tui primitivo.

É sabido que a corte de Braga, capital durante o reinado suevo, residía en Tui[172]. Esta zona era a máis dinámica economicamente e se constata unha frenética circulación de moeda que saía dunha das cecas instaladas en todo o reino. Nesta época, e durante algúns séculos posteriores, foi un destacado aglomerado secundario[173] que funcionou como sede episcopal, ao igual que Iria Flavia, coa que se une a través da vía XIX do Itinerario Antonino. Este camiño, neste tramo en concreto, aproveitaría a Depresión Meridiana. Como dixemos a mención de Tui como *mansio* indica a importancia que tivo como punto de paso obrigado, non so cara o norte, senón para unirse coas terras do interior, a través de camiños secundarios e dos ríos, xa que Tui está á beira do Miño e moi preto da desembocadura deste no Altántico; e cara o sur (continuación da vía XIX cara Braga), existindo noticias históricas desta entrada a Galicia polo sur[174].



Imaxe 10: Mapa de Tui (Pontevedra) en época antiga onde sinalamos os xacementos de Santa Eufemia de Rebordáns, San Bartolomé de Rebordáns e San Xoán de Porto e anunciamos as pezas de interese neste estudo (mapa tomado de Pérez Losada, F.: *Poboamento e ocupación rural romana no noroeste peninsular: núcleos agrupados romanos secundarios en Galicia*. Santiago de Compostela, 2000, p. 83, modificado pola autora).

[172] Díaz, P. C.: *El reino suevo (411-585)*, Akal, 2011, p. 247.
[173] Pérez Losada, F.: *Poboamento e ocupación rural romana no noroeste peninsular: núcleos agrupados romanos secundarios en Galicia*. Santiago de Compostela, 2000, p. 83.
[174] Ferreira Priegue, E.: "Los caminos medievales de Galicia", en *Boletín Auriense*, Anexo 9, Museo Arqueolóxico de Ourense, 1988, p. 72.

A mención nas fontes clásicas fai de Tui un dos máis importantes enclaves da Galicia romana e altomedieval. Comezando polo mencionado, ata a saciedade, *Itinerario Antonino Augusti* do século III, autores como Plinio o Vello, Silio Itálico (ambos no século I d. C.) e Ptolomeo (no século II d. C) reflicten *Tude* nas súas obras[175]. En época altomedieval aparece citada como sede episcopal no *Parochiale Suevum* (século VI d. C.) e o Anónimo de Rávena (século VII d. C), onde tamén aparece mencionada[176].

O Tui actual é unha cidade que se foi construíndo mediante a concentración de núcleos que eran independentes no pasado[177], como a área de Rebordáns, onde houbo asentamento romano e posteriormente templos dedicados a San Bartolomé e Santa Eufemia; e San Xoán de Porto, que xunto con San Bartolomé, foron asentamentos independentes con carácter parroquial nalgún momento da Alta Idade Media[178]. Un terceiro núcleo foi medrando na zona onde agora se asenta a catedral de Tui; este será o de maior atracción poboacional, sendo na actualidade o centro urbano. Nós centraremos o foco tanto a zona de Rebordáns (Santa Eufemia e San Bartolomé) como na de San Xoán de Porto por ser *situs* onde se atoparon as pezas que incluiremos neste traballo (imaxe 10).

3.1.16.1. San Bartolomé de Rebordáns e Santa Eufemia de Rebordáns (xacemento arqueolóxico, Tui, Pontevedra).

Debemos separar topograficamente as zonas arqueolóxicas de Santa Eufemia e a de San Bartolomé de Rebordáns, aínda que estean nunha mesma área. En ambas se atoparon numerosos restos romanos. En San Bartolomé de Rebordáns se documenta unha edificación romana onde apareceron moedas, un ara e diverso material cerámico[179]. Posteriormente, sobre os restos romanos, sábese que se levanta un edificio cultual do

[175] Pérez Losada, F.: *Poboamento e ocupación rural romana no noroeste peninsular: núcleos agrupados romanos secundarios en Galicia*. Santiago de Compostela, 2000, p. 83.
[176] Fernández Ochoa, C., Morillo Cerdán, A. e López Quiroga, J.: "La dinámica urbana de las ciudades de la fachada noralántica y del cuadrante noroeste de Hispania durante el Bajo Imperio y la Antigüedad tardía (siglos III-VII d. C)" en *VI Reunió d´Arqueología Cristiana Hispánica en Valencia*, Institut d´Estudis Catalans, Barcelona, 2005, pp. 95-119, p. 110; González Soutelo, S.: " Arqueología de Tui. El papel del enclave Tude en la Antigüedad", en Tui, presente, pasado y futuro: I Coloquio de Historia de Tui, Deputación de Pontevedra, 2006, pp. 35-56, p.
[177] Pérez Losada, F.: *Poboamento e ocupación rural romana no noroeste peninsular: núcleos agrupados romanos secundarios en Galicia*. Santiago de Compostela, 2000, p. 101.
[178] Vila Pérez, S.: *Dinámicas urbanas en la frontera del Miño durante el siglo XIX: sociedad y arquitectura en Tui y Valença*, Santiago de Compostela, 2017, p.32.
[179] Perles Fontao, J. J.: "Tui dende a arqueoloxía", en Tui: Pasado, presente, futuro, Deputación de Pontevedra, 2006, pp. 15-33, p. 18.

que se localizou unha estrutura absidal con contrafortes, unha necrópole e un capitel do que falaremos en apartado propio. A primeira mención da igrexa é nun privilexio outorgado no 965 a Viliulfo, bispo de Tui[180], porén, é posible que a construción sexa anterior[181]. Entre os achados neste lugar está a lauda de Modesa[182].



Imaxe 11: Planta de San Bartolomé de Rebordáns (Tui, Pontevedra) segundo Chamoso Lamas e Filgueira Valverde. Destacamos en vermello a lauda de Modesa (imaxe tomada de Pérez Losada, F.: *Poboamento e ocupación rural romana no noroeste peninsular: (núcleos agrupados romanos secundarios en Galicia*). Santiago de Compostela, 2000, p. 575).

Da igrexa de Santa Eufemia de Rebordáns non quedan restos e soamente se coñecen algúns datos a través da toponimia, a documentación e das intervencións arqueolóxicas[183], das que se constatan estruturas habitacionais romanas, muros, tégulas, ladrillos, cerámicas, etc., e unha serie de elementos arquitectónicos como un

[180] Freire Camaniel, J.: *El monacato gallego en la Alta Edad Media*, Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña, 1998, pp. 947-948.
[181] Perles Fontao, J. J.: "Tui dende a arqueoloxía", en *Tui: Pasado, presente, futuro*, Deputación de Pontevedra, 2006, pp. 15-33, p. 20.
[182] Lauda depositada no Museo Provincial de Pontevedra (nº Inv. 2073), das denominadas laudas "de estola" atopada no século XVIII. Posúe un epígrafe funerario: +HIC REQUIESCI(T) MODES(T)A. Freire Camaniel, J.: *Gallaecia. Antigüedad, intensidad y organización de su cristianismo (Siglos I-VII)*, Fundación Barrié, 2013, p. 813-814 López Quiroga, J., e Martínez Tejera, A. M.: "Lauda sepulcral de Modesa", en *In Tempore Sueborum. El tiempo de los suevos en la Gallaecia (411-585). El primer reino medieval de Occidente*, Deputación Provincial de Ourense, 2017, pp. 268-269.
[183] Perles Fontao, J. J.: "Tui dende a arqueoloxía", en *Tui: Pasado, presente, futuro*, Deputación de Pontevedra, 2006, pp. 15-33, p. 19.

entaboamento con fustes e capiteis dos que falaremos. Posteriormente o lugar sería utilizado como necrópole suburbana[184], entre os séculos VI e VII[185]. San Xoán de Porto (xacemento arqueolóxico, Tui, Pontevedra)

Actualmente nesta zona levántase o convento de Santo Domingo. Na Alta Idade Media San Xoán de Porto era un núcleo portuario independente no que existía un mosteiro[186] con dedicación a San Xoán Bautista[187], onde subsistiría a igrexa ata o asentamento dos dominicos, producíndose unha unificación do arrabalde co novo convento[188]. No século XV, coa ampliación da igrexa de Santo Domingo, desapareceu a de San Xoán[189]. Esta igrexa coñécese ben a través da documentación e a arqueoloxía, xa que nos anos 90 levouse a cabo unha intervención onde se descubriron restos de estruturas arquitectónicas e unha necrópole altomedievais[190]. Entre os restos atopados hai unha lauda con decoración da que falaremos en apartado propio.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[184] Fernández Ochoa, C., Morillo Cerdán, A. e López Quiroga, J.: "La dinámica urbana de las ciudades de la fachada noralántica y del cuadrante noroeste de Hispania durante el Bajo Imperio y la Antigüedad tardía (siglos III-VII d. C)" en *VI Reunió d´Arqueología Cristiana Hispánica en Valencia*, Institut d´Estudis Catalans, Barcelona, 2005, pp. 95-119, p. 110.
[185] Perles Fontao, J. J.: "Tui dende a arqueoloxía", en *Tui: Pasado, presente, futuro*, Deputación de Pontevedra, 2006, pp. 15-33, p. 19.
[186] Vila, S: *La ciudad histórica de Tui*, Amigos de la Catedral, 2014.
[187] Perles Fontao, J. J.: "Tui dende a arqueoloxía", en *Tui: Pasado, presente, futuro*, Deputación de Pontevedra, 2006, pp. 15-33, p. 20.
[188] Vila, S.: *Dinámicas urbanas en la frontera del Miño durante el siglo XIX: sociedad y arquitectura en Tui y Valença*, Santiago de Compostela, 217, p. 40.
[189] Manso Porto, C.: El *convento de Santo Domingo de Tui en la España Sagrada de Enrique Flórez: un dibujo inédito del relieve fundaciónal*, Separata de Archivo Dominicano, XXXIII, 2019, p. 169.
[190] Perles Fontao, J. J.: "Tui dende a arqueoloxía", en *Tui: Pasado, presente, futuro*, Deputación de Pontevedra, 2006, pp. 15-33, p. 20.

4. Bloque C

4.1. As manifestacións artísticas

A continuación presentamos todas as pezas que logramos localizar e que consideramos con calidade artística, atribuídas ou localizadas nos *situs* que acabamos de introducir. Estas pezas serán postas en relación con outras manifestacións artísticas, próximas ou non, coas que compartan algunha característica técnica, estética, formal, funcional que revelen ou contradigan algunha correspondencia cronolóxica e/ou estilística.

4.1.1. Os capiteis atribuídos ao templo de San Salvador de Setecoros (Valga, Pontevedra).

Imaxe 12: Conxunto de capiteis atribuídos ao templo de San Salvador de Setecoros, Valga (Pontevedra). Os capiteis SET01 e SET02 (fotografía obtida en http://marcelodelcampo.blogspot.com/2014/09/el-museo-de-pontevedra-sexto-edificio.html, consultado o 04/03/2016), capitel SET03 (http://culturagalega.gal/noticia.php?id=21079 consultado o 01/06/0216), capitel SET05, están depositados no Museo de Pontevedra; o capitel SET04 e o capitel SET06 están no Museo da Catedral de Santiago de Compostela (*fotografías facilitadas polo Museo da Catedral de Santiago de Compostela*) e os capiteis SET07 e SET08 (*fotografías da autora 28/05/2016*) están dentro da igrexa de San Salvador de Setecoros.

Historiograficamente pertencen a esta basílica un total de oito capiteis (imaxe 12), dous expostos no Museo da Catedral de Santiago de Compostela (que denominaremos a partir de agora SET04 e SET06), catro depositados no Museo da Deputación de Pontevedra (que denominaremos SET01, SET02, SET03, SET05) e dous (que denominaremos SET07 e SET08) que están formando parte do arco de entrada á ábsida na basílica de San Salvador de Setecoros en Valga (Pontevedra).

Tal dispersión é debida a que as pezas foron exhibidas na Exposición Rexional Galega de 1909, celebrada durante o primeiro ano xacobeo do século XX[191], cuxo obxectivo era reunir unha serie de obxectos artísticos para difundilos, promovelos e convertelos nun instrumento de coñecemento da riqueza patrimonial de Galicia[192]. O evento contou cunha zona específica, no instituto San Clemente en Compostela, para amosar unha visión panorámica da Historia da Arte e a Arqueoloxía en Galicia.

Un Comité Central, un Comité de Obras e Proxectos, unha Sección Contemporánea e unha Sección de Arqueoloxía constituían a estrutura organizativa. Esta última integrada por importantes personalidades do momento como Antonio López Ferreiro, Santiago Tafall, Oviedo Arce ou Tomás Blanco Cicerón, entre outros, auxiliados por comisións de apoio nas catro provincias galegas e as súas zonas limítrofes[193].

É posible, a día de hoxe, deleitarnos coa lectura dun dos diarios de viaxe daquelas comisións, concretamente co *Diario de los trabajadores de investigación y propaganda*, realizado pola comisión nomeada para a Diocese de Lugo e que, desafortunadamente, está incompleto[194]. Os escasos e lentos medios de transporte naquela época non foron impedimento para madrugar diariamente e percorrer as vilas galegas, ben no tren do correo, ben en autos de alugueiro, analizando os monumentos artísticos que se ían retratando en follas mecanografadas. Non só os castros, os castelos, as torres ou as lápidas, senón que multitude de obras de arte conservadas en pequenas igrexas rurais,

[191] Méndez, R., Fernández, Mª X. e Fandiño, X. R (coord): *Conmemoración do 1º Centenario Exposición Regional Gallega Santiago 1909*, Consorcio de santiago, Museo do Pobo Galego, Instituto de Estudios Galegos " Padre Sarmiento", MMX, 2010, pp. 195-206.
[192] Méndez, R., Fernández, Mª X. e Fandiño, X. R (coord): *Conmemoración do 1º Centenario Exposición Regional Gallega Santiago 1909*, Consorcio de santiago, Museo do Pobo Galego, Instituto de Estudios Galegos " Padre Sarmiento", MMX. 2010, pp, 195-206.
[193] Que se extendían a Asturias, Bierzo, Sanabria, Zamora e norte de Portugal.
[194] Localizado no Museo das Peregrinacións.

ou en casas particulares, eran explicadas e recollidas nos cadernos, converténdose en candidatas para a súa exhibición na Exposición[195].

Existindo catro comisións provinciais, supúñamos que o de Lugo non debía ser o único diario que se elaborara. E, efectivamente, no Museo do Pobo Galego gárdanse os "restos" dun diario manuscrito da Comisión do Sur, que estendía as súas pescudas ata Portugal e narraba visitas como a realizada á igrexa "románico-bizantina" de San Martiño de Dume deste xeito: "no es posible detallar ni buscar gran parte de las columnas, basas labradas, capiteles y otras piedras de ornamentación de la primitiva iglesia por estar encastradas en los muros de las casas de las tierras diseminadas por aquellas inmediaciones"[196]. Referencias como estas, obrígannos a outorgarlle transcendencia aos diarios, porque neles quedaron plasmadas manifestacións artísticas de toda índole e de todas as cronoloxías, incluída a Alta Idade Media, fornecéndonos de información sobre as condicións nas que se atopaban, e sendo unha fonte esencial para a investigación na arqueoloxía e a arte galegas, non só de principios do século XX, senón da actualidade.

Imaxe 13: Claustro do Instituto San Clemente en 1909 durante a Exposición Rexional. Fotografía de 1909. (Imaxe tomada de Fariña Busto, F.: "Notas arredor da Sección Arqueolóxica", en *Conmemoración de 1º Centenario. Exposición Regional Gallega. Santiago 190*9, Consorcio de Santiago, 2010, p.201).

Todas as pezas arqueolóxicas cedidas reuníronse no edificio mencionado e clasificáronse por períodos entre varias salas e o claustro (imaxe 13). O secretario da Comisión de Correspondencia, D. Eladio Oviedo Arce, foi o encargado de supervisar e

[195] *Diario manuscrito dos traballadores de investigación e propaganda, realizados pola comisión nomeada para a Diócese de Lugo*. Follas soltas atopadas nunha carpeta no Museo das Peregrinacións.
[196] Fondo Blanco Cicerón, depositado no Museo do Pobo Galego.

rexistrar as obras de arte. O procedemento de rexistro baseouse na inscrición do nome do expositor nunha ficha. En cada unha incluíase tamén o número e a clase dos obxectos que este prestaba e, a modo de cartafol, incluía no seu interior un duplicado dos datos. Algunhas destas fichas permanecen depositadas no Museo das Peregrinacións[197].

Sabemos que algúns dos capiteis atribuídos á igrexa do Divino Salvador de Setecoros foron presentados na Exposición, do cal se desprende que lles correspondería unha ficha de rexistro propia. Na documentación mencionada do Museo das Peregrinacións atopamos soamente unha pertencente a Setecoros. Na portada do documento podemos ler que o "Sr. Cura de Siete Coros" cede varias pezas. Entre elas, unha casulla, un manípulo, un fuste de mármore e un "capitel románico de manual" (imaxe 14).

Exposición Regional Gallega de 1909

SANTIAGO

SECCIÓN ARQUEOLÓGICA

Carpeta núm. 1. Inscripción núm. 191

Expósitor Sr Cura de Siete Coros

Provincia ó Nación Pontevedra

Ayuntamiento ó Pueblo Siete Coros

Señas del domicilio

Representado en Santiago por

Santiago: Imp. y Enc. del Seminario.

Número del resguardo de entrada	Número y clase de los objetos	Situación de los objetos		
		LOCAL	DIVISIÓN	NÚMERO
1	Casulla			
1	Manípulo			
1	Fuste de marmol			
1	Capitel romanico de manual			

Imaxe 14: Ficha da Sección Arqueolóxica da Exposición de 1909. Esta corresponde aos obxectos prestados polo cura de Setecoros para a Exposición Rexional Galega de 1909. O último na lista é un capitel románico (documento e fotografía cedidos polo Museo das Peregrinacións de Santiago de Compostela).

[197] As fichas referentes á Sección Arqueolóxica están desorganizadas e non sabemos se están completas, pero é moi probable que non. Moitas dos cartafois están soltos e sen ficha de duplicado no seu interior.

Non sabemos con certeza o número de capiteis que foron expostos. Pola documentación podemos aceptar, con reservas, que un dos fustes e o posible capitel (confiando en que o inscritor descoñecese os estilos artísticos) sexan de Setecoros. De todos os xeitos, existindo máis pezas, temos que especular que existiron outras fichas nas que se inscribiron o resto de capiteis e fustes, no caso de seren expostos. Pola contra, se esta é a única anotación que fai referencia a Setecoros, proceden o resto de elementos de Setecoros con seguridade?

Despois da Exposición os capiteis e demais pezas dispersáronse por varias institucións. Catro deles foron doados, en 1914, á Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra[198] e posteriormente pasaron ao Museo; os dous restantes están expostos no Museo da Catedral de Santiago de Compostela[199], rexistrados sen especificar ningún tipo de procedencia.

No *Inventario de la Riqueza Artística de Pontevedra*[200], aparecen dúas anotacións sobre algunha das pezas de Setecoros. Estas anotacións están incluídas nun apartado que recolle fragmentos arquitectónicos. Entre eles os "procedentes das ruínas xa desaparecidas" da igrexa de San Salvador de Setecoros e depositados no Museo Arqueolóxico de Pontevedra. A primeira das anotacións refírese a un capitel "romano-bizantino" que é comparado, pola súa decoración, con capiteis da basílica de San Pablo Extramuros en Roma; esta anotación dirixe a unha fotografía onde podemos ver un dos capiteis marmóreos con decoración de sogueado e perlas, seguramente o SET03, que podemos atopar no museo actual, recoñecible pola flor do ábaco (imaxe 15).

A segunda anotación refírese a un capitel romano de granito, procedente da parroquia de San Salvador de Setecoros. O debuxo relativo a este outro capitel non nos permite recoñecer a peza aludida, pois parece un capitel de pilastra e, entre todas as pezas gardadas no Museo de Pontevedra, non existe ningunha semellante.

[198] Os capiteis estiveron depositados nas ruinas de Santo Domingo de Pontevedra despois da Exposición. Prado, M.: "Monasterios y conventos de la provincia de Pontevedra", en *Nalgures,* Tomo VIII, 2012, p. 307; Castillo, Á. : *Inventario de la riqueza monumental y artística de Galicia,* Fundación Pedro Barrié de La Maza, Santiago,1987, p. 57, nº 637.
[199] Segundo unha ficha de rexistro cedida polo Museo da Catedral de Santiago de Compostela.
[200] Sen autor. *Inventario de la Riqueza Artística de Pontevedra*. Monumentos arquitectónicos.



Imaxe 15: fig. I, fotografía dun dos capiteis de mármore procedente de San Salvador de Setecoros (obtida de *Inventario de la Riqueza Artística de Pontevedra.* Monumentos arquitectónicos, Vol. 2, p. 20); fig. II, debuxo dun capitel romano procedente da parroquia de Setecoros (obtido de *Inventario de la Riqueza Artística de Pontevedra.* Monumentos arquitectónicos, Vol. 2, p. 21).

Todo parece indicar, pois, que actualmente carecemos de documentos que acrediten firmemente a orixe dos capiteis do Divino Salvador, polo que existe a necesidade dun estudo profundo da súa historia e das propias pezas para poder analizalas correctamente, xa que como se verá no seguinte apartado, o emprazamento de Setecoros é realmente significativo, pois está próximo á histórica sede episcopal de Iria Flavia, inmediato a varios templos que moi probablemente se remontan á Alta Idade Media.

4.1.1.1. O capitel corintio normal: nomenclatura dos seus elementos compositivos e cuestións técnicas.

Existen distintos criterios polos que se pode datar un capitel[201]. Pese a que poidamos saber a súa procedencia, se este non está cumprindo a súa función como compoñente arquitectónico, e polo tanto estamos ante un capitel descontextualizado, deberemos atender ás súas características morfolóxicas[202]. Considerados como elementos cunha dualidade funcional, construtiva e á vez ornamental, aos que se lles engade outro tipo de consideracións de tipo simbólico e de decoro (no sentido vitruviano do termo), os capiteis, como outras pezas arquitectónicas, foron reutilizados moitas veces en épocas

[201] Gutierrez Behemerid, Mª A. : "Sobre la sistematización del capitel corintio en la Península Ibérica" en *Boletín del Seminario de Estudios de Arte y Arqueología*, Tomo 48, 1982, p. 25.
[202] Días Martos, A. : "Los capiteles Romanos de orden corintio en España y problemas en su estudio", en *Ampurias* XXII - XXIII, 1960 - 61, p.227.

posteriores[203], polo que ás veces atopámonos con serias dificultades para podelos adscribir a unha determinada cronoloxía.

Dentro das ordes arquitectónicas, entendendo estas como "el conjunto de elementos arquitectónicos articulados para formar una unidad orgánica, que atiende a la relación proporcional de dichos elementos, según un sistema canónico referido a un módulo"[204] e tendo en conta o canon transmitido por Vitruvio, s. II a. C., distínguense tres ordes, a saber, dórica, xónica e corintia, propias da arquitectura grega, ás que se lles engaden a toscana e a composta, formuladas polos romanos[205].

O corintio é o estilo máis difundido e complexo de estudar [206] e, a pesar de que naceu en Grecia, Roma foi quen estableceu as súas proporcións[207]. Ao longo do tempo foi experimentando unha serie de transformacións, e serán estas as que nos indiquen algunhas pautas a seguir á hora de atribuírlles unha data concreta.

Existe un verdadeiro problema respecto das clasificacións dos capiteis, sobre todo para a Península Ibérica. Neste traballo non se pretende establecer ningún método sistemático, xa que non é o noso propósito; polo tanto, basearémonos nos termos que Domínguez Perela inclúe na súa obra *Capiteles Hispánicos Altomedievales*, fundamentados na obra de Pensabene[208] *Scavi di Ostia* de 1973.

As variedades de capitel corintio na Península Ibérica pódense clasificar en: corintio itálico, corintio normal, corintio asiático e corintio de follas lisas[209]. Para o grupo de capiteis que analizaremos neste apartado atenderemos exclusivamente ao corintio normal e as súas derivacións.

---

[203] Utrero Agudo, Mª. A. e Sastre de Diego, I.: "Reutilizando materiales en las construcciones de los siglos VII-X. ¿Una posibilidad o una necesidad?", en *Anales de Historia del Arte*, Vol. 22 Núm. Especial (II), 2012, pp. 309-323, p. 311.

[204] Toajas Roger, M. A. (dir.): *Glosario visual de Técnicas Artísticas. Arquitectura, Pintura, Artes Gráficas, Artes Suntuarias, Escultura de la Antigüedad a la Edad Moderna*, Madrid, 2011, p. 271.

[205] Toajas Roger, M. A. (dir.): *Glosario visual de Técnicas Artísticas. Arquitectura, Pintura, Artes Gráficas, Artes Suntuarias, Escultura de la Antigüedad a la Edad Moderna*, Madrid, 2011, p. 271.

[206] Días Martos, A. : "Los capiteles Romanos de orden corintio en España y problemas en su estudio" en *Ampurias*, XXII - XXIII , 1960 - 61, p. 223.

[207] Días Martos, A. : "Los capiteles Romanos de orden corintio en España y problemas en su estudio" en *Ampurias*, XXII - XXIII , 1960 - 61, p. 226.

[208] Dominguez Perela, E.: *Capiteles Hispánico Altomedievales*, Tomo I, Universidad Complutense de Madrid, Madrid, 1987, p. 18 e ss.

[209] Gutierrez Behemerid, Mª A. : "Sobre la sistematización del capitel corintio en la Península Ibérica," en *Boletín del Seminario de Estudios de Arte y Arqueología*, Tomo 48, 1982, pp. 25-44.

Dentro da tipoloxía de capitel corintio normal existen subtipos, caracterizados por posuír elementos fóra do canon establecido[210]. Estas diferenzas co canon danse nos seus elementos constitutivos[211]. O capitel corintio normal posuiría unha serie de elementos invariables e inmutables, a saber, dúas coroas de oito follas de acanto, caulículos nacentes entre a segunda coroa de follas dos que emerxen volutas coas súas respectivas hélices, un cálato troncocónico, ábaco curvo e unha flor na súa parte media[212].

Cando un capitel presenta cambios estruturais respecto do corintio normal nos elementos citados, alteracións que comezan a darse con maior frecuencia a partir do século II d. C[213], pasan a denominarse corinizantes[214]; están caracterizados por "poseer decoración de intención vegetal, más o menos geometrizada o naturalista, sin volutas", que se dá sobre todo no seu corpo superior[215], segundo indica Domínguez Perela.

Os cambios na organización dos elementos do capitel corintio seguirán acaecendo continuamente ao longo do tempo, polo que no transcurso da Alta Idade Media os talleres crearán un variado abano de modelos derivados do corintio, que Perela tivo a necesidade de englobar en capiteis denominados pseudocorintios. Estes caracterízanse, seguindo novamente a Perela, por "presentar alguna carencia o anormalidad estructural, entre las que cabe citar: falta de caulículos, volutas interiores o exteriores, inexistencia de cáliz o de cálato troncocónico, ábaco recto"[216].

[210] Creado en Grecia. cuxos primeiros exemplos se coñecen no Templo de Apolo en Basse e difundido por Roma a finais do s. II a. C., Gutierrez Behemerid, Mª A. : "Sobre la sistematización del capitel corintio en la Península Ibérica", en *Boletín del Seminario de Estudios de Arte y Arqueología*, Tomo 48, 1982, p. 30.
[211] Gutierrez Behemerid, Mª A. : "Sobre la sistematización del capitel corintio en la Península Ibérica", en *Boletín del Seminario de Estudios de Arte y Arqueología*, Tomo 48, 1982, p. 26.
[212] Gutierrez Behemerid, Mª A. : "Sobre la sistematización del capitel corintio en la Península Ibérica", en *Boletín del Seminario de Estudios de Arte y Arqueología*, Tomo 48, 1982, p. 30; Dominguez Perela, E.: *Capiteles Hispánico Altomedievales*, Tomo I, Universidad Complutense de Madrid , Madrid, 1987, p. 20.
[213] Dominguez Perela, E.: *Capiteles Hispánico Altomedievales*, Tomo I, Universidad Complutense de Madrid , Madrid, 1987, p. 85 e ss.
[214] Dominguez Perela, E.: *Capiteles Hispánico Altomedievales*, Tomo I, Universidad Complutense de Madrid , Madrid, 1987, p. 20.
[215] Dominguez Perela, E.: *Capiteles Hispánico Altomedievales*, Tomo I, Universidad Complutense de Madrid , Madrid, 1987, p. 84.
[216] Dominguez Perela, E.: *Capiteles Hispánico Altomedievales*, Tomo I, Universidad Complutense de Madrid , Madrid, 1987, p. 20.



Imaxe 16: fig. I, capitel corintio normal (fotografía de Gutiérrez Behemerid, Mª A. : "Sobre la sistematización del capitel corintio en la Península Ibérica", en *Boletín del Seminario de Estudios de Arte y Arqueología*, Tomo 48, 1982, p. 27) ; fig. II, capitel corinizante (fotografía de Domínguez Perela, E.: *Capiteles Hispánico Altomedievales*, Tomo I, Universidad Complutense de Madrid, Madrid, 1987, p. 89); fig. III, capitel pseudocorintio (fotografía de Domínguez Perela, E.: *Capiteles Hispánico Altomedievales*, Tomo I, Universidad Complutense de Madrid, Madrid, 1987, p. 205.

Á distribución compositiva dos elementos do capitel e aos seus cambios debemos engadirlle o emprego das proporcións marcadas polo canon vitruviano, cuxa vixencia se mantivo ata o século s. VI d.C., cando se dá paso as formas bizantinas[217]. De todos os xeitos, estas regras non se seguiron fielmente, incluíndo a época Imperial, mudando a través do tempo, en función das modas e das posibilidades que ofrecían os materiais utilizados[218].

A norma que expón Vitruvio indica que "la conmesuración del capitel es, que tenga el alto, incluído el ábaco, igual al imoscapo. La anchura del ábaco será, que su diagonal sea dupla de la altura del capitel: así serán las cuatro frentes de anchura proporcionada. Estes cuatro frentes se recortarán cóncavamente desde los ángulos una novena parte de su longitud. El pie del capitel será la anchura misma del sumoscapo en su vivo. La altura del ábaco será un séptimo la del capitel. Quitado el ábaco, se dividirá el restante en tres partes; una delas cuales se dará a las hojas inferiores, y la segunda a las del

[217] Díaz Martos, A.: *Capiteles corintios romanos en Hispania*, Madrid, 1985, p. 23.
[218] Díaz Martos, A.: *Capiteles corintios romanos en Hispania*, Madrid, 1985, p. 23.

medio y la tercera a los caulículos, de los cuales nacen hojas que se extienden hacia el ábaco. Las volutas que salen de estas hojas se esculpen debajo de los ángulos del ábaco; y las espiras menores, debajo de las flores serán tan grandes como el grueso del ábaco. Y con esto tendrá el capitel corintio sus debidas proporciones" (Libro IV, Capítulo I) [219]. Todas estas particularidades intrínsecas dos capiteis corintios irémolas sinalando e analizando nos capiteis que se inclúen neste apartado.

En canto á terminoloxía que se utiliza para designar os elementos compositivos dun capitel corintio, Domínguez Perela[220] advirte sobre a súa problemática e sobre a existencia de varias "vías terminológicas posibles"[221], pois as acepcións cambian dependendo da obra consultada[222]. O referente deste autor, ao igual que o noso, será principalmente a nomenclatura utilizada na obra de H. Kahler, *Die römischen Kapitelle des Rheingebietes, Berlín,* 1939. Este léxico complementarémolo con outros vocábulos recollidos das obras de Gutiérrez Behemerid[223], dicionarios e outros manuais aos que engadiremos a vontade de traducir os termos ao galego e incorporar, por necesidade, algúns termos botánicos máis, que cremos necesarios para describir diferentes particularidades nas formas vexetais presentes nos capiteis (intentando sempre limitarnos só ás formas máis obvias).

4.1.1.1.a. Nomenclatura dos elementos que compoñen un capitel corintio.

Para que resulten máis comprensibles as explicacións e as análises de todos os capiteis estudados incluímos, a continuación, un esquema coa relación daqueles vocábulos referidos anteriormente, sinalando cada elemento compositivo que seguidamente explicaremos dende o punto de vista etimolóxico e de significación.

---

[219] Vitruvio Polión, M..: *Los diez libros de Arquitectura*, (Tradución de Ortiz y Sanz), Madrid, 1707, p. 85.
[220] Dominguez Perela, E.: *Capiteles Hispánico Altomedievales*, Tomo I, Universidad Complutense de Madrid , Madrid, 1987, p. 15.
[221] Dominguez Perela, E.: *Capiteles Hispánico Altomedievales*, Tomo I, Universidad Complutense de Madrid , Madrid, 1987, p. 15
[222] Diferentes diccionarios: Diccionario de la Real Academia Española, Diccionario María Moliner, Diccionario de Términos de Arte y elementos de Arqueología, heráldica y numismática.
[223] Gutierrez Behemerid, Mª A.: "Sobre la sistematización del capitel corintio en la Península Ibérica", en *Boletín del Seminario de Estudios de Arte y Arqueología*, Tomo 48, 1982; Fatás, G. e Borrás, G.: *Diccionario de Términos de Arte*, Alianza editorial, 2006; Adan, J.P.: *La construcción romana: materiales y técnicas*, Celaray Editorial, León, 1996.



Imaxe 17: Capitel corintio normal onde se indican os seus elementos compositivos. Ilustración da autora (baseado nun debuxo de Gutiérrez Behemerid, Mª A.: "Sobre la sistematización del capitel corintio en la Península Ibérica," en *Boletín del Seminario de Estudios de Arte y Arqueología*, Tomo 48, 1982, p. 27).

O capitel corintio normal (imaxe 17) está formado por un cálato (10), base sobre a que se traballan os motivos ornamentais. Este termo provén da voz *kalathos*, palabra grega que significa cesto. Está inspirado precisamente nun cesto cuberto por follas de acanto, no que Calímaco, escultor grego do século V a. C., creou o capitel deste estilo[224]. O cálato nun capitel corintio normal tende a ser de forma troncocónica, pois segundo o canon vitruviano, como se viu anteriormente, a medida da diagonal do ábaco (1) ten que medir o dobre que a altura de todo o capitel.

O ábaco é unha peza, de corpo plano. Etimoloxicamente, provén da palabra latina *abacus* e significa taboleiro[225]. Remata a parte superior do capitel onde se pousa o entaboamento do edificio. O ábaco pode estar formado por distintas molduras, como o caveto (5) que tende a ser cóncavo. O ábaco componse de catro caras e no medio de cada unha delas hai un motivo floral (4) ou unha cartela, motivo xeometrizante con forma rectangular. Se o motivo é unha flor, baixo ela hai un talo ou pedúnculo (8) que

[224] Dominguez Perela, E.: *Capiteles Hispánico Altomedievales*, Tomo I, Universidad Complutense de Madrid , Madrid, 1987, p. 16.
[225] *Diccionario Ilustrado Latino-español, Español-latino*, Biblograf, Barcelona, 1986, voz *abacus*, p. 1.

nace dunha vaíña (9), tamén chamada espata, normalmente colocada sobre as follas centrais da segunda coroa[226] (19). Baixo estas están as follas da primeira coroa (18). Pola parte inferior, o capitel corintio normal, remátase cun astrágalo (16), termo que procede do grego *astragalos*[227], que significa vértebra. Esta é unha moldura que se asemella aos ósos da columna vertebral e foi tomada pola arquitectura para utilizala na denominación da peza que separa o capitel do fuste.

O corpo do capitel, prescindindo do ábaco e do astrágalo, divídese en inferior (7) e superior (6). O inferior está formado polas dúas coroas de follas, que aparecen en número de oito, e o superior composto polos cálices (21) e as volutas (3), as cales rematan en hélices (2). Os cálices son formacións vexetais en forma de copa e proveñen das follas da planta do acanto vistas de perfil. Estas saen dos caulículos (17) que normalmente se dispoñen entre as follas da segunda coroa. O caulículo procede da palabra grega *kaulos*[228], que significa talo. Son formacións vexetais que figuran os talos tenros da planta do acanto e nos capiteis corintios teñen unha forma cónica. Deles xorden os cálices e despois desenvólvense as volutas, elementos xeométricos que rematan en forma de hélice. Entre os caulículos e os cálices acostuman a aparecer unhas separacións en forma de anel ou colariño (20).

A folla empregada para decorar os capiteis corintios, como se acaba de apuntar, é a do acanto[229], *Acanthus mollis*, utilizada xa dende época clásica, pois posuía significados relixiosos polos seu poderes curativos[230]. Consumouse como elemento decorativo para simbolizar a inmortalidade que posteriormente a sociedade cristiá utilizou para representar o sufrimento, debido a súa variedade silvestre, moi espiñenta, fronte a cultivada, que é máis tenra e suave[231]. Esta folla será especialmente visible na arte Románica da Península Ibérica e pasará a decorar non so capiteis senón arquivoltas, tímpanos e frisos[232].

---

[226] Dominguez Perela, E.: *Capiteles Hispánico Altomedievales*, Tomo I, Universidad Complutense de Madrid , Madrid, 1987, p. 16.
[227] *Diccionario Manual griego-español*, Biblograf, Barcelona, 1993, voz *astragalos*, p. 91.
[228] *Diccionario Manual griego-español*, Biblograf, Barcelona, 1993, voz *kaulos*, p. 340.
[229] Esta pranta na Península Ibérica está localizada en zonas húmidas.
[230] Quiñones Costa, A.M.: *La decoración vegetal en el arte español de la Alta Edad Media*, Universidad Complutense, Madrid, 1992, p. 79.
[231] Quiñones Costa, A.M.: *La decoración vegetal en el arte español de la Alta Edad Media*, Universidad Complutense, Madrid, 1992, p. 83.
[232] Quiñones Costa, A.M.: *La decoración vegetal en el arte español de la Alta Edad Media*, Universidad Complutense, Madrid, 1992, p. 97.

Imaxe 18: fig. I, folla de *Acanthus mollis*; fig. II, detalle dunha das follas do capitel SET06, procedente de San Salvador de Setecoros (Valga, Pontevedra); fig. III, detalle dunha das follas do capitel SET05, procedente de San Salvador de Setecoros (Valga, Pontevedra); fig. IV, detalle dunha das follas do capitel SET04, procedente de San Salvador de Setecoros (Valga, Pontevedra); fig. V, detalle dunha das follas do capitel SET01, procedente de San Salvador de Setecoros (Valga, Pontevedra); fig. VI, detalle dunha das follas procedente do capitel SET08 procedente de San Salvador de Setecoros (Valga, Pontevedra) (fotografías da autora).

Durante a Alta Idade Media existirán gran variedade de tipos de follas, que na historiografía se definen como derivadas do acanto. No entanto, algunhas sufrirán tales transformacións, que irán facendo que se vaian esquematizando ata puntos insospeitados dando lugar a capiteis de follas carentes de organicidade e mesmo completamente lisas; outras, polo contrario, serán follas que dende o noso de punto de vista xa non pertencen a tal xénero, senón que se representarán multitude de variedades vexetais ao que se lle engade a interpretación e coñecementos do artífice.

As follas nos capiteis corintios, se non son completamente lisas, están compostas, normalmente e *grosso modo*, por unha nervadura axial (12), que se divide ás veces en pequenos nervios ou nerviolos. O perfil da folla posúe unha serie de porcións saíntes

chamadas lóbulos (14) existindo entre elas uns espazos convexos ocos, chamados seos (13). O extremo superior da folla denomínase ápice (11).

4.1.1.1.b. Cuestións técnicas na labra do capitel corintio.

Sen pretender profundar demasiado nos aspectos técnicos da labra dun capitel corintio, queremos facer unha serie de consideracións relativas a este elemento como peza escultórica que é.



Imaxe 19: fig. 1, escultor elaborando un capitel corintio (adaptación dunha imaxe tomada de Azconegui Morán, F. e Castellanos Miguélez, A. (coords): *El trabajo de la piedra*, Taller Editorial, León, 1993, p. 183; fig. 2, ferramenta denominada trépano, moi utilizada en todas as épocas (imaxe tomada de Gómez Canales, F.: *Manual de cantería*, Ayuntamiento de Aguilar de Campoo, Palencia, 2005, p. 35).

A labra dun capitel corintio non é un labor sinxelo, require ter en conta varias operacións, de deseño, de trazado e desbaste previos á abundante decoración que posúe; incluso, hai que anticipar a elección do material (localización, disposición e tipo de rocas), a súa estereotomía[233] (arte de cortar o material que se utiliza) e a súa

[233] https://estraviz.org/estereotom%C3%ADa

anisotropía[234] (colocación correcta da peza, tendo en conta a cristalografía do material labrado), e as dimensións da peza dentro da súa articulación no conxunto arquitectónico.

O axuste perfecto dos elementos básicos (cálato, astrágalo, caras e base) no bloque, amósanos a pericia do escultor, danos indicios do seu rango e da calidade do taller.

As ferramentas utilizadas para a labra dun capitel na antigüidade non difiren moito das actuais: cicel, maza, escoupro, regra, compas, trépano, etc., sendo este último utensilio un dos que máis posibilidade plástica logrará a medida que a imaxinación do artista evoluciona. O trépano perfora a materia por rotación e non por percusión como pode facelo un cicel, conseguindo orificios non soamente verticais senón oblicuos[235] e obtendo maiores volumes en zonas da peza moi reducidas, sobre todo algunha zonas das follas para lograr efectos de luz e sombra. Analizaremos capiteis incluídos neste traballo cuxos elementos puideron ser labrados con esta ferramenta.

4.1.1.2. Análise dos capiteis de San Salvador de Setecoros (Valga, Pontevedra).

No conxunto de capiteis de Setecoros apreciase unha derivación do corintio normal, maioritariamente pseudocorintios, modelo difundido durante a Alta Idade Media[236]. No conxunto de capiteis, no caso de pertencer todos a esta igrexa, percibimos catro particularidades: primeiro, un proceso evolutivo no estilo[237]; en segundo lugar, a pegada de diferentes talleres posiblemente coetáneos; terceiro, a subsistencia de formas clásicas ao longo do tempo[238]; en cuarto e último lugar, unha mostra de gran eclecticismo no conxunto que conformarían todos os elementos escultóricos arquitectónicos agrupados nun posible edificio altomedieval.

Iremos analizando cada peza atendendo a sigla asignada e as contrastaremos con outras pezas similares, próximas no espazo e no tempo, para poder obter conclusións a partir destes paralelos.

---

[234] https://estraviz.org/anisotrop%C3%ADa

[235] Alarçao, J. e Barroca, M. (coord.): *Dicionario de arqueologia portuguesa*, Figueirinhas, Porto, 2012, p. 338 (voz trépano).

[236] Dominguez Perela, E.: *Capiteles Hispánico Altomedievales*, Tomo I, Universidad Complutense de Madrid, Madrid, 1987, p. 19.

[237] Evolución tipolóxica-cronolóxica do capitel corintio establecida por Díaz Martos. Gutierrez Behemerid, Mª A. : "Sobre la sistematización del capitel corintio en la Península Ibérica", en *Boletín del Seminario de Estudios de Arte y Arqueología*, Tomo 48, 1982, pp. 25-44, p. 25.

[238] Particularidade que nos pode levar a unha confusión cronolóxica.

4.1.1.2.a. Os capiteis SET01 e SET02.

Ambos capiteis, SET01 e SET02, están depositados no Museo de Pontevedra. Polas características e a pesar da erosión, pertencerían á cronoloxía máis antiga do conxunto de oito capiteis, xa que manteñen practicamente todos os elementos e características dun capitel corintio normal, aínda que, a partir do século III d. C. este verase inmerso nun marcado proceso evolutivo no que xurde un incipiente esquematismo[239].

Imaxe 20: capitel procedente de San Salvador de Setecoros, Valga (Pontevedra), SET01 (fotografía da autora 18/06/2019) e capitel procedente de San Salvador de Setecoros, Valga, SET02 (imaxe tomada de Domingo Magaña, J.: *Capiteles tardorromanos y altomedievales de Hispania (ss. IV-VIII),* Universidad Rovira i Virgili, Tarragona, 2007, p. 1338).

Polo momento estas dúas pezas poderían ser parte das poucas testemuñas dunha tendencia romanizadora xa debilitada que posuímos na *Gallaecia*, pero non sería descartable a posibilidade dunha cronoloxía posterior nun momento de recuperación ou continuidade nalgúns talleres das fórmulas clásicas.

O canonicismo dentro do estilo ao que pertence este exemplar motiva aos diferentes autores a dar unha cronoloxía en torno aos séculos III-IV[240]. Durante este período o capitel corintio normal inicia, como se dixo anteriormente, unha serie de derivacións en

[239] Dominguez Perela, E.: *Capiteles Hispánico Altomedievales*, Tomo I, Universidad Complutense de Madrid, Madrid, 1987, p. 119.
[240] Domingo Magaña, J.: *Capiteles tardorromanos y altomedievales de Hispania (ss. IV-VIII), Documenta13*, Tarragona, 2011; Dominguez Perela, E.: *Capiteles Hispánico Altomedievales*, Tomo II, Madrid, 1987, p. 77.

subtipos e perde ou modifica notablemente determinados elementos propios, aínda que paralelamente a esencia do estilo continúe [241].



Imaxe 21: Capitel SET01 e os seus elementos compositivos (fotografía da autora 18/06/2019).

A peza SET01 (imaxe 21), cunha altura de 37 cm, anchura do ábaco de 43 cm e diámetro da súa base 32 cm, é un capitel corinizante de granito, a pesar de que nalgunha bibliografía aparece como de mármore[242]. Carece de volutas con hélices. A labra dos elementos sobre un cálato troncocónico é de tendencia clasiquizante. Posúe dúas filas de follas de derivación do acanto cos bordos lobados e unha nervadura central da que parten nerviolos paralelos. Os caulículos saen das follas da segunda fila e destes afloran uns cálices de follas carnosas. Na parte axial do ábaco aparece unha apoucada flor moi erosionada. Presenta un colariño ou astrágalo[243] bastante abocelado en cuxa base hai catro perforacións, unha central e tres rodeando esta; posiblemente se realizaron para acoplar o capitel a un fuste.

[241] Dominguez Perela, E.: *Capiteles Hispánico Altomedievales*, Tomo I, Universidad Complutense de Madrid, Madrid, 1987, p.139 e ss.
[242] Dominguez Perela, E.: *Capiteles Hispánico Altomedievales*, Tomo II, Madrid, 1987, p. 77.
[243] O colariño ou astrágalo soe ser unha moldura que marca a unión entre columna e capitel. Unhas veces está presente no capitel e outras na columna. Dominguez Perela, E.: *Capiteles Hispánico Altomedievales*, Tomo I, Universidad Complutense de Madrid, Madrid, 1987, p. 15.

Realizando un rodeo visual a SET01 puidemos apreciar un detalle que desenmascara, polo menos neste exemplar, un descoido na concepción do cálato por parte do escultor. A súa forma obsérvase equilibradamente troncocónica dende a maioría das súas caras, pero vese torcida colocando a peza nun punto de vista concreto.

O capitel SET02 (imaxe 22), cunha altura de 37 cm, anchura do ábaco 47 cm e diámetro da súa base de 36 cm, tamén é corinizante, de granito[244], con cálato troncocónico. Presenta certo grado de deterioro, xa que os seus compoñentes están moi pulidos. Ao igual que o anterior, mantén certas formas clásicas dos capiteis romanos imperiais. Posúe dúas filas de follas de derivación do acanto con bordos lobados[245]. Xorden caulículos e cálices entre as follas da segunda fila e por riba deles intúense volutas, pero non as hélices. O ábaco presenta unha fina moldura, apenas apreciable, biselada que o divide en dous. Na súa parte axial aprécianse restos do que puido ser un florón.



Imaxe 22: capitel SET02 e os seus elementos compositivos (fotografía de Domingo Magaña, J.: *Capiteles tardorromanos y altomedievales de Hispania* (ss. IV-VIII), Universidad Rovira i Virgili, Tarragona, 2007, p. 1338).

[244] Tamén aparece como de mérmore en Dominguez Perela, E.: *Capiteles Hispánico Altomedievales*, Tomo II, Madrid, 1987, p. 77.
[245] A terminoloxía das particularidades das follas dos capiteis tómanse principalmente da botánica. Lobado: dividido en lóbulos. https://estraviz.org/lobado

Autores como Domínguez Perela non dubidan en comparar os capiteis SET01 e SET02 con un dos capiteis marmóreos, datado segundo Domínguez no s. IV, que soportan o arco absidal do templo de Santa Comba de Bande , que "en su estado inicial debió ser muy semejante a pesar de que se aprecian rasgos de mayor torpeza en su labra". Ambos manteñen a configuración das características formais, a pesar da diferenza do material utilizado.

Ambos capiteis (SET01 e SET02) manteñen unha proximidade morfolóxica, estilística e espacial con varios capiteis cos que deseguido confrontaremos.

Comparativa dos capiteis SET01 e SET02 cun capitel atopado no xacemento de Toralla (Vigo, Pontevedra).

O primeiro capitel é unha peza atopada durante unha escavación realizada nos anos 20[246] do século XX[247] para os traballos de acondicionamento dunha finca privada, propiedade da familia Mirandell[248], situada ao sur da praia de O Bao (Vigo, Pontevedra), próxima á vía XIX do Itinerario Antonino. Aquí atopáronse estruturas edilicias e diverso material de época romana (imaxe 9, fig. I).

A *vila* de Toralla tivo o seu apoxeo no século IV d. C e foi abandonada no primeiro cuarto do século V d.C., posiblemente pola chegada dos pobos xermánicos[249]. Entre o material atopado abunda a cerámica de distintas procedencias[250], moedas, vidros e

[246] http://proxecto-toralla.webs.uvigo.es.html (consultado o 20/01/2018).
[247] Hidalgo Cuñarro, J. M. e Costas Goberna, F. J.: "La villa romana de Toralla", en *El Museo de Pontevedra*, XXXVI, 1982, p. 356.
[248] Esta finca, chamada antigamente "Vilamar", foi concedida cara 1906 polo concello, á familia do empresario catalán Tomás Mirambell Mirestany, residente en Vigo e relacionado con negocios marítimos. Pasou entón a chamarse "Finca Mirambell". Esta familia informou dos traballos de acondicionamento da finca e o achado de numeroso material, hoxe en día en coleccións privadas. http://arqueovigo.blogspot.com/2010/01/excavaciones-arqueologicas-en-la-villa.html (consultado o 20/01/2018).
[249] Fernández Fernández, A.: "As relacións externas da *Gallaecia* durante os séculos IV-VII D.C a treveso do material importado localizado en Vigo (Galiza)", en *Hidacio da Limia e o seu tempo: a Gallaecia sueva / A Limia na época medieval*, Excmo. Concello de Xinzo de Limia (Biblioteca Arqueohistórica Limiá, Serie Cursos e Congresos nº 5), Xinzo de Limia, 2011 p. 11.
[250] Para unha maior e mellor aproximación ao coñecemento da cerámica de Toralla ver Fernández Fernández, A.: *El Comercio Tardoantiguo (ss. IV-VII) en el NO Peninsular a través del Registro Arqueológico de la Ría de Vigo*, Universidade de Vigo, 2011, p. 33. Fernández Fernández, A., Pérez Losada, F., Vieito Covela, S.:"Influencias mediterráneas sobre producciones tardías regionales en el noroeste peninsular: la cerámica de engobe rojo de la *villa* de Toralla (Vigo)", en *Bonifay. Late Roman Coarse Wares, Cooking Wares and Amphorae in the Mediterranean. Archaeology and Archaeometry,* BAR International Series 1662 (I), 2007, p. 99-108; Pérez Losada, F., Fernández Fernández, A., Vieito Covela, S.: "La villa romana de Toralla (Vigo): una innovadora propuesta de tratamiento y presentación de un yacimiento arqueológico excavado", en *III Congreso Internacional sobre Musealización de Yacimientos Arqueológicos.* Zaragoza, 2005, p. 279-296; Pérez Losada, F., Fernández Fernández, A.,

diverso material construtivo (imaxe 9, fig. III), entre o que se atopa o capitel corintio que nos ocupa, que denominaremos (VIG02) (imaxe 23).

O capitel está custodiado pola familia Mirambell[251]. Ten unhas dimensións de 34cm de alto, 33cm na anchura do seu ábaco e un diámetro interior de 25 cm[252]. Aínda que de menor tamaño, está labrado no mesmo material que os capiteis SET01 e SET02, granito; o que indica un aproveitamento de recursos próximos. Debido a que non puidemos acceder á peza, procederemos a facer unha descrición da mesma baseándonos na fotografía publicada por Hidalgo Cuñarro e Costas Goberna. Aínda que non é unha reprodución de calidade podemos advertir que o capitel está configurado a partir dun cálato claramente troncocónico, decorado cunhas estéticas acanaladuras que substitúen os cálices con volutas e hélices. Ten un marcado colariño e follas cuxas superficies están adheridas ao corpo e os seus ápices sobresaen redobrándose cara fora e marcando o grosor das mesmas[253]. As follas presentan destacados lóbulos nos marxes e unha grosa nervadura central.

Se ben é certo que o capitel non é froito do achado nunha escavación programada e sistematizada, soamente nos queda confiar na súa pertenza ás estruturas aparecidas e analizadas posteriormente polos arqueólogos profesionais[254]. En calquera caso, a datación da globalidade do xacemento, na súa fase de apoxeo, sitúase entre os séculos IV e V d.C seguido dunha fase de destrución e abandono a partir do século V d.C..

Vieito Covela, S.: "Resultados preliminares das escavacións arqueolóxicas na *villa* romana de Toralla (Oia, Vigo)", en *Castrelos 13,* Revista do Museo Municipal "Quiñones de León, Vigo, 2007, pp. 12-25.

[251] O xacemento da vila de Toralla está situado nunha finca privada propiede da familia Mirambell. Esta familia conserva diversos materiais descubertos durante as escavacións.

[252] Hidalgo Cuñarro, J. M. e Costas Goberna, F. J.: "La villa romana de Toralla", en *El Museo de Pontevedra*, XXXVI, 1982, p. 356, lám. LV. fig. 15.

[253] Gutierrez Behemerid, Mª. A.: "Capiteles romanos de Galicia", en *Gallaecia*, 9/10, Santiago de Compostela, 1987, pp. 259-265, p. 260-261.

[254] Hidalgo Cuñarro, J. M. e Costas Goberna, F. J.: "La villa romana de Toralla", en *El Museo de Pontevedra*, XXXVI, 1982, p. 356.



Imaxe 23: capitel atopado na vila de Toralla (Vigo, Pontevedra). Imaxe obtida de Hidalgo Cuñarro, J. M. e Costas Goberna, F. J.: La villa romana de Toralla, *El Museo de Pontevedra*, XXXVI, 1982, p. 356, lám. LV. fig. 16).

Corroborada, aínda que sempre con algunha incerteza, polo contexto do seu descubrimento, a cronoloxía do capitel VIG02 oscila entre os séculos IV-V d. C. e, tendo en conta as súas características e formas dos seus elementos, se facemos a confrontación cos capiteis de Setecoros SET01 e SET02 podemos percibir que existe certa aproximación.

Comparativa dos capiteis SET01 e SET02 cun capitel procedente do templo de Santiago de Saamasas (Lugo).

Sen saír da Galicia actual sabemos doutro capitel que podería ser tardorromano. O lugar onde foi localizado coincide coa vía XIX do Itinerario Antonino, aínda que non polo tramo estudo. A peza atopouse preto da cidade de Lugo, antigo *Lucus Augusti*, e preto tamén do río Miño, o que ratifica as vías de comunicación, terrestres e fluviais, como grandes propagadoras de elementos culturais. Trátase dun capitel corintio atribuído á igrexa de Santiago de Saamasas (Lugo) (imaxe 24, fig. IV). Esta igrexa foi un antigo

mosteiro, unido a un culto martirial[255], cuxa primeira mención, como *Sanctas Masas*, remóntase ao século X por unha doazón do presbítero Félix[256].



Imaxe 24: figs. I e II, capiteis de San Salvador de Setecoros (Valga, Pontevedra) SET01 e SET02 . Fotografías tomadas de http://marcelodelcampo.blogspot.com/2014/09/el-museo-de-pontevedra-sexto-edificio.html, (consultado o 04/03/2016); fig. III, Capitel atopado na vila de Toralla (Vigo, Pontevedra) (Imaxe tomada de Hidalgo Cuñarro, J. M. e Costas Goberna, F. J.: "La villa romana de Toralla", en *El Museo de Pontevedra*, XXXVI, 1982, p. 356; fig. IV, capitel de Saamasas tomada de Yzquierdo Perrín, R.: *Galicia Arte. Arte Medieval*, Tomo X, A Coruña, 1993; fig. IV, capitel procedente de Santiago de Saamasas (fotografía tomada de Yzquierdo Perrín, R.: *Arte Medieval*, I, A Coruña, 2007, p. 56; fig. V, capitel de procedencia descoñecida (MPXII.LIT.114) depositado no Museu Pio XII (fotografía tomada de Fontes, L., Vilar, B., Carvalho, H. e Ribeiro, J.: *Museu Pio XII-Colecção de Epigrafia e de Arquitectura Antigas (séculos I a.C-VII d.C.)*, 2009, p.22).

O capitel de Lugo corresponderíase coas estruturas dun edificio anterior ao mosteiro[257]. Posúe, ao igual que o resto de capiteis clasificados como tardoantigos, un cálato notablemente troncocónico, ocupado por dúas filas de follas derivadas do acanto que evocan ao naturalismo[258] grazas aos efectos de luz e sombra que crean os seus bordos polilobados. Ao igual que SET01, SET02 e VIG02 destaca un potente astrágalo moi abocelado que remarca o seu aspecto clásico. Como ocorre nos capiteis SET01 e SET02 de San Salvador de Setecoros, as volutas e as hélices non aparecen e as extensións dos

[255] Arias Vilas. F.: "Cancel de Saamasas", en *Galicia no Tempo*, Xunta de Galicia, 1991, p. 132.
[256] Delgado Gómez, J: "Saamasas, singular complejo Histórico y artístico", en *Lucensia* Vol. 17, N. 35, Lugo, 319-328.
[257] Jaime Delgado dalle unha cronoloxía tardoantiga. Delgado Gómez, J.: "Saamasas, singular complejo Histórico y Artístico", en *Lucensia*, Vol. 17. Lugo, p. 323.
[258] Núñez Rodríguez, M.: *Arquitectura prerrománica*, 1978, p. 80.

caulículos dos que emerxen uns cálices de follas pregadas rematan rudamente. O capitel foi atopado xunto con dous pequenos fustes e un magnífico e célebre cancel marmóreo onde se representan motivos vexetais, xeométricos e zoomorfos que aparecerá nomeado durante este traballo.

Todos os exemplares poden ser mostra de influencias estilísticas que circulaban por un amplo territorio posuíndo certas semellanzas en canto a estrutura, técnica e decoración. Hai que destacar que están labrados en material granítico e que probablemente sexa local, polo que estes elementos, de calidade, son o resultado á adecuación aos recursos xeolóxicos do territorio no cal se levaban a cabo as obras, para as cales estas pezas estaban destinadas[259], nun principio. É común, entre os autores que analizan este tipo de pezas de calidade, especular sobre a posibilidade de estar ante obras de importación, precisamente polo virtuosismo dos escultores; pero agás unha pequena porcentaxe de pezas, a súa maioría son de pedra granítica, tan abundante en todo o noroeste peninsular.

Ata o de agora analizamos os capiteis de San Salvador de Setecoros (SET01 e SET02) e os comparamos con outros próximos no espazo, atendendo a unhas características xenéricas de marcado patrón clásico que se executaron na Tardoantigüidade: cálato troncocónico, dúas coroas de follas, caulículos, cálices, astrágalo. Con todo, debemos afondar en particularidades duns elementos que cremos clave. Se nos detemos na análise do esquema da configuración das follas dos nosos capiteis podemos comprobar que non seguen un modelo aproximado á folla de acanto clásica, con contrastes de luz e sombra para maior naturalismo. Polo menos as follas de SET01 son semellantes a outros capiteis bracarenses datados en séculos posteriores.

Comparativa dos capiteis SET01 e SET02 con capiteis procedentes de Braga (Portugal).

Atopamos aproximacións formais entre os capiteis de San Salvador de Setecoros SET01 e SET02 e outro localizado nos depósitos do Museu Pio XII en Braga[260] (Portugal) ,

[259] Villa, A.:"Talleres escultóricos itinerantes en el Altomedievo hispano: el llamado „Grupo Mozárabe Leonés", en *Arqueología y Territorio Medieval* 24, 2017, p.117.
[260] Fontes, L., Vilar, B., Carvalho, H. e Ribeiro, J.: *Museu Pio XII-Colecção de Epigrafia e de Arquitectura Antigas (séculos I a.C-VII d.C.)*, 2009, p.22.

(imaxe 24, fig.5), con número de rexistro MPXII.LIT.114. Ten unha altura de 39 cm, as dimensións do lado maior do ábaco son 48 cm e as do diámetro inferior de 39 cm.

Este capitel, descontextualizado, relaciónase con edificios asociados ao foro romano da cidade de Braga[261] polo que está datado entre os séculos I-III d. C.. Está configurado a partir dun cálato troncocónico, con dúas filas de follas derivadas do acanto de fortes contrastes de claro-escuro, producidos pola utilización do trépano, e cuxa superficie aparece cuberta dunha coloración alaranxada[262]. O ábaco posúe acanaladura e flor central. Na parte superior ten un corte lonxitudinal para asentar o arquitrabe da construción[263].

Outros capiteis atopados na zona bracarense utilizan unha configuración de follas moi parecidas ao modelo SET01 (esquema da folla nº 9, 13). Son follas pouco traballadas, planas, cos bordos lixeiramente lobados, onde unhas liñas incisas marcan nas faces as nervaduras e se aprecian uns seos perforados sutilmente.

Por exemplo, un capitel atopado nunha casa particular en San Cosme do Vale en Vila Nova de Famalicão (imaxe 25 dereita), que Luis Fontes sitúa cronoloxicamente entre os séculos V e VII[264]; un capitel procedente das inmediacións da igrexa de San Martiño de Dume, cunhas dimensións equiparables á peza anterior, que Luis Fontes tamén sitúa entre os séculos V e VII d. C., pero, no entanto, Lopes Coelho sitúa no século III polas súas "dimensións e tipoloxía"; ou o capitel procedente do mosteiro de Mire de Tibães cuxa altura alcanza os 47 cm.

A follas de todas estas pezas, que se caracterizan por ter unha superficie plana, un nervio central groso e dous pares de seos trepanados a cada lado que o artista labra con finas liñas,que nos indican a continuación dunha liña de corte clásico (persistencia de modelos) séculos máis tarde.

[261] Fontes, L., Vilar, B., Carvalho, H. e Ribeiro, J.: *Museu Pio XII-Colecção de Epigrafia e de Arquitectura Antigas (séculos I a.C-VII d.C.),* 2009, p.15.
[262] Lopes Coelho M. Limão, F.M: *Capitéis da Antiguidade Tardía em Portugal (Séculos III/IV-VIII)*, Universidade de Lisboa, 2010, p. 334.
[263] Fontes, L., Vilar, B., Carvalho, H. e Ribeiro, J.: *Museu Pio XII-Colecção de Epigrafia e de Arquitectura Antigas (séculos I a.C-VII d.C.)*, 2009, p.16.
[264] Fontes, L., Vilar, B., Carvalho, H. e Ribeiro, J.: *Museu Pio XII-Colecção de Epigrafia e de Arquitectura Antigas (séculos I a.C-VII d.C.)*, 2009, p.16.



Imaxe 25: Á esquerda detalle do capitel SET01 procedente de San Salvador de Setecoros, Valga (Pontevedra) (fotografía da autora 18/06/2019); á dereita capitel procedente do concello de Vilanova de Famalição (Braga) (fotografía tomada de Lopes Coelho M. Limão, F.M: *Capitéis da Antiguidade Tardia em Portugal (Séculos III/IV-VIII)*, Universidade de Lisboa, 2010, p. 381.

Queremos amosar, coas análises aportadas, que na actualidade segue resultando demasiado complexo datar un capitel de "aparencia" clásica, pois posiblemente, avanzada a Alta Idade Media, se realizasen reproducións de modelos clásicos moi similares a este, xa que cabe a posibilidade de que existisen talleres que traballaron durante anos mantendo unha tradición propia que mantería as forman ao longo do tempo.

4.1.1.2.b. Os capiteis SET03 e SET04.

Imaxe 26: fig. I, capitel SET03 procedente de San Salvador de Setecoros (Valga, Pontevedra), actualmente depositado no Museo de Pontevedra; fig. II, capitel SET04 procedente de San Salvador de

Setecoros (Valga, Pontevedra), actualmente depositado no Museo da Catedral de Santiago de Compostela. Fotografías da autora (18/06/2019).

Estes capiteis marmóreos, SET03 e SET04 (imaxe 26), están expostos no Museo de Pontevedra (imaxe 26, fig. I), e no Museo da Catedral de Santiago de Compostela (imaxe 26, fig. II), respectivamente. O seu proceso evolutivo é moito mais claro, pois seguen a organización da orde corintia, pero alteran o sentido orgánico dos seus compoñentes estruturais, sen que a harmonía da súa composición se vexa alterada[265].



Imaxe 27: Elementos que compoñen o capitel SET04 depositado no Museo da Catedral de Santiago de Compostela (fotografía da autora 18/06/2019).

Os autores consultados están de acordo en datalos entre os séculos VI e VII[266] excepto Domínguez Perela[267] que os data no século IV-V d. C., quen tamén difire nas descricións dos elementos que o compoñen. Por un lado Domínguez Perela fala dun

[265] Núñez Rodríguez, M.: "Estudio estilístico de los capitelesde los siglos V al VII en Galicia", en *Conimbriga*, nº 14-17, Coimbra, 1975-1978, pp. 52.
[266] Dominguez Perela, E.: *Capiteles Hispánico Altomedievales*, Tomo I, Universidad Complutense de Madrid , Madrid, 1987, p. 374 e ss.; Núñez Rodríguez, M.: "Estudio estilístico de los capitelesde los siglos V al VII en Galicia", en *Conimbriga*, nº 14-17, Coimbra, 1975-1978, p. 53; Domingo Magaña, J.: *Capiteles tardorromanos y altomedievales de Hispania (ss. IV-VIII),* Universidad Rovira i Virgili, 2007, 312 e ss.
[267] Dominguez Perela, E.: *Capiteles Hispánico Altomedievales*, Tomo II, Universidad Complutense de Madrid , Madrid, 1987, p. 67.

"capitel con diseño muy evolucionado que (…) se reparte entre una organización estrutural que aún conserva abundantes matices clasicistas. No tiene collarino y su cálato es cilíndrico. Las dos coronas de hojas expresan un tipo de acanto sumamente evolucionado que casi podemos calificar de desnaturalizado. Los caulículos son sogueados, decoración muy frecuente en el repertorio tardorromano y altomedieval, y los cálices extraordinariamente desarrollados ocultan por completo las volutas. El ábaco conserva la articulación clásica, con incisiones horizontales en su frente y los florones, muy reducidos presentan flor de cuatro pétalos"[268]. Esta descrición contrasta coa de Domingo Magaña quen apunta que "en los ángulos superiores de los cálices surgen diminutas volutas y hélices que no presentan sus correspondientes tallos"[269], considerando, cremos que con razón, que as formas enroscadas cara dentro son as hélices e as volutas e non están ocultas baixo os cálices como cre Domínguez.



Imaxe 28: Elementos que compoñen o capitel SET04 depositado no Museo da Catedral de Santiago de Compostela segundo Domínguez Perela(fotografía da autora 18/06/2019).

[268] Dominguez Perela, E.: *Capiteles Hispánico Altomedievales*, Tomo IV, Universidad Complutense de Madrid , Madrid, 1987, p. 215.
[269] Domingo Magaña, J.: *Capiteles tardorromanos y altomedievales de Hispania (ss. IV-VIII),* Universidad Rovira i Virgili, 2007, p. 675.



Imaxe 29: capitel SET03 pertencente a San Salvador de Setecoros. Interpretación dos seus elementos segundo Domingo Magaña. Fotografía da autora (30/04/2019).

Segundo a nosa determinación estes capiteis distínguense por posuír un cálato sutilmente troncocónico, apenas perceptible e sen astrágalo dende a súa concepción; posúe dúas filas de follas que pouco teñen que ver co acanto, que se apartan dos modelos clásicos e se aproximan cara unha plástica máis adulterada. As follas represéntanse con pouco volume, destacando unicamente as tres nervaduras centrais e o ápice groso e ondulado. Entre as follas da segunda fila saen os caulículos cunha particular forma de cordón.

Os colariños dos caulículos neste caso compóñense de tres perliñas das que parten dúas prefoliacións circinadas, rematadas en hélices que se enroscan cara dentro, entre as que aparecen unha serie de follas con aspecto membranoso que substitúen as volutas. Os vértices do corpo superior están decorados con motivo a cordón e perlas, motivos non moi frecuente nos capiteis occidentais, e que se asocian con repertorios sasánidas a súa vez influídos pola tradición persa na incorporación de decorados con perlas[270] e cordón.

[270] Morín de Pablos, J.: *Estudio Histórico-Arqueológico de los Nichos y Placas-Nicho de Época Visigoda en la Península Ibérica: origen, funcionalidad e iconografía*, 2014, p. 90.

Imaxe 30: Capitel de basalto do templo de Souedia, (Siria). Fotografía de Schlumberger, D. : «Les formes anciennes du chapiteau corinthien en Syrie, en Palestine et en Arabie » en *Syria*, Tomo 14, fascículo 3, 1933. pp. 283-317. p. 310.

O ábaco é de estilo clásico e posúe diferentes flores en cada cara. O cálice, en forma de copa, está composto por varias follas enfrontadas con aparencia membranosa. Se temos en conta que o cálice é "una formación vegetal que sale del caulículo y acompaña por debajo al desarrollo de las volutas"[271], a descrición de Domínguez parécenos plausible, porque o cálice parece un elemento autónomo dentro do capitel ao igual que as volutas e, no seu caso, as hélices destas, polo que as volutas estarían ocultas baixo esa membrana. Poderíamos, non obstante, pensar tamén na posibilidade de que neste caso non esteamos ante unha interpretación das formas vexetais utilizadas clasicamente nos capiteis, senón nunha interpretación dos propios elementos formais dun capitel, inspirados noutros tipos vexetais, como indicábamos anteriormente. Dentro das diversas particularidades que atopamos nesta peza arquitectónica (caulículo sogueado, utilización de perlas, etc) destacamos a orixinalidade do cálice que se reconvirte xunto coas volutas clásicas nesa especie de prefoliacións circinadas, disposición vexetal que podemos atopar nos primeiros estadios do desenvolvemento das primeiras follas dos fentos (imaxe 31).

[271] Dominguez Perela, E.: *Capiteles Hispánico Altomedievales*, Tomo I, Universidad Complutense de Madrid , Madrid, 1987, p. 16.

Imaxe 31: fig. I, detalle do corpo superior do capitel de Setecoros depositado no Museo da Catedral de Santiago de Compostela[272], SET03, onde se aprecian as prefoliacións circinadas (fotografía da autora 30/04/2019); fig. II, detalle da follas dun fento nos seu primeiros estadíos (fotografas da autora 22/08/2919).

E é que o fento serviu, en multitude de ocasións, como fonte de inspiración na decoración de pezas arquitectónicas con temática vexetal, froito dun proceso lento, na Igrexa medieval, de asimilación de elementos da natureza dentro das manifestacións artísticas[273]. Posiblemente introducido na iconografía dos primeiros cristiáns das terras orientais, fai a súa aparición como exemplar adulto, no séculos V e VI d. C., en capiteis de igrexas bizantinas do norte de Siria[274] (imaxe 30).

Variedades de flores nos ábacos de SET03 e SET04.

Unha das particularidades que ofrecen esta parella de capiteis é a de que en cada cara do ábaco podemos distinguir flores de diferentes deseños e números de pétalos, a pesar da degradación que sofren algunhas e a imposibilidade de ver unha delas debido a súa colocación no Museo da Catedral. Este distintivo amosa a calidade artística e riqueza decorativa destas pezas tan interesantes nas que abundan os detalles.

Coinciden en ambos capiteis un tipo de flor cuadripétala nunha das súas caras (imaxe 32, figs. 1 e 5), executada sutilmente co uso do bisel. Séguenlle, tamén biseladas, dúas flores hexapétalas (imaxe 32 , figs. 2, 3, 6 e 7) nas dúas seguintes caras e unha flor octopétala (imaxe 32, fig. 4) na cuarta cara do capitel SET03. A flor da cuarta cara do

[272] Agradecemos a Ramón Yzquierdo Peiró a posibilidade de ver os capiteis e sacar fotografías.
[273] Quiñones Costa, A.M.: *La decoración vegetal en el arte español de la Alta Edad Media*, Universidad Complutense, Madrd, 1992, p. 125.
[274] Quiñones Costa, A.M.: *La decoración vegetal en el arte español de la Alta Edad Media*, Universidad Complutense, Madrd, 1992, p. 125.

capitel SET04 non puidemos vela, e deducimos que podería ser octopétala de seguir coa lóxica executada no capitel SET03.



Imaxe 32: figs. 1,2,3 e 4, flores que podemos atopar nas diferentes caras do ábaco do capitel SET03, depositado no Museo de Pontevedra (fotografías da autora 30/04/2019); figs. 5, 6 e 7, flores das diferentes caras do capitel SET04 depositado no Museo da Catedral de Santiago de Compostela (fotografías da autora 18/06/2019).

Comparativa dos capiteis SET03 e SET04 de San Salvador de Setecoros (Valga, Pontevedra) cun capitel reutilizado no interior do templo de San Xoán de Vilaronte (Foz, Lugo).

Pola alta calidade da súa factura e estilo delicado, en comparación con outros atopados na *Gallaecia*, os capiteis SET03 e SET04 foron consideradas pezas foráneas, tal vez importadas grazas á rede viaria terrestre, marítima ou fluvial que conduce a Iria Flavia, dada a orixinalidade da súa labra, ou elaborados por algún taller itinerante que probablemente neste período actuou en diferentes focos[275].

No seu estudo analítico dos capiteis tardorromanos en Galicia, Núñez vincula os capiteis de Setecoros con obradoiros de "gusto vangardista baixo as ordes de elites moi concretas"[276]. Esta hipótese do taller itinerante cobra forza grazas a varios capiteis que gardan unha formidable semellanza na unidade do seu sistema decorativo. Un deles procede de San Xoán de Vilaronte (Foz) na provincia de Lugo. Yzquierdo Perrín xa reparara nesta relación entre os capiteis de Setecoros e o de Vilaronte[277].

[275] Núñez Rodríguez, M.: *Arquitectura Prerrománica*, Santiago de Compostela, 1978.
[276] Incluso os asocia a grupos aillados de francos supervivintes das invasións do s. III, que existiron durante o reinado suevo. Núñez Rodríguez, M.:: "Estudio estilístico de los capitelesde los siglos V al VII en Galicia" en *Conimbriga*, nº 14-17, Coimbra, 1975-1978, p. 2.
[277] Yzquierdo Perrín, R. : *Galicia Arte. Tomo X. Arte Medieval,* A Coruña, 1993, pp. 55-56.

Esta igrexa parroquial, a de San Xoán de Vilaronte, está moi preto da basílica de San Martiño de Mondoñedo, un centro da antiga diocese de Bretoña. A peza trátase dun capitel pseudocorintio, marmóreo e de pilastra reutilizado como pía de auga bendita (imaxe 33).



Imaxe 33: capitel de pilastra en San Xoán de Vilaronte (Foz, Lugo) (Fotografía tomada de Yzquierdo Perrín, R.: "Arte prerrománica na diocese de Mondoñedo", en *Rudesindus*. *A Terra e o tempo,* Xunta de Galicia, 2007, p. 105).

Posuía dúas filas de follas, non obstante da primeira, que son catro, soamente se conservan os pronunciados ápices. As follas da segunda coroa, que son tres enteiras e dúas medias nos laterais, presentan pouco volume e nas que destacan unicamente as nervaduras e o ondulado e pronunciado ápice como naqueles de Setecoros. Entre as follas da segunda fila saen os caulículos coa peculiar forma de cordón. O colariño dos caulículos está composto tamén por tres perliñas das que parten as dúas prefoliacións circinadas, rematadas en hélices, entre as que aparecen unha serie de follas. Os vértices do corpo superior están decorados con motivo a cordón e perlas. O ábaco ten unha decoración mediante listeis horizontais e no medio posúe unha flor octopétala, modelo de flor que podemos comparar co atopado no capitel SET03 (imaxe 32, fig. 4).

Comparativa dos capiteis SET03 e SET04 de San Salvador de Setecoros (Valga, Pontevedra) cun capitel reutilizado no interior do templo de San Xoán da Pena (Lugo, Lugo).

Outro dos capiteis, de similares características, é quizais menos coñecido e, a pesar de que o profesor Manuel Núñez o menciona na súa tese de doutoramento, pasou desapercibido á hora de emparentalo cos célebres capiteis de Valga, sendo exposto polo propio Núñez, xunto con outras pezas galegas, "como uns capiteis definidos por unha técnica rudimentaria (...) resultando unha variedade de carácter ficticio, sen adscribirse a un código perfilado"[278]. Este capitel está encaixado no muro interior da igrexa parroquial de San Xoán de Pena, no concello de Lugo, novamente na provincia de Lugo e a 6 quilómetros da capital.

O edificio actual é moderno, construído a finais do século XIX. Durante unha escavacións nos anos 70 atopáronse restos arqueolóxicos, capitel de pencas, un anaco de base e unha pedra "mozárabe"[279], datados entre os séculos V-X d. C..



Imaxe 34: Capitel reutilizado como pía de auga bendita no interior da igrexa de San Xoán da Pena (Lugo, Lugo) (fotografía de Adrián Gómez 04/08/2014 cedida por José Carlos Sánchez Pardo).

[278] Núñez Rodríguez, M.: *Arquitectura Prerrománica*, Santiago de Compostela, 1978, p. 66.
[279] López Pacho, R.: "Vestigios del período prerrománico en la Provincia de Lugo", en *XV Congreso nacional de arqueología Lugo*, 1979, pp 1212-1228.

Reutilizado, ao igual que o de Vilaronte, como pía de auga bendita, soamente podemos ver a metade da peza (imaxe 34), que está moi deteriorada e cuberta por cal nalgunhas zonas. Posúe un notable cálato troncocónico a diferenza do cálato cilíndrico dos provenientes de Setecoros. Ten dúas filas de cinco follas en total. Estas, como en Vilaronte e Setecoros, presentan pouco volume, soamente o ápice proxéctase cara fóra dándolle certa solidez. Entre as follas da segunda fila nacen os caulículos coa xa coñecida forma de cordón, ao igual que as prefoliacións circinadas coas hélices que se enroscan cara dentro.

Deste xuízo sobre o capitel sito en San Xoán de Pena podemos entrever que Núñez tiña coñecemento dun capitel altomedieval neste lugar, pero parece que non tivo oportunidade de velo, pois obviou a comparación cos de Pontevedra cando son pezas elaboradas claramente por un mesmo taller que tivo nalgún momento histórico da *Gallaecia* un amplo radio de proxección.

Sen esquecer que estamos ante catro capiteis reutilizados e fora de contexto, todos eles posúen trazos específicos (estilo e forma) que lles confiren un carácter peculiar, a excepción de pequenas licencias de interpretación por parte dos executores[280] podendo, a pesar dalgunhas diferenzas de calidades nos acabados, consideralos como un grupo homoxéneo (imaxe 35, figs., I, II e III). Tanto as follas (esquema da folla nº 1, 3 e 5), caulículos, prefoliacións, decoración mediante perlas (excepto o de San Xoán de Pena) e sogueado. constitúen trazos comúns típicos a executar por un único taller como son a organización, distribución e formas dos elementos[281]. Hai que aclarar que no caso dos capiteis de San Xoán de Vilaronte e San Xoán de Pena non tivemos a oportunidade de comprobar os sistemas de medidas e proporcións, importantes para poder facer un seguimento da relación das dimensións entre todas as pezas.

De todos xeitos non nos cabe dúbida de que os catro capiteis foron elaborados por un mesmo taller ou por talleres que seguiron un modelo coetáneo. Non debemos esquecer

[280] Pódese observar que tanto no capitel de San Xoán de Vilaronte como no de San Xoán de Pena aparecen detalles comúns que non existen nos de Setecoros, como por exemplo unha pequena división da membrana central do corpo que está entre as hélices; obsérvase tamén maior ramificación de nervios nas follas dos capiteis de San Xoán da Pena e San Xoán de Vilaronte en comparación cos de San Salvador de Setecoros.

[281] Gutiérrez Behemerid, Mª Ángeles: "A propósito de algunos capiteles clunienses:la definición de un taller", en *Annals de l´Institut d´Estudis Gironins*, Vol. XXXVII, 1996-97.

que as procedencias das pezas están preto de vías de comunicación (río Miño, vía XIX do Itinerario Antonino, vías marítimas a través da costa) polas que puideron circular.

De aceptar a hipótese de que existiu un taller que elaborou esta serie de capiteis, para diferentes edificios esparexidos polo territorio da *Gallaecia* durante os séculos VII-IX, estaríamos ante un conxunto comparable a talleres que circularon polo resto da Península como os pertencentes ao "grupo mozárabe" leonés ou asturiano.

Imaxe 35: fig. I, capitel no igrexa parroquial de San Xoán de Vilaronte, Foz (Lugo), capitel reutilizado como pía de auga bendita (fotografía tomada de Yzquierdo Perrín, R. : *Galicia Arte. Tomo X. Arte Medieval,* A Coruña, 1993, p. 55); fig.II, Museo da Catedral de Santiago de Compostela, capitel procedente de san Salvador de Setecoros (fotografía da autora o 30/04/2019); fig. III, igrexa parroquial de San Xoán de Pena (Lugo, Lugo), capitel reutilizado como pía de auga bendita (fotografía cedida por José Carlos Sánchez Pardo; 04/08/2014).

Comparativa dos capiteis SET03 e SET04 de San Salvador de Setecoros (Valga, Pontevedra) cun capitel reutilizado na portada sur do templo de San Miguel de Corullón (Bierzo, León).

Dentro do territorio da antiga *Gallaecia*, consérvanse outras pezas con elementos confrontables aos capiteis deste posible "taller de Setecoros", xa que seguen procedementos técnicos vistos nos capiteis de San Salvador de Setecoros (SET03 e SET04), San Xoán de Vilaronte (Lugo) e San Xoán da Pena (Lugo). É o caso dun capitel derivado do corintio que se conserva na portada sur de San Miguel de Corullón na comarca do Bierzo (León), antigo *Bergidum*, localidade atravesada, non so pola vía

XIX do *Itinerario Antonino*, que comunicaba neste tramo Astorga con Lugo, senón próxima á *Via Nova* que transcorría de Astorga a Braga[282].

A primeira mención á igrexa de San Miguel de Corullón (Bierzo, León) podémola atopar nun documento datado o 13 de febreiro de 1120 polo que a raíña dona Urraca entregou aos ermitáns de Santa Marina de Valverde o mosteiro de San Martiño situado entre o monte e a parroquia de San Miguel[283].



Imaxe 36: Igrexa de San Miguel de Corullón, (Bierzo, León). Localización do capitel altomedieval na portada sur (fotografías da autora 19/12/2019).

Esta fábrica posúe unha soa nave cunha ábsida semicircular. A portada principal está situada no lado sur; foi construída posiblemente na segunda metade do século XII[284] e restaurada nos anos cincuenta[285]. Esta está realizada en pedra porosa, formada por un arco de medio punto soportado por dúas columnas cos seus respectivos capiteis. A

[282] Morello Gallo, I.: *Vía romana de Astorga a Braga por Valdehorras (Via Nova). De Asturica e Foto Gvigvrrorum. 112km, Junta de Castilla y León*, 2012.
[283] Rodríguez Montañés, J. M. (coord.): *Enciclopedia del Románico en Castilla y León*, Fundación Santa María la Real, Aguilar de Campoo, 2005, p. 307.
[284] Rodríguez Montañés, J. M. (coord.):*Enciclopedia del Románico en Castilla y León*, Fundación Santa María la Real, Aguilar de Campoo, 2005, p. 307.
[285] Castro Fernández, B. Mª: *Francisco Pons Sorolla*, Santiago de Compostela, 2007, p. 58.

parella columna-capitel da dereita non se corresponde co estilo do conxunto. Trátase de pezas máis antigas que foron reutilizadas, sobre as que existen controversias respecto do material utilizado na súa elaboración e a súa cronoloxía.

Na inspección realizada *in situ*, puidemos observar que se trata dun capitel altomedieval, posiblemente de mármore, que se asenta sobre un segmento de fuste granítico unido a un fuste monolítico de mármore de 156 cm de longo.



Imaxe 37: San Miguel de Corullón (Bierzo, León), capitel reutilizado na portada sur da igrexa. Fotografía da autora (19/12/2019).

As primeiras observacións feitas sobre este capitel reutilizado na portada de San Miguel de Corullón (Bierzo, León) foron realizadas por Gómez Moreno que apuntou que este elemento "anterior a su portada románica es de mármol gris con una fila de anchas hojas, retorcidos caulículos y ábaco rectilíneo"[286]. Posteriormente Domínguez Perela considerou que era de arenito[287], quizais pola súa dificultade de observación ao estar situada nun lugar elevado e pola capa de revoco que parece que cubre a peza, situándoa cronoloxicamente en torno ao 900, pola tipoloxía de follas e volutas. O capitel foi estudado tamén por Cosme Alonso, que non lle outorga unha cronoloxía concreta, a pesar de que percibe as diferenzas entre as pezas e o resto da portada[288]. Pola súa parte,

[286] Gómez Moreno, M.: *Catálogo monumental de España. Provincia de León*, Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes, Tomo 1, Madrid 1925, págs. 376-379, p. 142.
[287] Dominguez Perela, E.: *Capiteles Hispánico Altomedievales*, Tomo I, Madrid, 1987, p. 912.
[288] Avello Álvarez, J. L.: "Los suevos y visigodos en la provincia de León. Análisis e inventario de sus testimonios", en *Memorias de Historia Antigua* , nº 11-12, 1990-1991, pp. 295-316, p. 303.

Noack-Haley, realiza o seu estudo pormenorizadamente[289] pois indica incluso as súas medidas e o clasifica como "mozárabe".

A súa altura é de 28 cm, o diámetro da súa base é de 24 cm e o lado do seu ábaco é de 36 cm. Posúe unha soa coroa de oito follas, polo tanto estaríamos ante un capitel derivado do corintio, sinal indicativo de procesos de influencias de orixe bizantino que dará lugar a copias locais, entre os séculos VII-IX d. C., de modelos de capiteis de tipo cúbico exportados nos séculos V-VI d.C.[290] Entre as follas saen dúas prefoliacións circinadas realizadas con motivo sogueado, enroscadas cara fora, que aparecen aferradas a un cálato liso sen decoración (imaxe 37).

Non soamente chama a atención a concordancia entre a tipoloxía de folla utilizada en San Salvador de Setecoros (Valga, Pontevedra) e San Miguel de Corullón (Bierzo, León), senón a utilización do cordón para decorar os cestos de ambos capiteis.

Atendamos detidamente aos perfís das follas destes capiteis para reparar nesa analoxía. As follas (imaxe 38) (esquema da folla nº 1, 5) están deseñadas dentro dunha caixa de encadre practicamente cadrada e pegada ao cálato. A parte superior e o ápice forman unha sinuosa ondulación que se proxecta cara a fora. Un nervio central desaparece baixo o pregamento do ápice e catro nervios laterais rematan en incisos senos.

Imaxe 38: fig. 1, Museo da Catedral de Santiago de Compostela, detalle dunha das follas do capitel de San Salvador de Setecoros (Valga, Pontevedra), fotografía da autora (30/04/2019): fig. 2 San Miguel de Corullón (Bierzo, León) detalle dunha das follas do capitel dereito da portada sur (fotografía da autora 16/12/2019).

[289] Noack-Haley, S.: *Mozarabischer Baudekor 1: Die Kapitelle*, Madrider Beiträge, Band 19, Verlag Philipp Von Zabern, Mainz am Rhein, 1991, p.183.
[290] Bermúdez, J.M.: "La transmisión de modelos protobizantinos orientales en los capiteles de hojas angulares Béticos", en *Romula*, nº 6, 2007, p. 211-230, p. 222.

Parécenos interesante incorporar á comparación entre os capiteis de San Salvador de Setecoros (Valga, Pontevedra), SET03 e SET04 e o reutilizado en San Miguel de Corullón (Bierzo, León), varios capiteis atopados en Santa María de Temes, parroquia do municipio de Carballedo (Lugo). Esta igrexa está situada moi preto a Os Peares, lugar onde conflúen o río Sil e o río Búbal co Miño[291].

Comparativa dos capiteis SET03 e SET04 de San Salvador de Setecoros (Valga, Pontevedra) con un capitel procedente do templo de Santa María de Temes (Carballedo, Lugo).

Santa María de Temes, con categoría de *monumento*[292], está situada no municipio de Carballedo, no concello de Chantada (Lugo), en plena Ribeira Sacra Lucense, sobre unha ladeira que cae sobre o antigo *Portus Polumbaris*[293]. Preto pasa a Vía Nova, antiga vía romana que comunicaba *Bracara Augusta* con *Asturica Augusta*. Ante esta configuración do territorio na que se localiza Temes podemos decatarnos, unha vez máis, da importancia dos enclaves cando están preto de vías de comunicación, facendo obvio, neste caso en concreto, que os caudais de auga foron utilizados pola súa navegabilidade dende tempos pretéritos para transportar toda clase de mercadorías, entre elas pezas de gran valor artístico.

Imaxe 39: Á esquerda imaxe da Igrexa de Santa María de Temes, Carballedo (Lugo) (fotografía da autora 16/02/2020) e á dereita pezas reutilizadas no paramento norte, posiblemente capiteis (fotografía da autora 16/02/2020).

[291] De novo estamos situados en vías de comunicación importantes na Antigüidade.
[292] Resolución de 21 de decembro de 2017 na que se declara a Ribeira Sacra Ben de Interese Cultural, BOE, nº 35, Xoves, 8 de febreiro de 2018.
[293] Delgado Gómez, J.:*El Complejo de Temes,* Xunta de Galicia, 1997, p. 33.

O gran estudoso desta sinxela igrexa foi Jaime Delgado, que publicou un monográfico[294], que ata o de agora é a obra principal de consulta para coñecer esta; tamén realizou numerosos traballos[295] sobre a historia do sitio e manifestou unha preocupación pola súa posta en valor dada a complexidade intrínseca que garda.

O documento máis antigo que fai referencia a esta igrexa é o que alude á data súa consagración, o ano 824 que se conserva no seu interior nunha inscrición na que se le: +SACRATIO TEMPLI II K(ALENDAS) D(E)C(EM)B(RI)S IN ERA DCCCLXII. Outro documento é unha doazón do 1 de marzo do ano 964[296] no que a raíña Goto outorga as súas herdades a Temes, o que verifica a existencia dun mosteiro altomedieval, cuxos restos puideron chegar aos nosos días a través de determinadas manifestacións artísticas como veremos a continuación.

A ocupación de Temes existe dende a Idade de Ferro xa que este lugar aséntase nun castro de ladeira e se rodea á súa vez doutros poboados castrexos[297]. Esta igrexa tivo varias etapas construtivas e nela atopáronse numerosas pezas, de granito e mármore, que aínda que estean descontextualizadas teñen un gran valor histórico, arqueolóxico e artístico; como a tapa dun sartego paleocristián con escenas bíblicas, pilastras, unha ménsula, un cimacio, varios capiteis e unha serie de inscricións, algunhas con mensaxes cristiás (imaxe 40).

[294] Delgado Gómez, J.:*El Complejo de Temes. Los dos documentos cristianos, iconográfico uno y epigráfico otro, más antiguos de Galicia,* Xunta de Galicia, 1997.
[295] Delgado Gómez, J.: *El Complejo de Temes. Los dos documentos cristianos, iconográfico uno y epigráfico otro, más antiguos de Galicia,* Xunta de Galicia, 1997, pp- 273-288.
[296] Freire Camaniel, J.: *El monacato gallego en la Alta Edad Media*, Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña, 1998, pp. 935-936.
[297] Delgado Gómez, J.: *El Complejo de Temes. Los dos documentos cristianos, iconográfico uno y epigráfico otro, más antiguos de Galicia,* Xunta de Galicia, 1997, p. 31.



Imaxe 40: Algunha das pezas que se conservan no interior da igrexa de Santa María de Temes, Carballedo (Lugo); fig. I, mesa de altar onde se reutilizan unha pilastra (A) e dous capiteis como soporte (un capitel de mármore de follas lisas, B, e o capitel de mármore que nos interesa confrontar, C); fig. II, peza incrustada con decoración de espiga; fig. III, modillón de rolos con decoración de rodas de radios rectos; fig. IV, cimacio con decoración de sogueado; fig. V, perpiaño onde aparece a inscrición de consagración de Santa María de Temes. (imaxes tomadas de Delgado Gómez, J.: *El Complejo de Temes. Los dos documentos cristianos, iconográfico uno y epigráfico otro, más antiguos de Galicia*, Xunta de Galicia, 1997, pp. 66,159,179, 181 e 94 respectivamente).

Na igrexa actual, reconstruída no século XVIII e posteriormente no XX[298], obsérvanse multitude de elementos arquitectónicos con decoración reutilizados tanto no interior como no exterior dos paramentos do edificio. Outra das curiosidades dalgunhas das pezas é a procedencia do material, que resultaron ser mármores importados, como o cipolino de Caristio para as pilastras (imaxe 40, fig. I, A) e un capitel (imaxe 40, fig. I,B); mármore pentélico para a tapa do sartego e, segundo Delgado, mármore local para o resto de capiteis, pola súa analoxía con outras pezas da *Gallaecia* cristiá como o coñecido Crismón de Quiroga[299].

[298] Delgado Gómez, J.: *El Complejo de Temes. Los dos documentos cristianos, iconográfico uno y epigráfico otro, más antiguos de Galicia,* Xunta de Galicia, 1997; https://www.elprogreso.es/articulo/ribeira-sacra/temes-testigo-historico-desconocido/20190102124717135211O.html (consultado o 14/05/2019).
[299] Delgado Gómez, J.:*El Complejo de Temes,* Xunta de Galicia, 1997, p. 69.



Imaxe 41: capitel parella do reutilizado como soporte do altar, procedente de Santa María de Temes, Carballedo (Lugo) e os seus elementos. Imaxe tomada de Delgado Gómez, J.:*El Complejo de Temes,* Xunta de Galicia, 1997, p. 60.

Interésannos, para este apartado, os atributos dun capitel exento (imaxe 40. fig. I, C e imaxe 41) procedente deste *situ*, que mantería certos trazos comúns cos capiteis de San Salvador de Setecoros SET03 e SET04. Noutro apartado falaremos da analoxía dos capiteis reutilizados no paramento da igrexa cos capiteis *in situ* en San Salvador de Setecoros. Está reutilizado, xunto con outro de follas lisas, de distinto material e decoración, como soportes da mesa do altar; a táboa do altar soportada sería, segundo Jaime Delgado, unha pilastra que formou parte tamén do conxunto arquitectónico hoxe desaparecido.

O capitel deriva do estilo corintio (imaxe 41). Mide 35 cm e ten un diámetro superior de 42 cm e unha base de 28 cm. Posúe dúas coroas de oito follas de formato cuadrangular pegadas ao cálato e cun ápice ondulado. No centro da folla existen unha tres nervaduras e un perfil de folla que forma aquelas incisións vistas tamén en San Xoán de Vilaronte, San Miguel de Corullón e San Xoán da Pena. Outros atributos como os cálices e caulículos non concordan cos de Setecoros, pero si podemos apreciar que a composición de todos os elementos encaixan nun cálato que parece ter sido concibido seguindo unha mesma pauta.



Imaxe 42: fig. 1, Museo da Catedral de Santiago de Compostela, detalle dunha das follas do capitel de San Salvador de Setecoros (Valga, Pontevedra), fotografía da autora (30/04/2019): fig. 3, Santa María de Temes (Carballedo, Lugo), detalle da folla do capitel de columna procedente desta igrexa (detalle de imaxe tomada de Delgado Gómez, J.: *El Complejo de Temes*, Xunta de Galicia, 1997, p. 60); fig. III, capitel SET04 procedente de San Salvador de Setecoros actualmente depositado no Museo da Catedral de Santiago de Compostela. Fotografía da autora (18/06/2019); fig. IV, Capitel procedente de Santa María de Temes, Carballedo (Lugo) e os seus elementos (imaxe tomada de Delgado Gómez, J.:*El Complejo de Temes,* Xunta de Galicia, 1997, p. 60).

O capitel de Santa María de Temes está considerado por Delgado como de estilo "romano tardo-imperial"; no entanto e a pesar de que convive con pezas tardorromanas, polas características inclinámonos a pensar que puido ser elaborado para a construción do templo altomedieval o que levaría ao resto de capiteis análogos a cronoloxías mais temperás. Este tipo de capiteis serían unha imitación de pezas tardorromanas cuxa razón de ser está na continuidade dos modelos clásicos[300] reutilizados; neste caso o capitel da imaxe 40, figura I, C, podería estar estaría elaborado a partir dun modelo clásico para combinar "harmoniosamente" co capitel da imaxe 40, figura I, B e outros que formaran parte do edificio.

[300] Fenómeno que chamamos "arte de compensación".

4.1.1.2.c. Capitel SET05

Outro dos capiteis atribuídos a Setecoros, que a pesar da súa degradación posúe gran calidade artística na súa labra, é o que designamos como SET05 (imaxe 43). Trátase un capitel corintio conformado por dúas filas de follas. As da primeira fila son de menor tamaño en comparación coas da segunda. Estas en parte quedan ocultas e entre elas xorden os minúsculos caulículos que preceden aos cálices. Sobre estes as volutas rematadas en hélices, moi erosionadas, e sobre estas un desgastado ábaco que está desprovisto de flores centrais.

As follas presentan tres marcadas nervaduras as cales están articuladas de tal xeito que se abren cara os bordos e os unen a modo de corazón para formar os lóbulos e, á súa vez, as pequenas faces suavemente rebaixadas, creando efectos de claroscuro.



Imaxe 43: Capitel corintio SET05 depositado no Museo de Pontevedra procedente de San Salvador de Setecoros, Valga (Pontevedra). Fotografía da autora (18/06/2019).

A pesar da degradación do capitel podemos confirmar que a peza foi realizada con astrágalo. Ao respecto disto, os autores consultados describen esta peza sen este atributo ata o punto de englobala nunha clasificación *ad hoc* para capiteis con esta

característica[301] e incluso chegando a especificar que o capitel carece de roturas importantes[302].

Agora ben, observando detidamente a peza, no propio museo, rodeando todas as súas caras, puidemos comprobar que existen certos "síntomas de reemprego"[303] como o que indica que moi probablemente que o colariño estivo presente nalgún momento e que á hora da reutilización foi eliminado practicamente na súa totalidade. Dá a casualidade de que subsisten restos del que aínda son apreciables por un dos seus lados, precisamente o que presenta maior destrución doutros elementos; eliminouse violentamente unha esquina do ábaco completa, quizais para encaixar no ángulo dalgunha edificación (posible portada románica desaparecida[304]) e non se desbastou nesta parte o astrágalo, por non ser un estorbo para o novo lugar de emprazamento.

As súas dimensións[305] aproxímanse ás da maioría dos capiteis atribuídos a Setecoros, tendo unha altura duns 34 cm, unha lonxitude de ábaco de 39,5 cm e un diámetro inferior de 29 cm. A súa cronoloxía oscila entre o século IV d. C., considerado por Domínguez Perela, e os séculos V d. C. e VII d. C. propostos por Núñez e máis afinadamente o VI d. C. por Domingo Magaña e a propia ficha que acompañaba a esta peza no momento da súa consulta[306].

En canto ao material no que está realizado, tanto na ficha mencionada, supostamente pertencente ao capitel, como nas reflexións dos autores consultados, Núñez Rodríguez ou Domingo Magaña, coinciden en que se trata de mármore de O Incio (Lugo). Con todo non podemos confirmar que realmente se trate deste tipo de roca xa que, segundo nos especificaron, ningún dos capiteis alí depositados foron analizados para determinalo. Por outra banda parécenos procedente, a continuación, cotexar este capitel

[301] Dominguez Perela, E.: *Capiteiles hispánicos altomedievales*, Tomo II, Universidad Complutense de Madrid, 1987, p. 66.
[302]Domingo Magaña, J.: *Capiteles tardorromanos y altomedievales de Hispania (ss. IV-VIII),* Documenta13, Tarragona, 2011, p. 676.
[303] Caballero Zoreda, L e Arce Sainz, F.: "Producción decorativa y estratigrafía", en *Anejos de AEspA XLI*, 2006, pp. 233-274, p. 234.
[304] No interior da igrexa de San Salvador de Setecoros hai restos de pezas románicas almacenadas como unha pía de bautismo, claves de bóveda e sillares posiblemente románicos.
[305] Incidimos novamente nas dificultades que tivemos para medir as pezas. Este capitel estaba dado á volta e moi pegado a outros polo que non poidemos aproximarnos ás dimensións dalgúns detalles nin movelo.
[306] Non podemos asegurar fielmente que a ficha que acompañaba ao capitel pertencera a este xa que había certo desorde entre todas as pezas e as fichas alí depositadas.

con outros semellantes, por posuír unhas calidades estruturais parecidas[307] ás das pezas que veremos a continuación.

Comparativa do capitel SET05 con dous capiteis procedentes do Museo Arqueolóxico de Oviedo (Asturias).

Imaxe 44: fig. I, capitel SET05 procedente de San Salvador de Setecoros (fotografía da autora); fig. II, un dos capiteis de mármore procedente do Pazo de Afonso III en Oviedo, depositado no Museo Arqueológico de Oviedo (Asturias) (fotografía tomada de http://marcelodelcampo.blogspot.com/2011/09/el-museo-arqueologico-de-oviedo.html (consultado o 09/03/2016).

Consérvanse no Museo Arqueolóxico de Oviedo[308] dúas columnas de mármore branco de 2,75 metros de altura que soportan dous capiteis, procedentes do pazo de Afonso III[309], considerados como elementos romanos reaproveitados nas construcións asturianas[310].

O deseño das follas destes capiteis parece concibido a partir dun elemento vexetal contido noutro. Cada folla é a delimitación dun adorno ramificado cun eixe axial do que parten talos a un lado e a outro, que se van ondulando en diferentes tramos para crear

[307] Dominguez Perela, E.: *Capiteles hispánicos altomedievales*, Tomo II, Universidad Complutense de Madrid, 1987, p. 76.
[308] Donados pola familia Acebal de la Vallina en 1976. Pérez González, J. M. (dir.).: *Enciclopedia del Prerrománico en Asturias*, Vol. I, Santa María la Real, Aguilar de Campoo, 2007, p. 498.
[309] Escorell Ponsoda, M.: *Catálogo de las salas de arte prerrománico del Museo Arqueológico de Oviedo*, Oviedo, 1978, p. 18-19, Lám. XXXIII.
[310] Pérez González, J. M. (dir.).: *Enciclopedia del Prerrománico en Asturias*, Vol. I, Santa María la Real, Aguilar de Campoo, 2007, p. 498.

divisións sinuosas que levan implícito o concepto de ritmo[311] e repetición creando módulos[312] e lembrando decoracións orientais[313] especialmente as manifestacións artísticas sasánidas modeladas en estuco[314]. A pesar de que podemos distinguir visualmente un motivo que imita unha especie de árbore da vida, debemos ser prudentes á hora de facer interpretacións, xa que neste caso é posible que se trate dunha simple transferencia desta temática, utilizada dende tempos antigos, e transmitida, como se dixo dende Oriente, na que se mantén unicamente a figuración da propia representación vexetal, cuxa función é estritamente a de decorar as follas dos capiteis.

Nos exemplos ovetenses a técnica empregada é semellante á do capitel SET05 de Setecoros observable no tratamento técnico das follas (esquema de folla nº 10 e 11) , xunto co dos cálices, que foron minuciosamente traballados mediante estrías. Esta forma de labrar o material con finas molduras biseladas é semellante ás decoracións que aparecen en diversos relevos presentes no territorio ástur durante o século IX e en decoracións da arte islámica atopadas no sur da península[315], realizadas tamén utilizando a técnica da pasta de estuco modelada.

Como indicábamos, estas pezas foron consideradas romanas, de reaproveitamento nas construcións asturianas do séculos IX-X, pero a falta de evidencias suficientes para a súa xustificación, preséntasenos a sospeita de que se poderían tratar, polo seu procedemento técnico e estético, de elementos máis recentes que mantiveron un cariz de aparencia clásica. Esta conxuntura, ao igual que a aparición doutras pezas de cronoloxías incertas, con paralelos asturianos, como ocorre coa placa marmórea de San Pedro de Carcacía (Padrón, A Coruña)), arrastra aos capiteis do Museo Arqueolóxico de Oviedo cara o capitel SET05, supostamente procedente de San Salvador de Setecoros (Valga, Pontevedra), a unha datación máis temperá que a que se lles adxudica, situándose esta entre os séculos VIII e IX.

---

[311] Este detalle indicaría un coñecemento da xeometría práctica entre os arquitectos e artesáns para poder levar a cabo os deseño das decoracións destas e outras pezas. Kharazmi, M., Afhami, R. e Tavoosi, M.: "A Study of Practical Geometry in Sassanid Stucco Ornament in Ancient Persia", en *Persian Architecture and Mathematics*, 2012, pp. 227-250, p. 248.

[312] Kharazmi, M., Afhami, R. e Tavoosi, M.: "A Study of Practical Geometry in Sassanid Stucco Ornament in Ancient Persia", en *Persian Architecture and Mathematics*, 2012, pp. 227-250.

[313] Schlunk H.: *La decoración de los monumentos ramirenses*, Universidad de Oviedo, 1948, p. 79.

[314] Kharazmi, M., Afhami, R. e Tavoosi, M.: "A Study of Practical Geometry in Sassanid Stucco Ornament in Ancient Persia", en *Persian Architecture and Mathematics*, 2012, pp. 227-250.

[315] Cruz Villalón, M.: "La plástica asturiana y su relación con la creación visigoda y la andalusí", en *Anejos de AEspA*, LXIII, 2012, p. 149.

Comparativa con varios capiteis procedentes do Mosteiro de Vila Mou (Viana do Castelo, Portugal).

A insistencia na utilización do procedemento técnico ao que nos acabamos de referir en conxunción coa expresión claramente clásica, tamén aparece no norte de Portugal, nun mosteiro, Vila Mou, en Viana do Castelo (Portugal), do que falaremos a continuación, de onde proceden numerosas pezas as cales poderemos poñer en conexión con outras que serán estudadas neste traballo (como un capitel de imposta que se relacionará coa estela procedente de Santa Uxía de Mougás (Oia, Pontevedra).

Pertencen a este mosteiro luso desaparecido unha colección de media ducia de capiteis con características que "misturam padrões moçarabizantes com tentativas de retorno a uma certa pureza clássica"[316] e que historiograficamente se cualifican, de xeito errado, en épocas anteriores.

Imaxe 45: figs. I e II, capiteis procedentes de Vila Mou (Viana do Castelo, Portugal) (imaxes tomadas de Ferreira de Almeida, C. A.: *Historia da Arte em Portugal*. Arte da Alta Idade Media, Publiacações Alfa, 1993, p. 40)

Cabe facer unha apreciación de matiz entre os capiteis asturianos, o galego e os portugueses. Estes últimos son de granito, polo que as dificultades coas que os artesáns se atoparon, á hora de traballar este material, non foron impedimento para o continuísmo da tradición corintia. Como establece esta orde, os capiteis de Vila Mou posúen dúas coroas de follas, que se poden apreciar na maioría deles a pesar da erosión que sofren.

[316] Luis Real, M.: "A escultura decorativa em Portugal: o grupo "portucalense"", en *Anejos de AEspA*, XLI, 2006, p. 149.

4.1.1.2.d. O capitel SET06.

O capitel SERT06 é un capitel corintio de mármore que posúe dúas filas de follas de nervios grosos e paralelos de bordos sinuados con pequenos seos. Entre as follas da segunda fila, e pegados ao cálato, aparecen uns elementos a modo de prefoliacións moi sinxelas rematadas en pequenos pomos que pretenden substituír os cálices e as volutas. Na parte superior do ábaco presenta un pequeno burato[317]. A parte inferior está moi deteriorada, polo que descoñecemos se algunha vez tivo colariño, xa que se practicou un rebaixe na base que reduciu o seu diámetro. Posiblemente foi repicado para encaixar nalgunha estrutura. A parte superior do capitel tamén sufre moita erosión.



Imaxe 46: Elementos do capitel SET06 procedente de San Salvador de Setecoros (Valga, Pontevedra) (fotografía da autora 30/04/2019)

Podemos comprobar que o capitel SET06 é similar ao capitel norte situado no arco absidal de San Salvador de Setecoros, SET08 (esquema da folla nº6 e 8). As formas das follas de ambas pezas posúen unha estrutura con tendencia triangular e uns bordos lobados bastante repregados que forman pequenos ocos. Outra das características a

[317] Estes buracos aparecen na maioría dos capiteis. Son consecuencia das técnicas construtivas. Os capiteis normalmente se unían ás columnas mediante unha espiga ou pernos de ferro que se insertaban nos buratos practicados en ambas pezas, fuste e capitel, e se fixaba con plomo fundido. O plomo é moi maleable e axudaba a contrarrestar as forzas e resistir a temblores de terra. Tylor, R.: *Los constructores romanos. Un estudio sobre el proceso arquitectónico*, Akal, Madrid, 2006, p. 135.

destacar, compartida por ambos capiteis, é que entre os elementos vense espazos lisos do cálato sen decorar.



Imaxe 47: fig. 1, capitel norte de San Salvador de Setecoros (fotografía da autora 20/04/2016); fig. 3, capitel procedente de San Salvador de Setecoros depositado na catedral de Santiago de Compostela (fotografía da autora 20/04/2016); fig. 3, detalle da folla central do capitel norte de San Salvador de Setecoros(fotografía da autora 30/04/2019); fig. 4, detalle da folla central da segunda coroa do capitel SET06, procedente de San Salvador de Setecoros exposto no Museo da Catedral de Santiago de Compostela (fotografía da autora 30/04/2019).

O material dos dous capiteis é o mármore. É moi probable que ambas pezas foran realizadas por un mesmo taller como se pode corroborar se tomamos como referencia a folla central da segunda coroa de SET07 (imaxe 47, fig.I) e a folla central da segunda coroa de SET06 (imaxe 46, fig. III). Ambos esquemas compositivos son análogos (imaxe 47, fig. II e IV). Son follas compostas de cinco nervaduras grosas cuxos nervios centrais rematan na parte inferior con forma de Y invertido. Os bordos laterais das follas repréganse formando profundos seos.

Poderíamos afirmar que o capitel SET06 depositado no Museo da Catedral de Compostela procedería de San Salvador de Setecoros (Valga, Pontevedra) e formaría parte dun conxunto en coordinación cos capiteis SET07 e SET08, que están en San Salvador de Setecoros.

Comparativa cun capitel procedente de San Xiao de Sergude (Carral, A Coruña).

Temos noticia dun capitel, clasificado como románico[318] -do que descoñecemos a súa localización actual- atribuído á igrexa de San Xiao de Sergude no Concello de Carral (A Coruña), moi próxima a vía XIX do *Itinerario Antonino*, nunha vía secundaria que discorría entre *Aseconia* e *Brigantium*. A igrexa que agora se levanta é a substitución dun templo previo do que soamente queda este capitel, reutilizado noutrora como pía de auga bendita, e un canzorro, hoxe tamén desaparecido[319].



Imaxe 48: fig. I, capitel procedente de San Xiao de Sergude, Carral (A Coruña), fotografía tomada de Vilar Hermidas, X.L.: *San Xiao de Sergude*, Concello de Carral, 2002, p.19; fig. II capitel procedente de San Salvador de Setecoros, Valga, Pontevedra (fotografía da autora 30/04/2019).

Reparemos na estrutura compositiva do capitel de Sergude que se aproxima á do capitel SET06 (imaxe 48). Se ben é certo que a tipoloxía das follas do capitel de San Xiao de Sergude difiren, no esquema, das do capitel de San Salvador de Setecoros SET06, aproxímanse as de follas de nervadura central grosa típicas do século IX[320]; a súa distribución, nun cálato de formato troncocónico análogo, xunto co resto de elementos é parecida.

[318] Vilar Hermidas, X.L.: *San Xiao de Sergude*, Concello de Carral, 2002, p.18.
[319] Vilar Hermidas, X.L.: *San Xiao de Sergude*, Concello de Carral, 2002, p.18.
[320] De feito as follas deste capitel manteñen certa relación coas follas dun capitel proveniente de Santa María de Mezonzo (Vilasantar, A Coruña) que dista a uns 30 km de Sergude; un tipo de folla que se pega ao cálato e posúe unha grosa nervadura central. O mosteiro de Santa María de Mezonzo foi doado no ano 870 ao rei Afonso III. Sánchez-Pardo, J.C., (et al.): "Élites, arquitectura y fundación de iglesias en Galicia entre los siglos IX y X", en *Reti Medievali Rivista*, 19, 2, 2018, pp. 311-366, p. 345 e 323 fig. 4.13.

Obsérvese na parte superior de ambos capiteis, de que xeito se configuran as segundas coroas de follas, os caulículos teñen unha característica forma de "Y" e os ábacos apenas se articulan. As prefoliacións están labradas nun cálato practicamente baleiro, desposuído de decoración de ningún tipo, revelándose un fondo de materia pétrea completamente sobrio. Esta particularidade podémola distinguir tamén nos capiteis SET07 e SET08 e noutras pezas que veremos.

4.1.1.2.e. Os capiteis in situ[321] SET07 e SET08.

Imaxe 49: Interior do templo de San Salvador de Setecoros, Valga (Pontevedra); fig. 1, capitel norte SET07 na igrexa de San Salvador de Setecoros (Valga); fig. 2, capitel sur SET08 de San Salvador de Setecoros (Valga, Pontevedra). Fotografías da autora (20/04/2016).

Os capiteis aos que nos referiremos a continuación soportan arco o absidal da basílica de San Salvador de Setecoros (Valga, Pontevedra) e, xunto cos seus correspondentes fustes de mármore, son un claro exemplo de reaproveitamento de elementos arquitectónicos antigos en edificios máis modernos, fenómeno que foi unha constante tamén durante a Alta Idade Media[322].

Ambos capiteis, de mármore[323], están datados, entre os séculos III e VII[324]. Schlunk cre que son tardorromanos polo seu estilo clásico ao igual que Domingo Magaña (séculos

[321] Quero agradecer a Xabier Bernárdez, restaurador das columnas e capiteis de San Salvador de Setecoros, a súa paciencia durante as miñas visitas á igrexa, as súas explicacións e os medios proporcionados para poder acceder aos capiteis.
[322] Domingo Magaña, J.: "Revalorización de lo clásico en la España Tardoantigua y Altomedieval.Un análisis a través de la decoración arquitectónica" en *AnTard*, nº 20, 2012, p. 292.
[323] Segundo os distintos autores consultados procedería do Íncio (Lugo). Monteagudo, L: *España visigoda*, Dirección General de Promoción del Turismo. 1967, nº 208, p. 60; Núñez Rodríguez, M.: *Arquitectura prerrománica*, 1978.

III-IV) servindo de modelo para outros exemplares que se presume proceden desta basílica[325]. Este autor considera idénticos os exemplares pero, sen descartar pola nosa parte a posibilidade de que procedan dun taller común, unha exploración máis detallada dos dous exemplares amosa certas diferenzas como veremos. Luis Monteagudo xúlgaos de época sueva, século VI d. C., xa que algúns dos seus elementos como as estrías helicoidais dos caulículos non son frecuentes nos capiteis romanos e bizantinos de etapas anteriores[326]. Domínguez Perela[327] data este capitel no século IV d. C.



Imaxe 50: Interior do templo de San Salvador de Setecoros, Valga (Pontevedra). Elementos do capitel sur SET08. Fotografía da autora (20/04/2016).

Os capiteis SET07 e SET08 presentan, cada un, un corpo con dúas filas de nove follas en total, derivadas do *acanthus mollis*; cinco na primeira e catro na segunda coroa e dous caulículos cun motivo a cordón en SET07, e máis antorchado en SET08, sobre os que se dispoñen os cálices sen que se cheguen a apreciar nin hélices nin volutas, ben

[324] Domingo Magaña, J.: *Capiteles tardorromanos y altomedievales de Hispania (ss. IV-VIII),* Universidad Rovira i Virgili, 2007, p.231
[325] Domingo Magaña, L.: "La decoración arquitectónica en la España tardoantigua y altomedieval" en *AnTard*, nº 20, 2012, p. 293.
[326] Monteagudo García, L.: *Hispania Germánica*, Santiago de Compostela, 2011, p. 60.
[327] Dominguez Perela, E.: *Capiteles Hispánicos Altomedievales*. Universidad Complutense de Madrid, T. II, 1987, p. 73.

póla erosión que sofren algunhas partes das pezas[328], ben porque se prescindiron destes elementos á hora de realizar os capiteis. O ábaco presenta unha moldura cóncava que se ve interrompida no centro por unha difusa flor.

Tanto o capitel norte, SET07, como o sur, SET08, posúen unha base rectangular, non correspondéndose esta forma no seu encaixe cos fustes sobre os que descansan, que son de sección circular[329] e están encastrados no paramento[330].Que os capiteis non coincidan co fuste onde se asentan pode indicar que foron reutilizados e que nalgún momento estiveron sobre unha pilastra e, probablemente, pegados a un muro. Podemos atopar un exemplo desta disposición no arco de San Xoán de Panxón (Nigrán, Pontevedra), non moi lonxe de Setecoros. Vemos outro exemplo na parella de pilastras con capiteis apegados nos laterais do actual iconostasio de Santa Cristina de Lena (Asturias), nalgún capitel nos exteriores en San Tirso de Oviedo (Asturias) e noutras fábricas altomedievais[331] sendo esta unha constante no altomedievo[332].

A partir do século VI documéntase na península o fenómeno de imitación de capiteis clásicos na arquitectura[333]. Percíbese esta imitación entre os capiteis conservados no Museo de Pontevedra e Catedral de Santiago e os que están *in situ*, xa que presentan unha configuración dos caulículos, verticais e decorados mediante un motivo a cordón moi semellante[334].

[328] A testemuña do párroco actual de Setecoros (en 2016) fala dun cura anterior que mandou cincelar as esquinas de ambos capiteis para poder subir cómodamente a uns púlpitos situados aos lados do arco absidial, dado que sofría un importante sobrepeso. Luis Monteagudo fai referencia a que un dos dous capiteis que están *in situ*, que polo debuxo parece o capitel norte, está repicado nunha esquina "para facilitar a ascensión ao púlpito dun pígnico pastor de almas" (Monteagudo García, L.: *Hispania Germánica*, Santiago de Compostela, 2011, p. 60), pero puidemos comprobar que ambos capities (norte e sur) están rebaixados nun dos seus laterais. No informe do restaurador faise constancia dunha erosión por repicado (Bernárdez Fresco, X.: *Columnas Tardorromanas da Igrexa Divino Salvador de Setecoros (Valga)*. Memoria de intervención, 2016, p. 19).

[329] Caballero Zoreda, L.: "Santa Cristina de Lena. Construcción, Ruina y Restauración" en *Anejos de AEspa LXXIV*, 2016, p. 96.

[330] Bernárdez Fresco, X.: *Columnas Tardorromanas da Igrexa Divino Salvador de Setecoros (Valga)*. Memoria de intervención, 2016, p. 8.

[331] Os capiteis de pilastra de San Xoán de Panxón, Nigrán (Pontevedra), están sobre fustes, o que posería indicar unha reutilización. Existen outros exemplos de capitel de pilastra como os reutilizados nos paramentos de Santa María de Temes, Carballedo, Lugo.

[332] Utrero Agudo, Mª. A. e Sastre de Diego, I.: "Reutilizando materiales en las construcciones de los siglos VII-X. ¿Una posibilidad o una necesidad?", en *Anales de Historia del Arte*, Vol. 22 Núm. Especial (II), 2012, p. 311.

[333] Domingo Magaña, J.: "Revalorización de lo clásico en la España Tardoantigua y Altomedieval.Un análisis a través de la decoración arquitectónica", en *AnTard*, nº 20, 2012, p. 289.

[334] Domingo Magaña, J.: "Revalorización de lo clásico en la España Tardoantigua y Altomedieval.Un análisis a través de la decoración arquitectónica", en *AnTard*, nº 20, 2012, p.293.

Pero se observamos os dous capiteis *in situ* xuntos, podemos advertir por un lado, que a pesar de que os dous teñen unha composición semellante, existe unha gran diferenza nas formas dos elementos o que fai que pareza que é case incuestionable que as facturas e as facultades dos traballos pertencen a mans distintas e incluso, poderíamos atrevernos a especular que a distintos momentos, pero non podemos demostralo. O mesmo ocorre coa configuración dos esquemas xeométricos. Estes amósanse diferentes cando se analizan os capiteis de cerca. As follas dos acantos do capitel norte reflicten unha maior organicidade en comparación coas do capitel sur que son máis hieráticas, polo que non cabería descartar que puidésemos estar ante pezas elaboradas por distintas mans dentro dun mesmo taller xa que observamos evidencias de emulación, sendo posiblemente o capitel norte un intento de reprodución do sur (esquema da folla nº 6 e 7).

Comparativa dos capiteis SET07 e SET08 de San Salvador de Setecoros con capiteis reaproveitados no paramento do templo de Santa María de Temes (Carballedo, Lugo)

Como vimos no apartado 4.1.1.2.b, onde comparábamos os capiteis SET03 e SET04 cun capitel do complexo de Santa María de Temes en Carballedo (Lugo), existen neste lugar outros capiteis que forman parte do paramento da igrexa actual cuxa aparencia lévanos de novo, paradoxalmente, a relacionalos cos capiteis SET07 e SET08 de San Salvador de Setecoros. Estes dous capiteis, como vimos, están configurados e deseñados a partir dun bloque cuadrangular en cuxa composición os elementos se colocan de tal xeito que parte do cálato queda ao descuberto na segunda coroa, que se presenta totalmente liso. Esta característica tamén aparece no capitel SET06 procedente de San Salvador de Setecoros e que, a xulgar pola aparencia, consideramos do mesmo taller que SET07 e SET08.

Nos muros de Santa María de Temes hai reutilizados dous capiteis de pilastra. Un no paramento norte e outro no sur, este moito máis deteriorado que o anterior. Ambos capiteis teñen unhas dimensións algo menores que as dos capiteis de pilastra de Setecoros. Os de Temes miden uns 33 cm de alto e 50 de lado maior do ábaco (o lado menor non se pode medir pois están incrustados no muro), uns dez centímetros menos que os de Setecoros, porén están proxectados a partir dunha caixa cuadrangular como SET07 e SET08.

Imaxe 51: Interior do templo de San Salvador de Setecoros, Valga (Pontevedra); á esquerda capitel norte SET07 na igrexa de San Salvador de Setecoros (fotografía da autora 20/04/2016); á dereita, exterior da igrexa de Santa María de Temes, Carballedo (Lugo) onde se observa un dos capiteis reutilizados no muro sur (fotografía da autora 16/02/2020).

Polo menos na súa cara principal vense dúas follas na primeira coroa e tres na segunda. Entre as xuntas dos perpiaños podemos ver que hai follas nos laterais, pero non sabemos cantas. Entre as follas da segunda coroa, os de Santa María de Temes non teñen caulículos nin cálices, pero si aparece a porción de cálato sen decoración (imaxe 50 dereita). Admitimos que esta non é suficiente razón para poder asegurar que os catro capiteis teñan algún tipo de vinculación, pero tendo en conta as analoxías que observamos entre o capitel exento procedente de Temes e os capiteis SET03 e SET04, por un lado e SET07 e SET08 e o reutilizado, podemos polo menos lanzar a hipótese de que existe algún tipo de características que os conecta.

Propostas da súa función orixinal dos capiteis SET07 e SET08.

No capitel norte apréciase claramente que existe entre el e o panel contiguo unha zona de materia útil sen labrar, como ben reparou Xabier Bernárdez, restaurador dos capiteis e columnas en 2016. Esta característica tamén se observa, aínda que non tan nitidamente, no capitel da parte sur; no entanto neste vemos que unha das follas, derivadas do acanto, sobresae no paramento anexo. Como testemuña interesante de reutilización de elementos arquitectónicos[335], á esquerda do capitel norte pódese advertir, incrustado no paramento, un ladrillo romano que apareceu durante a eliminación de morteiros de cemento na realización de melloras das columnas e capiteis

[335] Sánchez Pardo, J. C.: "El reuso de materiales y estructuras antiguas en las iglesias altomedievales de Galicia. Casos, problemas y motivaciones", en *Estudos do Quaternario*, nº 12, Braga, 2015, pp. 95-110, p. 96.

no ano 2016[336]. No Museo de Pontevedra, nas ruína de Santo Domingo, gárdanse outros dous ladrillos de adobe procedentes de San Salvador de Setecoros (Valga, Pontevedra) dos que falaremos.

Como comentabamos, a zona que vemos sen labrar podería pertencer a un plano de xunta, o que significaría que xunto a esta peza podería ter habido outra acaroada. Esta composición lévanos a pensar nunha pilastra e unha imposta que uniría varios capiteis[337]. Este tipo de estruturas están documentadas noutros edificios altomedievais como por exemplo na igrexa de San Frutuoso de Montelios en Braga, Portugal, o que explicaría o número de columnas pertencentes a San Salvador de Setecoros. Poderíamos deducir, polo tanto, que estes capiteis nalgún momento da historia estiveron formando parte, ou foron realizados para formar parte, dunha organización arquitectónica máis complexa que a actual e que nos atopamos ante un caso de reutilización de materiais cunha funcionalidade distinta á primixenia. De todos xeitos non descartamos que cabe outra posibilidade, se temos en conta a colocación de capiteis de pilastra sobre columnas cilíndricas noutros templos galegos (San Xoán de Panxón, por exemplo). É posible que nalgún momento determinado de gran actividade construtiva -lembremos a revitalización de templos abandonados en época de Afonso III[338]- que existise certo número de pezas (excedentes), contemporáneas, que se reutilizaron e aproveitaron para estas novas rehabilitacións, servíndose do que poderíamos denominar "arte de compensación".

4.1.1.2.f. Análise dos fustes procedentes de San Salvador de Setecoros (Valga, Pontevedra)

Ao igual que ocorreu cos diferentes capiteis procedentes de Setecoros, outras pezas como unha serie de fustes, correron a mesma sorte e permanecen dispersos por diversos museos en diferentes provincias. Pertencen a San Salvador de Setecoros un total de cinco fustes monolíticos de diferentes tamaños e mesmo material[339], mármore. Dous están depositados no Museo de Pontevedra, en diferentes edificios; unha terceira está

[336] Bernárdez Fresco, X.: *Columnas Tardorromanas da Igrexa Divino Salvador de Setecoros (Valga)*. Memoria de intervención, 2016, p. 11.
[337] Quero agradecer a Rodrigo de la Torre Martín-Romo, mestre canteiro, a aportación desta e outras solucións funcionais destes elementos arquitectónicos.
[338] García Lamas, M.: *Contribución al estudio del arte en Galicia desde las Fuentes Documentales y Literarias (siglos VI al VIII)*, Universidade de Santiago de Compostela, 1987, p. 66.
[339] Sabemos que é o mesmo material, mármore, pero non sabemos se todos os fustes son do mesmo tipo de mármore nin a súa procedencia.

exposta no Museo da Catedral de Santiago de Compostela[340], onde se pode contemplar, e outras dúas permanecen no interior da igrexa do Divino Salvador soportando os dous capiteis de pilastra SET07 e SET08. Analizaremos todas a continuación.

Fustes *in situ* de San Salvador de Setecoros (Valga, Pontevedra)

Soportando o arco absidal, no interior da igrexa de San Salvador de Setecoros, podemos contemplar dúas grosas columnas de mármore[341] cilíndricas que soportan uns capiteis cadrado e que a simple vista resúltannos estrañas pola súa aparencia estética. Están separadas dos capiteis por cadanseu tambor granítico e asentadas sobre bases, ambos (tambores e bases) de granito local[342]. Esta distribución de elementos é froito do momento de nivelado da zona da cabeceira durante a remodelación do templo a mediados do século XVIII. En ambas aprécianse dous buratos separados entre si por, aproximadamente, un metro, froito posiblemente da colocación do antigo púlpito.

Teñen unhas dimensións de 1,72 metros e un diámetro de 50 cm. O tambor de granito ten unha altura de 15 cm e a base de 10 cm e un diámetro de 60 cm. Denominaremos ao fuste norte SET09 e ao sur SET10.

No fuste do lado sur apareceu unha inscrición tras o retirado do revoco nos traballos de restauración[343]. Esta inscrición está formada por unha serie de caracteres, dos cales se visibilizan catro e están dispostos en forma invertida, o que nos dá indicios de que a dirección deste elemento sustentante foi probablemente modificada. Cremos que o epígrafe puido ser elaborado en dous tempos diferentes, xa que a factura dos dous primeiros caracteres (imaxe 51, fig. III) difire da dos dous seguintes, pero nós non podemos certificar esta teoría. Esperamos que un experto realice unha análise da súa transcrición e estudo completo do seu significado.

[340] Queremos agradecer a Ramón Yzquierdo Peiró a posibilidadede de ter accedido as pezas para sacar fotografías.
[341] O mármore dun dos fustes (norte) non parece ter a mesma procedencia que a do outro e que a dos capiteis que os soportan. Segundo se indica na memoria de restauración, un primeiro exame visual feito por Silvia González Soutelo cre que a procedencia do material sería Estremoz, Portugal. O outro fuste e os capiteis poderían ser feitas en mármore de O Incio. Bernárdez Fresco, X.: *Columnas Tardorromanas da Igrexa Divino Salvador de Setecoros (Valga)*, Memoria de intervención, 2016, p. 12.
[342] Bernárdez Fresco, X.: *Columnas Tardorromanas da Igrexa Divino Salvador de Setecoros (Valga)*. Memoria de intervención, 2016, p. 12.
[343] As conclusións do informe de restauración desvelan que non foron policromados en ningún momento xa que "non apareceron restos de elementos metálicos constituíntes de pigmentos históricos". Bernárdez Fresco, X.: *Columnas Tardorromanas da Igrexa Divino Salvador de Setecoros (Valga)*. Memoria de intervención, 2016, p. 16.



Imaxe 52: fig. I e II, fuste norte e sur, respectivamente, que soportan o arco absidal de San Salvador de Setecoros (fotografías de Xavier Rodríguez Fidalgo. 20/04/2016); fig. III, detalle da inscrición no fuste sur da igrexa de San Salvador de Setecoros (Valga, Pontevedra), dada a volta e repasada en negro (por riba da fotografía), fotografía tomada Bernárdez Fresco, X.: *Columnas Tardorromanas da Igrexa Divino Salvador de Setecoros (Valga),* Memoria de intervención, 2016, p. 36)

Debemos resaltar, por outra banda, que soamente os diámetros inferiores dos capiteis SET03 e SET04 procedentes de San Salvador de Setecoros, encaixan co diámetro superior destes fustes. Aínda que non puideron ser medidos na súa maioría, debido á colocación dos capiteis, as medidas que nos proporcionaron coincidirían.

Fuste procedente de San Salvador de Setecoros, Valga (Pontevedra) depositado no Museo da Catedral de Santiago de Compostela

No Museo da Catedral de Santiago de Compostela gárdase outro fuste de mármore procedente de San Salvador de Setecoros (Valga, Pontevedra), SET11, de dimensións algo menores que as dos fustes que se atopan dentro da igrexa. Trátase dunha columna

monolítica de mármore de 165 cm de longo e 25 cm[344] de diámetro que ten unha cruz patada labrada no centro da peza coa terminación dos brazos bifurcada e lobulada.



Imaxe 53: Fuste exposto no Museo da Catedral de Santiago de Compostela, á esquerda; a imaxe da dereita é o detalle aumentado da cruz patada que a columna ten gravada na parte media (fotografías da autora 25/04/2019).

O diámetro superior deste fuste non se adaptaría ás bases dos capiteis procedentes de San Salvador de Setecoros (Valga, Pontevedra), xa que todas son maiores.

Fustes procedentes de San Salvador de Setecoros, Valga (Pontevedra) depositados no Museo da Deputación de Pontevedra

Están localizados no Museo de Pontevedra dous fustes máis procedentes de San Salvador de Setecoros (Valga, Pontevedra) (SET12 e SET13). O primeiro, SET12, é realmente un fragmento de columna de mármore fraccionada nunha das marxes e está no soto do antigo convento de Santo Domingo en Pontevedra. A peza mide 65m de largo, posúe un diámetro superior de 21,5 cm e un diámetro inferior[345] de 23,5 cm, pola zona da rotura.

[344] Medida proporcionada polo propio museo.
[345] Supoñemos que este sería o diámetro superior. Ao ser un fragmento dun fuste máis longo faltaría un fragmento de un metro, polo que a zona do diámetro inferior de SET12 corresponderíase co éntase do fuste completo (por iso maior tamaño).

Imaxe 54: Fig. I, fragmento de fuste SET12, procedente de San Salvador de Setecoros, depositado no Museo de Pontevedra no soto das ruínas de Santo Domingo. As marcas en vermello de ambas fraccións acoplarían na dirección da frecha (fotografía da autora 18/06/2019); fig. II, fuste SET013 procedente de San Salvador de Setecoros (Valga, Pontevedra) gardado no depósito do 6º Edificio do Museo de Pontevedra (fotografía da autora 18/06/2019).

O outro fuste, SET013, está no depósito do 6º Edificio do Museo de Pontevedra. Consérvase en mellor estado que o anterior aínda que tamén presenta algunha rotura e marcas ferruxinosas. Mide 165 cm e ten un diámetro superior de 28 cm e un diámetro inferior de 31 cm.

Este fuste podería coincidir en diámetro co capitel SET05[346]. Resulta complicado deducir que o conxunto de columnas, de proceder todas de San Salvador de Setecoros, se axusten as bases dos capiteis estudados desta igrexa. Dado o estado no que se atopan, as dificultades de poder medilas e as medidas que nos proporcionan dos elementos é imposible verificar que tanto capiteis como columnas foron realizados utilizando proporcións vitruvianas aínda que as medidas completas dos soportes xa non existen. Existe documentación gráfica (imaxe 90, dereita) na que se poden ver algún dos

[346] Visitar www.galiciamaxica.eu/galicia/iglesia-de-setecoros/ onde aparece unha imaxe cremos que do fuste mencionado baixo este capitel.

capiteis sobre fragmentos de columnas na antiga exposición que tiñan dedicada estes elementos no Museo da Deputación de Pontevedra[347], pero tamén puidemos comprobar que as columnas que aparecen na fotografía non parecen corresponderse coas que puidemos ver no museo (ou de existir non tivemos acceso a elas); isto indica unha gran desorganización por parte da institución que se agravou no tempo e que impide un estudo preciso destas obras.

4.1.1.2.g. Dous ladrillos procedentes do templo de San Salvador de Setecoros, Valga (Pontevedra).

Proveñen, supostamente, de San Salvador de Setecoros, Valga (Pontevedra) dous ladrillos de adobe, que chamaremos SET14, depositados tamén no Museo da Deputación de Pontevedra e que tivemos a oportunidade de ver nos subterráneos dan antigas ruínas do antigo convento de Santo Domingo en Pontevedra. Co número de rexistro 2.079 e datados entre os séculos V-VI d. C., os seus lados miden 25 cm x 31 cm e 5 cm de grosor. Un deles ten sobre unha das caras unha especie de argamasa e ambos teñen atada unha cinta branca anoada.

Imaxe 55: Dous ladrillos, á esquerda, procedentes de San Salvador de Setecoros (Valga, Pontevedra), depositados actualmente no Museo de Pontevedra (fotografada autora 18/06/2019). Na imaxe da dereita obsérvase o ladrillo reutilizado xunto ao capitel SET07 no muro sur no interior da igrexa de San Salvador de Setecoros (fotografía da autora 20/04/2016).

[347] Existe unha fotografía publicada en Camaño Gesto, M.: "Economía, Sociedade, Relixión e Arte. O Mundo Suevico", en *A Gran Historia de Galicia*, Tomo III, Vol. 2, p. 198, onde se poden ver algúns elementos arquitectónicos da igrexa de San Salvador de Setecoros. Algúns dos capiteis están sobre restos de columnas, pero é evidente que non concordan uns con outros.

Lembremos que pegado ao capitel SET07, situado no muro norte, apareceu un ladrillo incrustado cando se eliminaron os morteiros de cemento do paramento, ao igual que se testemuña a aparición doutros ladrillos reutilizados na parte exterior do muro sur da igrexa de San Salvador de Setecoros e tamén en escavacións realizadas nas inmediacións[348].

4.1.2. Capitel procedente do templo de Santa María de Xanza, Valga (Pontevedra).

De Santa María de Xanza (Valga, Pontevedra), coa sigla asignada XAN01, dise que procede un capitel, depositado actualmente no Museo Provincial de Pontevedra, e un fragmento de fuste de mármore branco[349] que estiveron soportando un pórtico construído diante da porta sur do templo[350], o que xustificaría algunha das alteracións que presenta aquela peza. Do fuste, non obstante, non temos máis noticia que a que testemuña esta última función.

Antes de analizar este capitel queremos advertir sobre os erros historiográficos que existen en torno a el. Foi nalgún momento da súa análise, ao longo dos anos, cando se produciu unha equivocación na identificación da peza. Xa na tese de doutoramento de Manuel Núñez Rodríguez, publicada no ano 1978, podemos ler: " (...) Outro grupo quedaría formado por aqueles capiteis catalogados como propiamente visigodos: capitel de Santa María de Mosteiro (Museo de Lugo), capitel de Xanza (Museo de Pontevedra, capitel de Beade (Museo de Pontevedra) (...) sometidos a certas limitacións e renuncias por olvido, deterioro ou abandono, condicionados pola maior ou menor transmisións de certos principios"[351]. Esta cita aos capiteis adxudicados a Santa María de Xanza (Valga, Pontevedra) e ao de Santo Estevo de Beade (Vigo, Pontevedra), este último tratado en apartado propio, fixo, xunto coa falta da reprodución das imaxes de ambos elementos, que se producise un intercambio de representacións: o capitel de Xanza pasou a ser o de Beade e o capitel de Beade pasou a ser o de Xanza. Por eses anos Núñez publicou un

[348] Bernardez Fresco, X.: *Columnas Tardorromanas da Igrexa Divino Salvador de Setecoros (Valga)*. Memoria de intervención, 2016, p. 11.
[349] Fraguas y Fraguas, A. : "La iglesia de Santa María de Janza", en *El Museo de Pontevedra*, nº VI, 1951, p. 124.
[350] Fraguas y Fraguas, A. : "La iglesia de Santa María de Janza", en *El Museo de Pontevedra*, nº VI, 1951, p. 124.
[351] Núñez Rodríguez, M.: Santiago de Compostrla, 1978, p. 83.

interesante artigo, de referencia para os interesados na materia, sobre os capiteis altomedievais de Galicia[352]. Nel podemos ler: "Dos ejemplares definen este último apartado (refírese a unha catalogación dos capiteis tratados, sendo o de Santa María de Xanza e Santo Estevo de Beade "propiamente visigodos") el capitel de Janza y el de Beade, ambos en el Museo pontevedrés. (...) Hay un mayor carácter gráfico y esquemático, así como carencia de gracia en sus hojas macizas. (...) En al caso de Janza (Lam IV, fig 10) se impone el escultor, entendido como señor que conoce el material (...)".

Fig. 24. Beade, Vigo *(Mus. Pontevedra)*.

Fig. 49. Xanza, Valga *(Mus. Pontevedra)*.

Imaxe 56: Capitel atribuído correctamente a Santo Estevo de Beade, Vigo (fig. 24 do artigo de Manuel Luís Real) e capitel atribuído correctamente a Santa María de Xanza, Valga (fig. 49 do artigo de Manuel Luís Real). Fotografías tomadas de Luis Real, M.: "A escultura decorativa em Portugal: o grupo "portucalense"", en *Escultura decorativa tardorromana y altomedieval en la Península Ibérica*, Consejo Superior de Investigaciones Científicas, CSIC,2007, pp. 133-170.)

Se nos diriximos á figura 10 do artigo estamos ante o capitel de Santo Estevo de Beade (Vigo) e non o de Santa María de Xanza (Valga), de feito, deste non aparece ningunha fotografía. Case dez anos máis tarde, Domínguez Perela, durante a súa formidable e densa investigación sobre os capiteis hispánicos altomedievais[353], posiblemente confiando nos coñecementos de Núñez, converteu en verdade unha quimera. Siglado como PMA01, na lámina CCXLIX, páxina 78 do segundo tomo, aparece unha fotografía do capitel de Santa María de Xanza, que Perela confunde co de Beade e por outro lado, siglado como PMA07, lámina CCXLVII b, na páxina 77 do mesmo tomo, hai unha fotografía do capitel de Santo Estevo de Beade cuxa imaxe se corresponde realmente co capitel de Santa María de Xanza. Isto tivo a súa continuidade no ano 2006,

[352] Núñez Rodríguez, M.: "Estudio estilístico de los capiteles de los siglos V al VII en Galicia", en *Conimbriga*, nº 14-17, Coimbra, 1975-1978, pp. 53-54.
[353] Dominguez Perela, E.: *Capiteles Hispánico Altomedievales*, Universidad Complutense de Madrid, Madrid, 1987.

na magnífica tese doutoral de Javier Domingo Magaña, que tomou como referencias a Núñez e a Perela.

No texto do estudo aparece recollido o capitel de Santa María de Xanza (Valga, Pontevedra) con sigla NOE043 na páxina 687, ao que lle corresponde unha fotografía na que se ve o capitel de Santo Estevo de Beade (Vigo). Este último capitel, con todo, non aparece nomeado en todo o traballo. Ao ano seguinte, no 2007, Manuel Luís Real publica en *Anejos de Archivo Español de Arqueología* o artigo "A escultura decorativa em Portugal: o grupo Portucalense". Neste estudo recóllense ambos capiteis, o de Santa María de Xanza na páxina 149 e o de Santo Estevo de Beade na páxina 143, tal e como están clasificados actualmente, ou cando menos así nos deron a información[354] no Museo de Pontevedra e tal e como nós entendemos que é a súa correcta atribución.



Imaxe 57: Elementos do capitel procedente da igrexa de Santa María de Xanza (Valga, Pontevedra). Fotografía tomada de Luis Real, M.: "A escultura decorativa em Portugal: o grupo "portucalense"", en *Escultura decorativa tardorromana y altomedieval en la Península Ibérica*, Consejo Superior de Investigaciones Científicas, CSIC, 2007, p.146.

O corpo superior está moi erosionado, pero pódese intuír un elemento que remata a zona media do ábaco. Non se aprecia astrágalo, aínda que, se algunha vez o puidera ter, cousa

[354] A pesar de que non nos proporcionaron información sobre os datos nin as fontes de onde procede tales referencias.

que probablemente non saberemos nunca, presenta unha modificación que adelgaza a súa base, algunha vez cadrada, que tende a curvarse como querendo adaptalo a un fuste redondo.

Esta característica estaríanos falando dunha posible reutilización, quizais a de sustento do pórtico da actual igrexa de Santa María de Xanza, anteriormente aludido. Na folla central da segunda coroa, pola cara dianteira do capitel, o nervio central foi substituído por un motivo de entrelazado[355] que se converte en protagonista desta peza e doutras que analizaremos a continuación

4.1.2.1. O entrelazo presente no capitel de Santa María de Xanza (Valga, Pontevedra): unha fórmula decorativa compartida cun capitel procedente de Chaves (Portugal) e un clípeo ornamental pétreo procedente de A Sabanle (Crecente, Pontevedra).

Queremos introducir un capitel procedente de Chaves (Portugal) (imaxe 58), depositado no Museu da Região Flaviense, semellante ao de Santa María de Xanza (Valga Pontevedra); tamén é un capitel de pilastra. Está realizado nun bloque de granito dunha altura aproximada[356] entre os 30 e 39 cm. Posúe dúas coroas de follas, catro na primeira e cinco na segunda. A súa parte esquerda está moi deteriorada faltando grandes anacos de materia. No centro do ábaco hai labrado un motivo con forma de venera. Entre as tres follas centrais da segunda coros emerxen os caulículos con forma de cordón, motivo xa coñecido noutras pezas deste traballo (como os capiteis SET03 e SET04 de San Salvador de Setecoros, Valga, Pontevedra) que tamén aparece rodeando o entrelazo central. No canto de cálices temos unha especie de prefoliacións con estrías horizontais. As follas, paralelinervadas, amosan un enorme desgaste.

[355] Motivo que non puidemos ver pola colocación do capitel, xa que estaba pegado a outro.
[356] Lopes Coelho M. Limão, F.M: *Capitéis da Antiguidade Tardía em Portugal (Séculos III/IV-VIII),* Universidade de Lisboa, 2010, p. 1044.



Imaxe 58: Capitel procedente de Chaves (Portugal). Fotografía tomada de Lopes Coelho M. Limão, F.M: *Capitéis da Antiguidade Tardía em Portugal (Séculos VVV/IV-VIII),* Universidade de Lisboa, 2010, p. 383.

O grande parecido entre estes dous capiteis, tendo en conta tamén a súa proximidade xeográfica, fainos considerar que exista unha procedencia técnica común incuestionable. Porén ao capitel de Santa María de Xanza (Valga, Pontevedra) estímaselle diferentes cronoloxías que van dende o século IV d. C. (proposta por Domínguez Perela[357]), o VI d.C (proposta por Fraguas[358]) e VII d. C. (proposta por Núñez[359]). A peza de Chaves (Portugal) foi realizada, segundo Manuel Luís Real, no século IX d. C., cronoloxía que concorda coa que aparece na cartela que acompaña ao capitel de Santa María de Xanza no propio Museo de Pontevedra, séculos IX-X. Atopándonos ante unha marxe cronolóxica ampla trataremos de argumentar a nosa proposta tendo en conta outros datos que nos axuden a axustar mellor o período de encadre do capitel.

O parecido entre estas dúas pezas (os capiteis de Xanza e Chaves) " (...) tal não é de estrahnar, se atendermos a que a presúria de Chaves é feita por galegos e sob a liderança

[357] Dominguez Perela, E.: *Capiteles Hispánico Altomedievales*, Universidad Complutense de Madrid , Madrid, 1987, p. 78.
[358] Fraguas y Fraguas, A. : "La iglesia de Santa María de Janza", en *El Museo de Pontevedra*, nº VI, 1951, p. 133.
[359] Núñez Rodríguez, M.: *Arquitectura prerrománica*, Santiago de Compostela, 1978, p. 83.

do conde Odoario"[360], no ano 872[361]. O capitel de Chaves (Portugal) posúe outra característica distintiva deste século repetida na "arte asturiana"; trátase da preservación das caras do bloque onde se labrou a peza e que durante a súa prístina función estiveron encaixadas no paramento[362] que no caso do de Chaves, nos laterais, aparece decorado (imaxe 57) poñéndose en relación cos adornos vexetais que posúe un capitel procedente de San Frutuoso de Montelios[363]. Ferreira de Almeida, pola súa parte, non dubida do seu mozarabismo[364].

Imaxe 59: figs. I, III e III distintas caras do capitel de Santa María de Xanza, Valga (Pontevedra) (fotografías da autora 18/06/2019).

O motivo do trenzado, ou liñas helicoidais, é unha das decoracións que gozan dunha gran difusión en todas as culturas e polo tanto común a diferentes períodos e territorios, pero este motivo non está só no capitel de Xanza. Se reparamos nas follas do capitel de Santa María de Xanza, Valga (Pontevedra) observaremos elementos de detalle que podemos atopar noutros capiteis portugueses (esquema de folla nº 12).

[360] Luis Real, M.: "A escultura decorativa em Portugal: o grupo "portucalense"", en *Escultura decorativa tardorromana y altomedieval en la Península Ibérica*, Consejo Superior de Investigaciones Científicas, CSIC, 2007, p.146.
[361] Lopes Coelho M. Limão, F.M: *Capitéis da Antiguidade Tardía em Portugal (Séculos III/IV-VIII),* Universidade de Lisboa, 2010, p. 360.
[362] Luis Real, M.: "A escultura decorativa em Portugal: o grupo "portucalense"", en *Escultura decorativa tardorromana y altomedieval en la Península Ibérica*, Consejo Superior de Investigaciones Científicas, CSIC, 2007, p.147.
[363] Lopes Coelho M. Limão, F.M: *Capitéis da Antiguidade Tardía em Portugal (Séculos III/IV-VIII),* Universidade de Lisboa, 2010, p. 1045.
[364] Ferreira de Almeida, C. A.: *História da Arte em Portugal. Arte da Alta Idade Média*, Vol. 2, Publicações Alfa, 1993, p. 39.



Imaxe 60: Fig. I, capitel procedente de São Martinho de Tibães (Braga) (fotografía tomada de Fontes, L., Vilar, B.,Carvalho, H. e Ribeiro, J.: *Colecção de Epigrafia e de Arquitectura Antigas (séculos I a. C.- VII d. C*), Museu Pio XII, 2009, p.52); fig. II, detalle do capitel de Santa María de Xanza (Valga, Pontevedra) depositado no Museo de Pontevedra) (fotografía da autora 18/06/2019); fig. III e IV detalles dun capitel procedente da Igrexa do Pinheiro (Guimarães) (fotografías tomada de López Coelho, F.: *Capiteis da Antiguidade tardia em Portugal (séculos III/IV-VIII*), Universidade de Lisboa, 2010, p. 940; fig. IV e V detalle das follas dun capitel procedente da casa solarenga do Campo das Carvalheiras (Braga) (fotografías tomadas de López Coelho, F.: *Capiteis da Antiguidade tardia em Portugal (séculos III/IV-VIII),* Universidade de Lisboa, 2010, p. 939.

Despois de realizar unha intensiva busca en todos os capiteis portugueses recompilados e estudados por Filomena, Luis Fontes e Luis Real, puidemos observar que esta folla (esquema folla nº 13) se repite en varios capiteis do país luso, o que nos leva a pensar que existiu un taller que cubriu as necesidades arquitectónicas das elites ao norte e sur do Miño nun momento determinado. Agora ben, observamos algunhas contradicións nos traballos de Limão e Fontes que nos chaman a atención, outorgando cronoloxías diferentes a capiteis estilisticamente semellantes, sendo que a práctica totalidade de pezas non teñen un contexto construtivo coñecido.

O primeiro impacto visual obtémolo cando observamos o capitel de Tibães, atopado preto do mosteiro de São Martinho de Tibães (Braga, Portugal) e o de Santa María de Xanza xuntos (imaxe 59, fig. II e imaxe 60 fig. I). Ambos son capiteis de pilastra, realizados a partir dun formato cúbico de gran sobriedade no que se dispoñen dúas coroas de follas con nove en total, follas de ápices redondeados paralelinervadas con catro seos moi particulares: os dous inferiores forman parte de dous lóbulos pegados á

face da folla e rematan na súa parte superior cunha forma triangulada. Este mesmo esquema o podemos ver nas follas dos capiteis procedentes da Igrexa do Pinheiro (Guimarães) (imaxe 60, figs. III e IV) e nas que conforman un capitel procedente da casa solarenga do Campo das Caravilheiras (Braga) (imaxe 60, figs. V e VI). Todos estes capiteis están datados por Luis Fontes[365] e por Filomena Limão entre os séculos VI-VII. Con todo, Luis Fontes clasifica outro capitel atopado no mosteiro de S. Martinho de Tibães como romano, sendo este que posúe pezas irmás: outros capiteis procedentes da igrexa de Gamil (Barcelos) e os considera especímenes dos séculos IX-X[366]. Ante este panorama intentamos buscar entre todos eles, capiteis contextualizados, con elementos característicos, ou cando menos atopados xunto con pezas que, por forma e estética, se poden situar temporal e estilisticamente (como, por exemplo, vanos xeminados). Algúns dos capiteis bracarenses apareceron xunto con capiteis parecidos aos comparados con outros capiteis galegos do século IX-X (imaxe 76, fig. V). Esta proposta seguirémola expoñendo con outras pezas atopadas ao longo da vía XIX.

Motivo entrelazado que aparece nun disco atopado en A Sabanle (Crecente, Pontevedra)

O motivo de liñas helicoidais (trenzado) presente na parte frontal do capitel, tantas veces repetido na musivaria romana, é o que podemos atopar en multitude de pezas como as relacionadas co relevo de Lantaño. Filomena Limão, na súa disertación sobre capiteis portugueses, enumera varias pezas lusas contemporáneas do capitel, adornadas con trenzados, como un fragmento de friso en Noudar ou outro no concello de Moura[367], todas elas en Portugal. É precisamente a trenza que aparece en ambos capiteis o atributo máis significativo dunha singular peza que procede de A Sabanle[368] (Crecente, Pontevedra) (imaxe 61, fig. I).

[365] Fontes, L., Vilar, B.,Carvalho, H. e Ribeiro, J.: *Colecção de Epigrafia e de Arquitectura Antigas (séculos I a. C.- VIId. C)*, Museu Pio XII, 2009, p.52 e .

[366] Véxanse os dous tomos da *Colecção de Epigrafia e de Arquitectura* do Museo Pio XII dedicadas tanto a Antigüidade como ao Medievo e se verá que hai pezas do mesmo taller en ambos volumes con cronoloxías diferentes.

[367] Lopes Coelho M. Limão, F.M: *Capitéis da Antiguidade Tardía em Portugal (Séculos III/IV-VIII),* Universidade de Lisboa, 2010, p. 1045.

[368] Descoñecemos os motivos de porque os diferentes autores que trataron a peza utilizaron e seguen utilizando o inexistente topónimo "Sabante".



Imaxe 61: Fig. I, Disco procedente de A Sabanle, Crecente (Pontevedra) (fotografía tomada de Real, M.: "Disco ornamental de Sabante", en *Galicia no Tempo*, Xunta de Galicia, 1990, p. 134); fig. II, imposta, con decoración de entrelazo, que soporta o arco de ferradura da torre do castelo de Trancoso (Portugal) (fotografía tomada de fotografía de Almeida Fernandes, P.: "Velhos e novos materiais da expansão asturiana e leonesa no Ocidente peninsular entre os rios Douro e Mondego. (Muitas) hipóteses e (poucas) conclusões", en *Arqueología y Territorio Medieval*, 24, 2017, p. 29); fig. III, disco reutilizado no paramento interior de San Pedro de Balsemão (Almeida Fernandes, P.: "Velhos e novos materiais da expansão asturiana e leonesa no Ocidente peninsular entre os rios Douro e Mondego. (Muitas) hipóteses e (poucas) conclusões" en *Arqueología y Territorio Medieval*, 24, 2017, p. 22); fig. IV, imposta procedente de San Xes de Francelos Ribadavia (Ourense) cunha decoración parecida ao disco de Balsemão (fotografía da autora 12/04/2018).

Parece confirmarse que este disco foi nos seus inicios un muíño de man castrexo reutilizado e redecorado séculos despois[369]. O seu diámetro é de 44 cm e o grosor é de 15 cm. Este disco é interpretado por Yzquierdo Perrín[370] e posteriormente por Manuel Luis Real[371] como unha peza que iría colocada encaixada no muro entre dous arcos no interior dun edificio, para que a súa decoración puidese ser percibida dende determinados puntos da estancia[372].

O motivo do trenzado labrado no disco de Sabanle tamén é utilizado en edificacións de principios do séculos X como a fortaleza de Trancoso (Portugal) (imaxe 61, fig. II) ou

[369] Non o puidemos comprobar porque non se nos permitíu ver a peza, que está depositada no Museo Provincial de Pontevedra.
[370] Yzquierdo Perrín, R. : *Galicia Arte. Tomo X. Arte Medieval*, A Coruña, 1993, p. 108.
[371] Real, M. L.: "O disco de Sabante e a influencîa da arte asturiana na área galaico-portuguesa", en *Carlos Alberto Ferreira de Almeida*. In Memoriam, 2, Porto, Universidade de Porto, 1999, pp. 261-274, p. 263.
[372] Schlunk, H.: "La decoración de los monumentos ramirenses", en *Boletín del Instituto de Estudios Asturianos*, nº 5, 1948, pp. 55-92, p. 71.

na decoración da parte superior dunha fiestra procedente do convento do século IX-X de S. Romão de Neiva en Viana do Castelo (Portugal)[373], que xunto coa hexapétala central, decoración que aparece en San Salvador de Lérez (Pontevedra) ou nun clípeo decorativo en Fermedo (Portugal)[374], e outros como o motivo sogueado como flores tetrapétalas[375] ou botóns, forman parte dos repertorios máis utilizados na plástica altomedieval. Por outro lado o tipo de discos pétreos son tamén frecuentes na arte asturiana dos séculos VIII-X, e se plasman tanto na pintura mural como en escultura decorativa; por exemplo aparece nas pinturas das paredes interiores de Santullano (Oviedo) e na escultura decorativa de Santa María do Naranco, Santa Cristina de Lena, na tribuna de San Miguel de Lillo[376] ou en San Pedro de Balsemão (Portugal) (imaxe 61, fig. III) onde foi reutilizado na parede occidental da capela como perpiaño. Este disco de San Pedro de Balsemão ten realizados uns deseños incisos con forma de corazóns formando unha especia de trevo cuadrilobulado, decoración, que por outra parte lémbranos ás incisións que atopamos nun capitel de imposta pertencente a San Xes de Francelos (Ribadavia, Ourense) (imaxe 61, fig. IV) un edificio do século IX-X[377] con decoración tipicamente "asturiana".

4.1.3. Capitel procedente de Santo Estevo de Beade (Vigo, Pontevedra)

A pesar de que non existen evidencias dunha construción altomedieval en Santo Estevo de Beade (Vigo, Pontevedra) (VIG03) (imaxe 62) deste *situ* dise procede o seguinte capitel sobre o que trataremos. Está depositado no Museo da Deputación de Pontevedra co número de rexistro 2086. Trátase dun capitel corintio de granito composto por dúas coroas de follas con oito cada unha, aínda que algunhas foron mutiladas por unha das caras, ao igual que o posible colariño que puido ter nos seus inicios, para poder

[373] Luís Fontes, Belisa Vilar, Helena Carvalho, Jorge Ribeiro: *Museu Pio XII-Colecção de Epigrafia e de Arquitectura Medievais (séculos IX-XIV)*, 2009, p.64.
[374] Luis Real, M.: "A escultura decorativa em Portugal: o grupo "portucalense"", en *Escultura decorativa tardorromana y altomedieval en la Península Ibérica*, Consejo Superior de Investigaciones Científicas, 2007, p.133-170, p. 143.
[375] Morín de Pablos, J.: *Estudio Histórico-Arqueológico de los Nichos y Placas-Nicho de Época Visigoda en la Península Ibérica: origen, funcionalidad e iconografía*, 2014, p. 91.
[376] Luis Real, M.: "O disco de Sabante e a influencîa da arte asturiana na área galaico-portuguesa", en *Carlos Alberto Ferreira de Almeida*. In Memoriam, 2, Porto, Universidade de Porto, 1999, pp. 261-274, p. 263.
[377] Sánchez Pardo, J.C, Blanco Rotea, R. e Sanjurjo Sánchez, J.: "Tres arquitecturas altomedievales orensanas: Santa Eufemia de Ambía, San Xés de Francelos y San Martiño de Pazó", en *Arqueología de la Arquitectura*, 14, enero-diciembre, 2017.

reutilizar a peza que posiblemente iría pegada a un muro. Esta peza, de cálato deformado[378], está atravesada totalmente por un burato duns 8 cm de diámetro. As follas son oblongadas e posúen un nervio pinnado moi marcado e xeométrico. Non aparecen caulículos nin cálices. Unha das características máis destacadas deste capitel é o ábaco, conformado por unha serie de grosas estrías horizontais en cuxa parte media se ven interrompidas por unha profunda cuncha.

O capitel de Santo Estevo de Beade (Vigo), como xa dixemos, foi estudado polo profesor Núñez, clasificado por este como "propiamente visigodo" situándoo no século VII[379], confundido co capitel de Santa María de Xanza, aínda que ambos pertencerían para el ao mesmo grupo, polo que non afectarían ás conclusións ás que chegou.



Imaxe 62: Elementos que compoñen o capitel procedente de Santo Estevo de Beade (Vigo, Pontevedra) (VIG02) depositado no Museo da Deputación de Pontevedra (fotografía da autora 18/06/2019).

[378] Dependendo do lado do que se mire ten unha forma distinta. Isto ocorre con algúns capiteis como este ou como con SET06.
[379] Núñez Rodríguez, M.: "Estudio de los capiteles de los siglos V-VII en Galicia", en *Conimbriga*, nº 14-17, 1975-1978, pp. 9-10

Para Luis Real este capitel é moi posterior, pois dataría do século IX. A principal razón é un capitel atopado no adro da igrexa parroquial de Sta Cruz do Lima en Ponte de Lima (Portugal) e depositado nas reservas do Museu Pio XII (Braga) co número de rexistro MPXXII LIT 54 (imaxe 63, figs. II, III). Esta peza é un capitel case cúbico, con dúas coroas de oito follas en cada unha. O seu ábaco foi desbastado empequenecendo a súa base tal e como lle ocorreu ao capitel procedente de San Salvador de Setecoros, Valga (Pontevedra) SET06. Non ten caulículos nin cálices e no seu lugar biseláronse liñas paralelas cubrindo esa parte do cálato. O ábaco é exactamente igual que o de Santo Estevo de Beade, engrosado e cunha serie de faixas horizontais en cuxo medio se realizou a bisel unha cuncha. Este elemento, que substitúe a flor ou cartela dos capiteis clásicos xunto decoración por medio de acanaladuras, son algúns dos motivos, con respecto ao estilo, que atopou Luis Real para datar o capitel. Os parecidos son tan evidentes que, como cre Real, posiblemente esteamos ante obras dun mesmo taller[380]. Os recursos técnicos e estilísticos utilizados para a execución de ambas obras, como o tratamento do estriado, aparecen nun capitel de formato rectangular reutilizado como pía de auga bendita, que pertence aos restos da basílica de Santa María de Ferreiros (Amares, Braga) que neste caso se estenden á zona dos cálices (imaxe 62, fig. V), sobre os que aparece tamén a cuncha perforada (imaxe 63, fig. IV).

Son para Luis Real fórmulas inequivocamente utilizadas na escultura arquitectónica durante o período ástur e para Barroca as influencias galegas son tamén visibles no capitel de Ferreiros[381], como o tratamento das follas na peza de Santo Estevo de Beade (Vigo, Pontevedra) (esquema de folla nº 20). Casualmente atopamos unha peza onde se repiten estas acanaladuras. Trátase dun capitel de mármore procedente da catedral de Oviedo[382] (imaxe 63, fig. VI), cuxas follas pegadas ao cálato, de ápice redondeado e cunha grosa nervadura pinnada central non puidemos deixar de comparar coas follas que decoran o capitel galego e os portugueses.

[380] Luis Real, M.: "A escultura decorativa em Portugal: o grupo "portucalense"", en Escultura decorativa tardorromana y altomedieval en la Península Ibérica, Consejo Superior de Investigaciones Científicas, XLI, 2007, p.133-170, pp. 144-145.

[381] Lopes Coelho M. Limão, F.M: *Capitéis da Antiguidade Tardía em Portugal (Séculos III/IV-VIII*), Universidade de Lisboa, 2010, p. 1037.

[382] Dominguez Perela data este capitel no século VI. Di que se trata dun "exemplar marxinal" debido á configuración do ábaco; tampouco atopa outros capiteis con incisións tan profundas. Dominguez Perela, E.: *Capiteles Hispánico Altomedievales*, Tomo II, Universidad Complutense de Madrid , Madrid, 1987, p. 392. Nós non vimos o capitel asturiano e soamente temos unha fotografía (Dominguez Perela, E.: *Capiteles Hispánico Altomedievales*, Tomo IV, Universidad Complutense de Madrid, Madrid, 1987, p. 358), pero cremos que aínda que non sexa de boa calidade é apreciable que existe unha similitude na configuración das follas deste capitel co de Santo Estevo de Beade e os portugueses de Lima e Ferreiros.

Imaxe 63: Fig. I, capitel procedente de Santo Estevo de Beade (Vigo, Pontevedra) depositado no Museo da Deputación de Pontevedra, (fotografía cedida pola profesora Marta Cendón); fig. II e III, dúas perspectivas do capitel procedente de Santa Cruz de Lima (fotografías de fig. I tomada de Luis Real, M.: "A escultura decorativa em Portugal: o grupo portucalense", en *Escultura decorativa tardorromana y altomedieval en la Península Ibérica*, Anejos de AEspA, XLI, pp. 144 fotografía; fig. II tomada de ; Lopes Coelho M. Limão, F.M: *Capitéis da Antiguidade Tardía em Portugal (Séculos III/IV-VIII)*, Universidade de Lisboa, 2010, p. 964); figs. IV e V, dúas perspectivas dun capitel procedente de Santa María de Ferreiros (Braga) depositado no Museo Pio XII (Braga, Portugal) (fotografía da fig. IV tomada de Luis Real, M.: "A escultura decorativa em Portugal: o grupo portucalense", en *Escultura decorativa tardorromana y altomedieval en la Península Ibérica*, Anejos de AEspA, XLI, pp. 143; fig. IV tomada de ; Lopes Coelho M. Limão, F.M: *Capitéis da Antiguidade Tardía em Portugal (Séculos III/IV-VIII)*, Universidade de Lisboa, 2010, p. 1036); fig. VI, capitel procedente da catedral de Oviedo (Asturias) (fotografía tomada de Dominguez Perela, E.: *Capiteles Hispánico Altomedievales*, Tomo IV, Universidad Complutense de Madrid , Madrid, 1987, p. 358).

4.1.4. O capitel de San Xoán de Cabeiro (Redondela, Pontevedra): peza dun posible taller bracarense en Galicia.

Como xa introducíramos no Bloque B, no situ 3.1.9 que trata sobre San Xoán de Cabeiro (Redondela, Pontevedra), no exterior desta pequena igrexa hai un capitel, que ademais de interesante, vai ser clave para unha das propostas que queremos formular, xa que o seu descubrimento contribuíu a reafirmar a hipótese que tiñamos sobre a existencia dun obradoiro altomedieval, do que se conservan gran cantidade e variedade de pezas entre o sur de Galicia e norte de Portugal.

Primeiro imos analizar o aspecto e compoñentes deste capitel. Ademais este está sobre un fuste monolítico de granito que podería ser contemporáneo a esta peza ao igual que a pía que tamén se expón á intemperie.

Imaxe 64: Fig. I, capitel sobre o fuste monolítico; fig. II, pía sobre un perpiaño; fig. III, paramento do muro norte. San Xoán de Cabeiro (fotografías da autora 20/01/2020).

O capitel de San Xoán de Cabeiro (Redondela, Pontevedra), ao que lle chamaremos CAB01, é un capitel granítico de pilastra, de 34 cm de alto, cuxo lado maior do ábaco é 40 cm e o diámetro inferior mide 30 cm. Debido á súa exposición aos axentes ambientais (está no exterior) sufre unha erosión bastante pronunciada que afecta á decoración[383].



Imaxe 65: Capitel no exterior da igrexa de San Xoán de Cabeiro (Redondela, Pontevedra) onde se sinalan os seus elementos (fotografía da autora 20/01/2020).

Está composto de dúas coroas de follas paralelinervadas cun ápice moi redondeado, catro na primeira coroa e cinco na segunda, sendo que as follas dos extremos non están enteiras, son medias follas. As nervaduras das follas estanse perdendo, pero nunha delas

[383] Cremos que sería necesario que se protexera dalgún xeito porque o granito comeza a desfacerse.

(a folla á que lle marcamos as nervaduras na imaxe 65) pódese apreciar un esquema de nervio central que se abre na parte inferior cara os lados, e catro nervios a cada lado, formando un total de nove, aínda que non podemos asegurar que todas seguen este patrón. Na actualidade soamente se percibe un caulículo, o do lado esquerdo do que sae un cálice que se pega na parte superior cunha franxa dentada que percorre toda a parte inferior do ábaco. Este que posúe unha decoración igual na súa parte inferior, pero os dentados son alternos, o que ao unirse coa faixa dentada anterior forma unha decoración dentada que nos pode lembrar á que posúe nesta mesma parte o capitel VIG02 (imaxe 23).

O capitel está sobre un fuste monolítico de granito que quizais fixese xogo con el no edificio que supoñemos existiu nalgún momento anterior ao actual, que chamaremos CAB02. Podemos apreciar, porén, que o capitel non encaixa co fuste. Isto pode ser debido a que as pezas que se conservan da construción inicial estiveran dispersadas e se reuniran no exterior da igrexa para a súa exposición, pero o que nos interesa é a composición que forman este capitel e esta columna en particular como expoñeremos máis adiante.

Os capiteis do arco de San Xoán de Panxón (Nigrán, Pontevedra)

Sobre este lugar centrarémonos basicamente nos capiteis que sustentan o arco que se conserva e nalgúns aspectos arquitectónicos, pero antes comentaremos algúns datos de interese para contextualizar estes elementos[384].

Neste emprazamento, comunicado coa próxima vía XIX do Itinerario Antonino, testemuñase unha continuidade habitacional dende época castrexa[385] na que posteriormente se constrúe unha vila romana tardía[386], relacionada coa de Toralla[387], onde apareceron fragmentos de mosaicos con temática mariña[388] e sobre o que se

[384] Para unha maior achega a San Xoán de Panxón véxase: López Pacho, R.: *Panxón: La nobleza de unas ruinas*, Asociación de amigos de los Pazos, 1987; Núñez Rodríguez, M.: *Arquitectura prerrománica*, Santiago de Compostela, 1978; Tapia Carrasco, M.: *Un ejemplo del prerrománico en Galicia: San Xoán de Panxón*, Santiago de Compostela, 1991.
[385] Tapia Carrasco, B.: *Un ejemplo del prerrománico en Galicia: San Xoán de Panxón*, Santiago de Compostela, 1991, p. 7.
[386] Naveiro López, J: *El comercio antiguo en el N. W. Peninsular*. Museo arqueolóxico da Coruña, Nº 5, 1991, p. 153.
[387] Tapia Carrasco, B.: *Un ejemplo del prerrománico en Galicia: San Xoán de Panxón*, Santiago de Compostela, 1991, p.128.
[388] Tapia Carrasco, B.: *Un ejemplo del prerrománico en Galicia: San Xoán de Panxón*, Santiago de Compostela, 1991, 44.

constrúe un templo altomedieval dedicado a San Pantaleón de Miñor[389]. O único que se conserva na actualidade de todo este complexo é parte da ábsida co arco de acceso[390], xa que a nave (unha construción do século XVII con múltiples reformas e en estado ruinoso) foi derrubada en 1941[391]. Este templo sería un exemplo, xunto con San Salvador de Setecoros (Valga, Pontevedra), a capela dos Martores (Valga, Pontevedra), Santa María de Iria Flavia (Padrón, A Coruña) entre outras, de construcións en antigos enclaves romanos, dentro da clasificación, realizada profesor Núñez, de igrexas visigodas levantadas en Galicia[392].

Imaxe 66: Tres perspectivas dos restos do arco absidal de San Xoán de Panxón (Nigrán, Pontevedra) onde se observan as columnas e os dous capiteis que o sustentan (fotografías da autora 06/02/2015).

San Xoán de Panxón (Nigrán, Pontevedra) estaría caracterizado por posuír unha ábsida recta, arco de ferradura e aparello axustado seguindo tradición do *ordo gotorum*[393]. Esta concepción espacial nas igrexas clasificadas por Núñez como "visigodas" se caracterizan pola súa disposición de tendencia centralizadora (por exemplo Santa

[389] Tapia Carrasco, B.: *Un ejemplo del prerrománico en Galicia: San Xoán de Panxón*, Santiago de Compostela, 1991, p.8.
[390] Tamén se conserva *in situ* unha tapa "de estola" de granito.
[391] Tapia Carrasco, B.: *Un ejemplo del prerrománico en Galicia: San Xoán de Panxón*, Santiago de Compostela, 1991, p.26.
[392] Núñez Rodríguez, M.: *Arquitectura prerrománica*, Santiago de Compostela, 1978, p. 67.
[393] Núñez Rodríguez, M.: *Arquitectura prerrománica*, Santiago de Compostela, 1978, p. 69.

Comba de Bande), Emporiso a pesar de que se descoñece a planta orixinal do anterior templo de San Xoán de Panxón, as características que se observan na distribución dos restos lévanlle a pensar nun esquema máis sinxelo[394]. Realmente, todo o que se poida hipotetizar sobre a primitiva construción de San Xoán de Panxón soamente se poderá comprobar cando se realice unha escavación arqueolóxica ben programada. Así a todo podemos coñecer unha serie de datos reveladores a través da testemuña de Fontoira Surís durante a súa participación como arquitecto de Patrimonio Histórico-Artístico na consolidación do arco[395]. Entre outros detalles comenta: "Apareció (...) la cimentación de la iglesia visigótica en su totalidad de planta de cruz griega (...). Surgió un dato que le extrañó mucho a García Alén: los muros que excavamos tan sólo en una longitud de poco más de 3 metros, tenían sin embargo más de 2 metros de profundidad"[396].

O arquitecto Palacios, decidiu conservar o arco "visigodo" cando construíu ao lado o novo Templo Votivo do Mar, xa que formulaba a posibilidade da analoxía con Santa Comba de Bande situándoo no século IX, se ben se lle atribúe unha "confusión nas datas"[397], cando este templo se consideraba visigodo pola maioría dos autores[398]. Este visigotismo foi discutido por Caballero Zoreda, quen formula a posibilidade de que o edificio sufriu unha serie de restauracións en distintos momentos cronolóxicos e con distintos tipos de materiais[399]. Por outra parte cabe facer alusión ás datacións por radiocarbono realizadas no marco do proxecto EMCHAHE, que deron como resultado unha cronoloxía próxima ao século IX[400]. Pero como dixemos anteriormente soamente unha escavación nos sacará de dúbidas sobre a posibilidade de que San Xoán de Panxón posuíra unha planta cruciforme.

---

[394] Núñez Rodríguez, M.: *Arquitectura prerrománica*, Santiago de Compostela, 1978, p. 73.
[395] Fontoira Surís, Rafael: *Inventario de la riqueza monumental de la Provincia de Pontevedra y El Camino de Santiago*, Deputación Provincial de Pontevedra, 2001, p. 32-33.
[396] Fontoira Surís, Rafael: *Inventario de la riqueza monumental de la Provincia de Pontevedra y El Camino de Santiago*, Deputación Provincial de Pontevedra, 2001, p. 34. Tamén apareceeu baixo unha das columnas un capitel corintio reutilizado como basa que sería preciso estudiar. As fotografías aportadas por Tapia Carrasco non axudan a facer unha análise desta capitel, aínda que polo aspecto podería tratarse sunha peza máis antiga que as que sustentan o arco. Tapia Carrasco, B.: *Un ejemplo del prerrománico en Galicia: San Xoán de Panxón*, Santiago de Compostela, 1991, p.140.
[397] Tapia Carrasco, B.: *Un ejemplo del prerrománico en Galicia: San Xoán de Panxón*, Santiago de Compostela, 1991, p.105.
[398] Núñez Rodríguez, Ángel del Castillo, Dominguez Fontenla, Carrasco, M.: *Un ejemplo del prerrománico en Galicia: San Xoán de Panxón*, Santiago de Compostela, 1991, p.105.
[399] Caballero Zoreda, L: "Sobre Santa Comba de Bande (Ourense y las placas de Saamasas (Lugo)", en *Galicia no Tempo*, Santiago de Compostela, 1992, p. 77-115, p. 90.
[400] Sánchez Pardo (et al.): "Cronotipología y datación absoluta de iglesias altomedievales en Galicia. Primeros resultados del Proyecto EMCHAHE", en *Hortus artium medievalium*, vol 24, 2008, pp. 90-105, p. 101.

Centrémonos agora nos capiteis de sustentación do arco. Son dous capiteis de pilastra de tradición corintia de granito que está sobre fustes monolíticos. Sobre estes dous capiteis López Pacho di: "debe quedar claro (...) que el par de capiteles de las ruinas de Panxón son solamente semicapiteles. Presentan un frente y dos semifrentes y ambos forman pieza única con una cepa a modo de sillar, que debería estar empotrada en un muro, pero que no lo está (...)"[401]; despois puntualiza o seguinte: "imposible que el arco de origen descansara sobre estas piezas. (...) Las ruinas ¿visigóticas? de Panxón constituyen un auténtico fraude arquitectónico"[402]. A partir destas opinións López Pacho cre que os capiteis de San Xoán de Panxón son capiteis romanos reutilizados no momento da construción dun templo posterior [403].

Estamos de acordo con López Pacho en que os capiteis poden ser reutilizados, tamén concordamos con Tapia Carrasco sobre unha posible reconstrución do templo[404] que detecta nunha serie de desaxustes no propio arco[405], reconstrución que puido ser levada a cabo nas datas que propón Sánchez Pardo, aproximadamente século IX. Os motivos que nos levan a pensar isto son os propios capiteis de sustentación da estrutura. Vemos un claro paralelismo entre os capiteis de San Xoán de Panxón (Nigrán, Pontevedra) e un conxunto de capiteis que poden ser datados no século IX. Baseándonos na recompilación de capiteis de Portugal que Lopes Coelho estuda, atopamos un conxunto de pezas procedentes da área de Braga que posúen unha relación de propiedades comúns, sobre todo os pertencentes a zona de Chaves, Sé de Braga, Dume, Guimarães e arredores de Braga (Adaúfe, Tibães, Ferreiros, Vila Nova de Famalicão, Ponte da Lima, etc) entre outros. A maioría son de granito e moitos deles foron reutilizados e non se coñece un contexto definido. Practicamente a totalidade de capiteis corintios do "grupo episcopal bracarense", clasificados así pola autora, teñen o inconveniente de estar datados uns entre os séculos III e IV, outros entre os séculos V e VII e outros entre os séculos IX-XI, cando nós observamos que algúns capiteis realizados coa mesma metodoloxía, formas, composición e decoración están datados en épocas moi dispares.

[401] López Pacho, R.: *Panxón: La nobleza de unas ruinas*, Asociación de amigos de los Pazos, 1987, p. 2.
[402] López Pacho, R.: *Panxón: La nobleza de unas ruinas*, Asociación de amigos de los Pazos, 1987, p. 2.
[403] López Pacho, R.: Panxón: La nobleza de unas ruinas, Asociación de amigos de los Pazos, 1987, p. 5.
[404] Tapia Carrasco, M.: *Un ejemplo del prerrománico en Galicia: San Xoán de Panxón*, Santiago de Compostela, 1991, p.128.
[405] Tapia Carrasco, M.: *Un ejemplo del prerrománico en Galicia: San Xoán de Panxón*, Santiago de Compostela, 1991, pp.129 e ss.

Vexamos algúns exemplos do que tratamos de expoñer. O capitel procedente da Sé de Braga (BRC047)[406] (imaxe 66, fig. I) que publica Lopes Coelho, depositado no Museu Pio XII, posúe unha coroa de follas moi planas de esquema xeometrizante, composta dun nervio central e lóbulos de tendencia triangular, entre as que se observa, na parte superior, un adorno en forma de óvalo esmagado. Percorrendo a parte inferior do ábaco hai unha decoración en forma de "cremalleira" ou denticulada. Este capitel está datado, segundo a autora, por Luis Fontes entre os séculos III e IV. En cambio, recolle outro capitel (BRC030)[407] (imaxe 67, fig. II) procedente da igrexa de Gamil (Braga, Portugal) que posúe unha composición exactamente igual á do capitel anterior; porén, nos di que Luis Fontes o data entre os séculos IX-XI[408]. Da igrexa de Santa Leocadia de Briteiros proceden tres capiteis BRC069, BRC048 e BRC036 [409] (imaxe 67. figs. III. IV e V) os dous primeiros atopados nos muros. A primeira vista preséntansenos tres capiteis corintios de variada morfoloxía onde se aprecian distintas calidades entre eles, con todo, destaca a configuración do esquema das follas entre BRC069 e BRC48 onde cremos que se utiliza o trépano para realizar os seos da follas. Comparten unha estrutura similar do ábaco BRC048 e BRC036. Hai que engadir que os tres capiteis están datados en tres épocas diferentes BRC048 nos séculos III-IV, BRC069 no séculos V-VII e BRC036 nos séculos IX-IX.

Nós cremos que poden ser pezas realizadas preto desta última data, pola similitude técnica e morfolóxica que comparten con outros capiteis como o procedente da Matriz de Castelões (Braga, Portugal) (BRC033)[410] (imaxe 67, fig. VI) , depositado no Museo Pio XII, reutilizado como pía de auga bendita. Este capitel dunha única coroa posúe un tipo de folla plana, creada a partir de molduriñas que van conformando a súa silueta e os seus elementos; véxase a parte superior da folla, que a pesar da súa rotura pode percibirse que segue os mesmos criterios que o capitel de Santa Leocadia de Briteiros (BRC048) creando unha serie de nervaduras que se expanden cara o ápice a partir da central. Este capitel está datado no século IX-XI por Luis Fontes. Pensamos que se

[406] Lopes Coelho M. Limão, F.M: *Capitéis da Antiguidade Tardía em Portugal (Séculos III/IV-VIII)*, Universidade de Lisboa, 2010, p. 984.
[407] Lopes Coelho M. Limão, F.M: *Capitéis da Antiguidade Tardía em Portugal (Séculos III/IV-VIII*), Universidade de Lisboa, 2010, p. 950.
[408] Fontes, L. e Pereira, B. .: Museu Pio XII-Colecção de Epigrafia e de Arquitectura Medievais (séculos IX-XVI), 2009, p.44.
[409] Lopes Coelho M. Limão, F.M: Capitéis da Antiguidade Tardía em Portugal (Séculos III/IV-VIII), Universidade de Lisboa, 2010, p. 1028.
[410] Lopes Coelho M. Limão, F.M: *Capitéis da Antiguidade Tardía em Portugal (Séculos III/IV-VIII*), Universidade de Lisboa, 2010, p. 1028.

utiliza a mesma técnica, pero creando un modelo diferente, nun capitel datado no século IX[411] proveniente dun xardín particular en Santa María do Souto (BRC035)[412] (imaxe 67, fig. VII) en Guimarães (Portugal), que veremos máis adiante e que está vinculado con outros capiteis galegos, do século IX, que supoñemos saíron dun mesmo taller.

Imaxe 67: fig. I, capitel procedente da Sé de Braga (BRC047) (Braga, Portugal) (fotografía tomada de Lopes Coelho M. Limão, F.M: *Capitéis da Antiguidade Tardía em Portugal (Séculos III/IV-VIII)*, Universidade de Lisboa, 2010, p. 984); fig. II, capitel procedente da igrexa de Gamil (BRC030) (Barcelos, Portugal) (fotografía tomada de Lopes Coelho M. Limão, F.M: *Capitéis da Antiguidade Tardía em Portugal (Séculos III/IV-VIII)*, Universidade de Lisboa, 2010, p. 950); fig. III, IV e V capiteis porcedentes da igrexa de Santa Leocádia de Briteiros (BRC069), (BRC048) e (BRC036) respectivamente (Guimarães, Portugal) (fotografía tomada de Lopes Coelho M. Limão, F.M: *Capitéis da Antiguidade Tardia em Portugal (Séculos III/IV-VIII),* Universidade de Lisboa, 2010, pp. 1028, 986 e 962); fig. VI, capitel procedente da Matriz de Castelões (BRC033) (Guimarães, Portugal) (fotografía tomada de Lopes Coelho M. Limão, F.M: *Capitéis da Antiguidade Tardía em Portugal (Séculos III/IV-VIII)*, Universidade de Lisboa, 2010, p. 956); fig. VII, capitel procedente de Santa Maria do Souto (BRC035) (Guimarães, Portugal)

Evidentemente non queremos xulgar o importante traballo, primordial para nós, realizado por Lopes Coelho, xa que sabemos as escasas facilidades que se ofrecen por parte dalgunhas institucións, ás veces se converten en obstáculos que impiden o exame das pezas, pero vemos necesaria unha nova análise de todas as pezas do grupo Bracarense para poder realizar unha análise na que se contemplen as características técnicas e estilísticas. Foi, sen ningún tipo de dúbida, este traballo o que contribuíu a que percibíramos, aínda que fose a través de fotografías, a posible existencia dun gran centro de produción na zona bracarense que nutriu gran parte do territorio da

[411] Fontes, L. e Pereira, B.: *Colecção de Epigrafia e de Arquitectura Medievais (séculos IX-XVI),* Museu Pio XII, 2009, p.45.
[412] Lopes Coelho M. Limão, F.M: *Capitéis da Antiguidade Tardía em Portugal (Séculos III/IV-VIII*), Universidade de Lisboa, 2010, p. 960.

Gallaecia[413]. O nexo entre capiteis vémolo grazas ao hábito de "ver" elementos, formas e trazos comúns entre eles. Xa comentamos que ocorría isto co capitel procedente de Santa María de Xanza (Valga, Pontevedra) con respecto a outros capiteis portugueses. A proxección do capitel de Santa María de Xanza (Valga, Pontevedra) disposta nun voluminoso bloque granítico, case cadrado, é outra das características que teñen algúns destes capiteis.

Vexamos agora un dos capiteis do arco de San Xoán de Panxón (Nigrán, Pontevedra) confrontado co capitel de San Xoán de Cabeiro (Redondela, Pontevedra) (imaxe 69, figs, I e II). O trazado dos perpiaños onde despois se labran ambos capiteis parece que está escuadrado seguindo os mesmos criterios. Do mesmo xeito a estrutura do capitel é moi similar, por non dicir idéntica, se nos fixamos nas follas de ambos capiteis (esquema de folla nº 14, 15 e 16), sobre todo nas da primeira coroa, moi pegadas ao corpo, co ápice redondeado, algo esmagado, e proxectadas perpendicularmente ao plano sobre un pequeno astrágalo formado, simplemente, polo rebaixe do material (imaxe 68 e 69, figs. I e II).

Imaxe 68: Á esquerda, detalle das follas do capitel norte de San Xoán de Panxón (Nigrán, Pontevedra) (fotografía tomada de Yzquierdo Perrín, R.: Galicia Arte. Arte Medieval, Tomo X, A Coruña, 1993, p. 54); á dereita, detalle das follas do capitel de San Xoán de Cabeiro (Redondela, Pontevedra) (fotografía da autora 20/01/2020).

No caso do capitel de San Xoán de Panxón (Nigrán, Pontevedra) prodúcese enriba das follas da cara central, unha fendedura en cuña creada pola unión da prefoliación dos cálices, tal e como ocorre entre as follas do capitel de Santa María de Xanza[414] (Valga,

[413] O sur de Galicia era o norte de Portugal.
[414] Tapia Carrasco xa percibira esas similitudes. Tapia Carrasco, B.: *Un ejemplo del prerrománico en Galicia: San Xoán de Panxón*, Santiago de Compostela, 1991, p. 149.

Pontevedra) (imaxe 69, figs. II e III) cuxas follas de multitude de nervaduras paralelas se asemellan ás de San Xoán de Cabeiro (Redondela, Pontevedra), podendo así aproximar cronoloxicamente estas catro pezas, xa que non debemos esquecer o capitel sur de San Xoán de Panxón (Nigrán, Pontevedra).



Imaxe 69: fig. I, capitel no exterior da igrexa de San Xoán de Cabeiro (Redondela, Pontevedra) (fotografía da autora 20/01/2020); fig. II, capitel norte no arco de San Xoán de Panxón (Nigrán, Pontevedra) (fotografía da autora 27/05/2019); fig. III, capitel procedente de Santa María de Xanza (Valga, Pontevedra) (fotografía da autora 18/06/2019); fig. IV capitel procedente do cenobio de San Cosme de Baíña (Baiona, Pontevedra) (fotografía tomada de Martínez Barbosa, J. R. e Martínez Tamuxe, X.: *Santa Mariña de Baíña e o eremitorio de San Cosme*, 2008, pp. 191-192); fig. V, capitel procedente da igrexa de Gamil (BRC030) (Barcelos, Portugal) (fotografía tomada de Lopes Coelho M. Limão, F.M: *Capitéis da Antiguidade Tardía em Portugal (Séculos III/IV-VIII),* Universidade de Lisboa, 2010, p. 950); fig. VI, capitel depositado no Museu da região flaviense, procedente de Chaves (Portugal) (fotografía tomada de Lopes Coelho M. Limão, F.M: *Capitéis da Antiguidade Tardía em Portugal (Séculos VVV/IV-VIII)*, Universidade de Lisboa, 2010, p. 383.

O motivo de utilizar un capitel de pilastra sobre un soporte cilíndrico é outra das incógnitas a resolver sobre o arco de San Xoán de Panxón. Xa falamos do fenómeno da reutilización durante toda a Alta Idade Media e en concreto no caso dos capiteis procedentes de San Salvador de Setecoros SET07 e SET08 (Valga, Pontevedra). É posible que botar man da reutilización sexa un síntoma da perda de habilidade para a elaboración de pezas[415], pero no caso do conxunto Bracarense podemos ver unha gran variedade de calidades, moitas excelentes; polo que, con respecto dos capiteis en San Xoán de Panxón, poderíamos estar ante a reconstrución dunha estrutura mediante a

[415] Utrero Agudo, Mª. A. e Sastre de Diego, I.: "Reutilizando materiales en las construcciones de los siglos VII-X. ¿Una posibilidad o una necesidad?" en *Anales de Historia del Arte*, Vol. 22 Núm. Especial (II), 2012, pp. 309-323, p. 322.

restitución de elementos orixinais perdidos ou destruídos substituídos por excedentes de produción, ao que lle chamamos "arte de compensación".

Capitel procedente do cenobio de San Cosme e San Damián de Baíña (Baiona, Pontevedra)

Outro dos capiteis que podemos incluír neste conxunto é un capitel, en paradoiro descoñecido (imaxe 70, fig. I), atribuído ao perdido cenobio de San Cosme e San Damián no lugar de San Cosme, freguesía de Santa María de Baíña (Baiona). O documento máis antigo que se refire a este mosteiro á unha doazón da *uillam Erizanam integram*, que Afonso VII fai o 27 de xuño de 1137 á igrexa de San Cosme e San Damián, así como ao seu prior de nome Pelayo e aos *heremitis* que a servían e aos seus sucesores[416]. Diversos autores falan do século X como posible creación e destrución do templo[417], identificado co *Dayr Kustan* mencionado por Ibn Hayyân no seu relato da expedición de Almanzor a Compostela no 997[418].

Descubríronse nos anos 70 do século pasado, entre as ruínas pertencentes ao antigo emprazamento do cenobio, varias pezas, todas de granito, correspondentes ao edificio que hoxe en día están desaparecidas. Entre estas pezas apareceu o capitel antes mencionado, unha cruz de malta , unha ménsula e parte dunha cornixa moldurada, todas de granito; tamén deste material, unha mesa de altar moi fracturada na que se pode observar parte do *loculus* na parte superior para gardar reliquias; unha pía de auga bendita[419] que podemos poñer en relación coa pía de auga bendita atopada en San Xoán de Cabeiro (Redondela, Pontevedra), que chamaremos CAB03, por tratarse ambas de pezas voluminosas realizadas en bloque (imaxe 64, fig. II e imaxe 70, fig. II).

[416] Freire Camaniel, J.: *El monacato gallego en la Alta Edad Media*, Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña, 1998, p. 623.
[417] Martínez Tamuxe, X., e Martínez Barbosa, J. R.: *Santa Mariña de Baíña e o eremitorio de San Cosme*, Comunidade de Montes de Baíña, 2008, p. 181-182.
[418] Portela Silva, E.: "Tiempos de reforma y espacios de frontera. En torno a los orígenes del monasterior de Santa María de Oia", en *Revista Chilena de Estudios Medievales*, nº 12, 2017, pp. 49-60, p. 53.
[419] A función está determinada por Martinez Tamuxe. Martínez Tamuxe, X., e Martínez Barbosa, J. R.: *Santa Mariña de Baíña e o eremitorio de San Cosme*, Comunidade de Montes de Baíña, 2008, p. 193.



Imaxe 70: fig. I, capitel atribuído ao cenobio de San Cosme e San Damián de Baíña (Baiona, Pontevedra); fig. II, pía atribuída ao cenobio de San Cosme e San Damián de Baíña; fig. III, mesa de altar atribuída ao cenobio de San Cosme e San Damián de Baíña; fig. IV, cruz de malta atribuída ao cenobio de San Cosme e San Damián de Baíña; fig. V, ménsula atribuída ao cenobio de San Cosme e San Damián de Baíña. Todas en paradoiro descoñecido (fotografías tomadas de Martínez Tamuxe, X., e Martínez Barbosa, J. R.: *Santa Mariña de Baíña e o eremitorio de San Cosme*, Comunidade de Montes de Baíña, 2008).

Entre estas pezas destacamos o capitel composto cuxo único documento que posuímos é unha fotografía publicada por Tamuxe[420] na monografía dedicada a este cenobio[421]. Este capitel, de cálato lixeiramente troncocónico, ten unha única coroa de follas con dous tipos de esquemas diferentes alternantes: unhas con múltiples nervaduras paralelas e ápices redondeados; outras posúen un fino nervio central e unha silueta formando varios lóbulos entre os cales, segundo se aprecia na fotografía, hai uns seos con forma redondeada que puideron practicarse con trépano. O propio Tamuxe xa repara na similitude entre este capitel e os de San Xoán de Panxón (Nigrán, Pontevedra), ao que nós lle engadimos a similitude co capitel de Santa María de Xanza (Valga, Pontevedra) e co capitel de San Xoán de Cabeiro (Redondela, Pontevedra) -neste último exemplo tanto nas follas como na decoración dentada- e con algúns capiteis da zona bracarense como o capitel procedente da Sé de Braga (BRC047) (Braga, Portugal) e o capitel procedente da igrexa de Gamil (BRC030) (Barcelos, Portugal). Obsérvense os detalles

[420] Querémoslle agradecer a información aportada sobre este capitel e outras pezas.
[421] Martínez Tamuxe, X., e Martínez Barbosa, J. R.: *Santa Mariña de Baíña e o eremitorio de San Cosme*, Comunidade de Montes de Baíña, 2008, p. 181-182.

decorativos sobre todo entre os capiteis portugueses e o perdido de San Cosme que son, á vista, practicamente idénticos (imaxe 69, fig. IV e V) (esquema de folla nº 18 e 19).

Consideramos que tanto os dous capiteis, e posiblemente os fustes, de San Xoán de Panxón (Nigrán, Pontevedra), o capitel e o fuste de San Xoán de Cabeiro (Redondela, Pontevedra), Santa María de Xanza (Valga, Pontevedra) e o capitel perdido do cenobio de San Cosme e San Damián (Baiona, Pontevedra) poden ser pezas pertencentes a un taller ou, quizais a un "centro de produción" situado na zona bracarense, entendendo este como un grupo de talleres que traballan nun mesmo ambiente[422], que comparten coñecementos técnicos e se valen dos mesmos recursos estilísticos e materiais[423].

4.1.5. Relevo no templo de San Pedro de Lantaño (Portas, Pontevedra).

Se penetramos no interior do templo de San Pedro de Lantaño (Portas, Pontevedra), atopámonos no muro sur na súa ábsida dous perpiaños con decoración. Estamos ante dous baixorelevos en granito que Fontoira Surís identifica cos restos dunha posible construción prerrománica, que evidenciaría, como se dixo no apartado de *situs* que corresponde a esta igrexa, que San Pedro de Lantaño ven de moi antigo.

Unha das pezas posúe un acanalado cunha flor de lis na zona central. Do outro perpiaño, posuíamos unha pequena descrición e un esquemático debuxo realizado por Fontoira, publicado no *Inventario de la riqueza monumental de Pontevedra*. Trátase dun relevo labrado rudamente, con certo grado de degradación no material, situado a nivel do chan, "alargado, posiblemente prerrománico, semejante a modelos decorativos característicos de los siglos VIII y IX"[424], reutilizado no paramento sur, muro que o autor data no XII ou principios do XIII. A labra representa un animal no lado dereito do sillar e un motivo

[422] Abásolo Álvarez, J. A.: "Las estelas decoradas de la región de Lara de los Infantes: estudio iconográfico", en *Boletín del Seminario de Estudios de Arte y Arqueología*, 1977, pp. 61-97, p. 66. Villa del Castillo, A.: "Talleres escultóricos itinerantes en el Altomedievo hispano: el llamado "Grupo mozárabe Leonés", en *Arqueología y Territorio Medieval*, 24, 2017, pp. 151-184, p. 158.

[423] Sabemos da existencia dun capitel de pilastra con características similares aos de San Xoán de Panxón e San Xoán de Cabeiro, reutilizado no interior da igrexa de San Salvador de Coiro (Moaña, Pontevedra), pero non logramos ver a peza. Segundo Fontoira Surís tería dúas filas de follas de acanto paralelinervadas e está moi deteriorado. Dentro desta igrexa tamén hai unha tapa de sartego con epígrafe (IOAN DOV:VIN). Fontoira Surís, R.: "Los restos prerrománicos de la iglesia de Coiro (Cangas do Morrazo)", en *Ruta cicloturística del Románico Internacional*, XXI, 2 febrero-15 junio, 2003, p. 82.

[424] Fontoira Surís, Rafael: *Inventario de la riqueza monumental de la Provincia de Pontevedra y El Camino de Santiago*, Deputación Provincial de Pontevedra, 2001, p. 61.

vexetal a súa esquerda (imaxe 71, fig. III). Este presenta oito follas a cada lado debuxando unha palmeta simétrica con eixe central, cos foliolos decrecentes de abaixo arriba.



Imaxe 71: Fig. I, Interior da igrexa de San Pedro de Lantaño (Portas, Pontevedra). Detalle do muro sur do presbiterio, onde se aprecia o paramento levantado con pezas reutilizadas e onde se sinalan os relevos decorativos. Fotografía da autora (10/09/2019); fig. II, detalle do perpiaño con acanalado e flor de lis, situado no muro sur do presbiterio. Fotografía da autora (10/09/2019); fig. III, interpretación dos relevos do perpiaño situado a nivel do chan debuxado por Fontoira Surís (imaxe tomada de Fontoira Surís, R.: *Inventario de la riqueza monumental de la Provincia de Pontevedra y el Camino de Santiago*, Deputación Provincial de Pontevedra, 2001, p 38).

O animal representado, que Fontoira identifica cun león, un elefante ou un cabalo, presenta unha parte traseira nítida cunha gran cola que se dobra sobre a anca e dirixe a súa cabeza cara o lado dereito. Unha vez coñecida a existencia destes elementos, quixemos inspeccionar a igrexa para poder velos e analizalos, algo que conseguimos tras contactar co párroco de Lantaño[425]. Observando o seu interior, a simple vista, despréndese que certamente estamos ante un edificio reconstruído, en gran parte, con elementos reaproveitados, posiblemente dunha fábrica anterior, xa que a práctica totalidade da nave central parece estar levantada con perpiaños noutrora cunha diferente

[425] Queremos agradecer ao párroco de Lantaño, don Román Millán, o permiso para entrar na igrexa de San Pedro de Lantaño e a Fernando Seoane, campaneiro de Lantaño, por abrirnos o templo e acompañarnos durante a visita.

disposición, que converten os muros da igrexa nun verdadeiro quebracabezas de pezas soltas que agora se unen para adecuarse ao novo edificio. Esta reutilización parece máis acusada se nos achegamos ao paramento da zona absidal, separada da nave única por un arco triunfal construído no século XVIII[426], que podería tratarse, a falta de estudos estratigráficos, de restos da fase altomedieval do edificio[427] (obsérvese o paramento na imaxe 71, fig. I).

No muro sur da ábsida, facendo esquina ambos con este arco e coincidindo cos restos posiblemente románicos do baseamento exterior, localizamos os dous perpiaños de granito con baixorelevo, un máis pequeno que o outro e distanciados a metro e medio (imaxe 71, fig. I). O que está colocado a máis altura mide uns 40cm por 19cm e posúe unha ancha acanaladura de 7cm en cuxo centro aparece unha flor de lis (imaxe 71, fig. II). Un metro e medio máis abaixo, a nivel do chan, está o outro baixorrelevo. Trátase dunha peza alongada de 105cm por 26cm de ancho, parcialmente tapada, desgraciadamente, polo pavimento que se colocou nas obras de remodelación da ábsida (imaxe 72 superior).

O animal está mirando cara a dereita, parece que coa boca aberta. Varias liñas incisas, que se cortan pola lousa do firme, resaltan a zona do pescozo ensanchado e marcado por estes sucos paralelos; o corpo alongado remata nunha pronunciada nádega da que sae nunha cola que se eleva sobre esta, percorrendo parte do tronco e vai perdendo nitidez pola parte superior da peza debido ao grao de degradación do granito.

4.1.5.1. Análise das imaxes representadas nos perpiaños

4.1.5.1.a. Perpiaño con zoomorfo-palmeta: cabalo ou león?

Certificar que o relevo do zoomorfo con palmeta, peza que chamaremos LAN01, é unha peza prerrománica parécenos, *a priori*, un pouco precipitado, se temos en conta que Fontoira Surís, aínda que indique a posibilidade de que a peza sexa altomedieval, destaca que os elementos reutilizados nesta parte son do século XII d.C.

[426] Fontoira Surís, Rafael: *Inventario de la riqueza monumental de la Provincia de Pontevedra y El Camino de Santiago*, Deputación Provincial de Pontevedra, 2001, p. 61.
[427] Sánchez Pardo, J.C.: "Nuevos apuntes sobre técnicas constructivas altomedievales en Galicia", en *Anejos de Nailos*, nº 5, 2019, pp. 61-73.

Non obstante, existen exemplos anteriores ao románico na península nos que se reproduce esta dualidade. De feito, son abundantes as representacións altomedievais de elementos vexetais, acompañados de animais e incluso de antropomorfos, e en concreto de arborescencias palmiformes aparelladas con aves afrontadas ou con cuadrúpedos. Estas son moi comúns na arte asturiana durante a época ramirense, nalgúns exemplos da decoración escultórica galega[428] e noutros exemplos doutras partes da península, como posteriormente veremos, inspirados todos eles en deseños orientais[429] e do Norte de África[430].

Resulta un tanto delicado identificar o animal, como ben apunta Fontoira. Segundo o autor, podería ser un cabalo, un león ou un elefante. Nós descartamos esta última posibilidade e consideramos máis viables as outras dúas, polo seu considerable potencial, iso si, sen negar o posible erro de identificación, dada a ambigüidade da propia representación[431], como ben se pode observar.

Imaxe 72: Interior da igrexa de San Pedro de Lantaño. Muro sur. Detalle do perpiaño con zoomorfo onde se pode apreciar a cabeza do animal. Fotografías da autora (10/09/2019)

[428] Como por exemplo o cancel de Saamasas (Lugo).
[429] Schlunk H.: *La decoración de los monumentos ramirenses*, Universidad de Oviedo, 1948; Beckwith, J: *Arte Paleocristiano y Bizantino*, Cátedra, Madrid, 2007, p. 188; Martins Lopes, V. A: *Mértola e o seu território na Antiguidade Tardia (século IV–VIII)*, Huelva, 2014, p. 383-384.
[430] Martins Lopes, V. A: *Mértola e o seu território na Antiguidade Tardia (século IV–VIII)*, Huelva, 2014, p. 384.
[431] García García, F.: "El león", en *Revista Digital de Iconografía Medieval*, Vol. I, nº 2, 2009, pp. 33-46, p. 34.

Unha primeira ollada fainos apreciar, a algúns observadores, un equino, sobre todo se reparamos na parte da cabeza do zoomorfo. Distinguimos a morfoloxía característica dun cabalo, como se propón na imaxe 72, suposto nada estraño, tendo en conta a posibilidade inmediata de modelos próximos, dada a tradición secular da cría de bestas salvaxes nos montes galegos.

As imaxes de equinos son frecuentes en todas as épocas, dende a prehistoria[432]. Aparecen en numerosas manifestacións artísticas e con diversidade simbólica, concernente ao mundo funerario, divindades solares, distintivo de forza, valor e nobreza, e moitas veces acompañado de motivos vexetais, concretamente árbores[433]. A representación do cabalo e a súa identificación con estas devocións, supón a asimilación por parte das clases aristocráticas cos círculos de poder[434], e será recollida tamén polo cristianismo para simbolizar o triunfo da vida sobre a morte[435].

Imaxe 73: Fig. I: Placa de Osuna, Colección particular de Rafael de Soto y María de la Puerta e fig. II: placa de Osuna, Colección particular, Sevilla. Ruiz Cecilia, J. I. e Román Punzón, J.M.: "Las placas cerámicas decoradas tardoantiguas con iconografía cristiana en el sur de la península ibérica", en *Anuario de Historia de la Iglesia Andaluza*, Volumen VIII, 2015, fig. 36 e 37, p. 30 e 31.

A plasmación de cabalos cun significado cristián, acompañados de árbores, aparecen no sur da península sobre soportes cerámicos, como por exemplo nunha serie de placas atopadas no entorno de Osuna (Sevilla)[436], cuxa función podería ser a de frisos

[432] En Galicia aparecen en grande número nos petróglifos.

[433] Ruiz Cecilia, J. I. e Román Punzón, J.M.: "Las placas cerámicas decoradas tardoantiguas con iconografía cristiana en el sur de la península ibérica", en *Anuario de Historia de la Iglesia Andaluza*, Volumen VIII, 2015, , pp.11-52, p. 30.

[434] Tirador García, V.: "Caballo y Poder: Las élites ecuestres en la Hispania Indoeuropea", en *El Futuro del Pasado, nº 2, 2011, pp. 79-95*, p. 83.

[435] Barroso Cabrera, R. y Morín de Pablos, J. (1994): "El nicho-placa de Salamanca del M.A.N. y otros testimonios arqueológicos de culto a san Miguel en época visigoda", *Zephyrus. Revista de Prehistoria y Arqueología*, nº 46, pp. 279-294, p. 284

[436] Tamén apareceron en África, Francia, Bélxica, Italia, Macedonia e a República Checa. Ruiz Cecilia, J. I. e Román Punzón, J.M.: "Las placas cerámicas decoradas tardoantiguas con iconografía cristiana en el sur de la península ibérica", en *Anuario de Historia de la Iglesia Andaluza*, Volumen VIII, 2015, , pp.11-52, p. 12.

decorativos en santuarios[437]. Están datadas entre os séculos IV d. C. e VIII d. C., nun contexto no que este territorio pasará, durante o período, polas invasións de diferentes pobos como os xermanos e bizantinos ata a invasión musulmana. Como se pode observar na imaxe 73, aparecen representados dous cabalos afrontados cuxo eixe de simetría é unha palmeira, rodeados á súa vez de motivos xeométricos. Esta escena, cabalos-palmeira, foi interpretada como un símbolo da divindade cunha mensaxe de triunfo sobre a morte[438]. A palmeira equipararíase co paradigma da árbore da vida, que á súa vez representa a Cristo na cruz[439].



Imaxe 74: Fig. I: Placa de Osuna, Colección particular de Rafael de Soto y María de la Puerta e fig. II: placa de Osuna, Colección particular, Sevilla. Ruiz Cecilia, J. I. e Román Punzón, J.M.: "Las placas cerámicas decoradas tardoantiguas con iconografía cristiana en el sur de la península ibérica", en *Anuario de Historia de la Iglesia Andaluza*, Volumen VIII, 2015, fig. 36 e 37, p. 30 e 31; fig. III relevo de Lantaño (fotografía da autora, 10/09/2019).

[437] Ruiz Cecilia, J. I. e Román Punzón, J.M.: "Las placas cerámicas decoradas tardoantiguas con iconografía cristiana en el sur de la península ibérica", en *Anuario de Historia de la Iglesia Andaluza*, Volumen VIII, 2015, , pp.11-52, p. 14.

[438] Ruiz Cecilia, J. I. e Román Punzón, J.M.: "Las placas cerámicas decoradas tardoantiguas con iconografía cristiana en el sur de la península ibérica", en *Anuario de Historia de la Iglesia Andaluza*, Volumen VIII, 2015, , pp.11-52, p. 30.

[439] Ruiz Cecilia, J. I. e Román Punzón, J.M.: "Las placas cerámicas decoradas tardoantiguas con iconografía cristiana en el sur de la península ibérica", en *Anuario de Historia de la Iglesia Andaluza*, Volumen VIII, 2015, pp.11-52,p. 31. Existen exemplos onde a árbore da vida, entre diferentes zoomorfos, foi substituida directamente pola cruz de Cristo como ocorre no sartego do arzobispo Teodoro en San Apolinar in Clase en Rávena; en dúas placas do sartego da abadesa Teodota no Museo Civici de Pavia, nunha placa de San Giovani en Monza; ou un frontal do altar de Aversa depositado no Staatliche Museen de Berlín. Coroneo, R.: "Scultura Altomedievale in Italia. Materiali, Tecniche di Ezecuzione, Tradicioni e Metodi di Estudio", en *Anejos de AespA*, nº XLI, 2006, pp. 47-84; Cruz Villalón, M.: *Mérida visigoda. La escultura arquitectónica y litúrgica*, Badajoz, 1985, p. 311.

Se comparamos a morfoloxía do noso posible cabalo cos das placas ursaonenses, podemos observar que existe gran parecido entre as caixas craniais dos animais. A excepción de que o de Lantaño presenta unha espesa crina que aparece avultada na súa parte superior, que lle cubre todo o pescozo ata a zona do peito, e a súa boca está entreaberta.

Se temos en conta estas particularidades, e lle engadimos o exame da súa parte traseira, non podemos descartar a posibilidade de estar tamén ante unha das formas de representar as ancas dun gran felino, como podemos ver nalgúns exemplos coñecidos da arte altomedieval na península. Referímonos ao detalle de que o artífice quixo resaltar un rabo elevado sobre un evidente flanco, onde observamos (imaxe 75, fig. III), aínda que non o podemos corroborar, pois puido ter algo labrado que desapareceu co deterioro.



Imaxe 75: Fig. I: león representado en San Miguel de la Escalada (fotografía tomada de Arbeiter, A. e Noack-Haley S.: *Christliche Dekmäler des frühen Mittelalters, vom 8. bis ins 11 Jahrhundert*, Madrid, Tafel 44); fig II: león representado en Santa Cristina de Lena (Asturias) (García de Castro Valdés: "Escultura arquitectónica en el área central de Asturias" en *Anejos de AEspA*, XLI, 2006, p. 99); fig. III, detalle da parte traseira do zoomorfo representado no perpiaño de San Pedro de Lantaño onde se observa un rabo levantado sobre os cuartos traseiros (fotografía da autora, 10/09/2019); fig. IV: león representado nun capitel de Santa Cristina de Lena (fotografía tomada de Arbeiter, A. e Noack-Haley S.*: Christliche Dekmäler des frühen Mittelalters, vom 8. bis ins 11 Jahrhundert,* Madrid, Tafel 44); fig. V, placa de bronce de cinto de tipoloxía carolinxia procedente do Castelo de Monte Liboreiro, Cangas (Pontevedra), (fotografía tomada de Singul Lorenzo, F.L.: "Urbanismo e Peregrinación na Cidade Apostólica de Santiago durante a Alta Idade Media (ss. IX-X)", en *Santiago, Al-Andalus: diálogos artísticos para un milenio: conmemoración do Milenario da Restauración da cidade de Santiago despois da "razzia" de Almanzor"* (997-1997), Xunta de Galicia, 1997, pp. 105-132. p. 108).

Observamos este modelo nos relevos dalgúns dos discos e capiteis de San Miguel de Escalada, en León, ou en Santa Cristina de Lena, en Asturias, onde a cola dos felinos está levantada e segue a liña do lombo. Repárese tamén na forma de labrar as guedellas das figura I e II na imaxe 75, mediante incisións acanaladas que cobren os seus peitos, como no de Lantaño, característica da representación de leóns e non de cabalos. Na imaxe 75, figura I, o león ten as fauces entreabertas, tal e como ocorre na parte da cabeza do animal de Lantaño. Esta representación de conduta "agresiva" podémola observar nunha placa de cinto datada no século X d. C. atopada no castelo de Monte Liboreiro, Cangas (Pontevedra).

Coñecemos a existencia dun taboleiro de cancel traballado en pedra local que foi reutilizado posteriormente como tapa de sartego[440], descuberto en 1981 durante unhas escavacións nun cemiterio medieval, en Santamaría de Lugo de Llanera, Asturias (imaxe 76, fig. I). García de Castro Valdés dátao entre os séculos VII d. C e VIII d.C. xa que observa nel trazos técnico-estéticos que anuncian as características da vindeira "arte asturiana"[441]. Nel aparecen representados catro felinos por parellas, nun relevo a dous planos, rodeados de cenefas con motivos vexetais a imitación das árbores, con posible significación litúrxica[442], que atopamos en cada campo no que se sitúan os animais. Estes teñen as fauces entreabertas e o rabo levantado sobre as ancas, do mesmo xeito que ocorre nos exemplos anteriormente expostos.

Tal disposición achámola tamén en tres exemplos portugueses. Un deles (imaxe 76, fig. II) pertence ao fragmento dun friso de pedra calcaria branca de 31x66x31cm que provén do claustro do Mosteiro de Chelas (Lisboa), depositado no Museo do Carmo, nesta mesma cidade. Na peza represéntanse tres leóns, dous deles afrontados, dos cales un come dunhas follas que o separan do outro. Baixo as patas dos animais aparece un friso de motivos vexetais ondulantes con acios de uvas e follas pentafolias dixitadas. Almeida data o relevo no século VII d.C., pero en posteriores revisións historiográficas datouse entre os séculos IX-X d. C.[443]. Tematicamente representa o Paraíso e teñen un sentido

[440] Gutiérrez González, J.A.: *Arqueología tardoantigua en Asturias. Una perspectiva de la organización territorial y del poder en los orígenes del reino de Asturias, causas políticas y militares*, Oviedo, 2010, p. 14.
[441] Menéndez Bueyes, L. R.: *Reflexiones críticas sobre el origen de Asturias*, Ediciones Unieversidad de Salamanca, 2001, p. 190.
[442] Cruz Villalón, M.: *Mérida visigoda. La escultura arquitectónica y litúrgica*, Badajoz, 1985, p. 381.
[443] Almeida Fernandes, P.: "Visigótico ou Moçarabe? O núcleo da Alta Idade Media", en *Construindo a Memória: as Colecções do Museu Arqueológico do Carmo* , Lisboa, Associação dos Arqueólogos Portugueses, 2005, pp. 265-293.

apotropaico, xa que os leóns son os protectores da árbore da vida, estando relacionado coas reliquias de Santo Adriano e os seus compañeiros depositadas no Mosteiro de Chelas no s. IX d.C.[444].



Imaxe 76: fig. I, detalle do cancel de Santamaría de Lugo de Llanera en Asturias (fotografía tomada de Gutiérrez González, J.A.: "Arqueología tardoantigua en Asturias. Una perspectiva de la organización territorial y del poder en los orígenes del reino de Asturias, causas políticas y militares", Oviedo, 2010, p. 7); fig. II. friso do Mosteiro de Chelas en Lisboa (fotografía tomada de Almeida e Silva Saldanha, F. A.: *Arte visigótica em Portugal*, Lisboa, fig. 293; fig. III, detalle do mosaico do baptisterio de Mértola en Portugal (fotografía tomada de Lopes, V.: "O complexo religioso e os batistérios de Mértola na Antiguidade Tardia", en *Medievalista online*, nº 23, xaneiro-xuño, 2018).

Outro exemplo é un fermoso panel musivárico incompleto, datado no século VI d.C.[445], que decora o corredor porticado dun baptisterio[446] escavado na Acrópole de Mértola

[444] Almeida Fernandes, P.: "Visigótico ou Moçarabe? O núcleo da Alta Idade Media", en *Construindo a Memória: as Colecções do Museu Arqueológico do Carmo ,* Associação dos Arqueólogos Portugueses, Lisboa, 2005, p. 289.
[445] Lopes, V.: "O complexo religioso e os batistérios de Mértola na Antiguidade Tardía", en *Medievalista* online*,* nº 23, xaneiro-xuño, 2018, p.9.

(imaxe 76, fig. III). A imaxe representa dous leóns enfrontados a unha árbore da vida sobre un fondo de teselas branco, temática que, como apuntabamos anteriormente, ten influencias orientais e norteafricanas.

Sobre os leóns dispónse unha decoración cunha moldura de entretecido de círculos en cuxo interior aparecen motivos florais e zoomorfos[447]. Este tipo de motivos xeométricos de entrelazos, podémolo atopar en todo o ámbito mediterráneo e en época tardoantiga e altomedieval na península ibérica[448], converténdose nun ornamento de raizame, moi repetido, e aplicado en distintos materiais e elementos arquitectónicos grazas á súa versatilidade[449]. Na maioría das ocasións acompaña aos motivos principais, como no caso que se expón, aparecendo sobre todo en mosaicos[450], impostas[451] e mesmo capiteis como o xa analizado procedente de Santa María de Xanza (Valga, Pontevedra), onde apreciamos a súa singularidade e a súa pegada no espazo e período de estudo.

Neste espazo litúrxico mertolense atopáronse varias pezas de mármore, todas elas decoradas con motivos que confirman a presenza cristiá no edificio: un fragmento cunha cruz patada inscrita nun círculo, parte dun pé de altar e unha placa de posible cancel, que analizaremos a continuación. Esta peza posúe a particularidade de conectar varias manifestacións artísticas galegas e portuguesas co relevo de Lantaño que analizaremos a continuación.

---

[446] Este batisterio ten unha piscina batismal octogonal. A escaseza desta forma no Mediterráneo (ducia e media, segundo Martins Lopes) é clave para a súa datación (dende o s. IV ao VII d.C.) e polo tanto para contextualizar os restos asociados.

[447] Farioli, R.: "Mosaici pavimentali dell'Alto Adriatico e dell'Africa Settentrionale in età bizantina" en *Antichità Altoadriatiche V (1974). Aquileia e l'Africa*, EUT Edizioni Università di Trieste, Trieste, 1974, pp. 285-302.

[448] López Pérez, I. P.: *Génesis y configuración iconográfica de los motivos ornalementales de la escultura arquitectónica de Mérida*, *siglos IV-IX*, Universidad Complutense, Madrid, p. 434.

[449] López Pérez, I. P.: *Génesis y configuración iconográfica de los motivos ornalementales de la escultura arquitectónica de Mérida*, *siglos IV-IX*, Universidad Complutense, Madrid, p. 434.

[450] En Galicia e norte de Portugal apareceron fragmentos de mosaicos con esta decoración. Por exemplo o aparecidos en Armañá (Lugo) ou Canelas e Tralhariz (Portugal). Acuña Castroviejo, F.: "Mosaicos romanos de Hispania Citerior, III. Conventus Bracarensis", en *Studia Archqeologica*, nº 3, Santiago de Compostela, 1974.

[451] López Pérez, I. P.: *Génesis y configuración iconográfica de los motivos ornalementales de la escultura arquitectónica de Mérida*, *siglos IV-IX*, Universidad Complutense, Madrid, p. 436.

4.1.5.1.b. O relevo do zoomorfo acompañado dunha árbore en San Pedro de Lantaño: posible persistencia de modelos iconográficos durante o altomedievo na Gallaecia.

Xa percibira Fontoira Surís que o tipo de árbore representado xunto co zoomorfo no sillar reutilizado no muro sur de San Pedro de Lantaño, cumpría as características dun modelo prerrománico. As formas vexetais utilizadas na decoración de calquera superficie e en calquera época son innumerables. No empero, cando as imaxes representadas comparten o mesmo grado de protagonismo, como é o caso que nos ocupa, os significados simbólicos tórnanse máis complexos. Neste apartado analizaremos algunhas pezas datadas entre os séculos V e IX, nas que se representa unha escena iconográfica moi concreta: a árbore da vida acompañada de figuración, tanto zoomorfa como antropomorfa. Este tema foi plasmado en época altomedieval, como evocación da idea do Paraíso Celestial. Trataremos de poñer exemplos concretos en relación co relevo de San Pedro de Lantaño (Portas, Pontevedra).

A placa de Mértola (Beja, Portugal)

A placa de Mértola é unha placa de mármore branco[452] (imaxe 77, figs. I e II) conservada no Museu Nacional de Arqueologia de Lisboa, aparecida no mencionado batisterio de Mértola[453], presenta tres das súas catro caras decoradas. Mide 1,17 cm de alto por 53 cm de ancho e 19 cm de grosor[454]. O motivo decorativo central representado, na súa cara máis ancha, é unha árbore da vida cuxas pólas cobren o fondo e, entre elas, un león e un touro (imaxe 77, fig. I), ademais doutros pequenos animais[455]. Nun lateral, un pé vexetal ramificado con follas nervadas e seos ben marcados, en cuxo centro hai unha xema con forma de gota. Nas caras laterais hai labrados senllos cántaros dos que saen unha vide con follas, acios e bacelos.

[452] Non se especifica en ningún estudio o tipo nin a procedencia do mármore.
[453] Mértola foi un enclave estratéxico de control do territorio moi significativo durante a romanidade e posteriormente durante a Alta Idade Media debido ao seu emprazamento. Desta cidade partían vías terrestres, fluvial e marítima das que saían e ás que chegaban gran fluido de mercadorías; xa Hidacio de Chaves falou da importancia do seu porto (Díaz, P. C.: *El reino suevo (411-585)*, Akal, 2011, p. 77-79).
[454] Información extraída de http://www.matriznet.dgpc.pt/MatrizNet/Objectos/ObjectosConsultar.aspx?IdReg=132751&EntSep=5#gotoPosition (consutado o 26/04/2019)
[455] Martins Lopes, V. A: *Mértola e o seu território na Antiguidade Tardia (século IV–VIII)*, Huelva, 2014, p. 655.

Imaxe 77: figs. I e II, dúas das caras da peza de Mértola. Na figura I marcados en vermello distínguense un touro(A), un león (B) afrontados ante un motivo vexetal. Tamén se ocultan algunhas aves (C). Fotografía tomada de http://www.matriznet.dgpc.pt/MatrizNet/Objectos/ObjectosConsultar.aspx?IdReg=132751&EntSep=5#gotoPosition, consultado o 26/04/2019); figs. III e IV, dúas das caras da placa de Amiadoso. Na III pódense recoñecer aves entre os motivos vexetais (D,E) e na IV, rodeada cun círculo vermello obsérvase a máscara (F). Fotografía tomada de Acuña Fernández, P. e Valle Pérez, J. C.: "Pilastra de Amiadoso", en *Galicia no tempo*, Exposición no Mosteiro de San Martiño Pinario, Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1991, p. 119.

Almeida atribúe esta peza ao século V, pero, a pesar da súa factura un tanto clasicista, en análises e estudos iconográficos posteriores realizados por Justino Maciel, levouse ao século VI, ao emparentalos con modelos ravenaicos empregados durante estes séculos, como a cadeira de marfil do bispo Maximiano de Rávena[456] (ano 547), de estilo de forte tradición helenística e en cuxo frontal están tallados os catro evanxelistas (imaxe 78). Interpreta, polo tanto, que no esquema da placa de Mértola existe o desexo de representar os atributos dos catro evanxelistas, xa que no contexto histórico no que está inmersa a Lusitania, a temática do tetramorfos goza de gran aceptación no ámbito relixioso. Este feito xustifícase, entre outras cousas, pola presenza do bispo Aprinxio de *Pax Iulia* que gobernaba a circunscrición eclesiástica do sur lusitano no século VI[457] e no seu *Tractatus in Apocalypsim* fala de "*quattuor animalia quattuor Euangelistarum est forma"*, que quere dicir que os catro viventes son a representación dos catro

[456] Martins Lopes, V. A: *Mértola e o seu território na Antiguidade Tardia (século IV–VIII)*, Huelva, 2014, p.565.
[457] Justino Maciel: "Um Signo do Tetramorfo na Antigüidade Tardía portuguesa" en *Revista da Faculdade de Ciências Sociais e Humanas/UNL*, 12, Lisboa, 1999, pp. 353-364.

evanxelistas, xa que, continúa explicando Maciel: "*(...) o primeiro vivinte, diz o Apocalipse, é como um leão (...), o segundo vivente, semelhante a um vitelo (...) o terceiro vivente tendo um rosto como que de homem (...) e o quarto vivente semelha uma águia voando*"[458].



Imaxe 78: Varios detalles de diferentes partes da cadeira de Maximiano en Rávena (Italia) http://algargosarte.blogspot.com/2014/11/escultura-y-marfiles-bizantinos-del.html (consultado o 28/04/2019). Obsérvese como o deseño vexetal dos paneis que rodean a imaxe dos evanxelistas é comparable coa peza de Mértola e Amiadoso.

Por outra banda, autores como Palol tamén dan conta de exemplos con esta fórmula compositiva de animais cuadrúpedes enfrontados a árbores da vida como o caso da capela de Teotocos da Memoria do Monte Nebo ou os mosaicos da basílica Mariana en Córsega, onde se enfrontan un boi e un león ante un epígrafe[459].

[458] Justino Maciel: "Um Signo do Tetramorfo na Antigüidade Tardía portuguesa" en *Revista da Faculdade de Ciências Sociais e Humanas/UNL*, 12, Lisboa, 1999, pp. 354.
[459] Martins Lopes, V. A: *Mértola e o seu território na Antiguidade Tardia (século IV–VIII)*, Huelva, 2014, p.566.

A placa e o capitel de Santo Adrián de Amiadoso (Allariz, Ourense)

Da ermida de Santo Adrián de Amiadoso en Allariz (Ourense) procede un elemento decorativo de mármore[460] moi similar á placa lusa[461] (imaxe 80). Os restos desta ermida ocupan apenas un espazo de cinco metros de muro[462], e atópanse no termo parroquial de San Martiño de Pazó (Allariz, Ourense). Foron vendidos polo bispo de Ourense en 1943 a un particular[463], que converteu o vestixio nun alpendre. De entre os perpiaños, escuadrados e asentados a óso[464], conservados deste templo prerrománico do século X[465], foron rescatados por Basilio Osaba, director naquel momento do museo de Ourense, tres bloques entre os que se atoparon dous con sendas cruces patadas cun alfa e omega, penduradas dos brazos curtos, inspiradas na anicónica Cruz dos Anxos, emblema dos monarcas ástures[466] e un fragmento de mármore interpretado como pilastra[467], xamba[468] ou como cancel[469] de cronoloxía anterior, que foi reutilizado posteriormente e que analizaremos deseguido.

Antes de proseguir con este fragmento de mármore queremos analizar unha peza tamén aparecida nunha casa particular do lugar de Amiadoso que cremos, polas súas características, que nos axuda a contextualizar mellor a placa da que estamos a falar. Trátase dun capitel de pilastra granítico (imaxe 79, fig. I) ao que se lle realizou un

[460] Segundo algúns autores labrado en mármore de O Incio, Lugo (González Soutelo, S. *et al.* : "La placa de Amiadoso (Allariz, Ourense): nuevos datos sobre el uso del mármol local en el noroeste de Hispania a partir de un estudio interdisciplinar" en *Espacio, Tiempo y Forma*, Serie: Prehistoria y Arqueología, núm. 9, 2016, p. 103).
[461] Núñez Rodríguez, M.: *Arquitectura prerrománica*, Santiago de Compostela, 1978, p. 99.
[462] Núñez Rodríguez, M.: *Arquitectura prerrománica*, Santiago de Compostela, 1978, p. 99.
[463] Freire Camaniel, J.: *Gallaecia. Antigüedad, intensidad y organización de su cristianismo (Siglos I-VII)*, Fundación Barrié, 2013, p. 787.
[464] Ata que novos estudios digan o contrario, a igrexa de San Martiño de Pazó sempre foi considerada unha construción realizada a óso ata que as análises realizadas por Sánchez Pardo descubriron morteiros orixinais de terra. Sánchez Pardo, J. C., Blanco Rotea, R. e Sanjurjo Sánchez, J.: "Tres arquitecturas altomedievales orensanas: Santa Eufemia de Ambía, San Xés de Francelos y San Martiño de Pazó", en *Arqueología de la Arquitectura*, nº 14, 2017, p. 26.
[465] Sánchez Pardo, J. C.: "El reuso e materiales y estructuras antiguas en las iglesias altomedievales de Galicia. Casos, problemas y motivaciones", en *Estudos do Quaternário*, 12, APEQ, Braga, 2015, pp. 95-110, p. 98.
[466] Bango Torviso, I.: *Alta Edad Media*, Silex, 1989, p. 34. Existen multitude de pezas en Galicia conesta tipoloxía de cruz; exemplos como os procedentes das Torres do Oeste (Catoira, Pontevedra), San Martiño de Churío (Irixoa, A Coruña) ou Santo Adrián de Amiadoso (Allariz, Ourense), entre outras. López Carreira, A.: *Artes e escritura na Galicia medieval (séculos VI-X),* Xerais, 2019, pp. 87-114.
[467] Núñez Rodríguez, M.: *Arquitectura prerrománica*, Santiago de Compostela, 1978, p. 99.
[468] Freire Camaniel, J.: *Gallaecia. Antigüedad, intensidad y organización de su cristianismo (Siglos I-VII)*, Fundación Barrié, 2013, p. 791.
[469] Freire Camaniel, J.: *Gallaecia. Antigüedad, intensidad y organización de su cristianismo (Siglos I-VII)*, Fundación Barrié, 2013, p. 789.

buraco de case 30 cm na parte superior[470]. O capitel, derivado do estilo corintio, mide 35 cm de alto, 43,5 cm de ancho de ábaco e 27 cm de diámetro inferior. Na súa base presenta un orificio. Este capitel, que puidemos ir visitar[471], está depositado no Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

O capitel, que estivo presente na coñecida exposición celebrada en Ourense, *In tempore Sueborum* , comisariada por López Quiroga e Martínez Tejera, posúe unha ficha propia, a nº 95 na páxina 159, dun catálogo publicado a partir do evento e coordinado polos mesmos autores[472]. Na ficha, realizada por Roberto Aneiros García, proponse unha cronoloxía entre os séculos IV-VI[473], período que englobaría a arte tardorromana e a realizada nunha primeira etapa do reinado suevo, fundamentada na evolución debilitada de formas tardorromanas. Na propia ficha do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, con número de inventario CE004159, propónselle un contexto cultural baixoimperial, datando o capitel entre os anos 301 e 500.

Este capitel está formado por dúas coroas de follas cuxas características formulacións lévannos a asocialas con aquela serie de pezas esparexidas entre o norte de Portugal e sur de Galicia. Grazas a excepcionalidade da labra dos lóbulos formando unha especie de sinxelo enroscamento (esquema da folla nº 21), podemos desenmascarar o posible taller, ou polo menos un modelo ou cartón utilizado por este. O capitel de Amiadoso estaría emparentado cos de Santa María do Souto (imaxe 79, fig. IV), depositado no Museo Pío XII, en Guimarães, ou un capitel de Meinedo (imaxe 79, fig. III), depositado no Museu de Etnografía e Historia de Douro Litoral, entre outros. Ambos están datados,

[470] Aneiros García deixa entrever que o buraco que presenta o capitel é debido a que un uso anterior ao de pía fose de morteiro, atestiguándose esta función en numerosos capiteis de época romana reaproveitados (Aneiros García, R.: "Capitel de Amiadoso", en *In Tempore Sueborum. El tiempo de los suevos en la Gallaecia (411-585). El primer reino medieval de Occidente*, Deputación Provincial de Ourense, 2017, p. 159). Non obstante, na ficha do Museo Provincial de Ourense dedicada a este capitel, aparece como posible reutilización a de pía, opción que consideramos máis problable como a única posibilidade xa que no fondo ten un orificio de desagüe, tal e como acontece coa maioritaria dos capiteis altomedievais galegos reutilizados en épocas posteriores . Se ben é certo que unha concavidade destas características realizada nun elemento de este tipo pode dar lugar a numerosos reempregos (pía de auga bendita, abrevadeiro de animais, morteiro, relicario, etc.)

[471] Queremos agradecer ao director do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, Julio Rodríguez, e ao personal que alí traballa (especialmente a Ana María Veiga e a Xosé Lois Méndez) a información proporcionada de todas e cada unha das pezas ás quixemos acceder para estudar e por todos os medios facilitados para poder facelo.

[472] López Quiroga, J. e Martínez Tejera, A. M. (coord.): *In Tempore Sueborum. El tiempo de los suevos en la Gallaecia (411-585). El primer reino medieval de Occidente*, Deputación Provincial de Ourense, 2017.

[473] Aneiros García, R.: "Capitel de Amiadoso", en *In Tempore Sueborum. El tiempo de los suevos en la Gallaecia (411-585). El primer reino medieval de Occidente*, Deputación Provincial de Ourense, 2017, p. 159.

sen dúbida[474], no século IX d. C., e segundo Manuel Luis Real, son froito da "necessidade de reorganizar o território e dinamizar o culto em centros religiosos que servissem de ajuda à monarquia e à colonización de novos espaços estratégicos[475]", por parte da sociedade astur-leonesa. No territorio galego debemos relacionar o capitel de Amiadoso con outro capitel "típicamente mozárabe"[476] aparecido na vila de San Martiño de Pazó[477](imaxe 79, fig. V), templo do que falaremos un pouco máis adiante por posuír outras pezas clave. Deste capitel, que posiblemente estea nos fondos do Museo Arqueolóxico de Ourense que non tivemos oportunidade de ver, posuímos un único documento gráfico. Nel podemos reparar, a pesar do deterioro da súa superficie, nas particularidades das formas envolventes e execución utilizadas antes mencionadas. A peza de Pazó tería unhas dimensións de 28 cm de altura, 45,2 cm de lado maior do ábaco e 28,5 cm de diámetro na súa base[478].

A reconstrución dos seus cálices, a partir dos modelos portugueses, xa que no de Amiadoso resultan case inapreciables, permítenos interpretar un elemento con forma de abano que parte dun sinxelo colariño. Esta contextura verémola nun fragmento de capitel reutilizado no cruceiro de Couso en Ponteareas (imaxe 88).

Os capiteis lusos, aos que nos acabamos de referir, forman un grupo ben definido dentro do distrito actual de Braga, que Filomena Limão no seu traballo sobre capiteis portugueses engloba nos xa vistos anteriormente como "capiteis do grupo bracarense (BCR)", onde se inclúen aquel aparecido na Casa solarenga do Campo das Carvalheiras en Braga, asociado ao da igrexa do Pinheiro en Guimarães ou o de Chaves, modelos que se compararon co de Santa María de Xanza, Valga (Pontevedra), San Xoán de Panxón (Nigrán, Pontevedra) ou San Xoán de Cabeiro (Redondela, Pontevedra).

[474] Luis Real, M.: "A escultura decorativa em Portugal: o grupo "portucalense"", en *Escultura decorativa tardorromana y altomedieval en la Península Ibérica*, Archivo Español de Arqueología, Consejo Superior de Investigaciones Científicas, XLI, 2007, p.133-170, pp. 152.
[475] Luis Real, M.: "A escultura decorativa em Portugal: o grupo "portucalense"", en *Escultura decorativa tardorromana y altomedieval en la Península Ibérica*, Archivo Español de Arqueología, Consejo Superior de Investigaciones Científicas, XLI, 2007, p.133-170, p. 152.
[476] Lorenzo Fernández, J.: "La iglesia prerrománica de San Martiño de Pazó", en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, t. XX, nº 61, Santiago de Compostela, 1965, pp.180-192. p. 189.
[477] Segundo Joaquín Lorenzo Fernández o capitel se estaba reutilizando como pía para dar de beber ao gando nunha casa particular, procedería do templo de San Martiño. Foi rescatado e levado a Allariz.
[478] Lorenzo Fernández, J.: "La iglesia prerrománica de San Martiño de Pazó", en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, T. 20, nº 61, Santiago de Compostela, 1965, pp. 180-192. p. 189.



Imaxe 79: fig. I, capitel atribuído ao templo de Santo Adrián de Amiadoso (Allariz, Ourense) (fotografía da autora, 31/05/2018); fig. II, detalle das follas e dun caulículo do capitel atribuído a Santo Adrián de Amiadoso (Allariz, Ourense) (fotografía da autora 31/05/2018); fig. III, capitel de Meinedo, Portugal (imaxe tomada de Luis Real, M.: "A escultura decorativa em Portugal: o grupo portucalense", en *Escultura decorativa tardorromana y altomedieval en la Península Ibérica*, Anejos de AEspA, XLI, p. 150); fig. IV, capitel de Santa María do Souto (Guimarães, Portugal) (imaxe tomada de Luis Real, M.: "A escultura decorativa em Portugal: o grupo portucalense", en *Escultura decorativa tardorromana y altomedieval en la Península Ibérica*, Anejos de AEspA, XLI, p. 149; fig. V, detalle dun capitel atopado en San Martiño de Pazó (Allariz, Ourense) en paradoiro descoñecido (imaxe tomada de Lorenzo Fernández, J.: "La iglesia prerrománica de San Martiño de Pazó", en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, t. XX, nº 61, Santiago de Compostela, 1965, p. 189); fig. VI, capitel da igrexa de Pinheiro (Guimarães, Portugal) (imaxe tomada de López Coelho, F.: *Capiteis da Antiguidade tardia em Portugal (séculos III/IV-VIII*), Universidade de Lisboa, 2010, p. 378).

Estes capiteis, na súa maioría, estarían realizados, cremos, entre os séculos IX-X, xa que polo menos os capiteis correspondentes ás figuras I, II, IV e V da imaxe 79 están formulados a partir dun mesmo cartón, cuxo substrato podería ser mozárabe.

Voltemos de novo á placa de Amiadoso; mide 49 cm de ancho por 65 cm de alto e 15 cm de grosor[479]. Está decorada polas seis caras. Podemos comprobar na imaxe 80 que todas presentan decoracións vexetalistas, realizadas en diferentes momentos cronolóxicos dadas as diferenzas de estilo nos deseños e nas técnicas de labra. Nunha das caras, a 3, descubrimos unha imaxe con dúas figuras antropomorfas rodeada dunha cenefa vexetal que coincide co estilo das caras 5 e 6. Segundo os diferentes autores

[479]Acuña Fernández. P. e Valle Pérez J. C.: "Pilastra de Amiadoso", en *Galicia no tempo*, Exposición en el Monasterio de San Martiño Pinario, Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1991, p. 119.

consultados, estas tres caras (3, 5 e 6) serían relabradas no século IX-X d. C., data que coincidiría coas pezas altomedievais atopadas en Santo Adrián de Amiadoso e San Martiño de Pazó. Entre as caras 4 e 5 apreciase unha fractura. O feito de que a cara 5 estea modificada posteriormente podería ser indicio de que a peza, no seu estado inicial, puido ter un tamaño maior, se temos en conta que o debuxo das laterais (caras 1 e 2) está interrompido. Ao igual que ocorre coa peza de Mértola, a cara 1 ostenta un reberete que rodea un motivo vexetal con follas nervadas e seos a trépano, cun elemento central a modo de gota que podería ser o botón dunha flor de acanto[480]; na cara 2 hai un *cantarus* do que sae unha planta de vide con follas e acios entre os que se pode distinguir unha máscara de perfil (imaxe 80, fig. 2), particularidade que non se aprecia na placa portuguesa; a cara 4 parece ter sido borrada, pero se intúe unha decoración parecida.

Imaxe 80: As seis caras da placa de Amiadoso. Fig. 1, 2 e 4, caras labradas entre os séculos II-VI d.C.; fig. 3, 5 e 6, caras labradas posteriormente, posiblemente entre os séculos IX e X d.C. (Acuña Fernández, P e Valle Pérez, C.:"Pilastra de Amiadoso", en *Galicia no tempo*, Exposición en el Monasterio de San Martiño Pinario, Santiago de Compostela, 1991, p. 119; González Soutelo, S.: "La placa de Amiadoso (Allariz, Ourense)", en *Espacio, Tiempo y Forma*, Serie: Prehistoria y Arqueología, nº 9, 2016, p. 107).

[480] González Soutelo, S.: "La placa de Amiadoso (Allariz, Ourense)", en *Espacio, Tiempo y Forma*, Serie: Prehistoria y Arqueología, nº 9, 2016, p. 103.

Para a placa de Amiadoso existen varias interpretacións como elemento arquitectónico-decorativo. Foi interpretada como parte dunha pilastra, xamba ou cancel, relacionados cun mausoleo paleocristián. Pola súa profusa decoración vexetalista e manifestamente clásica, para as caras 1 e 2 proponse unha cronoloxía tardorromana (século IV d.C.)[481], pero se consideramos que a peza de Amiadoso é parella da de Mértola, teríamos que reconsiderar as cronoloxías propostas de ambas pezas. Podería ter existido na parte perdida da placa de Amiadoso unha representación de zoomorfos enfrontados e unha árbore da vida como ocorre na de Mértola?

Analicemos a cara onde se representan as dúas figuras enfrontadas. Parecen ataviadas con roupas longas e á esquerda asoma o esbozo dunha árbore, posiblemente a da vida, novamente como elemento representativo que acompaña na escena ás figuras. A escena está enmarcada por un reberete ondulado do que parten follas de hedra, tal vez querendo emular rudamente os adornos vexetais da súa cara posterior. A técnica de labra deste adorno aproxímase á utilizada nos capiteis anteriormente mencionados (imaxe 79, figs. I, II, III, IV e V), polo que, se cancel e capiteis son contemporáneos, poderíamos deducir que os escultores de capiteis non realizaban exclusivamente este tipo de pezas.

O relevo de Amiadoso ten varias lecturas iconográficas: ofrenda dunha igrexa, Ascensión de Cristo, unha escena protagonizada pola Virxe María[482]. Sen entrar en análises realmente profundas sobre a posible interpretación da imaxe, interésanos remarcar dúas cuestións. En primeiro lugar, a actitude das figuras que parecen enfrontadas nun intento de perspectiva: a da dereita parece estar sustentando algo a modo de ofrenda, pois ten os brazos dobrados polos cóbados e os antebrazos cara arriba; o personaxe da esquerda parece levantar os brazos cara o ceo en actitude orante (xesto a destacar que veremos repetido noutras pezas). En segundo lugar, a representación do motivo vexetal, que aparece sendo case tan protagonista como as figuras, xa que o seu significado non se ve alterado, sexa cal sexa a lectura da escena.

[481] Núñez Rodríguez, M.: *Arquitectura prerrománica*, Santiago de Compostela, 1978, p. 99; González Soutelo, S.: "La placa de Amiadoso (Allariz, Ourense)" en *Espacio, Tiempo y Forma*, Serie: Prehistoria y Arqueología, nº 9, 2016, p. 107.
[482] González Soutelo, S.: "La placa de Amiadoso (Allariz, Ourense)", en *Espacio, Tiempo y Forma*, Serie: Prehistoria y Arqueología, nº 9, 2016, p. 108.



Imaxe 81: Detalle de dúas das caras do bloque procedente de Santo Adrián de Amiadoso (San Martiño de Pazó, Allariz, Ourense). Dentro do recadro vermello sinálase a árbore representada. Imaxe tomada de López Quiroga, J. e Martínez Tejera, A. M. (coords.): *In tempore sueborum. El tiempo de los suevos en la Gallaecia. El primer reino medieval de Occidente*, Deputación Provincial de Ourense, 2017, p. 158. Acuña Fernández, P e Valle Pérez, C.:" Pilastra de Amiadoso", en *Galicia no tempo*, Exposición en el Monasterio de San Martiño Pinario, Santiago de Compostela, 1991, p. 119.)

A árbore aparece unha e outra vez na arte cristiá expresando os seus propios conceptos relixiosos: resurrección e triunfo sobre a morte. Consecuentemente, os usos de determinados símbolos con significados moi concretos, como a árbore da vida (representado moitas veces como a palmeta), perviviu durante séculos.

Retomemos de novo a análise do relevo de San Pedro de Lantaño (Portas, Pontevedra). Resulta difícil chegar a unha conclusión firme do representado, tendo en conta tamén o erosionada que está a peza e a "rudeza" do escultor. Se ben é certo que as súas aptitudes non son de todo ineficientes, é innegable que o artífice dificilmente –aínda que non é imposible– tivo un león diante, pero cabalos moi probablemente si, polo que tal vez tivese que reproducir o que se lle exixiu baseándose en referencias. O certo é que o naturalismo e a fidelidade ao modelo neste caso é deixado a un lado en beneficio da significación.

A realidade é que da Galicia tardorromana e Altomedieval conservamos poucos relevos con zoomorfos, pero sempre ocupan posicións clave dentro dos lugares onde foron atopados, todos eles en contexto relixioso, habitualmente igrexas e sempre preto da

ábsida. Como exemplos temos o relevo que aparece enriba da imposta do arco de entrada a ábsida da igrexa de San Antolín de Toques en Santa María da Capela, Toques (A Coruña), edificio no que se representan, por certo, abundantes palmetas[483] no seu beirado; ou a imposta que percorre a ábsida de Santo André das Nogais en As Nogais (Lugo).

4.1.5.2. Comparativa da peza de San Pedro de Lantaño cun capitel de imposta procedente de San Martiño de Vila Mou, Viana do Castelo (Portugal).

Da parroquia de San Martiño de Vila Mou (Viana do Castelo, Portugal) proceden varios elementos arquitectónicos con decoración atopados durante as obras de recuperación da igrexa[484]. Entre eles, unha ara romana dedicada a Xúpiter e un sillar decorado de características similares á peza do zoomorfo labrado no perpiaño de San Pedro de Lantaño (Portas, Pontevedra). O resto son capiteis que tamén presentan certas conexións espaciais, simbólicas e estéticas coas pezas do noso estudo, que comentaremos.

Para introducir este lugar diremos que San Martiño de Vila Mou, en Viana do Castelo, no norte de Portugal, menciónase nun documento no que consta que o conde Paio Bermudes, entre os anos 866 e 910 (durante o reinado de Ordoño II) tomou por presura Vila Mou, fundando alí o Mosteiro de San Salvador da Torre[485]. A igrexa foi destruída polos normandos no século XI[486] e a actual foi restaurada en 1892, data na que se descubriron uns capiteis altomedievais que Luis Figueirido da Guerra depositou no Museo Municipal de Viana (Portugal) [487].

A peza que pretendemos emparentar coa de Lantaño é un capitel granítico de imposta onde aparece, na súa cara principal, a figura do que asemella ser un cabalo, presentando

[483] Decoración que pervive na arte visigoda, islámica e asturiana que tamén aparecen no cancel de Saamasas, Lugo; San Fructuoso de Montelios (Braga, Portugal) ou San Martiño de Mondoñedo (Lugo). Pita Andrade, J. M: "Observaciones sobre la decoración vegetal en el Románico de Galicia", en *Abrente, Revista de la Real Academia de Bellas Artes de Nuesta señora del Rosario*, nº 1, A Coruña, 1969, pp. 86-108.
[484] Laranjeira Brochado, C. L.: *Povoamento Tardo-Romano e Altimedieval na Bacia Terminal do Río Lima (séculos IV-XI)*, Porto, 2004, p. 202.
[485] https://digitarq.advct.arquivos.pt/ (consultado o 29/01/2019)
[486] Laranjeira Brochado, C. L.: *Povoamento Tardo-Romano e Altimedieval na Bacia Terminal do Río Lima (séculos IV-XI)*, Porto, 2004, p. 204.
[487] Intentamos poñernos en contacto co Museo de Viana do Castelo, pero non tivemos resposta. Esperamos poder en persona algún día.

na súa illarga o que Ferreira de Almeida descifra como unha folla de vide[488]. Fagamos memoria e vexamos que o animal de San Pedro de Lantaño conserva restos deteriorados dalgún motivo, posiblemente ornamental, que noutrora puido tamén ser unha folla ou outro adorno.



Imaxe 82: fig. I, San Pedro de Lantaño (Valga, Pontevedra)(fotografía da autora 10/09/2019), nun círculos vermellos de trazo descontinuo sinalamos a marca que posúe o animal na illarga, casualmente o zoomorfo da figura II, procedente de Vila Mou (Viana do Castelo, Portugal) (fotografía tomada de Ferreira de Almeida. C.A.: *Historia da Arte em Portugal*. Arte da Alta Idade Media, Publicações Alfa, vol, 2, 1993, p. 150) tamén posúe unha marca (con forma de folla) que se aprecia máis claramente; fig. III, capitel aparecido xunto co anterior nos restos da igrexa de Vila Mou (Viana do Castelo, Portugal) (fotografía tomada de Ferreira de Almeida. C.A.: Historia da Arte em Portugal. Arte da Alta Idade Media, Publicações Alfa, vol, 2, 1993, p. 150), onde se representa un orante que marcamos dentro dun recadro vermello; fig. IV, anverso e reverso da estela atopada en Mougás (fotografía tomada de Martínez Tamuxe, X.: *Revista do Museo y Archivo Histórico diocesano de Tui*, nº 1, 1975, Lám. III).

Certamente, o significado destes elementos que aparecen nas illargas dos animais resúltanos complicado de interpretar. É moi posible que teñan unha lectura simbólica, como ocorre no caso da representación das árbores da vida. Con todo non podemos prescindir de facer algún comentario ao respecto sobre estes sinais, tendo en conta o contexto no que se atopan, eminentemente rural e, sobre todo, o lugar que ocupan nos corpos dos animais. Non podemos evitar lembrarnos, ao ver estas follas labradas nas ancas dos zoomorfos, das marcas a lume que se lles gravan nos coiros ás bestas salvaxes que viven nos montes galegos, comparables ás marcas de canteiro[489]. As marcas facíanse, e séguense facendo, para distinguir ao lonxe os cabalos en propiedade de

[488] Ferreira de Almeida, C. A.: *Historia da Arte em Portugal. Arte da Alta Idade Media*, vol, 2, Publicaçoes Alfa, Lisboa, 1986, p. 150.
[489] Manso, X.: "Equus ferus Atlanticus. As burras da Serra da Groba", en *Revista de Estudos Miñoráns*, nº 14-15, 2016, p. 122.

determinadas familias[490]. Pode que, noutrora, certas elites pretendesen deixar constancia en pedra de ata onde chegaban as súas posesións, utilizando elementos simbólicos como o da marca nas illargas do cabalo nas pezas que estamos a tratar. Sen entrar, como dixemos, na exexese das imaxes, podemos imaxinar que os modelos dos artistas ben puideron ter sido, como antes apuntabamos, os cabalos que vivían nos montes próximos.

En canto á función do perpiaño de San Pedro de Lantaño (imaxe 82, fig. I), observamos que a disposición do animal, dentro da peza, coincide co representado en Vila Mou (imaxe 82, fig. II), ambas en sentido horizontal, só variando na dirección (o de Lantaño mira cara a dereita e o de Vila Mou cara a esquerda); polo tanto, a peza de Lantaño podería considerarse tamén un capitel de imposta[491], que serviría para soportar, por exemplo, o arco absidal dunha construción anterior. En canto á cronoloxía das pezas, a portuguesa remóntase, como xa dixemos, ao século IX-X d. C., data na que tamén poderíamos aloxar a nosa peza grazas ao documento de 956.

O capitel de imposta portugués é compañeiro doutras pezas, todas de granito; destacaremos un capitel de pilastra que representa na súa cara frontal un círculo no que se inscribe o torso dunha figura cos brazos levantados (imaxe 82, fig. III) e media ducia de capiteis de tradición corintia. Se ben é certo que os capiteis corintios atopados en Vila de Mou, como acabamos de dicir, son graníticos, non deixa de ser curiosa a concepción das súas follas, nas que lembremos que se poden intuír estándares de nervaduras mozarabizantes[492] que xa comparáramos con SET05 e con outros procedentes da basílica de Afonso III en Oviedo, Asturias (imaxe 44, fig. II)).

A representación da figura do orante, que acabamos de describir no relevo do capitel de Vila Mou (Portugal) e a de Santo Adrián de Amiadoso, podémola ver repetida en diversos e exclusivos exemplos coñecidos atopados na actual Galicia e norte de Portugal.

[490] Feito que pervive hoxe en días, dende a Antigüidade, e se convertíu nun importante patrimonio natural e etnográfico. Manso, X.: "Equus ferus Atlanticus. As burras da Serra da Groba", en *Revista de Estudos Miñoráns*, nº 14-15, pp. 107-135.
[491] Laranjeira Brochado, C. L.: *Povoamento Tardo-Romano e Altimedieval na Bacia Terminal do Río Lima (séculos IV-XI)*, Porto, 2004, p. 202.
[492] Luis Real, M.: "A escultura decorativa em Portugal: o grupo "portucalense"", en *Anejos de AEspA*, XLI, 2006, p. 160, fig. 149.

4.1.5.2.a. Relevo de San Martiño de Pazó (Allariz, Ourense)

Neste punto da análise debemos retomar o triángulo Lantaño-Amiadoso-Braga xa que queremos introducir outra peza que pode formar parte desta rede de evidencias que comparten dalgún xeito elementos formais, técnicos e iconográficos. Introduciremos un relevo procedente da igrexa de San Martiño de Pazó, Allariz (Ourense) (imaxe 83, fig. IV), da que antes mencionábamos un capitel, que dista menos de un quilómetro de Santo Adrián de Amiadoso. O deseño está labrado nun bloque de granito, e ademais este reúne todas as características dun capitel de imposta.

Introduciremos brevemente a igrexa de San Martiño de Pazó, dicindo que é un exemplo de fábrica rural localizada en dominios agrarios[493], pertencentes a familias da aristocracia asturleonesas[494] que construíron en época prerrománica o mosteiro antigamente chamado Palatiolo[495]. A fonte máis antiga que documenta este templo é unha escritura de doazón do 1 de outubro do ano 982[496] na que se fai referencia a Guntroda Gutierrez como herdeira. O edificio responde estruturalmente a un esquema sinxelo de planta rectangular, de nave e cabeceira única[497]. Sufriu abundantes reformas, sobre todo entre os séculos XVIII e XX. Núñez, na súa tese sobre Arquitectura Prerrománica, engloba a San Martiño de Pazó, ao igual que Santo Adrián de Amiadoso, dentro do prototipo de igrexa fundada en Galicia con pasado visigodo[498]. Observaría dúas fases construtivas ben diferenciadas no paramento da edificación; unha correspondente ao século VII d. C. e outra posterior, do século X, que respondería a unha restauración realizada polos seus propietario, o conde Gutier Osorio e a súa muller, Ildoncia, pais de Guntroda. O resultado desta rehabilitación sería un edificio de vocabulario mozárabe, cuxo distintivo quedaría reflectido en dous arcos de ferradura con alfiz, de gusto leonés e cordobés[499]. Agora ben, investigacións recentes[500], propoñen

[493] Núñez Rodríguez, M..: *Arquitectura Prerrománica*, Santiago de Compostela, 1978, p. 246 e ss.
[494] Sánchez-Pardo, J.C. (et al.).: "Élites, arquitectura y fundación de iglesias en Galicia entre los siglos IX y X" en *Reti Medievali Rivista*, 19, 2, 2018, pp. 311-366, p. 319.
[495] Freire Camaniel, J.: *El monacato gallego en la Alta Edad Media*, Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña, 1998, pp. 821..
[496] Núñez Rodríguez, M.: *Arquitectura Prerrománica*, Santiago de Compostela, 1978, p. 247.
[497] Núñez Rodríguez, M.: *Arquitectura Prerrománica*, Santiago de Compostela, 1978, p. 246.
[498] Núñez de feito fai unha advertencia en relación ao aparello disposto en soga e tizón, disposición que considera exclusiva da arquitectura visigoda (Núñez Rodríguez, M..: *Arquitectura Prerrománica*, Santiago de Compostela, 1978, p. 248). Con todo, os resultados da datación dos morteiros utilizados na unión destes aparellos dou como resultado século X. Isto indicaría unha continuación durante séculos desta técnica de disposición de blocos nas construcións.
[499] Sánchez-Pardo, J.C., Torre Llorca, M. J. e Fernández Ferreiro, M.: "Élites, arquitectura y fundación de iglesias en Galicia entre los siglos IX y X" en *Reti Medievali Rivista*, 19, 2, 2018, p. 318.

que a totalidade dos vestixios pertencen a un único momento, verificándoo grazas ao estudo estratigráfico e a datación dos muros mediante radio-carbono. A explicación que se lle dá ás distintas tipoloxías de perpiaños, que conforman a construción, estaría na existencia de dous talleres que traballarían conxuntamente ao pé dunha obra[501] que posiblemente foi fundada por Guntroda[502]. Desta igrexa de San Martiño de Pazó (Allariz, Ourense) proceden dúas pezas; unha delas xa comentada, aquel capitel corintio tan erosionado, emparentado con capiteis bracarenses; a outra un capitel imposta que analizaremos a continuación.

O capitel imposta de San Martiño de Pazó é un bloque de 22 cm de alto, 37 cm de longo e 17 cm de anchura. Está decorado por dúas caras que ofrecen baixorelevos enmarcados[503]. Na cara principal labrouse unha figura antropomorfa que viste unha roupa longa plisada, moi parecida ás que levan as figuras do relevo de Santo Adrián de Amiadoso. A figura ten os brazos levantados e as palmas das mans abertas, en actitude orante, como a de Amiadoso. No lado esquerdo da figura hai un motivo vexetal; unha especie de palma paralelinervada cun groso ápice. Este motivo se interpreta como a representación da xa mencionada árbore da vida, aquela que aparece no relevo de San Pedro de Lantaño (Portas, Pontevedra) e noutros elementos presentados neste traballo.

Observamos que existen unha serie de pezas no sur da *Gallaecia*, dalgún xeito conectadas entre si, cuxos nexos son outras pezas, provenientes de contextos relixiosos e de cronoloxía máis ou menos aproximada, nas que vemos representada a árbore da vida acompañada de figuración. No exemplo de San Martiño de Pazó (Allariz, Ourense) aparece unha figura antropomorfa, o que nos invita a considerar outra das representacións iconográficas interesantes e exclusivas do noroeste peninsular, o orante. Esta reprodución iconográfica esténdese ás tapas de sartego considerados "de estola",

[500] Estudios realizados por Sánchez Pardo, Blanco Rotea e Sanjurjo Sánchez no marco do proxecto EMCHAHE. Sánchez Pardo, J.C., Blanco Rotea, R. e Sanjurjo Sánchez, J.: "Tres arquitecturas altomedievales orensanas: Santa Eufemia de Ambía, San Xes de Francelos e San Martiño de Pazó", en *Arqueología de la Arquitectura*, nº 14, 2017, pp.

[501] Sánchez-Pardo, J.C. (et al.).: "Élites, arquitectura y fundación de iglesias en Galicia entre los siglos IX y X" en *Reti Medievali Rivista*, 19, 2, 2018, p. 319.

[502] Sánchez Pardo, J.C., Blanco Rotea, R. e Sanjurjo Sánchez, J.: "Tres arquitecturas altomedievales orensanas: Santa Eufemia de Ambía, San Xes de Francelos e San Martiño de Pazó", en Arqueología de la Arquitectura, nº 14, 2017, pp. 319.

[503] Barriocanal López, Y.: "Relevo de Pazó", en *Galicia no Tempo*, Catálogo da Exposición, Santiago de Compostela, 1991, p. 180.

cuxo marco cronolóxico aínda se cuestiona, abranguendo dende o século V ao XI[504]. O que resulta evidente é a creación[505] e utilización dun símbolo, o orante, como recurso para uniformizar o xeito de canalizar o diálogo con Deus dos practicantes durante a liturxia en época tardoantiga e altomedieval na *Gallaecia*, e que se plasmou en multitude de soportes como se de un pictograma pétreo se tratase. Esta proposta é a que levamos á peza seguinte, interpretada historiograficamente como un crucificado[506].

4.1.5.2.b. O disco de Santa Uxía de Mougás, crucificado ou orante?

Falamos dunha peza pétrea, circular, atopada por Xoán Martínez González (Tamuxe)[507] e estudada por el mesmo (imaxe 83, fig. I). Foi depositada no Museo Diocesano de Tui en data da súa fundación, 1974, e procedente do adro da igrexa de Santa Uxía de Mougás (Oia, Pontevedra) na actual diocese de Tui-Vigo, preto do Mosteiro de Oia. Ata o propio ano do seu depósito no museo, a peza con forma de disco estivo colocada no adro da igrexa de Santa Uxía de Mougás xunto con outra, de dimensións e feitura similar, que hoxe debería continuar alí[508]; esta presenta gravados no seu interior dous círculos concéntricos que Tamuxe interpreta como símbolos prerromanos que representan divindades solares[509] (imaxe 84, fig. I). Ambos discos coincidirían nas medidas, 42cm de diámetro e 11 cm de ancho[510].

[504] Hai autores que manteñen que son de época suevo-visigótica (séculos VI-VII), López Quiroga; outros manteñen que son máis recentes (séculos IX-XI) Barroca, M: "Un templo Pré-Românico-A igreja velha de Mondim (Panque, Barcelos)", en *Revista da Faculdade de Letras,* Historia, nº 3, pp 200-290, p. 286 - 287.

[505] López Quiroga, J.: "Las laudas funerarias con la representación del orante y la estola. Élites eclesiásticas, jerarquía y terrotorio en la Gallaecia tardo-antigua", en *In Tempore Sueborum. El tiempo de los suevos en la Gallaecia (411-585). El primer reino medieval de Occidente*, Volumen de Estudios, Deputación Provincial de Ourense, 2017, pp. 461-468, p.

[506] Martínez Tamuxe, X.: *Cruceiros, cruces e almiñas do Baixo Miño*, II, Concello de Oia, 2018, pp. 108-109, p. 109

[507] A quen queremos agradecerlle a información que nos falicitou para a elaboración deste apartado e a súa preocupación por este traballo.

[508] Non tivemos a oportunidade de visitar esta igrexa.

[509] Martínez González, X.: *Cruceiros, cruces e almiñas do Baixo Miño. II*, Concello de Oia, 2018, p. 108.

[510] Martínez González, X.: *Cruceiros, cruces e almiñas do Baixo Miño. II*, Concello de Oia, 2018, pp. 108-109.



Imaxe 83: fig. I, Estela de Mougás, depositada no Museo Diocesano de Tui (fotografía cedida pola profesora Marta Cendón Fernández); fig. II, capitel aparecido entre os restos da igrexa de Vila Mou (Viana do Castelo, Portugal) (fotografía tomada de Ferreira de Almeida. C.A.: *Historia da Arte em Portugal. Arte da Alta Idade Media*, Publicações Alfa, vol, 2, 1993, p. 150); fig. III, detalle da cara do bloque procedente de Santo Adrián de Amiadoso (San Martiño de Pazó, Allariz, Ourense), onde se representan dúas imaxes, a da esquerda posiblemente en posición orante. Imaxe tomada de López Quiroga, J. e Martínez Tejera, A. M. (coords.): *In tempore sueborum. El tiempo de los suevos en la Gallaecia. El primer reino medieval de Occidente*, Deputación Provincial de Ourense, 2017, p. 158; fig. IV, capitel imposta procedente de San Martiño de Pazó, onde se representa, á dereita unha árbore da vida e, á esquerda, unha figura antropomorfa en postura orante coas mans alzadas (fotografía cedida polo Museo Arqueolóxico de Ourense); fig. V, tampa de sartego procedente de Santa María de Cruces (Padrón, A Coruña) onde se representa con enorme esquematismo unha figura orante na que se prostran outras dúas orantes aos lados sobre a principal (fotografía tomada de López Quiroga, J.: "Las laudas funerarias con la representación del orante y la estola. Élites eclesiásticas, jerarquía y territorio en la Gallaecia tardo-antigua", en *In Tempore sueborum.El tiempo de los suevos en la Gallaecia (411-585). El primer reino medieval de Occidente*, Volumen de Estudios, Servicio de Publicaciones de la Diputación Provincial de Ourense, Ourense, 2018, pp. 461-468, p. 466.

O disco depositado no Museo Diocesano de Tui presenta elementos decorativos por ambas caras (imaxe 84, fig. II e III). Unha delas contén no centro, non con demasiada regularidade, unha especie de tetrafolia, cuxos pétalos foron perforados moi fondamente, inscrita nun círculo; en algo menos de medio tramo da coroa circular restante hai labrado un epígrafe que Xoán Tamuxe interpreta os seguintes caracteres: R+T SPIXIT (imaxe 4, fig. III). Ao igual que ocorre co resto de epígrafes atopados e recollidos neste traballo esperamos que algún día un especialista revise a peza para poder decodificar o significado.

Imaxe 84: fig. I, un dos discos no exterior da igrexa de Santa Uxía de Mougás que posúe círculos concéntricos na cara visible da imaxe (fotografía tomada de Martínez Tamuxe, X. : *Cruceiros, cruces e almiñas do Baixo Miño*, II, Concello de Oia, 2018, pp. 108-109, p. 109; figs. II e III, correspóndense ás dúas caras do outro disco, depositado no Museo Diocesano de Tui. Na cara da fig. II aparece a figura antropomorfa e na fig. III unha tetrafolia e un epígrafe (fotografía cedida pola profesora Marta Cendón).

Pola cara anversa está representado o relevo dunha figura antropomorfa de medio corpo. Unha especie de torso con forma de *tau* sobre a que ten unha bola que fai de cabeza. Este torso está rodeado por unha moldura que se entende como a cruz do crucificado. Sen negar a teoría exposta por Tamuxe, a teor doutros elementos pétreos con este tipo de representación, ou cando menos parecida, como é o caso do capitel de imposta de Vila Mou en Viana do Castelo (Portugal) (imaxe 83, fig. II), cremos que esta representación podería pertencer a un orante, actitude que se practicaría en *Gallaecia* polo menos dende o I Concilio de Braga, en 561, na que "a imposicións de mans sería utilizada como disciplina penitencial"[511]. Sería unha das prácticas litúrxico-rituais que persisten durante moitos séculos, polo menos ata o XI.

En canto á explicación da posible cruz sobre a que está o crucificado, pola nosa parte, é preciso dicir que quizais se trate da representación dun soporte utilizado durante o ritual na liturxia cristiá nas regras monásticas de Oriente e Occidente, no que o xesto de pregaria facíase de pe cos brazos estendidos sobre un soporte chamado *cambutae*. Precisamente este elemento, utilizado dende os primeiros cristiáns ata o século XI. Polo menos neste século recomendábase deterse na postura de loanza durante a salmodia[512]. O sustentáculo eran de madeira e lembraban a Cristo na Cruz[513] tomando, polo tanto, forma de *tau*, forma á que se adaptou o medio torso esculpido na peza de Mougás- e axudaba ao practicante a non sufrir a ríxida postura durante a liturxia, descansando o corpo, que sempre estaba en pé, neste instrumento que se unía aos bancos do coro[514].

[511] Núñez Rodríguez, M.: *Arquitectura Prerrománica*, Santiago de Compostela, 1978, p. 33.
[512] Gréa, A.: La Sainte Liturgie, Maison de la Bonne Presse, Paris, 1909, p. 26-27.
[513] Gréa, A.: La Sainte Liturgie, Maison de la Bonne Presse, Paris, 1909, p. 27.
[514] Righetti, M.: *Historia de la Liturgia*, Tomo I, Biblioteca de Autores Cristianos, 2013, p. 128.

4.1.5.3. Perpiaño con flor de lis.

O outro perpiaño con decoración (imaxe 71, fig. II) que puidemos ver no interior de San Pedro de Lantaño, Portas (Pontevedra), presenta se cabe maior dificultade de interpretación, a pesar de sinxeleza do adorno. A esta peza chamarémola LAN02. Trátase dun bloque rectangular dividido en tres bandas horizontais do mesmo tamaño; as dúas dos extremos lisas, e a central cunha lixeira concavidade e no centro o que parece unha flor de lis co estigma central apuntado e os laterais cos extremos apuntados cunha leve curvatura cara fóra. No borde esquerdo, as bandas dos extremos únense na central mediante un elemento pouco marcado que non somos capaces de distinguir. Formularemos a posibilidade de que sexa un elemento contemporáneo á peza do relevo con zoomorfo, tomando como referencia pezas nas cales aparecen flores de lis sincrónicas a outras pezas, dado que o altomedievo foi un dos períodos onde maior profusión tivo este motivo, pese a que na *Gallaecia* apenas se utilizou, ao contrario que noutras áreas do noroeste peninsular.

Imaxe 85: fig. I, capitel procedente de S. João da Ponte (Braga). No recadro vermello sinálase unha flor de lis (fotografía tomada de Luis Real, M.: "A escultura decorativa em Portugal: o grupo portucalense", en *Escultura decorativa tardorromana y altomedieval en la Península Ibérica*, Anejos de AEspA, XLI, p. 143); fig. II, detalle dun friso en S. Torcato (Guimarães, Portugal) (fotografía tomada de Luis Real, M.: "A escultura decorativa em Portugal: o grupo portucalense", en *Escultura decorativa tardorromana y altomedieval en la Península Ibérica*, Anejos de AEspA, XLI, p. 163); fig. III, detalle de friso procedente de S. Frutuoso de Montelios (Braga, Portugal) (fotografía tomada de Luis Real, M.: "A escultura decorativa em Portugal: o grupo portucalense", en *Escultura decorativa tardorromana y altomedieval en la Península Ibérica*, Anejos de AEspA, XLI, p. 160); fig. IV, detalle do cancel procedente de Santiago de As Saamasas (Lugo) (fotografía tomada de Núñez Rodríguez, M.: *Arquitectura prerrománica*, 1978, p. 77).

A primeira peza onde apreciamos unha flor de lis é un capitel corintio do século IX-X[515], procedente das ruínas do S. João da Ponte (Braga) (imaxe 85, fig. I) , depositado

[515] Lopes Coelho M. Limão, F.M: *Capitéis da Antiguidade Tardía em Portugal (Séculos III/IV-VIII)*, Universidade de Lisboa, 2010, p. 969.

no Museu Pío XII. Esta peza está asociada a un aximez que posúe unha flor de lis como decoración entre os dous vans, flor que aparece no capitel entre as dúas follas da primeira coroa[516].

Estas pezas portuguesas están ligadas a outras contemporáneas como a decoración arquitectónica presente en determinados elementos procedentes da igrexa de S. Torcato (Guimarães) (imaxe 85, fig. II) ou S. Frutuoso de Montelios (Braga) (imaxe 83, fig. III) co detalle da flor de lis. Este mesmo motivo aparece nos controvertidos relevos procedentes de Santiago de As Saamasas (Lugo), que Schlunk considera paleocristiáns, xa que os equipara co ambón do arcebispo Agnellus en Rávena, do século VI[517]; Rodríguez Colmenero, Núñez ou Guerra Mosquera, entre outros, os consideran visigóticos e Caballero Zoreda sitúaos na chamada "arte de repoboación" do século X[518].

Dada a multitude de formas que presenta o motivo floral ao longo da historia, é complexo resolver unha adscrición estilística ou cronolóxica, sobre todo tendo en conta o estado do relevo; podemos incluso supoñer que se pode tratar dun elemento reutilizado de calquera dos momentos de restauración do edificio.

4.1.6. Pezas atopadas en San Martiño de Couso (Ponteareas, Pontevedra).

Da escavación realizada en 2012, comentada no apartado de *situs* (Bloque B, 3.1.10), na ermida de San Martiño de Couso, parroquia de Guláns (Ponteareas, Pontevedra), resultaron tres espazos diferenciados, segundo interpretamos dos planos e breves explicacións realizadas pola empresa executora da actividade, Anta de Moura S.L.. Estes espazos pertencerían a dous edificios con orientación E-O e unha necrópole baixo a cabeceira dun deles. Están construídos con muros de perpiaños máis ou menos regulares mesturados con cachotería e pezas reutilizadas, polo que se deduce que houbo

[516] Lopes Coelho M. Limão, F.M: *Capitéis da Antiguidade Tardía em Portugal (Séculos III/IV-VIII*), Universidade de Lisboa, 2010, p. 969.
[517] Freire Camaniel, J.: *Gallaecia. Antigüedad, intensidad y organización de su cristianismo (Siglos I-VII)*, Fundación Barrié, 2013, p. 792-795.
[518] Freire Camaniel, J.: *Gallaecia. Antigüedad, intensidad y organización de su cristianismo (Siglos I-VII)*, Fundación Barrié, 2013, p. 792-795.

varias fases de construción ao longo do tempo en cada un deles, e un posible intercambio de materiais entre construcións[519].

O edificio situado ao sur levantouse en dous momentos diferentes. Sitúase cronoloxicamente entre os séculos VIII e IX d. C.. Nun primeiro levantouse un habitáculo; no seu lado occidental atopouse unha necrópole sobre a que se construíu unha ábsida posteriormente. Este edificio sería destruído por un incendio[520].

Da necrópole, que se estende ao redor da cabeceira, escaváronse cinco tumbas, con contidos óseos no seu interior, que se efectuaron perforando o granito para adecuar os defuntos[521]. Estes enterramentos cubriríanse de varias lousas, en catro deles, e nunha, dunha única lousa monolítica de sección triangular datada entre os séculos VIII-XII d. C.[522].

No lado norte atopouse unha capela que mide 5,63x 3,48 m, tamén con dous períodos cronolóxicos diferenciados[523]. A fundación do edificio está relacionada coa parte máis antiga dos restos conservados e datados entre finais do século IX e XII d. C., pertencentes ao pavimento de terra, a soleira e xambas da porta[524]. Na zona da cabeceira apareceron pezas reutilizadas como un fuste cilíndrico de granito de uns 80 cm (imaxe 86, fig. I), encaixado nun dos muros e unha placa de granito en posición vertical colocada no muro occidental que puido facer de altar no templo anterior[525] (imaxe 86, fig. II). Observouse neste edificio un dobre pavimento separado por 40cm que avala a superposición de estruturas, quizais levado a cabo nunha reforma da capela na que se cubriu con placas de granito o pavimento que foi destruído entre os séculos XVIII-

[519] Prieto Robles, Mª Soledad e Castro Carrera, J. C.: " A capela de San Martiño, Couso-Guláns. Un vestixio singular na historia de Galicia" en *Pregón,* 2013, p. 72.
[520] Prieto Robles, Mª Soledad e Castro Carrera, J. C.: "A capela de San Martiño, Couso-Guláns. Un vestixio singular na historia de Galicia" en *Pregón,* 2013, p. 72.
[521] Prieto Robles, Mª Soledad e Castro Carrera, J. C.: "A capela de San Martiño, Couso-Guláns. Un vestixio singular na historia de Galicia" en *Pregón,* 2013, p. 72.
[522] Prieto Robles, Mª Soledad e Castro Carrera, J. C.: "A capela de San Martiño, Couso-Guláns. Un vestixio singular na historia de Galicia" en *Pregón,* 2013, p. 72.
[523] Prieto Robles, Mª Soledad e Castro Carrera, J. C.: "A capela de San Martiño, Couso-Guláns. Un vestixio singular na historia de Galicia" en *Pregón,* 2013, p. 72.
[524] Prieto Robles, Mª Soledad e Castro Carrera, J. C.: "A capela de San Martiño, Couso-Guláns. Un vestixio singular na historia de Galicia" en *Pregón,* 2013, p. 72.
[525] Prieto Robles, Mª Soledad e Castro Carrera, J. C.: "A capela de San Martiño, Couso-Guláns. Un vestixio singular na historia de Galicia" en *Pregón,* 2013, p. 72.

XIX[526]. Entre os materiais arqueolóxicos que se recolleron abunda o material de cubrición (tellas) e fragmentos de tégula[527].

Imaxe 86: fig. I, xacemento de San Martiño de Couso, Ponteareas (Pontevedra), entre os materiais pódese ver un fuste monolítico atopado durante a escavación; fig. II, xacemento de San Martiño de Couso, Ponteareas (Pontevedra) onde se observa o suposto taboleiro de altar reaproveitado no muro; fig. III, xacemento de San Martiño de Couso, Ponteareas (Pontevedra), onde se observa unha das tumbas aparecidas; fig. IV peza curvada con epígrafe. (fotografías de Anta de Moura S.L).

Outro elemento aparecido na escavación, inmediato a necrópole, foi un fragmento de granito con forma curvada, que chamaremos, PAR03, que inclúe un epígrafe nunha das súas caras, dentro dun marco con pequena acanaladura (imaxe 86, fig. IV). Non podemos saber as dimensións da peza xa que non se indica na información que proporciona a empresa Anta de Moura S.L. Esta, a súa vez, interpreta que forma parte dun arco e que as letras forman a palabra "DIVISO", pero debido a falta de información e dun estudo epigráfico non podermos estar seguros desta apreciación[528].

[526] Prieto Robles, Mª Soledad e Castro Carrera, J. C.: "A capela de San Martiño, Couso-Guláns. Un vestixio singular na historia de Galicia" en *Pregón,* 2013, p. 72.
[527] Prieto Robles, Mª Soledad e Castro Carrera, J. C.: "A capela de San Martiño, Couso-Guláns. Un vestixio singular na historia de Galicia" en *Pregón,* 2013, p. 72.
[528] Prieto Robles, Mª Soledad e Castro Carrera, J. C.: " A capela de San Martiño, Couso-Guláns. Un vestixio singular na historia de Galicia" en *Pregón,* 2013, p. 72.

Temos noticia de que tamén apareceu unha cruz de bronce "grega" que está rota no seu brazo inferior, con decoración e unha argola no extremo do brazo superior[529]. Dela falaremos máis adiante.

4.1.6.1. Análise das pezas reutilizadas no cruceiro de Couso.

Existen dúas pezas alleas a esta escavación, que se afirma que proceden desta ermida[530] e que podemos localizar na próxima aldea de Couso. Coñecemos a través de diversas páxinas web[531] diferentes teorías sobre a interpretación destes fragmentos[532]. Podemos observalos na base dun cruceiro situado nunha pequena praza ao lado da antiga escola do lugar[533].

Pedestal onde se reutilizan as pezas

Imaxe 87: fig.I, cruceiro de Couso onde se reutilizan parte dun capitel e restos doutra peza (fig. II) provenientes da ermida de San Martiño (fotografías da autora 19/01/2917).

[529] Prieto Robles, Mª Soledad e Castro Carrera, J. C.: " A capela de San Martiño, Couso-Guláns. Un vestixio singular na historia de Galicia" en *Pregón,* 2013, p. 72.
[530] https://prezi.com/i4rlgckt2wtk/ermida-de-san-martino/ (cosultado en marzo de 2019)
[531] A realidade é que estas dúas pezas, apenas estudiadas, únicamente aparecen mencionadas en Carrera Lorenzo, A.: *Descubrindo Guláns*, Deputación de Pontevedra, 2012, que a súa vez cita a Fernández Álvarez, M.: *Cruces, cruceiros e petos do concello de Ponteareas*, 2008, e no resumo da intervención feita na capela de San Martiño de Couso por parte da empresa de arqueoloxía Anta de Moura S.L..
[532] https://prezi.com/i4rlgckt2wtk/ermida-de-san-martino/ (cosultado en marzo de 2019); http://ponteareashistoriaviva.blogspot.com.es/2010/06/ponteareas-romana-introduccion.html; https://visor.gdrcondadoparadanta.gal/gl/punto/812-cruceiro-de-couso-de-gul%C3%A1ns; http://ponteareashistoriaviva.blogspot.com/2010/06/ponteareas-romana-introduccion.html
[533] Carrera Lorenzo, A.: *Descubrindo Guláns*, Deputación de Pontevedra, 2012, p. 70.

Este cruceiro é estilisticamente moi sinxelo. Está formado por unha gran cruz composta polo brazo longo do varal e o brazo curto. Non hai esculturas nin adornos na actualidade, aínda que nalgún momento tivo un Cristo no anverso e o rostro de María no reverso[534]. Non presenta capitel baixo a cruz. Na súa base hai un pedestal formado polos dous fragmentos reutilizados que se asentan sobre unha plataforma tronco-piramidal coas esquinas recortadas.

As conclusións feitas sobre estes elementos pola empresa que escavou a ermida de San Martiño consisten en que se trata de dous capiteis tardorromanos diferentes, procedentes de dita ermida[535]. Por un lado, segundo eles, isto é o que indican as fontes orais e por outro estarían a relación entre o fuste descuberto durante a escavación e os capiteis, crendo por parte dos escavadores que falta outro dos fustes para poder facer xogo cos dous capiteis[536].

Porén, polas características morfolóxicas e de estilo, cremos que estamos ante dúas pezas con diferentes funcións arquitectónicas. Por unha cara do pedestal si hai reaproveitado parte dun capitel, pero pola outra, consideramos que estamos ante o fragmento doutro tipo de elemento que, dado o estado de conservación é complicado diferenciar. En todo caso, a súa forma non nos lembra aos restos dun capitel e si a un posible friso decorativo, lintel ou pilastra. Analizaremos a continuación, e por separado, ambas pezas.

4.1.6.2. Análise dos restos de capitel no cruceiro de Couso e comparativa con outras pezas.

O capitel, que chamaremos PAR01, está moi alterado tanto por causas ambientais, antrópicas e de biodeterioro, pero a pesar disto e, a falta dunha imaxe fotogramétrica para concretar as súas formas, podemos percibir que se trata dun capitel granítico coa forma arquetípica dun subtipo corintio. Aprécianse dúas filas de follas con nervaduras centrais moi grosas. Consérvanse catro follas máis ou menos recoñecibles, dúas da fila superior e dúas da inferior. Quedan restos doutras dúas follas, pertencentes as das esquinas da segunda coroa. Non se aprecia astrágalo, aínda que por baixo da base das follas da primeira fila o granito proxéctase cara adiante. Pódense intuír os caulículos a

[534] Información extraída do panel informativo feito polo Concello e que se atopa xunto o cruceiro.
[535] https://prezi.com/i4rlgckt2wtk/ermida-de-san-martino/ (consultado en marzo de 2019);
[536] https://prezi.com/i4rlgckt2wtk/ermida-de-san-martino/ (consultado en marzo de 2019);

modo de cordón e os cálices con forma de abano. Non quedan restos do ábaco, pero preto dun dos vértices superiores distínguese unha hélice (imaxe 88).



Imaxe 88: Base do cruceiro en Couso dende dúas perspectivas onde se atopan os restos de capitel e esquema do mesmo, á dereita (fotografías da autora 19/01/2017). Á dereita esquema do capitel (debuxo da autora).

Polo aspecto do capitel, a disposición dos seus elementos e o ángulo que forma a peza, poderíamos estar ante o vestixio dun capitel de pilastra feito para estar adosado a un muro[537]. Xa coñecemos capiteis de pilastra na vía a estudar e en localizacións próximas a esta, como por exemplo os capiteis *in situ* de San Salvador de Setecoros (Valga, Pontevedra) ou os capiteis do arco de San Xoán de Panxón (Nigrán, Pontevedra).

Acheguémonos pois aos elementos estilísticos que o compoñen, especialmente as súas follas. Esta tipoloxía, con folla de grosa nervadura central (esquema de folla nº 17), é o modelo que podemos atopar nas producións do noroeste peninsular, moi utilizado na arte do século IX d. C. en relación ao chamado "estilo asturiano", estendido durante o ciclo ramirense; estas formas que se utilizaron ata ben entrado o século X d. C incluso inicios do XI d. C.

[537] Se isto é así o fuste monolítico cilíndrico, atopado nas escavacións, non pertencería a este capitel.

Existen numerosos exemplos destes capiteis corintios con presenza dun contorno de folla e de nervadura central ben marcado, sobre todo na actual rexión asturiana. Así cabe citar a existencia de capiteis que posúen dúas ou tres filas de follas, como os procedentes de San Miguel de Lillo (imaxe 89, fig. V) ou o da Colexiata de San Miguel de Teverga (imaxe 89, fig. III) entre outros moitos exemplos; na zona portuguesa maioritariamente posúen dúas filas ou coroas, como ocorre nos capiteis de Sernancelhe (Viseu), ao sur do Douro, ou Afaúfe (Braga) (imaxe 89, fig. VI). Na *Gallecia*, territorio de diversidade de estilos, aparecen as dúas fórmulas como nos capiteis de San Xes de Francelos (imaxe 89, fig. I), nalgunha peza depositada no Museo de Lugo de procedencia descoñecida (imaxe 89, fig. IV), co que comparte tamén un gran parecido coas hélices das volutas que aparecen preto do ábaco.

Imaxe 89: Fig. I, detalle dun capitel da portada de Xan Xes de Francelos (Ribadavia, Ourense) (fotografía da autora, marzo de 2017); fig. II, capitel da igrexa Matriz de Sernancelhe (Viseu, Portugal) (fotografía de Almeida Fernandes, P.: "Velhos e novos materiais da expansão asturiana e leonesa no Ocidente peninsular entre os rios Douro e Mondego. (Muitas) hipóteses e (poucas) conclusões" en *Arqueología y Territorio Medieval* 24, 2017, p. 23; fig. III, capitel na colexiata de San Miguel de Teverga (fotografía da autora, novembro de 2016); fig. IV, capitel depositado no Museo de Lugo de procedencia descoñecida (fotografía de García de Castro Valdés, C.: "Escultura arquitectónica en el área central de Asturias", en *Anejos de AEspa* XLI, p. 89; fig. V, capitel de San Miguel de Lillo (Oviedo, Asturias) (fotografía do *Catálogo de las salas de Arte Prerrománico del Museo Arqueológico de Oviedo*, lam. LXX); fig. VI capitel de Adaúfe (Braga, Portugal) (fotografía de López Coelho, F.: *Capiteis da Antiguidade tardia em Portugal (séculos III/IV-VIII)*, Universidade de Lisboa, 2010, p. 370).

O de Couso preserva un modelo máis clásico xa que nel se manteñen elementos conservadores como hélices ou cálices con caulículos moi ben definido, observándose

esta pauta especialmente nos exemplares do norte de Portugal, cos que comparte tamén o material, granito, co que están elaborados.

Debemos advertir o gran paralelismo que existe sobre todo entre o capitel de Couso e o pertencente a Igrexa Matriz de Sernancelhe (imaxe 89, fig. II), exposto no seu interior[538] e reutilizado como pía de auga bendita na nave do evanxeo[539]. Este capitel de granito local, derivado do corintio, ten dúas coroas de follas nervadas e, como nos exemplos anteriormente citados, conserva restos de caulículos, cálices e ábaco[540].

Tanto este capitel como o procedente das ruínas do convento de Adaufe, depositado no Museo Pío XII de Braga, tamén en territorio portugués, son proba, xunto con outros testemuños[541], da expansión de formas artísticas do chamado "estilo asturiano". Este feito podería ter razón de ser debido á expansión astur-leonesa nos territorios entre os ríos Douro e Mondego no século IX. Esta propagación estenderíase tamén polo territorio galaico onde coexistirían unha serie de familias aristocráticas, baixo a protección dos reis ástures, que pretenderían lexitimar o seu poder destinando parte dos seu patrimonio á fundación de igrexas no que se reflexa nos modelos artísticos utilizados nos edificios dos monarcas[542].

4.1.6.3. Análise do fragmento reutilizado no cruceiro de Couso con decoración sogueada.

As evidencias dunha posible influencia "ástur" parece que continúan á volta do cruceiro, pois pola parte de atrás do mutilado capitel antes mencionado, hai un fragmento granítico incrustado con tres bandas e decoración de cordón. O seu grave deterioro impídenos case percibir o sogueado (imaxe 88. fig. I), que chamaremos PAR02. Esta peza, tamén identificada cun capitel[543], mide 29 cm de alto por 30 de

[538] Almeida Fernandes, P.: "Velhos e novos materiais da expansão asturiana e leonesa no Ocidente peninsular entre os rios Douro e Mondego. (Muitas) hipóteses e (poucas) conclusões", en *Arqueología y Territorio Medieval* 24, 2017, pp 11-54, p. 23.
[539] http://www.patrimoniocultural.gov.pt/pt/patrimonio/patrimonio-imovel/pesquisa-do-patrimonio/classificado-ou-em-vias-de-classificacao/geral/view/74897/
[540] Almeida Fernandes, P.: "Velhos e novos materiais da expansão asturiana e leonesa no Ocidente peninsular entre os rios Douro e Mondego. (Muitas) hipóteses e (poucas) conclusões" en *Arqueología y Territorio Medieval* 24, 2017, pp. 22-23, p. 23.
[541] Lopes Coelho, F. Mª.: *Capiteis da Antiguidade Tardia em Portugal (Séculos III/IV-VIII)*, Universidade Nova de Lisboa, 2010, p. 119.
[542] Sánchez-Pardo, J.C. (et al.): "Élites, arquitectura y fundación de iglesias en Galicia entre los siglos IX y X", *en Reti Medievali Rivista*, 19, 2, 2018, pp. 311-366.
[543] https://prezi.com/i4rlgckt2wtk/ermida-de-san-martino/ (consultado en marzo de 2019).

ancho. Está configurada en tres bandas sogueadas cuxas *filásticas* aparecen en dúas direccións alternas. Se ben é certo que existen capiteis altomedievais de imposta que posúen decoración sogueada, como por exemplo os que podemos observar de novo en San Miguel de Lillo (Oviedo, Asturias) (imaxe 90, fig. V), en San Pedro de Balsemão (Lamego, Portugal) (imaxe 90, fig. III), ou en capiteis exentos como o depositado no Museu Nacional Machado de Castro (Coimbra, Portugal) (imaxe 90, fig. IV) , de procedencia descoñecida[544].



Imaxe 90: Fig. I, base da cruceiro de Couso onde se reutiliza unha peza con sogueado (remarcado en negro pola autora e con frechas vermellas sinalando a dirección das filásticas (fotografía da autora 19/01/2917); fig. II, peza procedente da ermida de Santa Eufemia de Manín, Lobios (Ourense) (fotografía cedida polo Museo Arqueolóxico de Ourense); fig. III, imposta no interior de San Pedro de Balsemão (Lamego, Portugal) (fotografía cedida pola profesora Marta Cendón); fig. IV, capitel exento (século X) depositado no Museu Nacional Machado de Castro (Coimbra, Portugal) (fotografía tomada de Almeida Fernandes, P.: "Velhos e novos materiais da expansão asturiana e leonesa no Ocidente peninsular entre os rios Douro e Mondego. (Muitas) hipóteses e (poucas) conclusões", en *Arqueología y Territorio Medieva*l 24, 2017, p. 25); fig. V, fragmento de imposta sogueada (século IX) procedente de San Miguel de Lillo (Oviedo, Asturias) conservada no Museo Arqueolóxico de Asturias (fotografía tomada de Caso, F. (el al.): *La catedral de Oviedo, II, Catálogo y bienes muebles,* Ediciones Nobel, Oviedo, 1999, p. 33; fig. V, fragmento de xamba procedente do castro de Santa Trega (A Guarda, Pontevedra) (fotografía tomada de Calo Lourido, F.: "Decoración arquitectónica de Santa Trega", en *Galicia no tempo*, Xunta de Galicia, 1990, pp. 111.)

[544] Almeida Fernandes, P.: "Velhos e novos materiais da expansão asturiana e leonesa no Ocidente peninsular entre os rios Douro e Mondego. (Muitas) hipóteses e (poucas) conclusões" *en Arqueología y Territorio Medieval* 24, 2017, pp. 11-54, p. 25.

Este tipo de ornato con estas características faixas é maioritario noutro tipo de elementos arquitectónicos como pilastras, pilastriñas, xambas ou placas de cancel, entre outras. Así a todo, na área de estudo, e polo xeral en calquera área do territorio galego[545], este tipo de decoración non debe ser utilizado como "fósil director" dun período concreto, xa que o podemos atopar en multitude de soportes dende época castrexa, como se pode observar nun lintel atopado no castro de Santa Tegra (A Guarda, Pontevedra)[546] (imaxe 90, fig. VI), onde se plasma uns dos motivos máis repetidos na plástica nos castros galegos e do norte de Portugal[547]. Este tema ornamental, inspirado no entrelazado dunha corda, manterase posteriormente con gran profusión, especialmente no altomedievo e se converte en moitos casos en distintivo de pezas tan singulares como os capiteis comentados de San Salvador de Setecoros (Valga, Pontevedra) SET03 e SET04.

O sogueado ponse en relación coa espiña de peixe e co espigado, que segundo Pablo López non deixan de ser "el desdoblamiento especular de aquel en el eje axial"[548]. Son numerosas a pezas que posúen este tipo de motivo nalgún dos lugares citados. Por exemplo, observamos o motivo a cordón nunha pía de bautismo atopada entre os restos prerrománicos de Santa Leocadia de Guillade (Ponteareas, Pontevedra), outro dos *situs* incluídos neste traballo (Bloque B, punto 3.1.12). Trátase dunha peza á que lle falta unha parte; mide 63 cm de alto e 72 cm de diámetro cuxa copa circular; non posúe ningún tipo de soporte e presenta unha decoración de sogueado na súa zona central rodeando o vaso. No entanto, esta pía, pola tipoloxía estaría datada no século XI[549], un século despois da fundación do mosteiro, e tamén se data o canzorro (imaxe 91, fig. II) atopado neste século, por ser similares a algúns dos presentes en San Pedro de Ansemil[550], proposta que apoiamos por analoxía con outros canzorros portugueses como o atopado na igrexa vella de Mondim (Panque, Barcelos) (imaxe 91, fig. III) xunto con

[545] Este adorno foi moi utilizado durante o período visigodo na Península e estivo moi extendido en toda a zona do Mediterráneo durante os séculos IV-VI. Cruz Villalón, M.: *Mérida visigoda. La escultura arquitectónica y litúrgica*, Colección Roso de Luna, nº 5, Badajoz, 1985, p. 351.
[546] A peza sogueada reutilizada no capitel de Couso, da que estamos a tratar, tamén é interpretada como o resto procedente dalgún castro cercano.
[547] Calo Lourido, F.: "Decoración arquitectónica de Santa Trega", en *Galicia no Tempo*, Xunta de Galicia, 1991, pp. 111-112.
[548] López Pérez, I. P.: *Génesis y configuración iconográfica de los motivos ornamentales de la escultura arquitectónica de Mérida,* siglos IV-IX, Universidad Complutense de Madrid, 2013, p. 441.
[549] Ramos Díaz, M.: "Ponteareas", en *Enciclopedia del Románico en Galicia. Pontevedra*, Aguilar de Campoo, 2005, p. 944.
[550] Ramos Díaz, M.: "Ponteareas", en *Enciclopedia del Románico en Galicia. Pontevedra*, Aguilar de Campoo, 2005, p. 944.

laudas "de estola" e a peza superior dunha ventá xeminada[551]. Isto significaría a continuidade no tempo da utilización desta decoración de cordas nos elementos pétreos.



Imaxe 91: Fig. I, pía bautismal aparecida durante as escavacións de Santa Leocadia de Guillade, Ponteareas (Pontevedra) (fotografía tomada da "Memoria de Recollida de Obxectos para a fundación do Museo Diocesano de Tui", en *Tuy. Museo y Archivo Histórico Diocesano*, II, 1975-1976); fig. II, canzorro atopado durante as escavacións de Santa Leocadia de Guillade, Ponteareas (Pontevedra) (fotografía tomada da "Memoria de Recollida de Obxectos para a fundación do Museo Diocesano de Tui", en *Tuy. Museo y Archivo Histórico Diocesano*, II, 1975-1976); fig. III canzorro procedente das escavacións realizadas na igrexa vella de Mondim (Portugal) (imaxe tomada de Barroca, M: "Um templo Pré-Românico. A igreja velha de Mondim (Panque, Barcelos)", en *Revista da Faculdade de Letras. Historia*, nº 3, pp. 200-290, p. 286 -287, similar ao anterior; fig. IV, peza procedente de San Miguel de Tabagón, O Rosal (Pontevedra) considerada prerrománica (fotografía de Tamuxe[552]).

Co obxectivo de salvagardar pezas arqueolóxicas en perigo de desaparición ou deterioro, o "Equipo Arqueológico del Baixo Miño" realizou unha recollida para depositalas no Museo Diocesano de Tui. Paralelamente realizouse un inventario que posteriormente foi publicado no boletín da institución. Nesta relación de pezas aparece recuperada unha xamba de granito con decoración de sogueado (imaxe 91, IV), supostamente prerrománica, como reza o pe de foto da lámina XXI, do segundo volume, procedente da parroquia de San Miguel de Tabagón, O Rosal (Pontevedra). A peza[553], totalmente descontextualizada, estaba reutilizada facendo parte dun balado próximo a esta igrexa, e actualmente segue depositada no Museo Diocesano de Tui. O templo actual de San Miguel de Tabagón en O Rosal (Pontevedra), que está a menos dun quilómetro do río Miño, é un edificio moi reformado producíndose a última actuación

[551] Barroca, M: "Un templo Pré-Românico-A igreja velha de Mondim (Panque, Barcelos)", en *Revista da Faculdade de Letras. Historia*, nº 3, pp 200-290, p. 286 -287.
[552] Queremos agradecer moito a Martínez Tamuxe a información proporcionada sobre San Miguel de Tabagón ao igual que a fotografía.
[553] Información facilitada por Martínez Tamuxe.

no século XVIII. As súas orixes remóntanse ao século XIII polo que non é probable que a peza sogueada proveña de alí. Pola súa factura, características e falta de outros restos e contexto, poderíamos encadrar este fragmento no ámbito da arquitectura castrexa quizais levada ata alí dende un castro próximo.

Como comentamos anteriormente, a decoración con sogueado é unha das máis utilizadas para a ornamentación de elementos arquitectónicos[554], sobre todo dende época castrexa ata a Alta Idade Media na *Gallaecia*; en ambos períodos obsérvase a profusión da súa utilización, facendo complicada a tarefa de identificar o período de adscrición, sobre todo descoñecemos o contexto ou non existen pezas asociadas. A esta dificultade engádeselle a gran variedade de derivacións que pode adoptar chegando a fundirse cos motivos en espiga.

López Pacho menciona unha mesa de altar depositada no Museo de Pontevedra cunha decoración de sogueado, posible alusión á espiga eucarística[555], tal e como segundo este autor interpreta, comparándoa con numerosas pezas procedentes de Santa María de Temes (Carballedo, Lugo) e San Xoán de Panxón, Nigrán (Pontevedra). A peza, segundo o autor, procedería de San Pablo de Porto en Salvaterra do Miño[556]. Non obstante esta lousa de granito puidémola ver nos depósitos do mencionado museo (imaxe 92 esquerda). Peza que chamaremos TUI02. Segundo se contempla nunha placa informativa na que consta o número de rexistro 2074, pertencería ao *Fondo da Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra*. Este suposto altar aparece na obra *Mondariz, Vigo, Santiago: Guía del Turista*, encabezada por Emilia Pardo Bazán. Entre outros monumentos artísticos no libriño recóllense a descrición da peza en cuestión nalgúns epígrafes destacados :

" (...) próxima a la iglesia de Santo Domingo (refírese a Santo Domingo de Tui) se encontró una sepultura con enormes ladrillos con la cobertura de piedra y en el borde una dedicación a *RATHEURA DOMINI DISCIPVLVS*"[557]

[554] Non soamente, pero este traballo se centra principalmente en pezas escultórico-arquitectónicas.
[555] López Pacho, R.: *Panxón: La nobleza de unas ruinas*, Asociación de amigos de los Pazos, 1987, p. 10.
[556] López Pacho, R.: *Panxón: La nobleza de unas ruinas*, Asociación de amigos de los Pazos, 1987, p. 17.
[557] Pardo Bazán, E.(el al.): *Mondariz, Vigo, Santiago: Guía del turista*, Madrid, 1912, p. 63.

Imaxe 92: Á esquerda tres detalles da lauda de Ratheura atopada na desaparecida igrexa de San Xoán do Porto (Tui, Pontevedra); na inferior a frecha repasada en vermello (fotografías da autora); á dereita interior dunha das salas de exposición no Museo da Deputación de Pontevedra onde ata fai uns anos estaban expostas vairas pezas algunhas delas procedentes de San Salvador de Setecoros, entre elas aparece a lauda de Ratheura colocada como mesa de altar (fotografía tomada de Caamaño Gesto, J. M.: *A Galicia Romana*, III, Vol. 2, A Gran Historia de Galicia, 2007, p. 198).

*"*al ingreso a la capilla siguiente (falando das ruínas de Santo Domingo de Pontevedra) hai varias laudas de período suevo, las de Modesta, Ermegondis y Ratheura; un hermoso capitel de mármol blanco, un trozo de columna y otro de bóveda de ladrillo, procedentes de Setecoros del siglo VI*"*[558].

No *Inventario de la Riqueza Artística de Pontevedra*[559], na páxina 80, aparece recollida esta lauda no capítulo dedicado a inscricións existentes na sección 1ª do Museo Arqueolóxico de Pontevedra. Dela dise que foi atopada nunhas escavacións realizadas preto de Santo Domingo de Tui, no espazo dedicado a cemiterio da antiga parroquia de San Xoán do Porto. E se describe así :

"En el lado opuesto tiene un dibujo y en la cara superior una lanza, pero de tal modo sufrió esta lauda la acción del tiempo que apenas se perciben los dibujos y con gran trabjo se lee la inscripción. El granito de esta lauda es muy grueso. Por los caracteres y lo que se puede ver de los citados dibujos, se dice cristiano-sueva a esta antigua inscripción".

O epígrafe é HIC IACET RATHEVRA DOMINI DISCIPVLVS (*aquí xace Ratheura Discípulo del Señor*)[560].

[558] Esta descrición invita a pensar que nese momento as pezas de San Salvador de Setecoros non estaban reunidas. Pardo Bazán, E.(el al.): *Mondariz, Vigo, Santiago: Guía del turista*, Madrid, 1912, p. 64.
[559] Sen autor. *Inventario de la Riqueza Artística de Pontevedra*. Monumentos arquitectónicos.
[560] Sen autor. *Inventario de la Riqueza Artística de Pontevedra. Monumentos arquitectónicos*.

O que puidemos comprobar, de ser correctos os datos, é que realmente estaríamos ante unha lauda sepulcral, datada entre os séculos V-VI d. C., dedicada a *Ratheura,* xa que posúe un epígrafe con este nome nun dos laterais (ilexible para nós nas condicións nas que puidemos contemplar a peza) e procedería realmente da desaparecida igrexa de San Xoán de Porto (Tui, Pontevedra), non de San Pablo de Porto en Salvaterra.

É unha incógnita para nós os motivos que levaron a López Pacho a afirmar a procedencia do suposto altar, chegando incluso a especificar que o seu achado se produce no cemiterio de San Pablo de Porto en Salvaterra. Se nos fiamos da cartela que está colocada xunto este bloque granítico, e das descricións do inventario podemos deducir que efectivamente que se trata dunha lauda que procede da desaparecida igrexa de San Xoán de Porto. Ademais do epígrafe posúe o relevo dunha lanza nun dos lados maiores (imaxe 90 esquerda repasada en vermello). A súa reutilización como mesa de altar, en principio deberíamos descartala, a pesar do motivo en espiga que presenta nun dos seus lados máis longos, motivo moi parecido ao existente noutras pezas galegas, como a atopada en Santa Eufemia de Manín, Lobios (Ourense) datada entre o século IX-X[561](imaxe 90, fig. II). Do que estamos case seguros é de que López Pacho interpretou esta lauda como altar porque así foi tal e como estivo exposta nunha das salas do Museo de Pontevedra ata o seu traslado aos depósitos (imaxe 92 dereita). Do que non estamos seguros é da cronoloxía de dita peza, xa que a escavación na que foi atopada probablemente foi realizada sen ningún tipo de rexistro.

[561] Información facilitada polo Museo de Ourense. Peza con número de Inventario DX0009/1. De material granito. Dimensións: 66 cm de altu por 21 de ancho e 64 cm de longo. Atopada durante unha escavación en 1190 dirixida por Xusto Rodríguez e Eguileta Franco.

4.1.6.4. Cruz litúrxica atopada en San Martiño de Couso (Ponteareas) e outros paralelos.



Imaxe 93: Fig. I, cruz de bronce atopada no xacemento de San Martiño de Couso (Ponteareas, Pontevedra) con gravados de cabaliños de mar repasados en ocre pola autora (imaxe tomada de https://prezi.com/i4rlgckt2wtk/ermida-de-san-martino/ (consultado en marzo de 2019); fig. II, debuxo da cruz atopada no xacemento de Adro Vello (O Grove, Pontevedra) (imaxe tomada de Carro Otero, J.: "Tres esqueletos de la necrópolis Galaico-visigoda de San Xiao de Moraime (Muxía-La Coruña)", en *Cuadernos de Estudios Galegos*, Tomo XXXVI, 1986, p. 21; fig. III, cruz de bronce atopada en San Xulián de Moraime (Muxía, A Coruña) (imaxe tomada de Brañas, R.: "Cruz de Moraime", en *Ate o Confín do Mundo. Diálogos entre Santiago e o mar, Museo do Mar de Galicia*, Xunta de Galicia, 2004, p. 79; fig. IV, fragmento dunha cruz litúrxica atopada no barrio de O Areal de Vigo (imaxe tomada de Perea, A: "Brazo de cruz votiva de Vigo", en *In tempore sueborum. El tiempo de los suevos en la Gallaecia. El primer reino medieval de Occidente*, Deputación de Ourense, 2017, p. 203; fig. V, culler litúrxica de prata, merovinxia, atopada en Ichtratzheim no Baixo Rin, cunha cruz gravada no disco (imaxe tomada de Fischer, S. (et al.): "An Inscribed Silver Spoon from Ichtratzheim (Bas-Rhin)", en *Journal of Archaeology and Ancient History*, nº 11, 2014, p.8; fig. VI, cruz osculatoria depositada no Musée Historique du Mont Saint-Michel, en Normandía (fotografía tomada de Carro Otero, J.: "Tres esqueletos de la necrópolis Galaico-visigoda de San Xiao de Moraime (Muxía-La Coruña", en *Cuadernos de Estudios Galegos*, Tomo XXXVI, 1986, p. 2; fig. VII, cruces de suspensión procedentes de Belgrado (imaxe tomada de Alcaide González, S.: *Arquitectura Cristiana Balear en la Antigüedad Tardía (siglos V-X DC)*, Universitat Rovira i Virgili, 2011, p. 392; fig. VIII, cruz pectoral bizantina que pertenceu ao tesouro da Sé de Viseu (Portugal), hoxe desaparecida (fotografía tomada de Almeida Fernandes, P.: "Velhos e novos materiais da expansão asturiana e leonesa no Ocidente peninsular entre os rios Douro e Mondego. (Muitas) hipóteses e (poucas) conclusões" en *Arqueología y Territorio Medieval* 24, 2017, p. 35; fig. IX, culler e bidente procedentes de Aguións, A Estrada (Pontevedra) (fotografía facilitada polo Museo Provincial de Pontevedra)[562]

Practicamente a totalidade de pezas que se analizan neste traballo son pezas arquitectónicas que posúen algunha clase de decoración, na súa maioría de granito, pero o achado de obxectos como o seguinte invítanos a facer un pequeno paréntese para

[562] Queremos agradecer as fotografías e a información facilitadas por Antonio de la Peña Santos.

abordar este tipo de elementos tan interesantes, xa que tamén os atopamos en contexto relixioso en varios dos *situs* do noso itinerario e seguramente son importantes para a decodificación dos rituais litúrxicos que tiveron lugar no período tratado.

Un dos achados que tivo lugar no *situ* arqueolóxico de San Martiño de Couso (Ponteareas) foi unha pequena cruz grega de bronce[563] (imaxe 93, fig. I), de 6 cm por 5 cm cun dos brazos verticais algo deteriorado polas esquinas, que chamaremos PAR04. Esta pequena cruz posúe unha curiosa decoración con catro zoomorfos que, observadas detidamente, obedecen a un tipo específico de animal, o *hippocampus*. Novamente, maniféstansenos os cabalos, pero esta vez mariños.

O uso deste tipo de cruces non está definido; quizais eran utilizados en rituais de carácter funerario ou outras cerimonias. O que é posible é que debían estar pendurados xa que moitas das cruces que se atopan presentan unha argola, como a que posúe esta, ou ben algún tipo de perforación.

No barrio de O Areal (Vigo) outro dos *situs* tratados, atopouse tamén un fragmento pertencente a unha cruz (imaxe 93, fig. IV) (VIG01), de 12 cm por 10 cm. Está depositada no Museo Municipal de Quiñones de León (Vigo, Pontevedra), e ten o número de inventario 9424. Segundo relata López Carreira apareceu no contexto dunha posible basílica do século VI e posuiría una estética de influencias bizantinas[564]; no entanto, Perea considéraa un paralelo das cruces visigodas do Tesouro de Guarrazar[565], do século VII, e non atopa explicación a un achado tan valioso e vinculado á monarquía visigoda, nun lugar tan apartado da xeografía. O material do que está feito a cruz, é un indicador da condición social do posuidor, e ao contrario da opinión de Perea, non nos é estraño este achado nun contexto arqueolóxico relixioso, un templo tan próximo ao mar e ás vías de comunicación terrestres de gran relevancia.

[563] Tamén se di que é unha aleación de prata e cobre. Prieto Robles, Mª Soledad e Castro Carrera, J. C.:"A capela de San Martiño, Couso-Guláns. Un vestixio singular na historia de Galicia", en *Pregón*, 2013, p. 72.

[564] López Carreira, A.: *Arte e escritura na Galicia medieval (séculos VI-X)*, Xerais, 2019, p. 108. Atopáronse cruces pectorais bizantinas en Portugal datadas no século X, moi utilizadas en toda Europa. Paulo Almeida Fernandes: Velhos e novos materiais da expansão astu-riana e leonesa no Ocidente peninsular entre os rios Douro e Mondego. (Muitas) hipóteses e (poucas) conclusões", en *Arqueología y Territorio Medieval* 24, 2017, pp. 11-54, p. 35.

[565] Perea, A.: "Brazo de cruz votiva de Vigo", en *In tempore sueborum. El tiempo de los suevos en la Gallecia. El primer reino medieval de Occidente*, Deputación de Ourense, 2017, p. 203

A cruz de O Areal (Vigo) posúe unha coidada decoración de filigrana e engastes de pasta vítrea sobre unha soa lámina de ouro, cortada con forma de cruz, ao que se lle realizaron unha serie de perforacións para pendurar outros adornos[566]. Existen achados de chamadas " cruces de suspensión" vinculadas a ámbitos litúrxicos, con perforacións para pendurar elementos decorativos como outras pequenas cruces ou símbolos do alfa e omega, como as atopadas en Atenas ou o Exipto Copto do século VI[567]. Incluso as propias cruces que aparecen nos xacementos puideron servir de elemento pendurante en mobiliario de iluminación como lámpadas[568] (imaxe 91, fig. VII), ou mesmo como indumentaria durante os rituais como ocorre coas "cruces pectorais" (imaxe 93. fig. VIII).

Unha tipoloxía de cruz diferente é a atopada noutro *situ* xa nomeado, Adro Vello en O Grove (Pontevedra); clasificada dentro "obxectos osculatorios", elementos que se utilizaban durante a liturxia, pero cunha función que aínda non está definida (quizais aplicador de óleos consagrados, amuleto empregado para bendicir, etc[569], aínda que tamén se especula coa posibilidade de ser simplemente obxecto cuxo remate pode tomar calquera tipo de decoración, cristián ou non e serían empregados como útiles de uso común[570].

No transcurso das escavacións realizadas por Carro Otero en Adro Vello (O Grove, Pontevedra) atopouse esta pequena cruz de bronce (imaxe 93, fig. II) mutilada no seu hastil, cos remates tronco-cónicos e unha cuadrifolia na unión dos brazos. Na unión da cruz co hastil hai unha decoración carenada. Este mesmo tipo de cruz foi atopado tamén nas escavacións realizadas en San Xiao de Moraime, Muxía (A Coruña) por Chamoso Lamas. Esta cruz é algo maior que a de Adro Vello (O Grove, Pontevedra) cuns 22,5 cm o brazo máis longo e 5,4 cm o brazo menor, os cales rematan mediante lixeiras molduras e pequenas esferas; o brazo inferior vai unido ao vástago central, moi longo e

[566] Perea, A.: "Brazo de cruz votiva de Vigo", en *In tempore sueborum. El tiempo de los suevos en la Gallecia. El primer reino medieval de Occidente*, Deputación de Ourense, 2017, p. 203
[567] Alcaide González, S.: *Arquitectura Cristiana Balear en la Antigüedad Tardía (siglos V-X DC)*, Universitat Rovira i Virgili, 2011, p. 390.
[568] Alcaide González, S.: *Arquitectura Cristiana Balear en la Antigüedad Tardía (siglos V-X DC)*, Universitat Rovira i Virgili, 2011, p. 403.
[569] Dohijo, E.: "Los osculatorios hallados en el yacimiento de Tiermes (Soria). Varillas con y sin anilla circular y remate figurado, versus removedores y/o ruecas", en *Oppidum. Cuadernos de Investigación*, nº 12, 2016, pp. 149-183, p. 157.
[570] Dohijo, E.: "Los osculatorios hallados en el yacimiento de Tiermes (Soria). Varillas con y sin anilla circular y remate figurado, versus removedores y/o ruecas", en *Oppidum. Cuadernos de Investigación*, nº 12, 2016, pp. 149-183, p. 158.

estilizado, de sección rectangular (imaxe 93, fig. III) e na intersección gravouse un crismón. Tanto a cruz de Adro Vello (O Grove) como a de San Xiao de Moraime (Muxía) foron emparentadas cunha cruz atopada en Normandía (imaxe 93, fig. VI) e que responde as mesmas características, forma, material, e decoración que as anteriores A cruz foi atopada entre dúas sepulturas.

Non podemos asegurar que elementos con estas particularidades se poidan interpretar como instrumentos de liturxia. É evidente que o achado deste tipo de cruces en contextos maioritariamente indefinidos non explican o seu uso, pero evidencian, ao noso entender, un atributo simbólico de referencia cristiá. Ocorre o mesmo con pezas atopadas de forma casual como a culler e bidente[571] procedentes de Cebados de Abaixo no termo parroquial de Aguións, A Estrada (Pontevedra) (imaxe 93, fig. IX). Unha culler e un garfo, utensilios que principalmente se utilizan para servir ou comer alimentos. Con todo, a decoración que posúen, unha cruz patada, e o descubrimento de culleres parecidas (imaxe 93, fig. V), contextualizadas, as converten en pezas utilizadas en ritos de tipo relixioso cristián que se practicaron na *Gallaecia*.

4.1.7. Restos decorativos reaproveitados en San Salvador de Lérez (Pontevedra)

No paramento sur do mosteiro de San Salvador de Lérez (Pontevedra), podemos observar varios perpiaños reutilizados (imaxe 94): unha peza alongada dividida en 14 porcións en cuxo interior hai labradas cadansúa flor octopétala de tipo xeométrico, que chamaremos LER01; un perpiaño alongado dividido en dous por un dos arcos do

[571] Ambos, culler e garfo, son de bronce. Datados no século VI. Están depositados no Museo da Deputación Provincial de Pontevedra e puidemos velos grazas a Antonio de la Peña. A culler mide (11,6x1,4x5 cm); e o bidente (17,2x1,5x0,7cm). O garfo está composto de dous dentes, e presenta decoración de círculos incisos cun punto central e mango de sección cilíndrica con incisións que forman molduras triplas. A culler está incompleta, presenta unha decoración de liñas incisas que rodean unha forma rombiodal en cuxo centro presenta unha cruz patada. Poderían tratarse de elementos de depósito relacionados directamente con algún tipo de ritual funerario cristiano que son introducidos no interior da sepultura (enxoval). Freire Camaniel clasificaas como pezas de uso litúrxico de época sueva asociadas ao cristianismo ao igual que Singul, incidindo en que non é aventurado concretar a data das pezas xa que, segundo a Crónica de Hidacio, os templos católicos contaban con este tipo de enxoval. Casal García, R. e Blanco Sanmartín, P.: "Artes industriais tardorromanas e xermánicas", en *Hª da Arte Galega, Prehistoria, Arte Castrexa e Romanización*, A Nosa Terra, Vigo, 1998; Barroso Cabrera, R., López Quiroga, J. e Morín de Pablos, J.: "Mundo funerario y presencia germánica en Hispania (ss. VIIVIII)", en *Galia e Hispania en el contexto de la presencia germánica (ss.V-VII): balances y perspectivas*, 2006; Freire Camaniel, J.: *Gallaecia. Antigüedad, intensidad y organización de su cristianismo (Siglos I-VII),* Colección Galicia Histórica, Fundación Barrié, 2012, p. 841; Singul, F.: "Culler e bidente", en *Ate o confín do mundo: Diálogos entre Santiago e o mar*, Xunta de Galicia, 2004, p. 81.

pórtico, no que se pode ler un epígrafe entre dúas flores hexapétalas, interpretado como un epígrafe de consagración, que chamaremos LER02; un perpiaño onde se conservan restos dunha especie de máscara; e dous perpiaños que conteñen unha serie de símbolos. De novo incidimos en que en todo o que resta de muro a reutilización de bloques dunha construción distinta a actual faise evidente, podendo percibir varios tipos de formas acobadadas e incluso algunhas con acanaladuras, motivo polo cal sería necesario un estudo específico do paramento construtivo[572]. Centrarémonos, polo tanto, nas pezas que conteñen decoración.

A primeira das pezas a analizar (imaxe 94, fig. IV) destaca no pano mural de granito. Obsérvase un contraste de cor co resto do paramento dada a diferenza de composición (que parece tamén de granito, pero non podemos precisar con exactitude, véndose necesaria unha análise petrográfica). Ten labradas unha serie de flores octopétalas ou estrelas de oito puntas. Atópase aproximadamente a dous metros do chan da zona porticada e mide 207 cm de longo por 28 cm de ancho nos seus extremos e 20 cm na parte media.

Estas formas decorativas concretas son escasas, pero significativas, na Alta Idade Media galega, atopando uns poucos exemplos esparexidos polo país. Aparecen en cambio algúns máis no resto da Península e sobre todo, flores octopétalas parecidas, de configuración reticulada e de tradición romana, testemúñanse en multitude de soportes arquitectónicos na Mérida visigoda[573] e nalgún exemplar máis afastado atopado en Murcia[574], destinados todos eles ao peche de espazos para a liturxia[575].

Paralelos case idénticos á decoración de octopétalas de San Salvador de Lérez atopamos apenas uns poucos, como comentábamos; é o caso dun fragmento depositado no Museo de Lisboa (Portugal), do que se descoñece a procedencia e outro, tamén sen contexto, depositado no Museo de Faro (Portugal). No territorio galego, como apuntábamos anteriormente, existen contadas pezas con este deseño que cotexaremos coa peza de

[572] Para o cal sería necesario facer cunha unha serie de técnicas ás que non podemos acceder por falta de medios (análises petrolóxicos, de morteiros, de datación etc).
[573] Cruz Villalón, M.: *Mérida visigoda. La escultura arquitectónica y litúrgica*, Colección Roso de Luna, nº 5, Badajoz, 1985, p. 331.
[574] Ramallo Asensio, S.F., Vizcaíno Sánchez, J., e García Vidal, J.M.: "La decoración arquitectónica en el sureste hispano durante la Antigüedad Tardía. La basílica de Algezares (Murcia)", en *Anejos de AESpA*. XLI, 2006, páx. 367-389, p. 380.
[575] López Pérez, I. P.: *Génesis y configuración iconográfica de los motivos ornamentales de la escultura arquitectónica de Mérida*, siglos IV-IX, Universidad Complutense de Madrid, 2013, p. 430.

Lérez: unha ménsula procedente da desaparecida ermida de San Miguel do Canal (Ourense) e unha peza reutilizada no muro da casa reitoral en Ferreira de Pallares (Lugo). Deseguido faremos unha análise de todos eles tendo os deseños de Lérez como referencia.



Imaxe 94: Fig. III, lugar que se corresponde cos restos do claustro de San Salvador de Lérez (Pontevedra) onde se reutilizan pezas con decoración; figs. I e II, pezas pertencentes ao epígrafe de consagración do templo de San Salvador de Lérez, dividido en dous por un dos arcos; fig. IV, friso granítico con decoración de octopétalas. Fotografías da autora (10/01/2017).

Comparación do friso con octopétalas en San Salvador de Lérez con outras pezas galegas.

Acabamos de referirnos a unha serie de pezas arquitectónicas, descontextualizadas, que comparten o mesmo tipo de decoración que o friso en San Salvador de Lérez (Pontevedra). A primeira é o fragmento dunha peza que tivemos a oportunidade de ver no Museo Arqueolóxico de Ourense[576]. Trátase dun elemento de granito que tivo función de ménsula e que posiblemente foi reutilizado como perpiaño posteriormente

[576] Queremos agradecer ao Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense a posibilidade de estudar todas as pezas que se lles solicitou e aportarnos toda a información existente sobre elas, e en especial o trato recibido por parte de Ana Mª Veiga e X. Lois Méndez.

(imaxe 95, fig. II). Ten unhas dimensións de 27 cm por 27 cm e unha anchura de 16,5 cm e o número de rexistro no museo é CE004154.

A peza procede da ermida de San Miguel do Canal (Santo Estevo de Ribas de Sil, Ourense) e foi atopada e estudada por Rivas Fernández quen posteriormente a doou ao Museo en 1961[577]. Este autor atopou outros elementos arquitectónicos, unha delas a cabeza doutra ménsula en cuxas caras laterais conserva unha flor hexapétala, a cal veremos máis adiante; outra trátase dunha ventá xeminada de arquiños de ferradura, ambas pertencentes a este mosteiro erixido entre os séculos IX-X[578]. Como ben se puntualiza na ficha elaborada polo museo, o motivo de octopétalas é un motivo decorativo utilizado incuestionablemente dende a antigüidade, pero dada a súa forma concreta, o tipo de elemento arquitectónico específico onde aparece e o *situ* de onde procede, cúmprense todos os marcadores para atribuílo a unha estética propia altomedieval.

Ocorre o mesmo con outra peza reutilizada sobre un lintel da casa reitoral do mosteiro de Santa María de Pallares, Guntín (Lugo) (imaxe 95, fig. III). Este mosteiro dúplice foi fundado no ano 898 polo conde Ero e a súa segunda muller, Elvira[579], e ennobrecido pola filla deste coa súa primeira muller, Eriz, no ano 939[580]. Trátase dunha peza labrada en granito, posiblemente parte dunha ménsula que posúe dúas rodas de radios curvos e unha pequena de radios rectos, sobre unha sucesión de cinco flores octopétalas que se labran de xeito secuencial, como o friso en San Salvador de Lérez (Pontevedra). Esta capacidade de adaptación do motivo en octopétalas queda patente nos diferentes elementos arquitectónicos nos que aparece e fai que sexa utilizado grazas á facilidade de reprodución deste esquema de xeito seriado[581]. Este tipo de temas ornamentais, aparecen en determinadas pezas do territorio galego (entre elas as placas de San Pedro de Carcacía, Padrón (A Coruña) as cales o profesor Núñez puxo en relación con algún taller itinerante, durante o século VI-VII, continuadoras da estéticas decorativa das

[577] Veiga Romero, A. M.: *Ménsula de San Miguel do Canal,* Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, Ficha, 1997.
[578] Rivas Fernández, X.C.: "Vestigios prerrománicos de algunos olvidados monasterior y eremitorios orensanos", en *Boletín Auriense*, IX, 1981, pp. 49-100, p. 51-52.
[579] Núñez Rodríguez, M.: *Arquitectura Prerrománica*, Santiago de Compostela, 1978, p. 191.
[580] Sánchez-Pardo, J.C., (et al.): "Élites, arquitectura y fundación de iglesias en Galicia entre los siglos IX y X", en *Reti Medievali Rivista*, 19, 2, 2018, p. 333.
[581] Fernandes, L. e Almeida Fernandes, P.: "Entre a Antigüidade Tardia e a Época Visigótica: novos dados sobre a decoraçao arquitetónica na cidade de Lisboa", en *Revista Portuguesa de Arqueologia*, Vol. 17, 2014, pp. 225-243. p. 233.

estelas burgalesas[582]. Non obstante, todas as pezas que posúen esta tipoloxía de octopétalas que puidemos documentar están relacionados con contextos máis recentes.



Imaxe 95: Fig. I, detalle do friso de flores octopétalas reutilizado no muro sur de San Salvador de Lérez (Pontevedra) (fotografía da autora 10/01/2017); fig. II, peza procede da ermida de San Miguel do Canal (Nogueira de Ramuín, Ourense) (fotografía cedida polo Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense); fig. III, peza reutilizada sobre un lintel da casa reitoral do mosteiro de Santa María de Pallares (Guntín, Lugo) (fotografía da autora 02/02/2018); fig. IV, friso con octopétalas reutilizado como capitel de imposta na porta accidental de Santo André das Nogais (As Nogais, Lugo) (fotografía da autora 06/12/2017).

Un novo exemplo que xustifica esta reflexión é unha peza (imaxe 95, fig. IV) cumpre a función actual de capitel de imposta que se atopa na igrexa de Santo André das Nogais, As Nogais (Lugo). O actual edificio é de estilo románico con reformas no século XVIII e está situado nun emprazamento importante xa que transcorre o tramo da vía XIX do Itinerario Antonino que levaba de *Lucus Augusti* a *Bracara Augusta*. Nesta igrexa consérvanse numerosas pezas arquitectónicas de época altomedieval[583], entre elas a que se corresponde coa inscrición de consagración do templo conservado na xamba da porta lateral, modillóns de rolo ou capiteis de estilo corinizante reutilizados no arco[584].

[582] Núñez Rodríguez, M..: "Aproximación al estudio de las formas ornamentales en Galcia durante la época visigoda", en *Revista de Guimaraes*, Vol. 86, pp. 177-186, p. 12; Núñez Rodríguez, M..: *Arquitectura Prerrománica*, Santiago de Compostela, 1978, p. 75.
[583] Delgado Gómez, J., Arez Vázquez, N. e Guerra Mosquera, J.: "Iglesia de San Andrés de Nogales. Informe a la comisión Diocesana de Liturgia y Arte Sacro", en *Lvcensia*, Miscelánea de Cultura e Investigación, nº 14 (Vol. VII), Lugo, 1997, pp. 77-97.
[584] Gómez Vila, J.: *Vías romanas de la actual provincia de Lugo*, Santiago de Compostela, 2005, p. 171.

Comparación do friso con octopétalas en San Salvador de Lérez (Pontevedra) con dúas pezas portuguesas.

Unha das pezas portuguesa, a que se corresponde coa imaxe 96 dereita, é un fragmento calcáreo, co número de inventario MC.ESC.420, cunhas dimensións de 41 cm de longo, 22,5 cm de alto 3 12 de grosor, que puido facer función de friso[585], foi atopado durante unhas escavacións no Largo de Santo Antonio (Lisboa) en 1994. Está labrado por unha das súas caras por catro flores octopétalas xeometrizantes ou estrelas de oito puntas, dúas delas incompletas, as que coinciden cos extremos.

A pesar de que este fragmento apareceu nun contexto arqueolóxico pouco definido, xunto con restos de diversas épocas (dende a romana ata a moderna)[586], este elemento está datado por Arezes[587] entre os séculos V e VII d. C. basicamente pola semellanza que existe entre as octopétalas que presenta e as que podemos atopar na zona meridense por esas datas. Agora ben, este paralelismo realízase supoñendo que a peza lisboeta sofre tal desgaste que os botóns circulares, inherentes a eses motivos e que se supón que existiron nalgún momento[588] na conxunción dos segmentos que compoñen a flor, desapareceron froito da erosión. Na nosa opinión, e baseándonos noutras pezas, cremos que nunca existiu este botón, e estamos ante un deseño orixinal propio dunha época concreta se atendemos ao contexto dos casos constatados.

[585] Aínda que non hai certezas da súa función. Non podemos coñecer como é a peza ao completo por estar o resto das caras ocultas.
[586] Fernandes, L. e Almeida Fernandes, P.: "Entre a Antigüidade Tardia e a Época Visigótica: novos dados sobre a decoraçao arquitetónica na cidade de Lisboa", en *Revista Portuguesa de Arqueologia*, Vol. 17, 2014, pp. 225-243. p. 232.
[587] Esta peza ten asignados, por erro, dous números. No corpo do texto explicativo (epígrafe 1.4, p. 232) ten o número 5 e no catálogo final (p. 240) ten o número 4. Arezes, A.: "Placa com decoração esculturada: enquadramento e descrição", en *O mosaico do Oceano. Um tesouro intemporal de Ossónoba*, Museo Municipal de Faro, 2019, pp. 86-88.
[588] Fernandes, L. e Almeida Fernandes, P.: "Entre a Antigüidade Tardia e a Época Visigótica: novos dados sobre a decoraçao arquitetónica na cidade de Lisboa", en *Revista Portuguesa de Arqueologia*, Vol. 17, 2014, pp. 225-243. p. 232.



Imaxe 96: Fragmento de calcárea (MC.ESC.420), á esquerda, procedente do Largo de Santo António (Lisboa) (imaxe tomada de Fernandes, L. e Almeida Fernandes, P.: "Entre a Antigüidade Tardia e a Época Visigótica: novos dados sobre a decoração arquitetónica na cidade de Lisboa", en *Revista Portuguesa de Arqueologia*, Vol. 17, 2014, p. 232; á dereita, unha das caras da placa de calcárea (Arq-00497), onde se observa a cruz, depositada no Museo de Faro (Portugal) (imaxe tomada de Arezes, A.: "Placa com decoração esculturada e descrição", en *O mosaico do Oceano. Um tesouro intemporal de Ossónoba*, Museo Municipal de Faro, 2019, pp. 87).

No Museo de Faro (Portugal) está depositada outra peza (imaxe 96 esquerda) que se considera resto dun posible cancel e da cal non se coñece a procedencia[589]. O seu número de inventario é Arq-00497 e ten unhas dimensións de 75 cm de ancho, 59 cm de longo e 8,5 de grosor. Esta placa, de calcárea, como a anterior, está decorada polas dúas faces. Coincide en ambas unha moldura nos bordos cos mesmos deseños de octopétalas que estamos a tratar en todos os exemplos vistos ata o de agora. Na parte central de cada plano hai un relevo, parcial, xa que coincide coa parte fracturada, dun círculo no que se inscribe, por unha das caras unha cruz estriada de brazos bifurcados[590]. Pola outra cara o círculo inscribe unha flor hexapétala biselada, cuxa técnica e forma vai representar un tipo de elemento decorativo moi específico en determinados contextos do altomedievo e que atoparemos nos exemplos que serán analizados posteriormente. Esta decoración por ambas caras amosa unha "funcionalidade independente do elemento" ao establecerse un"espazo de visibilidade bilateral"[591].

A cronoloxía proposta desta peza para Arezes sitúase entre os séculos VII e VIII, relacionando a decoración xeométrica que posúe a placa nas súas marxes co ámbito

[589] Arezes, A.: "Placa com decoraçao esculturada e descriçao", en *O mosaico do Oceano. Um tesouro intemporal de Ossónoba*, Museo Municipal de Faro, 2019, pp. 86-97, p. 87.
[590] Arezes, A.: "Placa com decoraçao esculturada e descriçao", en *O mosaico do Oceano. Um tesouro intemporal de Ossónoba*, Museo Municipal de Faro, 2019, pp. 86-97, p. 88.
[591] Nunes Correia, L: *Decoraçao Arquitectónica na Antigüidade Tardía. Comtributo para un corpus dos elementos e de mobiliario litúrgico provenientes de terrotório português*, Universidade Nova de Lisboa, 2008, p. 137.

visigodo tardío e por non posuír paralelos coñecido contextualizados[592]. Núñez tamén menciona esta peza, que compara con exemplares galegos como as xa mencionadas placas procedentes de San Pedro de Carcacía, Padrón (A Coruña), polo tema xeométrico que comparten e que sitúa, como dixemos, no século VI[593], e que comentaremos a continuación. Con todo, as nosas pezas, aínda que deslocalizadas ou reutilizadas, podemos poñelas en relación coa fundación de mosteiros no século IX-X.

Análise do perpiaño con epígrafe e flores hexapétalas reutilizado en San Salvador de Lérez, Lérez (Pontevedra)

Outro dos elementos reutilizados é un bloque dividido en dúas pezas por un dos arcos do pórtico. Trátase dunha placa de granito cun epígrafe e dúas flores hexapétalas en cada lado. Nesta inscrición aparecen unha serie de nomes propios labrados en alfabeto maiúsculo, e cuxa transcrición é: IN : NE: DE...HONORE : SCI: SALBATORIS: ET: SCE MA RIE : VI...ET : MARINA: PELAGIO: GONTADO : ET BRIA: FRT, e a súa lectura: *In nomine Dei et in honore Sancti Salvatoris, et Sanctae Mariae Virginis, et Marinae, Pelagi, Gontado, et Bria fratres*[594]. Poderíamos estar ante a fórmula de consagración do templo e incluso tratarse dunha das escasas pezas de escritura visigótica conservadas desta época[595]. Nun proxecto non rematado, Lucas Álvarez intentou localizar os centros de escritura en Galicia[596], conseguindo situar máis de trescentos manuscritos, deduciu que un dos posibles centros de escritura do altomedievo foi San Salvador de Lérez[597]. Entre os nomes que aparecen está o de Gontado, nome que coincide co fundador do mosteiro no século X.

En canto as flores hexapétalas que flanquean o epígrafe están labradas con pouca profundidade, creando igualmente un efecto de claroscuro onde destacan as arestas das flores variando as sombras segundo a dirección da luz.

A hexapétala é un motivo que tamén é atemporal, no entanto, este tipo concreto podémolo atopar en varias pezas galegas que puidemos consultar. Todas elas están

[592] Arezes, A.: "Placa com decoraçao esculturada e descriçao", en *O mosaico do Oceano. Um tesouro intemporal de Ossónoba*, Museo Municipal de Faro, 2019, pp. 86-97.
[593] Núñez Rodríguez, M..: *Arquitectura Prerrománica*, Santiago de Compostela, 1978, p. 75.
[594] Ramos Díaz, M.: "Lérez" en *Enciclopedia del Románico. Provincia de Pontevedra*, Fundación Santa María La Real, Aguilar de Campoo, 2005, pp. 716.
[595] Marcos Díez, D.: "En torno a una pieza epigráfica de la Diócesis de Palencia del año 1039", en *Publicaciones de la Institución Tello Téllez de Meneses*, nº 82-83, 2011-2012, pp. 451-465.
[596] Castro Correa, A.: *La escritura visigótica en Galicia. I. Diócesis Lucense*, Ballaterra, 2012, p. 18.
[597] Castro Correa, A.: *La escritura visigótica en Galicia. I. Diócesis Lucense*, Ballaterra, 2012, p. 18.

inscritas dentro dun círculo e soen acompañar outro tipo de motivos decorativos como rodas de radios curvos, rodas de radios rectos ou estrelas octopétalas, entre outras. As hexapétalas destas ménsulas galegas están asociadas a talleres que actuaron no noroeste entre finais do século IX ou primeira metade do século X[598].



Imaxe 97: Fig. I, detalle dunha das hexapétalas da placa de consagración de San Salvador de Lérez (Pontevedra)(fotografía da autora 10/01/2017 fig. II, placa de cancel procedente de San Pedro de Carcacía, Padrón (A Coruña) depositada no Museo da Catedral de Santiago de Compostela (fotografías da autora 25/04/2019); fig. III, unha das caras da placa de calcárea (Arq-00497), onde se observa unha flor hexapétala rodeada de octopétalas, depositada no Museo de Faro (Portugal) (imaxe tomada de Arezes, A.: "Placa com decoração esculturada e descrição", en *O mosaico do Oceano. Um tesouro intemporal de Ossónoba*, Museo Municipal de Faro, 2019, pp. 87); fig. IV, ménsula procedente de San Miguel do Canal, (Nogueira de Ramuín, Ourense), depositada no Museo Arqueolóxico de Ourense (fotografía da autora 03/05/2018); fig. V, ménsula procedente de Vilanova das Infantas (Ourense), depositada no Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense (fotografía da autora 03/05/2018); fig. VI, detalle dun ara reaproveitada nun friso decorativo en de San Frutuoso de Montelios (Portugal)(fotografía tomada de Luis Real, M.: "A escultura decorativa em Portugal: o grupo "portucalense"", en *Escultura decorativa tardorromana y altomedieval en la Península Ibérica*, Consejo Superior de Investigaciones Científicas, CSIC, 2007, p.158; fig. VII, detalle da hexapétala labrada no cancel procedente de San Miguel de Lillo (Asturias) (fotografía tomada de Escortell Ponsoda, M: *Catálogo de las salas de Arte Prerrománico del Museo Arqueológico de Oviedo*, Oviedo, 1978, lám. XII; fig. VIII, detalle dun modillón procedente de San Miguel de la Escalada (León) (fotografía tomada de Villa del Castillo, A.: "Talleres escultóricos itinerantes en el Altomedievo hispano: el llamado "grupo Mozárabe Leonés"", en *Arqueología y Territorio Medieval*, 24, 2017, pp. 151-184, p. 171.

Contrastábamos no apartado anterior a placa procedente do Museo de Faro (Portugal (imaxe 97, fig. III), coas placas procedentes de San Pedro de Carcacía en Padrón (A

[598] Sánchez-Pardo, J.C., (et al.): "Élites, arquitectura y fundación de iglesias en Galicia entre los siglos IX y X" en *Reti Medievali Rivista*, 19, 2, 2018, p. 337.

Coruña) (imaxe 97, fig. II). Descoñécese o contexto de ambas pezas (é unha das conclusións extraídas na consulta sobre a información da portuguesa) e con respecto á galega, lembremos que aparecen nun domicilio particular da parroquia de San Pedro de Carcacía (Padrón, A Coruña) sen que se saiba a súa procedencia, pero sabemos que é nomeada entre as igrexas pertencentes á sede iriense no século IX. Tampouco podemos poñer en dúbida que ambas placas comparten unha forma similar e unha decoración cunha mesma liña estética probablemente lograda coa mesma técnica, a labra a bisel. A placa de San Pedro de Carcacía, Padrón (A Coruña) está considerada como unha placa de cancel, un tipo de mobiliario que delimitaba os principais espazos durante a liturxia como aparece recollido nas fontes altomedievais[599], e que foron utilizadas dende o século VI ata o X[600]. Un exemplo coñecido é a controvertida placa de cancel, modelo de "arte asturiano", escrupulosamente analizado por Caballero Zoreda[601], procedente de San Miguel de Lillo (Asturias) (imaxe 97, fig. VII) cuxa cronoloxía aínda segue sendo debatida, con varias propostas, tendo en conta ambas caras do cancel. Entre outros motivos decorativos aparecen as flores hexapétalas que Luis Real pon en relación cunha serie de artistas conimbricenses que realizan obras con influencias orientais, como as que aparecen nos frisos decorativos de San Frutuoso de Montelios (imaxe 97, fig. VI), e na igrexa de San Torcato, ambas no norte de Portugal.

No estudo realizado á placa de Carcacía , o profesor Núñez sitúaa cronoloxicamente dentro do período suevo-visigodo[602], baseándose na utilización dunhas formas xeométricas fáciles de reproducir, herdeiras das estelas romanas burgalesas[603], influenciadas á súa vez pola estética bizantina traída por talleres de Mérida, que no noroeste peninsular estiveron tan arraigadas e foron repetidas no tempo, practicamente inmutables, pola súa sinxeleza[604]. Dentro do elenco de pezas que describe e analiza aparecen algunhas que na actualidade están consideradas de época posterior, sen que

[599] Bango Torviso, I.: "La vieja liturgia hispana y la interpretación funcional del templo prerrománico", en *VII Semana de Estudios Medievales*, Nájera, 29 de julio-2 de agosto, 1996, pp. 61-120, p. 83.
[600] Bango Torviso, I.: "La vieja liturgia hispana y la interpretación funcional del templo prerrománico", en *VII Semana de Estudios Medievales*, Nájera, 29 de julio-2 de agosto, 1996, pp. 61-120.
[601] Caballero Zoreda, L: "Observaciones arqueológicas sobre producción arquitectónica y decorativa de las iglesias de S. Miguel de Lillo y Santianes de Pravia", en Archivo *Español de Arqueología*, vol 86, 2013, pp. 89-123.
[602] Núñez Rodríguez, M..: "Aproximación al estudio de las formas ornamentales en Galcia durante la época visigoda" en *Revista de Guimaraes*, Vol. 86, pp. 177-186, p. 177.
[603] Núñez Rodríguez, M..: "Aproximación al estudio de las formas ornamentales en Galcia durante la época visigoda" en *Revista de Guimaraes*, Vol. 86, pp. 177-186, p. 179.
[604] Núñez Rodríguez, M..: "Aproximación al estudio de las formas ornamentales en Galcia durante la época visigoda" en *Revista de Guimaraes*, Vol. 86, pp. 177-186, p. 180.

poñamos en dúbida a herdanza das técnicas e do continuísmo de fórmulas decorativas anteriores[605], como a ménsula de Ferreira de Pallares (Lugo), considerada dos séculos IX-X[606], da que xa falamos en apartados anteriores. O motivo da hexapétala, que aparece na zona central da placa de cancel de Carcacía, reprodúcese en elementos arquitectónicos conservados, concretamente ménsulas[607], procedentes de edificios, que se fundaron nos albores do século X no noroeste peninsular; sirva de exemplo paradigmático unha das ménsulas procedente de San Miguel de Escalada (León) (imaxe 97, fig. VIII), ou a igrexa de San Torcato, en Guimarães (Portugal), esta última non pola conservación do edificio altomedieval, se non pola conservación dun gran número de pezas[608]. No territorio galego puidemos ver no Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense una ménsula con esta hexapétala procedente dos xa mencionados restos de San Miguel do Canal (Nogueira de Ramuín, Ourense) (Imaxe 97, fig.IV) ou unha ménsula procedente do desaparecido mosteiro de Vilanova das Infantas (Ourense) (imaxe 97, fig. V) fundado por Ilduara a mediados do século X.

4.1.8. Probable lauda altomedieval en San Pedro de Angoares (Ponteareas, Pontevedra)

Na parte baixa do muro exterior norte da igrexa de San Pedro de Angoares (Ponteareas, Pontevedra), a menos de medio metro do chan, hai un perpiaño considerado unha lauda prerrománica reutilizada. Siglarémola como PAR05. González Pérez explica que foi reutilizada no século XII para construír a fábrica románica[609] insistindo en que " se debe destacar la presencia de una cruz esvástica dentro de un círculo, de tanta tradición

[605] Cruz Villalón xa advirte da utilización das mesmas técnicas para lograr motivos decorativos como a hexapétala dende a antigüidade ao medievo. Cruz Villalón, M.: "Aplicación metodológica al estudio de la escultura. El conjunto visigodode Extremadura", en *Escultura decorativa tardorromana y altomedieval en la Península Ibérica*, Consejo Superior de Investigaciones Científicas, CSIC, XLI, 2007, pp. 221-232, pp. 223-224.

[606] Sánchez-Pardo, J.C., (et al.): "Élites, arquitectura y fundación de iglesias en Galicia entre los siglos IX y X" en *Reti Medievali Rivista*, 19, 2, 2018, pp. 311-366, p. 333.

[607] Villa del Castillo, A.: "Talleres escultóricos itinerantes en el Altomedievo hispano: el llamado "grupo Mozárabe Leonés"", en Arqueología y Territorio Medieval, 24, 2017, pp. 151-184, p. 171.

[608] Luis Real, M.: "A escultura decorativa em Portugal: o grupo "portucalense"", en *Escultura decorativa tardorromana y altomedieval en la Península Ibérica,* Archivo Español de Arqueología, Consejo Superior de Investigaciones Científicas, XLI, 2007, p.133-170, p. 163.

[609] González Pérez, C.: *San Pedro de Angoares. Módulo para la memoria de una parroquia*, Museo de Pontevedra, 1975, p. 27.

prehistórica en todo el Bajo Miño y que es testimonio del fuerte raigambre del caudal céltico en esta zona"[610].



Imaxe 98: Fig. I, interpretación da autora da cruz labrada na lauda granítica prerrománica de San Pedro de Angoares (Ponteareas, Pontevedra); fig. II, detalle da cruz labrada na lauda prerrománica de San Pedro de Angoares (Ponteareas, Pontevedra) (fotografía tomada https://commons.wikimedia.org/wiki/File:Iglesia_de_San_Pedro_de_Angoares_(989347080).jpg 06/04/2019); fig. IV, detalle do debuxo de González Pérez da cruz labrada na lauda interpretada como unha esvástica (imaxe tomada de González Pérez, C.: *San Pedro de Angoares. Módulo para la memoria de una parroquia*, Museo de Pontevedra, 1975, p. 28); fig. IV, cruz labrada na clave do arco de entrada a igrexa de San Juan de Baños (Palencia) (fotografía tomada de http://www.arquivoltas.com/8-palencia/02-Ventadebanos04.htm 06/04/2020).

González inclúe un debuxo do que ve, realizado por el mesmo (imaxe 98, fig. III). Pode que o motivo de percibir unha esvástica por parte deste autor fose a influencia doutra peza castrexa con decoración entrelazada, aparecida baixo o empedrado do chan da capela norte da igrexa de San Pedro de Angoares en 1973, xa que esta parece estar construída sobre o castro da Rioga[611].

[610] González Pérez, C.: *San Pedro de Angoares. Módulo para la memoria de una parroquia*, Museo de Pontevedra, 1975, p. 27.
[611] González Pérez, C.: *San Pedro de Angoares. Módulo para la memoria de una parroquia*, Museo de Pontevedra, 1975, pp. 26-27.

Imaxe 99: Fig. I, Igrexa de San Pedro de Angoares. Detalle do paramento onde se reutiliza unha lauda de granito coa decoración dunha cruz patada e campo epigráfico (fotografía tomada de http://commons.wikimedia.org/wiki/File:Iglesia_de_San_Pedro_de_Angoares_(989347080).jpg 06/04/2019); fig. II, ventá da ábsida de Santa María de O Campo (Marín, Pontevedra) onde se reutilizou un perpiaño onde se conservan tres liñas do campo epigráfico (fotografía da autora 18/02/2018); fig. III, lauda de Iohanis, con cruz patada atopada no concello de Barcelos (Braga, Portugal), (Imaxe tomada de Barroca, M.: *Epigrafía Medieval Portuguesa (862-1422)*, Vol. III, Fundación Calouste Gulbenkian, Fundação para a Ciência e a Tecnologia, Ministerio da Ciência e da Tecnologia, 2000, p. 510.Est. CCIX, nº. 1; fig. IV, lauda de Honorico con sendas cruces patadas nos bordos da peza (fotografía tomada de Barroca, M.: *Epigrafía Medieval Portuguesa (862-1422)*, Vol. III, Fundación Calouste Gulbenkian, Fundação para a Ciência e a Tecnologia, Ministerio da Ciência e da Tecnologia, 2000, p. 328. Est. XXX, nº. 3; fig. V, lauda de Teodomiro na Catedral de Santiago de Compostela (imaxe tomada de Pallares Méndez, Mª C. e Portela Silva, E.: *Da Galicia antiga é Galicia feudal (séculos VIII-XI)*, Vol. I, Tomo IV, A gran Historia de Galicia, La Voz de Galicia, 2007, p. 176).

A lauda incrustada na igrexa de San Pedro de Angoares é dunha peza rectangular de 210 cm de longo, 33 cm na súa parte máis ancha e 29 na máis estreita. Lonxe de parecerse a unha esvástica o que nós apreciamos, pola parte esquerda do sillar, é unha cruz patada, de sinxela execución con intención preciosista, inscrita nun círculo, realizada a compás, que ocupa algo máis dun cuarto de todo o perpiaño. Os remates dos brazos están enroscados cara fora e entre os brazos engádense outros elementos enroscados que

pretenden engalanar máis o motivo. Esta cruz estilisticamente poderíamola emparentar coa que aparece na clave dos arcos da igrexa de San Xoán de Baños en Palencia (imaxe 98, fig. IV); pola parte dereita a peza foi preparada para albergar un epígrafe que nunca foi realizado, en tres liñas delimitadas por unha fina enmarcación lisa (imaxe 99, fig. I).

Comparativamente non atopamos exemplares con este tipo de decoración concreta na área de estudo; a pesar de que a composición lémbranos á lauda de Teodomiro, datada no século IX d. C, aparecida durante unhas escavacións realizadas por Chamoso Lamas na Catedral de Santiago de Compostela (A Coruña) (imaxe 99, fig. V). Esta lauda presenta na parte esquerda unha das primeiras representacións da Cruz dos Anxos[612], de tipo procesional[613], anicónica, de brazos iguais, emblema da monarquía ovetense que será relevada pola Cruz da Vitoria e que aparece reproducida en multitude de soportes[614]. No lado dereito hai un epígrafe co epitafio do bispo iriense onde se detalla a data do seu falecemento, o ano 847.

De dous epígrafes atopados nos paramentos de templos situados nas inmediacións ou no tramo Iria Flavia-Tui da vía XIX chamáronnos a atención dous. Un deles é un perpiaño con tres bandas de campo epigráfico situado na ábsida de Santa María do Campo (Sobreiros, Marín) a 6 km de Pontevedra. Este forma parte dunha ventá de arco apuntado que ten encaixada unha ventá xeminada cuxos arcos de lixeira ferradura lembran aos vanos aximezados altomedievais (imaxe 99, fig. II). Así e todo, segundo se indica nas análises consultadas o aximez que divide a luz da ventá é octogonal o que fai que estea considerada unha peza posterior[615] xa que as diferentes referencias existentes a esta igrexa datan dos séculos XIV-XV e a súa construción se sitúa entre os séculos XII-XIII[616].

Queremos facer un breve paréntese con relación aos vans de iluminación. Debemos subliñar que apenas atopamos restos destes elementos en toda a área de estudo. Se ben o

[612] Cid Priego, C.: "Inventario iconográfico medieval de la Cruz de los Ángeles de la Cámara Santa de la Catedral de Oviedo", en *Anales de la Historia del Arte,* nº 4, Homenaje al Prof. Dr. D. José Mª de Azcárate, Ed. Compl. Madrid, 1994, pp. 731-746, p. 733.
[613] Cid Priego, C.: "Inventario iconográfico medieval de la Cruz de los Ángeles de la Cámara Santa de la Catedral de Oviedo", en *Anales de la Historia del Arte,* nº 4, Homenaje al Prof. Dr. D. José Mª de Azcárate, Ed. Compl. Madrid, 1994, pp. 731-746, p. 733.
[614] Bango Torviso, I.: *Alta Edad Media*, Sílex, 1989, p. 34.
[615] Arca Somoza, S.: "O campo", en *Enciclopedia del Románico en Galicia. Pontevedra*, Aguilar de Campoo, 2005, p. 384.
[616] Arca Somoza, S.: "O campo", en *Enciclopedia del Románico en Galicia. Pontevedra*, Aguilar de Campoo, 2005, p. 384.

exemplo antes mencionado non parece ser un espécime do período cronolóxico que nos atinxe (aínda que a nosa dúbida permanece sobre algunha das pezas que o conforman), o único vestixio do que se fai mención na bibliografía consultada é unha saeteira situada no testeiro da igrexa de San Xoán de Leiro[617] (Ribadumia, Pontevedra), preto de Lantaño. Esta ventá, foi documentada e inventariada por José Filgueira Valverde e Ángel del Castillo[618]. Construída con varios perpiaños moldurados e un remate en arco de ferradura, este elemento non sería un únicum, pois habería dúas capelas próximas que posúen tamén ventás que manterían este esquema compositivo[619], que aparece, por exemplo, en San Miguel de Celanova (Ourense)[620]. Este tipo de ventás consérvanse en maior número no resto de Galicia, sobre todo nas provincias de Lugo e Ourense[621] ao igual que no norte de Portugal e norte da Península Ibérica.

Segundo Fontoira Surís a igrexa de Leiro conserva na súa totalidade a cabeceira do século X. Se ben é certo que esta opinión nos parece un pouco esaxerada, xa que as reformas realizadas nesta igrexa no século XVIII arrasaron practicamente coa maioría dos restos románicos e os predecesores prerrománicos, é certo que aínda subsisten sinais destes nun extremo meridional do paramento externo do muro[622]. Existen escasas referencias acerca desta igrexa situada no corazón do Salnés, que no século XIII pertencía ao mosteiro de Santa María de Armenteira e posteriormente foi doado aos descendentes de Paio Gómez Chariño[623]. Dan fe da súa antigüidade unha cruz antefixa románica que se conserva no piñón da ábsida.

Podemos facer mención brevemente, a modo de curiosidade, proseguindo co tema dos vans, dunha suposta celosía (imaxe 100, fig. I) pertencente á antiga igrexa de Santa María da Oliveira de Tui, construída no século XII por Afonso VII[624]. Esta peza é unha placa rectangular con un deseño xeométrico calado cunha flor hexapétala no centro. Ávila y la Cueva y Blanco García opinan que se trata dun exemplar prerrománico, derivada de restauracións levadas a cabo en diferentes edificios en Tui durante o século

[617] Fontoira Surís, R.: *Pontevedra monumental*, Deputación de Pontevedra, 2009, p. 97.
[618] Fontoira Surís, R.: *Inventario de la riqueza monumental de la Provincia de Pontevedra y el Camino de Santiago*, Vigo, 2001, p. 40.
[619] Fontoira Surís, R.: *Pontevedra monumental*, Deputación de Pontevedra, 2009, p. 97.
[620] Núñez Rodríguez, M..: *Arquitectura Prerrománica*, Santiago de Compostela, 1978, pp. 256 e ss.
[621] Gran parte delas recollidas e estudiadas no proxecto EMCHAHE (Early Medieval Churches: History, Archaeology and Heritage) liderado por José Carlos Sánchez Pardo.
[622] Ramos Díaz, M.: "Leiro", en *Enciclopedia del Romanico*. Provincia de Pontevedra, pp. 713.
[623] Ramos Díaz, M.: "Leiro", en *Enciclopedia del Romanico*. Provincia de Pontevedra, p. 713.
[624] Vila, S: *La ciudad histórica de Tui*, Amigos de la Catedral, 2014, p. 7.

IX[625] e ven nela paralelismos coa celosía de San Xes de Francelos (imaxe 100, fig. III) e Santo Estevo de Atán, e todas as celosías que seguen un patrón estético asturiano[626]. Como apunta Pérez Besada, esta suposta celosía, que está depositada no Museo Diocesano de Tui, sería unha peza do século XV que formaría parte dun púlpito, como as que se poden ver na colexiata de Santa María de Baiona (imaxe 100, fig. II). Nós secundamos esta última teoría.

Imaxe 100: Fig. I, suposta celosía prerrománica procedente de Santa María da Oliveira de Tui, en realidade probable peza que foi descartada ou pertencente a un desaparecido púlpito (fotografía tomada de Pérez Besada, R.: "Santa María de la Oliveira de Tui", en *Rutas cicloturísticas del Románico Internacional*, XXII, 1 febreiro-20 xuño, 2004, p. 135; fig., II, púlpito na colexiata de Santa María de Baiona (fotografía tomada de https://commons.m.wikimedia.org); fig. III, celosía prerrománica en San Xes de Francelos, Ribadavia (fotografía da autora 28/04/2018).

Seguindo cos exemplos de laudas reutilizadas, a seguinte lauda comparable á de San Pedro de Angoares (Ponteareas, Pontevedra) é unha lauda sepulcral do século XI reutilizada no muro setentrional da igrexa de Santa María de Cuntis (Cuntis, Pontevedra). Mide 143 cm de longo por 41 cm de ancho e conserva aínda a inscrición interpretada como o recordatorio da morte dun monxe chamado Adaulfo no 1078[627]. Con todo tivemos que mirar cara o país veciño, novamente, para localizar dúas laudas cunha decoración similar, pero con inconveniente de ser pezas máis tardías que a de Angoares, polo que esta poderíamos considerala como precedente dun modelo que circulou posteriormente. Un dos exemplares é unha lauda granítica de 140 cm de longo e 45 de ancho procedente igrexa de Santiago de Gemieira (Viana do Castelo, Portugal), que ten inscrito un epígrafe funerario dedicado a Honorico no ano 1148, reaproveitado

[625] Pérez Besada, R.: "Santa María de la Oliveira de Tui", en *Rutas cicloturísticas del Románico Internacional*, XXII, 1 febreiro-20 xuño, 2004, pp. 135-137.
[626] Iglesias Almeida, E.: *2000 Años de Historia Tudense*, Tui, 2012, p. 55.
[627] Arca Somoza, S.: "Cuntis", en *Enciclopedia del Románico en Galicia. Pontevedra*, Aguilar de Campoo, 2005, p. 544.

posteriormente como pé de altar e ao que se lle realizou o rebaixe dun *loculus* para gardar reliquias[628]. O perpiaño posúe unha decoración baseada nunha serie de arcos ao longo da peza, enriba e embaixo do campo epigráfico e dúas cruces patadas inscritas nun círculo nos extremos (imaxe 99, fig. IV). O outro exemplar, dedicado a Iohanis, é unha lauda do século XIV, de procedencia descoñecida, procedente do concello de Barcelos no distrito de Braga (imaxe 99, fig. III), conservada no Museo Arqueolóxico de Barcelos[629]. Mide 76 cm de longo e 43,5 cm de ancho, ten unha inscrición gravada en dous campos epigráficos separados e en cuxo extremo esquerdo aparece a cruz patada inscrita nunha circunferencia[630].

4.1.8.1. A igrexa románica de San Pedro de Angoares: espectro dun templo altomedieval.

Como xa introducíramos no apartado de *situs*, autores como González Pérez, Ángel del Castillo e Fontoira Surís percibiron que as proporcións da cabeceira de San Pedro de Angoares podían corresponderse cos restos dunha construción anterior.



Imaxe 101: Planta da igrexa de San Pedro de Angoares. Imaxe tomada de González Pérez, C.: *San Pedro de Angoares. Módulo para una parroquia*, Museo de Pontevedra, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1975, p. 34.

[628] Barroca, M.: *Epigrafía Medieval Portuguesa (862-1422)*, Vol. II, Tomo I, Fundación Calouste Gulbenkian, Findaçao para a Ciência e a Tecnologia, Ministerio da Ciência e da Tecnologia, 2000, p. 228-229.
[629] Barroca, M.: *Epigrafía Medieval Portuguesa (862-1422),* Vol. II, Tomo II, Fundación Calouste Gulbenkian, Findaçao para a Ciência e a Tecnologia, Ministerio da Ciência e da Tecnologia, 2000, p. 1954-1955
[630] Barroca, M.: *Epigrafía Medieval Portuguesa (862-1422)*, Vol. II, Tomo II, Fundación Calouste Gulbenkian, Findaçao para a Ciência e a Tecnologia, Ministerio da Ciência e da Tecnologia, 2000, p. 1954-1955.

As razóns da teoría estriban en que esta foi equiparada coa igrexa zamorana de Santa María de Tera[631], estudada por Gómez Moreno. Este autor comparou a planta de Tera co cruceiro de San Isidoro de León e deduciu que ambas conservaban un trazado similar, baseado nas disposicións das igrexas de estilo bizantino[632] do século VII d. C. como Santa Comba de Bande[633]. Á súa vez Ángel del Castillo identificou estas características tipolóxicas na disposición do templo ponteareán. Con todo, autores como Almeida explican a estrutura de Angoares dende un punto de vista funcional, suxerindo que a igrexa foi románica dende os seus inicios, "simplemente a súa planta adaptouse ao mosteiro coetáneo que unha vez existiu"[634], como o caso de San Salvador de Alveos de estrutura similar, onde se configurou un transepto "cuxa función podería variar segundo fose lugar[635]"; supoñemos que para diferentes actos litúrxicos. Sexa como fora, ambas hipóteses non son de todo incompatibles[636]. Aos motivos atopados por Castillo López, Fontoira Surís ou González Pérez para considerar o suposto "visigotismo" da planta da cabeceira de Angoares, engádeselles o descubrimento dunha tapa dun sartego antropoide atopada a principios do século XX no atrio da igrexa[637], da que non coñecemos o seu paradoiro, e a lauda sen inscrición coa cruz patada inscrita nun círculo, tratada no apartado anterior, publicada no monográfico de González Pérez.

[631] Castillo López, A.: "Iglesias antiguas de Galicia: San Pedro de Angoares", en *Boletín de la Real Academia Gallega*, Tomo XIV, 1925, pp. 82-86, p.86.
[632] Castillo López, A.: "Iglesias antiguas de Galicia: San Pedro de Angoares", en *Boletín de la Real Academia Gallega*, nº 160, p. 86.
[633] Existen controversias a respecto da construción e cronoloxía dalgunhas igrexas cruciformes tradicionalmente clasificadas como de época visigoda, como por exemplo esta de Santa Comba de Bande. Autores como Caballero Zoreda e Utrero Agudo opinan que Santa Comba de Bande é unha construción posterior á época visigoda, concretamente de época e estilo "asturianos" do século IX d. C. Do mesmo xeito as influencias bizantinas sobre estas construcións tamén están en discusión. Cruz Villalón, M.: Acerca de las iglesias cruciformes hispánicas de época visigoda", en *NORBA-ARTE*, Vol. XXVIII-XXXIX (2008-2009), pp. 293-299; Utrero Agudo, Mª. A.: "Las Iglesias cruciformes del siglo VII en la Península Ibérica. Novedades y problemas cronológicos y morfológicos de un tipo arquitectónico", en *El siglo VII frente al siglo VII. Arquitectura. Visigodos y Omeyas-IV* (Mérida 2006), Madrid, 2009, pp. 133-154; Caballero Zoreda, L., Arce Sainz, F. e Utrero Agudo, Mª. A: "La iglesia de San Torcuato de Santa Comba de Bande (Orense): Arqueología de la Arquitectura", en *Archivo Español de Arqueología*, Vol. 77, nº 189-190, 2004, pp. 273-318. Agora ben, tamén hai estudios realizados cuxos resultados demostran que se trata dunha forma temperá de igrexa mozárabe (s. VIII), Sánchez Pardo, J. C., Blanco Rotea, R. e Sanjurjo Sánchez, J.: "The church of Santa Comba de Bande and early medieval Iberian arquitecture: new chronological results", en *Antiquity*, Vol. 91, Nº 358, pp. 1011-1026.
[634] Iglesias Almeida, E.: "El monasterio de San Pedro de Angoares", en *Soberosum. Revista de Estudios*, nº 1, Museo Municipal de Ponteareas, 1993, pp. 115-131, p. 121.
[635] Iglesias Almeida, E.: "El monasterio de San Pedro de Angoares", en *Soberosum. Revista de Estudios*, nº 1, Museo Municipal de Ponteareas, 1993, pp. 115-131, p. 121.
[636] Ramos Díaz, M.: "Angoares", en *Enciclopedia del Románico en Galicia. Pontevedra*, Aguilar de Campoo, 2005, p. 174.
[637] González Pérez, C.: *San Pedro de Angoares. Módulo para una parroquia*, Museo de Pontevedra, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1975.

4.1.8.2. Igrexas sobre outras posibles igrexas

San Pedro de Angoares non é o único templo do territorio que abarcamos neste traballo ao que se lle aplica a hipótese de construción erguida sobre outra previa. A planta de San Xoán de Panxón (Nigrán, Pontevedra) podería ser cruciforme. A igrexa de Santo André de César en Caldas de Reis introducida no apartado (3.1.6) posúe un presbiterio de planta de cruz latina cuxos sillares inferiores, en opinión de Sá Bravo, pertencerían a un templo anterior de orixe visigótica[638]. A este mesmo estilo pertencerían algunhas das pezas extraviadas que nalgún momento estiveron expostas no exterior de Santo André, como unha serie de "columnas con capiteles prismáticos (...), fragmentos de fustes, testimonios, tal vez, de la existencia de una etapa constructiva previa a la románica"[639], hoxe perdidos e polo tanto imposibles de estudar.

Santa Mariña de Arcos da Condesa en Caldas de Reis (Pontevedra), é outra das igrexas incluídas neste punto. Remodelada nos séculos XVII-XVIII, posúe unha planta de tres naves e cabeceira rectangular construídas no XII sobre unha planta dun edificio do século X que segundo Fontoira Surís segue os parámetros da basílica compostelá de Afonso III. Esta mesma sorte é a que corren as igrexas de Santa María de Troáns (Cuntis, Pontevedra) cuxa construción descansaría sobre os cimentos dun templo altomedieval[640], ou as xa comentadas Santa Leocadia de Guillade (Ponteareas) e Santa Comba de Cordeiro (Valga, Pontevedra) cuxa planta basilical, do século VI, foi aproveitada para a construción dun novo templo entre os séculos VIII-IX.

Preto da praia do Carreiro sitúase o complexo xacemento de Adro Vello[641], no termo parroquial de San Vicente de O Grove (Pontevedra). A base de todo este complexo serían cubas construídas en *opus signium*, pertencentes a unha importante industria para producir sal, sobre esta unha vila romana tardoimperial datada entre os séculos III-IV d. C[642]. Posteriormente, entre os séculos V-VII d.C. comezaría a utilizarse como necrópole que abarcaría practicamente toda a área do xacemento, abandonándose no século

[638] Arca Somoza, S.: "Cesar", en *Enciclopedia del Románico en Galicia. Pontevedra*, Aguilar de Campoo, 2005, p. 512.
[639] Arca Somoza, S.: "Cesar", en *Enciclopedia del Románico en Galicia. Pontevedra*, Aguilar de Campoo, 2005, p. 512.
[640] Fontoira Surís, R.: *Pontevedra monumental*, Deputación de Pontevedra, 2009, p. 86-87.
[641] Número de rexistro no Servizo de Arqueoloxía da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta, GA36022004.
[642] Suárez Piñeiro, A. M.: "La explotación del mar en la Galicia romana: el ejemplo de las instalaciones de salazón", en *Cuaderno de Estudios Gallegos*, Tomo L, Fascículo 116, Santiago de Compostela, 2006, pp. 9-25, p. 15.

XVIII[643]. Tería relación cunha igrexa con suposto orixe no século VII, xa que durante as actuacións arqueolóxicas apareceron unha serie de elementos de adscrición "visigoda", como placas pétreas, un anel ou a cruz xa comentada (no apartado 4.1.6.4). A igrexa tería sido substituída por unha posterior que foi trasladada cara o interior da península no século XVIII.

O templo, supostamente visigodo, tería unha planta basilical de 15m de lonxitude por 6m de anchura con cabeceira rectangular[644]. Rodríguez Resino sospeita da posibilidade deste visigotismo, dado que non tivo acceso aos materiais atopados e fundaméntase nun documento de doazón do ano 899 de Afonso III ao bispo Sisnando[645] onde se reflexa: *et ecclesiam Sancti Uicentii in insula Ocrobe cum dextris suis*[646]. Posteriormente, grazas ás novas comprobacións feitas dende o proxecto EMCHAHE coa lectura de paramentos e a datación mediante radiocarbono, concluíuse que as técnicas construtivas utilizadas nos restos de paramento que se conservan deste antigo templo non se corresponden coas utilizadas en época visigoda e que non chegaron restos daquel templo aos nosos días, aínda que non se descarta que o templo existise, polo que se desprende da documentación, e se aproveitase o seu perímetro para o construción de edificios posteriores.

Santa Uxía de Mougás (Oia, Pontevedra) sería outro exemplo de igrexa sobre unha antiga edificación. Non coñecemos fontes documentais referidas a esta igrexa. O edificio actual responde a unha reconstrución do séculos XVI e XVII. Non obstante, ten restos dunha construción anterior, románicos segundo Fontoira Surís[647], como un canzorro de gran tamaño utilizado como perpiaño no paramento sur da nave, con decoración de rolos, unha cruz antefixa e unha ventá no testeiro da ábsida[648]. O interior está distribuído en tres naves das cales a central é a máis ancha, separadas por arcos

[643] Sánchez Pardo. J.C.: "Nuevos apuntes sobre técnicas constructivas altomedievales en Galicia", en *Anejos de Nailos*, nº 5, 2019, pp. 61-73, p. 68.
[644] Sánchez Pardo. J.C.: "Nuevos apuntes sobre técnicas constructivas altomedievales en Galicia", en *Anejos de Nailos*, nº 5, 2019, pp. 61-73, p. 68.
[645] Rodríguez Resino, A.: *Do Imperio Romano á Alta Idade Media. Arqueoloxía da Tardoantigüidade en Gallaecia (séculos V-VIII)*, Toxosoutos, 2005, p. 43.
[646] Sánchez Pardo. J.C.: "Nuevos apuntes sobre técnicas constructivas altomedievales en Galicia", en *Anejos de Nailos*, nº 5, 2019, pp. 61-73, p. 68.
[647] Fontoira Surís, R.: *Inventario de la Riqueza Monumental de la Provincia de Pontevedra y el Camino de Santiago*, Diputación de Pontevedra, Vigo, 2001, p. 88.
[648] Fontoira Surís, R.: *Inventario de la Riqueza Monumental de la Provincia de Pontevedra y el Camino de Santiago*, Diputación de Pontevedra, Vigo, 2001, p. 88.

formeiros de medio punto e pousados sobre piares rectangulares[649], interior que lembra a templos con precedentes prerrománicos como San Bartolomé de Rebordáns (Tui), San Pedro de Ansemil (Silleda) ou San Pedro de Orazo (Silleda)[650], todos na provincia de Pontevedra. Exteriormente articúlase mediante unha disposición de grandes perpiaños, posiblemente procedentes dunha edificación anterior que segue as liñas da basílica compostelá construída por Afonso III[651], que foron reutilizados. Neste lugar atopouse unha lauda do século X[652] e no adro desta igrexa ata hai case cincuenta anos estiveron colocados os dous discos pétreos xa comentados.

En 1912 foi creada a Sociedad Pro-Monte para realizar unha serie de restauracións na ermida de Santa Tegra (A Guarda, Pontevedra), xa que se atopaba en estado ruinoso[653]. A partir dese ano foron diversas as remodelacións que se levaron acabo no edificio, tanto no interior como no exterior[654]. Aquelas ruínas correspondían a unhas ampliacións realizadas nos séculos XVI e XVII dunha edificación do século XII, esta seguramente construída, á súa vez, sobre una edificación anterior visigótica como indican os restos atopados nunhas escavacións realizadas en 1994[655].

4.1.9. Un capitel procedente de San Bartolomé de Rebordáns (Tui, Pontevedra)

Unha das pezas que na actualidade se conserva no Museo Diocesano de Tui, atopado nunha das escavacións realizadas por Chamoso Lamas, na área de San Bartolomé de Rebordáns (Tui, Pontevedra) é unha curiosa peza, que denominaremos TUI01.Trátase dun capitel granítico de cálato troncopiramidal (imaxe 102), decorado, polo menos, por

[649] Fontoira Surís, R.: *Inventario de la Riqueza Monumental de la Provincia de Pontevedra y el Camino de Santiago*, Diputación de Pontevedra, Vigo, 2001, p. 88.
[650] Fontoira Surís, R.: *Inventario de la Riqueza Monumental de la Provincia de Pontevedra y el Camino de Santiago*, Diputación de Pontevedra, Vigo, 2001, p. 88.
[651] Fontoira Surís, R.: *Inventario de la Riqueza Monumental de la Provincia de Pontevedra y el Camino de Santiago*, Diputación de Pontevedra, Vigo, 2001, p. 82.
[652] Fontoira Surís, R.: *Inventario de la Riqueza Monumental de la Provincia de Pontevedra y el Camino de Santiago*, Diputación de Pontevedra, Vigo, 2001, p. 82.
[653] Torrado Gándara, L.: *El obispado de Tui en la Edad Media: sus iglesias románicas*, Universidade da Coruña, 2016, pp. 145-146.
[654] Torrado Gándara, L.: *El obispado de Tui en la Edad Media: sus iglesias románicas*, Universidade da Coruña, 2016, pp. 145-146.
[655] Torrado Gándara, L.: *El obispado de Tui en la Edad Media: sus iglesias románicas*, Universidade da Coruña, 2016, pp. 145-146.

unha das súas caras, xa que as laterais parecen bastante danadas e a cuarta non a coñecemos[656].

Imaxe 102: Capitel procedente de San Bartolomé de Rebordáns, depositado no Museo Diocesano de Tui, Tui (Pontevedra).Fotografía cedida polo Museo Diocesano de Tui.

Esta decoración está realizada mediante unha serie de liñas incisas horizontais, a bisel, que forman catro grosas molduras interrompidas por dous motivos superpostos con forma de V que ocupan case a totalidade da cara do capitel. Na súa base ten practicado un rebaixe tal e como lle ocorre a SET06, con todo, parece que a peza de Rebordáns foi concibida así. O capitel, aparece citado polo profesor Núñez, pero non o analiza[657] e está tamén recollido na tese de Domínguez Perela, que o coñece a través do anterior[658]. González Soutelo aporta unha fotografía[659]. Pola cartela que aparece na fotografía aportada por esta autora sabemos que se lle adxudicou unha cronoloxía entre os séculos VI-VII e que pertence a este *situ*.

[656] Non puidemos ver o capitel polo momento.
[657] Núñez Rodríguez, M.: *Arquitectura prerrománica*, 1978, p. 80
[658] Dominguez Perela, E.: *Capiteles Hispánico Altomedievales*, Tomo I, Universidad Complutense de Madrid , Madrid, 1987, Tomo II, p. 78.
[659] González Soutelo, S.: *O Tui antigo: unha aproximación histórica-arqueolóxica,* Toxosoutos, 2007, p. 141.



Imaxe 103: Fig. I, capitel procedente de San Bartolomé de Rebordáns, depositado no Museo Diocesano de Tui (fotografía cedida polo Museo Diocesano de Tui); fig. II, capitel cordobés depositado no Museo Arqueolóxico de Córdoba (fotografía tomada de Domingo Magaña, J.: Capiteles *tardorromanos y altomedievales de Hispania (ss. IV-VIII*), Universitat Rovira i Virgili, Tarragona, Tarragona, 2006, p. 1007); fig. III, capitel de prodecencia descoñecida depositado no Museo da Deputación de Pontevedra (fotografía da autora 18/06/2019); fig. IV, capitel procedente de Quintães (Barcelos, Portugal) (fotografía tomada de Luis Real, M.: "A escultura decorativa em Portugal: o grupo portucalense", en *Escultura decorativa tardorromana y altomedieval en la Península Ibérica*, Anejos de AEspA, XLI, p. 151); fig. V, capitel procedente de S. Pedro de Rates (Póvoa de Varzim, Portugal) (fotografía tomada de Luis Real, M.: "A escultura decorativa em Portugal: o grupo portucalense", en *Escultura decorativa tardorromana y altomedieval en la Península Ibérica*, Anejos de AEspA, XLI, p. 151); fig. VI, capitel procedente de Beja, depositado actualmente no Museu Nacional de Arqueologia (Lisboa) (fotografía tomada de Lopes Coelho M. Limão, F.M: *Capitéis da Antiguidade Tardia em Portugal (Séculos III/IV-VIII)*, Universidade de Lisboa, 2010, p. 471).

A modo de hipótese, este capitel podería estar relacionado, cando menos no que a estética se refire, con producións orientais do século VI-VII, cuxa estrutura componse dunha única coroa de catro follas angulares, tal e como lle ocorre a un espécime descontextualizado, estudado por Domingo Magaña[660]. Este capitel está depositado no Museo Arqueolóxico de Córdoba (imaxe 103, fig. II) e está datado no século VII. O capitel cordobés non presenta case roturas polo que se poden percibir perfectamente as follas dos ángulos e os adornos centrais en V, neste caso tamén dous, tal e como aparecen capitel de San Bartolomé de Rebordáns, Tui (Pontevedra). Interpretamos que as follas angulares de Rebordáns sofren un enorme esquematismo ocasionando unha acusada xeometrización das formas vexetais, follas que serían un pouco máis evidentes se o capitel non tivera sufrido ningún tipo de degradación. Por tipoloxía vinculamos o capitel atopado en San Bartolomé coa peza que introducimos a continuación.

[660] Domingo Magaña, J.: *Capiteles tardorromanos y altomedievales de Hispania (ss. IV-VIII),* Universitat Rovira i Virgili, Tarragona, Tarragona, 2006, p. 520.

Capitel depositado no Museo de Pontevedra

Coñecemos a existencia dun capitel (imaxe 103, fig. III), que denominaremos MPP01, depositado no Museo Provincial de Pontevedra a través da obra de Domínguez Perela[661]. Descoñécese a procedencia do capitel, pero comprobamos que se trata dun capitel que comparte tipoloxía co anterior de San Bartolomé de Rebordáns (Tui, Pontevedra). O capitel depositado no Museo de Pontevedra é un capitel de granito duns 28 cm de altura, moi erosionado, ao que apenas se lle distinguen catro follas parapinnadas cuxa nervadura central coincide coa aresta de cada vértice, con foliolos ovados. En cada cara hai labradas a bisel tres follas lanceoladas dispostas en triángulo (imaxe 104).



Imaxe 104: Elementos que compoñen o capitel descontextualizado depositado no Museo da Deputación de Pontevedra MAP01 (fotografía da autora 18/06/2019).

Este patrón troncopitamidal tamén se distingue en varios capiteis portugueses estudados por Filomena Limão e Luis Real; un capitel procedente de Beja (imaxe 103, fig. VI) depositado nos Museu Nacional de Arqueologia (Lisboa) que posúe catro follas angulares sobre as que se labran unhas prefoliacións en V acabadas en hélices en cuxo

[661] Dominguez Perela, E.: *Capiteles Hispánicos Altomedievales*, Tomo I, Universidad Complutense de Madrid , Madrid, 1987, Tomo II, p. 395, lám. CDVb.

vértice interior se distingue o relevo dunha cruz grega[662]. O capitel está datado entre os séculos VI- VII; outros dous capiteis procedentes de Quintães e S. Pedro de Rates, ambos en Portugal (imaxe 103, figs. IV e V), que aínda que lle atribúen formas bizantinas, Luis Real enmarca nos séculos IX-X[663], baseándose nos capiteis troncopiramidais que podemos ver por exemplo no interior de San Salvador de Valdedios (Asturias). A teoría de Real fundaméntase nun rexurdimento de esas formas séculos máis tarde.

Esta tipoloxía ten os seus comezos nunha derivación propia do capitel corintio desenvolvida na arte durante o Impero Bizantino dende o século V[664], pero como ben apunta Real mantívose no tempo ata ben entrado o Románico [665]. Na nosa opinión, en Galicia tamén se lembran e interpretan estas formas bizantinas materializadas no capitel de procedencia descoñecida depositado no Museo de Pontevedra, que consideramos que, como cre Domínguez Perela, poderíase encadrar entre os séculos VI- VII, igual que o de San Bartolomé de Rebordáns.

Capiteis en Santa Eufemia de Rebordáns

Ávila y La Cueva describe que na área de Santa Eufemia, en Rebordáns (Tui, Pontevedra), aparecen multitude de restos romanos, estruturas de diferentes tipos de edificacións e multitudes de sepulcros[666]. Entre as construcións destácase unha de maior tamaño e monumentalidade da que se retiraron tres columnas monolíticas, das que existen máis enterradas, cos seus capiteis e cornixas que foron debuxados por Fernández de la Granja[667]. As columnas medían case tres metros e medio e os capiteis 53 cm de alto. Sobre os capiteis deixouse unha breve descrición, pero moi significativa: "en su parte superior solamente tenía una rosa, en la parte media del ábaco, llamando la

[662] Este capitel tamén foi estudiado por Domingo Magaña. Domingo Magaña, J.: *Capiteles tardorromanos y altomedievales de Hispania (ss. IV-VIII),* Universitat Rovira i Virgili, Tarragona, Tarragona, 2006, p. 606.
[663] Luis Real, M.: "A escultura decorativa em Portugal: o grupo "portucalense"", en *Escultura decorativa tardorromana y altomedieval en la Península Ibérica*, Archivo Español de Arqueología, Consejo Superior de Investigaciones Científicas, XLI, 2007, p.133-170, p. 167.
[664] Lopes Coelho M. Limão, F.M: *Capitéis da Antiguidade Tardía em Portugal (Séculos III/IV-VIII)*, Universidade de Lisboa, 2010, p. 278.
[665] Luis Real, M.: "A escultura decorativa em Portugal: o grupo "portucalense"", en *Escultura decorativa tardorromana y altomedieval en la Península Ibérica*, Archivo Español de Arqueología, Consejo Superior de Investigaciones Científicas, XLI, 2007, p.133-170, p. 167.
[666] Pérez Losada, F.: *Poboamento e ocupación rural romana no noroeste peninsular: (núcleos agrupados romanos secundarios en Galicia).* Santiago de Compostela, 2000, p. 105-106.
[667] Pérez Losada, F.: *Poboamento e ocupación rural romana no noroeste peninsular: (núcleos agrupados romanos secundarios en Galicia).* Santiago de Compostela, 2000, p. 105-106.

atención a las sencillas volutas en todo diferentes a las que tienen otros órdenes arquitectónicos más antiguos, los cuales, forman una especie de asa que abraza el exterior del capitel"[668]. Esta reseña foi acompañada por un gravado (imaxe 103, fig. I), única testemuña daquelas pezas. Tanto á descrición como o gravado atribúenselle certo grado de inventiva[669]; apréciase algo de idealización no gravado de Fernández de la Granja, pero desta tipoloxía de capitel realmente hai constancia. Foi D. Fossard quen clasificou estes capiteis como "de asas", caracterizados pola presenza destes elementos entre a segunda coroa e o ábaco[670]. A Fossard cúlpaselle dun erro na adscrición cronolóxica destes capiteis[671] situándoos no século VII, xa que a este século pertencen edificios como a cripta de San Pablo da Abadía de Jouarre (Seine el Marne), modelo de construción merovinxia, onde hai capiteis compostos "de asas" (imaxe 105, fig. II). En revisións posteriores outros autores consideraron que algúns destes capiteis eran reutilizacións, ao que se lle engadiu o achado de capiteis "de asas" contextualizados datados entre os séculos IV e V[672]. O que é certo é que estas formas perduraron no tempo, como despois se reformulou Fossard, xa que podemos atopar esta tipoloxía na Andalucía nazarí.

Os capiteis de asas tiveron presenza no sur de Portugal, preto da costa, onde se atopou un capitel composto "de asas" procedente da Villa da Retorta (Albufeira, Portugal), depositado no Museo Municipal da Albufeira (imaxe 105, fig. III). Dato revelador que nos fala da dispersión deste modelo a través do Atlántico, existindo exemplares dende o norte de África[673] ata o norte de Francia. A forma tan particular que posúen estas pezas onde as volutas están tan evolucionada que medran e caen cara a parte superior das follas da segunda coroa, está presente nun capitel procedente da Basílica de Carranque, Toledo, realizado en mármore de Estremoz (imaxe 105, fig. IV) e noutro, en territorio galego, procedente da Nosa Señora da Hermida de Quiroga (Lugo) (imaxe 105, fig. V),

[668] Pérez Losada, F.: *Poboamento e ocupación rural romana no noroeste peninsular: (núcleos agrupados romanos secundarios en Galicia).* Santiago de Compostela, 2000, p. 106.
[669] Pérez Losada, F.: *Poboamento e ocupación rural romana no noroeste peninsular: (núcleos agrupados romanos secundarios en Galicia).* Santiago de Compostela, 2000, p. 106.
[670] Domingo Magaña, J.: *Capiteles tardorromanos y altomedievales de Hispania (ss. IV-VIII),* Universitat Rovira i Virgili, Tarragona, Tarragona, 2006, p. 26.
[671] Domingo Magaña, J.: *Capiteles tardorromanos y altomedievales de Hispania (ss. IV-VIII),* Universitat Rovira i Virgili, Tarragona, Tarragona, 2006, p. 26.
[672] Domingo Magaña, J.: *Capiteles tardorromanos y altomedievales de Hispania (ss. IV-VIII),* Universitat Rovira i Virgili, Tarragona, Tarragona, 2006, p. 26.
[673] Lopes Coelho M. Limão, F.M: *Capitéis da Antiguidade Tardía em Portugal (Séculos III/IV-VIII)*, Universidade de Lisboa, 2010, p. 322.

compañeiro do coñecido crismón, datado entre os séculos V, proposto por Domingo Magaña e VII, proposto por Domínguez Perela[674].



Imaxe 105: fig. I, detalle do gravado de Fernández de la Granja detallando as columnas, capiteis e entaboamento atopados en Santa Eufemia de Rebordáns (Tui, Pontevedra) (imaxe tomada de Pérez Losada, F.: *Poboamento e ocupación rural romana no noroeste peninsular: (núcleos agrupados romanos secundarios en Galicia)*. Santiago de Compostela, 2000, p. 571); fig. II, capitel procedente da cripta de Jouarre (Francia) (fotografía tomada de Fotografía tomada de Lopes Coelho M. Limão, F.M: *Capitéis da Antiguidade Tardia em Portugal (Séculos III/IV-VIII),* Universidade de Lisboa, 2010, p. 450); fig. III, capitel procedente da Villa da Retorta (Albufeira, Portugal) (fotografía tomada de Lopes Coelho M. Limão, F.M: *Capitéis da Antiguidade Tardia em Portugal (Séculos III/IV-VIII*), Universidade de Lisboa, 2010, p. 420); fig. IV, capitel procedente da Basílica de Carranque (Toledo) (fotografía tomada de Domingo Magaña, J.: *Capiteles tardorromanos y altomedievales de Hispania (ss. IV-VIII),* Universitat Rovira i Virgili, Tarragona, Tarragona, 2006, p. 1189); fig. V, capitel procedente Nosa Señora da Hermida de Quiroga (Quiroga, Lugo) (fotografía tomada de Domingo Magaña, J.: *Capiteles tardorromanos y altomedievales de Hispania (ss. IV-VIII)*, Universitat Rovira i Virgili, Tarragona, Tarragona, 2006, p. 1270).

[674] Domingo Magaña, J.: *Capiteles tardorromanos y altomedievales de Hispania (ss. IV-VIII),* Universitat Rovira i Virgili, Tarragona, Tarragona, 2006, p. 26.686

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

5. Conclusión

No presente traballo estúdanse unha serie de pezas, na maioría arquitectónicas con decoración, pero tamén outro tipo de obxectos como cruces litúrxicas, concentradas no tramo de vía Iria Flavia-Tui no transcurso da vía XIX do Itinerario Antonino. Despois de realizar o traballo de campo, visitando os *situs*, nos que sabiamos que se conservaban algunhas pezas e os museos, onde moitas outras están depositadas, logramos rexistrar un total de 36 pezas (16 capiteis, 6 fustes, 3 frisos decorativos, 2 placas de cancel, 2 laudas funerarias, 1 pía, 2 cruces metálicas e 2 relevos con decoración) en 17 *situs*, 12 templos parroquiais e 5 xacementos arqueolóxicos. Todos os *situs*, a excepción de un, o xacemento de Toralla (Vigo, Pontevedra), están vencellados a edificios cultuais relixiosos.

Como dixemos, algunhas das pezas están depositadas en museos, estes son o Museo Provincial de Pontevedra, o Museo da Catedral de Santiago e o Museo de Quiñones de León, pero unha das pezas, en concreto o capitel procedente da vila de Toralla (Vigo, Pontevedra), está nunha colección privada (Familia Mirambell).

Un dos obxectivos que nos marcamos foi, na medida do posible, corrixir os erros historiográficos que existían en torno ás pezas, como, por exemplo, a confusión entre os capiteis de Santa María de Xanza (Valga, Pontevedra) e Santo Estevo de Beade (Vigo, Pontevedra); desacertos na localización de pezas, como a lauda de Ratheura de San Xoán de Porto, considerada un altar procedente de San Pablo de Porto de Salvaterra do Miño; ou o equívoco en topónimos como A Sabanle, citado reiteradamente como Sabante; e mesmo a adscrición errónea de pezas góticas levadas ao prerrománico (a suposta celosía de Santa María da Oliveira en Tui).

Outros dos obxectivos do traballo era comprobar que as pezas procedesen realmente dos *situs* aos que están atribuídas. Despois de consultar e examinar a documentación á que tivemos acceso podemos deducir que:

No caso das pezas atribuídas a San Salvador de Setecoros (Valga, Pontevedra), dispersas despois da súa exhibición na Exposición Rexional Galega de 1909, seguimos sen ter evidencias fiables de que a totalidade procedan desta basílica. Do conxunto de capiteis, fustes e ladrillos, soamente temos constancia de que aparecen mencionados nos

rexistros do Museo Catedralicio de Santiago de Compostela, dous capiteis e un fuste, concretamente as pezas SET04, SET06 e SET11.

Dos capiteis depositados no Museo Provincial de Pontevedra, SET01, SET02, SET03, SET05, SET12, SET13, e os ladrillos, SET14, a súa pertenza á basílica de San Salvador só nos chega a través da bibliografía. Obviamente, as pezas que están dentro do edificio, os capiteis SET07 e SET08, e os fustes SET09 e SET010, teñen máis probabilidades de pertencer ao *situ*, ao igual que o capitel SET06, cuxa factura se pode equiparar con estes.

Observamos polas dimensións das pezas, por exemplo, o diámetro superior (*sumoscapo*) dos fustes que están dentro da igrexa de San Salvador, que coincidirían cos capiteis SET03 e SET04, pero isto non é proba concluínte, xa que, ademais de que a colocación actual destes elementos non é a inicial (o epígrafe atopado nun deles, SET11, está dado a volta), a simple coincidencia dimensional non significa vinculación directa entre as pezas. O mesmo ocorrería co capitel SET05, que coincide co diámetro superior do fuste SET13, ambos no Museo Provincial de Pontevedra. A este respecto, non podemos saber se se cumpren as proporcións establecidas polo canon vitruviano, xa que para iso deberíamos coñecer as dimensións completas tanto dos capiteis (altura, altura e diagonal dos ábacos, anchura da base) como as dos fustes (altura, anchura superior ou *sumoscapo*, e inferior ou *imoscapo*). Na maioría dos casos, os capiteis están modificados, presentando amputacións graves do colariño, ángulos e outros elementos, e non sabemos se os fustes se presentan na súa forma orixinal, polo que a día de hoxe non podemos asegurar se se rexen por este precepto.

A constatación da procedencia das placas de San Pedro de Carcacía (Padrón, A Coruña), CAR01 e CAR02, tampouco foi posible, aínda que o feito de que no interior da igrexa se garde un sartego antropomorfo podería indicar que nese *situ* houbo un templo altomedieval. En todo caso, só mediante actuacións arqueolóxicas se podería corroborar.

Nos capiteis de Santa María de Xanza (Valga, Pontevedra) e Santo Estevo de Beade (Vigo, Pontevedra), XAN01 e VIG03, respectivamente, as evidencias da súa procedencia son moito menores, xa que son o único vestixio artístico do período altomedieval que sobreviviu destes *situs*. Un adecuado e completo censo das pezas que

se custodian nas institucións contribuiría, xunto coa revisión documental e a historiografía, a fortalecer o coñecemento destes únicos restos da época histórica abordada.

Outras veces, pezas reutilizadas en edificios que substitúen outros máis antigos, como os relevos de San Pedro de Lantaño (Portas, Pontevedra), LAN01 e LAN02; as pezas en San Salvador de Lérez (Lérez, Pontevedra), LER01 e LER02; a lauda no muro de San Pedro de Angoares (Ponteareas, Pontevedra), PAR05; o capitel, o fuste, e a pía no exterior de San Xoán de Cabeiro (Redondela, Pontevedra), CAB01, CAB02, e CAB03, son os únicos indicios aos que podemos acudir para formular as nosas hipóteses, mentres non atopemos vías alternativas.

Máis dubidosas son as pezas que aparecen fóra de contexto, como o capitel e o fragmento reutilizados na base do cruceiro de Couso-Guláns (Ponteareas, Pontevedra), PAR01 e PAR02, ou o capitel depositado no Museo Provincial de Pontevedra (MPP01). A pesar disto, cremos que iniciamos un primeiro achegamento a estes vestixios tan descoñecidos.

No que respecta á súa análise material, dos 16 capiteis, 6 son de mármore e todos pertencen a San Salvador de Setecoros (Valga, Pontevedra), síntoma da significación que debeu ter este lugar no pasado, no caso de que todos os elementos procedan de alí. A isto hai que engadir que, dos 6 fustes recompilados, 5 son de San Salvador de Setecoros e todos de mármore. Do mesmo xeito, as pezas amosan unha serie de calidades, cualidades e estéticas tan diversas que deberon, en conxunto, crear un edificio complexo que faltaría por estudar. Nós iniciamos humildemente un pequeno e frustrado achegamento aos compoñentes que se conservan.

De mármore son tamén as mencionadas placas procedentes de San Pedro de Carcacía (Padrón, A Coruña), únicas pezas conservadas deste material en todo o tramo de vía, o que podería deberse á estreita vinculación, tanto de Setecoros como de Carcacía, coa veciña Iria Flavia.

Outras 19 pezas son de granito, que na ficha consideramos como "local", referíndonos a unha posible orixe de proximidade, en xeral Noroeste Peninsular, por tratarse dun recurso abundante neste área.

As dúas pezas que restan, as cruces, unha é de ouro (VIG01) e outra dunha aliaxe (PAR04). Estes elementos, potencialmente rituais, xunto cos seus paralelos e outras pezas como as pías, deberían ser mellor estudados en conxunto, xa que nos poderían proporcionar pistas sobre os cultos practicados. O achado de varias pezas encadrables nunha mesma cronoloxía (séculos VI-IX), podería indicarnos a existencia dunha liturxia unificada neste período.

A través das imaxes procedentes da bibliografía, así como da inspección ocular das propias pezas, intentamos observar posibles correspondencias entre as pezas que denominamos como "pezas diana" e o resto de pezas, buscando posibles trazos comúns (morfolóxicos, iconográficos, técnicos, etc.). A apreciación dos múltiples detalles permitiunos atopar características compartidas, que apuntan cara unha complexa e enmarañada interconexión entre as pezas estudadas.

Por exemplo, comprobamos que, debido a determinados trazos diferenciados dentro da diversidade vexetal das follas, capiteis, en principio aparentemente diferentes entre si, poderían ter orixe nun mesmo foco. Así, os capiteis procedentes de Santa María de Xanza (Valga, Pontevedra), XAN01, de San Xoán de Cabeiro (Redondela, Ponteareas) CAB01, os dous en San Xoán de Panxón (Nigrán, Pontevedra), o extraviado de San Cosme de Baíña (Baiona, Pontevedra) e incluso o reutilizado no cruceiro de Couso-Guláns (Ponteareas, Pontevedra), PAR01, poderían pertencer a un centro produtor da área bracarense con amplo radio de difusion a través das vías de comunicación comentadas, pois neste área acumúlanse un gran número de capiteis de similar factura.

De confirmarse esta hipótese, cabería pensar na posibilidade de que, nalgún momento da Alta Idade Media, un grupo de edificios ao norte e sur do Miño contaron cunha decoración unitaria.

Moitos destes capiteis son considerados tardorromanos pola historiografía. Supondo que son de épocas máis recentes, como propomos (séculos IX-X), sería o esforzo das elites locais de restaurar a linguaxe da concepción do capitel corintio clásico, o que provocou a clasificación extemporánea na historiografía.

Igualmente, outro posible taller detectado con este método sería o que realizou algúns dos capiteis de San Salvador de Setecoros (Valga, Pontevedra), xa que existen características técnicas e estilísticas compartidas entre SET07, SET08 e SET06, e os capiteis SET03 e SET04, así como varias pezas atopadas en diversos puntos da *Gallaecia* altomedieval, como Santa María de Temes (Carballedo, Lugo) ou San Miguel de Corullón (León). Agora ben, queremos deixar claro que se trata dunha sospeita que debe ser reforzada con ulteriores investigacións.

Percibimos, por outro lado, a escaseza de relevos con figuración, soamente un no tramo de vía XIX escollido, o de San Pedro de Lantaño (Portas, Pontevedra), e dos casos paralelos estudados, aparecen sempre en contexto relixioso e ocupando un lugar importante dentro do templo: a zona da ábsida. Paradoxalmente, isto tamén ocorre cos capiteis.

Xa expuxemos a nosa inquedanza de que algunhas pezas non pertenzan aos lugares onde se atoparon. Temos unha gran porcentaxe delas descontextualizadas, sobre todo as de arredor do importante núcleo de Iria Flavia, que poderían provir de espolios de construcións veciñas. O fenómeno da reutilización é unha constante, tanto no período de estudo como posteriormente. Así o indican moitos dos vestixios artísticos incluídos neste traballo. Vimos que determinadas pezas foron modificadas: algúns capiteis de San Salvador de Setecoros, como SET05, que perdeu a esquina enteira do ábaco e o colariño, ou como o SET06, ao que se lle eliminou parte da base, empequenecendo o seu diámetro para acoplalo nalgún lugar. Na maioría dos casos apréciase un cambio de funcionalidade. Por exemplo, a peza con relevo de San Pedro de Lantaño (Portas, Pontevedra), proposta por nós como capitel de imposta, agora soporta os muros da igrexa, ao igual que as pezas de San Salvador de Lérez (Lérez, Pontevedra). Noutros casos, como os fustes e capiteis *in situ* de San Salvador de Setecoros (Valga, Pontevedra), a funcionalidade segue sendo a mesma, na medida en que son pezas de sustentación realizadas para unha pilastra; porén, non foron creadas para ese lugar en concreto, xa que agora descansan sobre uns fustes cilíndricos.

Como dicíamos antes, o exame dos capiteis bracarenses permitiunos identificar, ou iso cremos, que o capitel de San Xoán de Cabeiro (Redondela, Pontevedra), CAB01, procedería da zona de Braga e tería unha cronoloxía ao redor do século IX. As características deste capitel son similares ás dos capiteis de pilastra do arco de San Xoán

de Panxón (Nigrán, Pontevedra), que están sobre fustes cilíndricos. A nosa teoría é que o arco de Panxón tería sufrido unha reconstrución ao redor do século IX, con pezas contemporáneas á restauración, que intentan manter tradición clásica corintia, compensando a posible perda das pezas orixinais da primitiva edificación; concepto que denominamos "arte de compensación". Os elementos utilizados, neste caso capiteis, serían traídos polas vías de comunicación do momento, procedentes dos talleres, elaborados incluso para outras edificacións. Esta sería unha das posibles razóns da non adecuación á estrutura dos capiteis en San Xoán de Panxón.

Estivemos atentos a outros aspectos das pezas como o decorativo e o simbólico, pois as vías de comunicación puideron xogar un papel fundamental na súa propagación. Existe unha continuidade temporal de longa tradición de certos elementos de ornato, como o entrelazo, que está presente en multitude de superficies, dende mosaicos romanos a impostas do século XI, e o sogueado. Con todo, aínda que o seu uso se intensifica en determinadas épocas, non se pode considerar un fósil director á hora de atribuír estilos e cronoloxía. No entanto, outros adornos como as hexapétalas, que podemos ver na placa de San Pedro de Carcacía (Padrón, A Coruña), CAR01 e CAR02, ou as octopétalas en San Salvador de Lérez (Lérez, Pontevedra), LER01 e LER02, ratifican a súa utilización sincrónica en pezas situadas lonxe do tramo de vía.

Respecto do relevo da peza de San Pedro de Lantaño (Portas, Pontevedra), LAN01, observamos un motivo zoomorfo acompañado de arborescencia, representación común nas manifestacións artísticas do altomedievo. Alén da persistencia de determinados elementos de significado cristián, como a árbore da vida, pensamos que poderían solaparse outras mensaxes das elites do momento, como unha hipotética representación na entrada absidal das igrexas dos animais pertencentes ao seus dominios.

Así mesmo, tivemos a oportunidade de comprobar que outra das representacións frecuentes durante o altomedievo, a figura do orante, non se limita nos soportes pétreos unicamente ao ámbito funerario, aparecendo representada tamén en discos, como o de Santa Uxía de Mougás (Oia, Pontevedra) e en capiteis de imposta que ocupaban un lugar importante dentro dos templos de culto.

Como vemos, o empeño en estudar estas 36 pezas artísticas do tramo de vía XIX entre Iria e Tui, resólvese con un conxunto amplo e heteroxéneo de ideas e conexións, que

agardamos sexan un pequeno contributo ao estudo da arte altomedieval na Gallaecia, pero que precisarían aínda de ulteriores achegamentos. Vemos, por exemplo, que a creación dun corpus de todas pezas da Alta Idade Media do territorio galaico, con vontade interdisciplinar (arqueoloxía, historia da arte...), axudaríanos a interpretar máis profundamente as expresións artísticas do período. Pero, para isto, é imprescindible a colaboración das institucións públicas, en vez do seu frecuente desamparo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

6. Mapas

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

6.1. Mapa 1: Vías de Galicia



Mapa tomado de Pérez Losada, F.: *Poboamento e ocupación rural romana no noroeste peninsular: núcleos agrupados romanos secundarios en Galicia*. Santiago de Compostela, 2000. Modificado pola autora. As outras interpretacións da vía XIX no tramo Búrbida-Tui (color azul) aparecen en González Soutelo, S.: *O Tui antigo: unha aproximación histórica-arqueolóxica*, Toxosoutos, 2007, p.112.

6.2. Mapa 2: *Situs* do tramo de vía XIX Iria Flavia-Tui

Puntos do mapa (ordenados Norte-Sur)

1. San Pedro de Carcacía. Padrón (A Coruña)
2. Santa María de Xanza. Valga (Pontevedra)
3. San Salvador de Setecoros. Valga (Pontevedra)
4. San Pedro de Lantaño. Portas (Pontevedra)
5. San Salvador de Lérez. Pontevedra (Pontevedra)
6. Museo de Pontevedra. Pontevedra (Pontevedra)
7. San Xoán de Cabeiro. Redondela (Pontevedra)
8. O Areal. Vigo (Pontevedra)
9. Vila de Toralla. Vigo (Pontevedra)
10. Santo Estevo de Beade. Vigo (Pontevedra)
11. Santa Locaia de Guillade. Ponteareas (Pontevedra)
12. San Pedro de Angoares. Ponteareas (Pontevedra)
13. Couso. Ponteareas (Pontevedra)
14. San Bartolomeu de Rebordáns. Tui (Pontevedra)
15. Santa Eufemia de Rebordáns. Tui (Pontevedra)
16. San Xoán de Porto. Tui (Pontevedra)

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA


1
2
3
4
5
6
7
8
9
10
11
12
13
14
15
16
0
30
60 km

6.3. Mapa 3: Localización das pezas na Galicia actual fóra do tramo da vía XIX Iria Flavia-Tui

Puntos do mapa (ordenados Norte-Sur)

17. San Xoán de Vilaronte. Foz (Lugo)
18. San Xiao de Sergude. Carral (A Coruña)
19. San Xulián de Moraime. Muxía (A Coruña)
20. Museo Provincial de Lugo. Lugo (Lugo)
21. Santiago de Saamasas. Lugo (Lugo)
22. San Antolín de Toques. Toques (A Coruña)
23. San Xoán da Pena. Lugo (Lugo)
24. Santo André das Nogais. As Nogais (Lugo)
25. Santa María de Cruces. Padrón (A Coruña)
26. Aguións. A Estrada (Pontevedra)
27. San Xoán de Leiro. Ribadumia (Pontevedra)
28. Santo Estevo de Atán. Pantón (Lugo)
29. Santa María da Ermida. Quiroga (Lugo)
30. Adro Vello. O Grove (Pontevedra)
31. Santa María de Temes. Carballedo (Lugo)
32. San Miguel do Canal. Nogueira de Ramuín (Ourense)
33. Santa María do Campo. Marín (Pontevedra)
34. Castelo de Monte Liboreiro. Cangas (Pontevedra)
35. San Xes de Francelos. Ribadavia (Ourense)
36. Santo Adrián de Amiadoso. Allariz (Ourense)
37. San Martiño de Pazó. Allariz (Ourense)
38. Vilanova das Infantas. Celanova (Ourense)
39. A Sabanle. Crecente (Pontevedra)
40. San Xoán de Panxón. Nigrán (Pontevedra)
41. Santa Uxía de Mougás. Oia (Pontevedra)
42. San Miguel de Tabagón. O Rosal (Pontevedra)
43. Santa Tegra. A Guarda (Pontevedra)
44. Santa Eufemia de Manín. Lobios (Ourense)

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA


17
24
29
23
20
21
28
32
31
22
37
36
38
35
44
39
18
26
25
27
33
34
40
41
42
43
30
19
0
30
60 km

6.4. Mapa 4: Localización das pezas na España actual

Puntos do mapa (ordenados Norte-Sur)

45. Santa María de Lugo de Llanera. Llanera (Asturias)
46. San Miguel de Lillo. Oviedo (Asturias)
47. Palacio de Afonso III. Oviedo (Asturias)
48. San Miguel de Teverga. La Plaza (Asturias)
49. Santa Cristina de Lena. Pola de Lena (Asturias)
50. San Miguel de Corullón. Corullón (León)
51. San Miguel de Escalada. Gradefes (León)
52. San Juan de Baños. Baños de Cerrato (Palencia)
53. Basílica de Carranque. Carranque (Toledo)
54. Museo Arqueolóxico de Córdoba (Córdoba)
55. Osuna. Osuna (Sevilla)

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA


45
46
47
48
49
50
51
52
53
54
55
0
100
200 km

6.5. Mapa 5: Localización das pezas no Portugal actual

Puntos do mapa (ordenados Norte-Sur)

56. Santa Cruz do Lima (Viana do Castelo)
57. São Tiago de Gemieira (Viana do Castelo)
58. São Martinho de Vila Mou (Viana do Castelo)
59. São Romão de Neiva (Viana do Castelo)
60. Santa Maria de Ferreiros (Braga)
61. Mondim (Braga)
62. Quintiães (Braga)
63. Convento de Adaúfe (Braga)
64. São Frutuoso de Montelos (Braga)
65. Mosteiro de Tibães (Braga)
66. Sé de Braga (Braga)
67. Campo das Carvalheiras (Braga)
68. Museu Pio XII en Braga (Braga)
69. Museu Arqueológico de Barcelos (Braga)
70. Santa Leocádia de Briteiros (Braga)
71. Igreja de Gamil (Braga)
72. Santa Maria do Souto (Braga)
73. São Torcato (Braga)
74. São João da Ponte (Braga)
75. São Cosme do Vale (Braga)
76. São Pedro de Rates (Porto)
77. Igreja do Pinheiro (Braga)
78. Igreja de Castelões (Braga)
79. Santa Maria de Meinedo (Porto)
80. São Pedro de Balsemão (Viseu)
81. Fermedo (Aveiro)
82. Igreja Matriz de Sernancelhe (Viseu)
83. Castelo de Trancoso (Guarda)
84. Sé de Viseu (Viseu)
85. Museu Nacional Machado de Castro (Coimbra)
86. Mosteiro de Chelas (Lisboa)
87. Largo de Santo António (Lisboa)
88. Beja (Beja)
89. Mértola (Beja)
90. Villa da Retorta (Faro)
91. Museu de Faro (Faro)

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA


56
57
58
59
60
61
72
69
73
76
75
78
77
79
80
81
82
83
84
85
57
56
58
59
62
61
60
65
64
63
69
71
67
66
68
70
72
73
74
75
76
78
77
79
86
87
88
89
90
91
0
60
120 km

6.6. Mapa 6: Localización das pezas en Europa

Puntos do mapa (ordenados Norte-Sur)

92. Cripta de Jouarre (Francia)
93. Musée Historique du mont Saint-Michel (Francia)
94. Ichtratzheim (Francia)
95. Belgrado (Serbia)
96. Rávena (Italia)

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA


95
96
94
92
93
0
400
800 km

6.7. Mapa 7: Detalle dos *situs* e localización das pezas arredor do tramo de vía

A numeración coincide coa dos mapas anteriores.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA


24
25
1
26
2
3
50
4
27
28
29
30
31
5
32
6
33
34
35
7
8
9
10
11
12
13
38
37
36
39
40
41
15
14
16
42
43
44
57
56
58
59
62
61
60
63
65
64
66
69
71
67
68
70
72
73
74
75
76
78
77
0
10
20 km

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

7. Esquemas das follas dos capiteis



San Xoán de Vilaronte
(Foz, Lugo)



Santa Mª de Temes
(Carballedo, Lugo)



San Xoán da Pena
(Seoane, Lugo)



San Miguel de Corullón
(Bierzo, León)



San Salvador de Setecoros
(Valga, Pontevedra)SET04



San Salvador de Setecoros
(Valga, Pontevedra)SET07

San Salvador de Setecoros
(Valga, Pontevedra)SET08

San Salvador de Setecoros
(Valga, Pontevedra)SET06



San Salvador de Setecoros
(Valga, Pontevedra)SET01



San Salvador de Setecoros
(Valga, Pontevedra)SET04



Basílica Alfonso III
Oviedo



Santa María de Xanza
(Valga, Pontevedra)XAN01



Campo das Carvalheiras
(Braga, Portugal) BRC024



San Xoán de Panxón Norte (Nigrán, Pontevedra)

San Xoán de Panxón Sur (Nigrán, Pontevedra)

San Xoán de Cabeiro (Redondela, Pontevedra)



Couso-Guláns (Ponteareas) PAR01



Cenobio de San Cosme e San Damián (Baiona, Pontevedra)



Santo Estevo de Beade (Vigo) VIG03



Santa María do Souto (Braga, Portugal) BRC035
Santo Adrián de Amiadoso (Allariz, Ourense)
Meinedo (Lousada, Portugal)

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

8. Fichas

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

SIGLA: SET01

FICHA Nº 1: Capitel procedente de San Salvador de Setecoros (Valga, Pontevedra).

FOTOGRAFÍA : Propia (18/06/2019).

TIPO DE ELEMENTO: Capitel exento.

FUNCIÓN: Arquitectónica, sustentante, decorativa.

FORMA DA PEZA: Troncocónica.

DESCRICIÓN

Capitel coríntio, de labra clasiquizante, con cálato troncocónico. Posúe dúas filas de follas de oito follas de acanto cos bordos lobados e unha nervadura pinnatinervia. Os caulículos a modo de cordón, saen entre as follas da segunda coroa e destes afloran uns cálices de follas carnosas. Na parte superior destes asoman as volutas, que se extenden tímidamente cara os vértices superiores do capitel, pero non se aprecian as hélices posiblemente pola erosión que sofre. Na parte axial do ábaco aparece unha flor moi erosionada. Presenta un colariño abocelado. Na súa base hai catro buratos.

LOCALIZACIÓN ACTUAL

Museo Provincial de Pontevedra.

Nº DE REXISTRO/INVENTARIO: 2082

SIGLAS NA BIBLIOGRAFÍA

PMA05 (Domínguez Perela, E.: Capiteles hispánicos altomedievales, Universidad Complutense de Madrid, Madrid, 1987); NOE010 (Domingo Magaña, J.: Capiteles Tardorromanos y Altomedievales de Hispania (ss. IV-VIII dC), Universitat Rovira I Virgili, Tarragona, 2006); nº 707 (Domingo Magaña, J.: Capiteles tardorromanos y altomedievales de Hispania (ss. IV-VIII), Documenta13, Tarragona, 2011, p. 346).

PROCEDENCIA
LUGAR: Igrexa de San Salvador de Setecoros (Setecoros). CONCELLO: Valga. PROVINCIA: Pontevedra. ZONA: Rural. ANTIGA DIÓCESE: Iria Flavia. CONTEXTO: Relixioso.

PEZAS ASOCIADAS: SET02-SET14.

MATERIAL	**DIMENSIÓNS (cm)**
TIPO: Granito. PROCEDENCIA: Local.	ALTURA: 39 LADO MÁX. ÁBACO: 43 DIAGONAL ÁBACO: non se puido medir. DIÁMETRO INFERIOR: 36 Nº DE COROAS: 2 Nº FOLLAS POR COROA: 8 LONXITUDE DA PEZA: ANCHO DA PEZA:
FERRAMENTA UTILIZADA: Bisel. TIPO DE LABRA: Relevo.	

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo, aínda que presenta roturas nunha esquina do ábaco e no astrágalo.
CAUSAS DO DETERIORO: Ambientais, antrópicas.
REUTILIZACIÓN: Descoñecido.
INTERVENCIÓNS: Non se aprecian.
MARCAS OU FACTORES ANTRÓPICOS QUE MODIFICAN:

CRONOLOXÍA DA PEZA
PROPOSTA NA BIBLIOGRAFÍA: Finais do século III-IV d. C. (Domingo Magaña, J.: *Capiteles Tardorromanos y Altomedievales de Hispania (ss. IV-VIII dC)*, Universitat Rovira I Virgili, Tarragona, 2006, p. 677); século IV d.C. (Domínguez Perela, E.*: Capiteles hispánicos altomedievales*, Universidad Complutense de Madrid, Madrid, 1987); s. V-VI d.C. segundo consta nos datos proporcionados polo Museo de Pontevedra.
PROPOSTA PROPIA: IV-VI d. C

EPÍGRAFE
FÓRMULA:
TIPO DE LETRA:
DEDICACIÓN:

OBSERVACIÓNS
Segundo os datos proporcionados polo Museo de Pontevedra este capitel foi doado ao museo pola Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra en xuño de 1914; posúe follas que están sen decorar.

BIBLIOGRAFÍA

Domingo Magaña, J.: *Capiteles Tardorromanos y Altomedievales de Hispania (ss. IV-VIII dC),* Universitat Rovira I Virgili, Tarragona, 2006; Domínguez Perela, E.: *Capiteles hispánicos altomedievales,* Universidad Complutense de Madrid, T. II, Madrid, 1987; Núñez Rodríguez, M.: "Estudio estilístico de los capiteles de los siglos V al VII en Galicia" en *Conimbriga*, nº 14-17, Coimbra, 1975-1978, pp. 45-59.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

SIGLA: SET02

FICHA Nº 2: Capitel procedente de San Salvador de Setecoros (Valga, Pontevedra).

FOTOGRAFÍA : Propia (18/06/2019).

TIPO DE ELEMENTO: Capitel exento.

FUNCIÓN: Arquitectónica, sustentante, decorativa.

FORMA DA PEZA: Troncocónica.

DESCRICIÓN

Capitel corintio de granito con cálato troncocónico que presenta certo grado de deterioro. Ao igual que o anterior, mantén as formas clásicas dos capitels romanos imperiais. Posúe dúas filas de follas derivadas do acanto con bordos lobados. Xurden caulículos e cálices da segunda fila de follas e intúense as volutas, pero, ao igual que no caso de SET01, as hélices non se perciben. O ábaco presenta unha fina moldura biselada que o divide en dous apenas visible en algún dos seus lados. Na súa parte axial aprécianse restos do que puido ser un florón.

LOCALIZACIÓN ACTUAL

Museo Provincial de Pontevedra.

Nº DE REXISTRO/INVENTARIO: 2081

SIGLAS NA BIBLIOGRAFÍA

NOE007 (Domingo Magaña, J.*: Capiteles Tardorromanos y Altomedievales de Hispania (ss. IV-VIII dC)*, Universitat Rovira I Virgili, Tarragona, 2006). p. 676); PMA06 (Domínguez Perela, E.: *Capiteles hispánicos altomedievales*, Universidad Complutense de Madrid, Madrid, 1987, p. 77); nº 704 (Domingo Magaña, J.*: Capiteles tardorromanos y altomedievales de Hispania (ss. IV-VIII),* Documenta13, Tarragona, 2011, p. 231).

PROCEDENCIA
LUGAR: Igrexa de San Salvador de Setecoros (Setecoros). CONCELLO: Valga. PROVINCIA: Pontevedra. ZONA: Rural. ANTIGA DIÓCESE: Iria Flavia. CONTEXTO: Relixioso.

PEZAS ASOCIADAS: SET01, SET03-SET14

MATERIAL	**DIMENSIÓNS (cm)**
TIPO: Granito. PROCEDENCIA: Local.	ALTURA: 41,5 LADO MÁX. ÁBACO: 47 DIAGONAL ÁBACO: Non se puido medir. DIÁMETRO INFERIOR: 36,5 Nº DE COROAS: 2 Nº FOLLAS POR COROA: 8 LONXITUDE DA PEZA: ANCHO DA PEZA:
FERRAMENTA UTILIZADA: Bisel. TIPO DE LABRA: Relevo.	

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Regular, está algo erosionado e as follas perderon o relevo decorativo.
CAUSAS DO DETERIORO: Antrópicas, ambientais.
REUTILIZACIÓN: Posible reutilización como capitel pegado a un paramento.
INTERVENCIÓNS: Erosión máis evidente nunha das caras posiblemente por rebaixe.
MARCAS OU FACTORES ANTRÓPICOS QUE MODIFICAN: Función.

CRONOLOXÍA DA PEZA
PROPOSTA NA BIBLIOGRAFÍA: IV-V d. C. (Domínguez Perela, E.: *Capiteles hispánicos altomedievales*, Universidad Complutense de Madrid, Tomo II, Madrid, 1987, p. 77): s. V-VI d.C. segundo consta nos datos proporcionados polo Museo de Pontevedra.
PROPOSTA PROPIA: V-VI d.C.

EPÍGRAFE
FÓRMULA:
TIPO DE LETRA:
DEDICACIÓN:

OBSERVACIÓNS
Segundo os datos proporcionados polo Museo de Pontevedra este capitel foi doado ao museo pola Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra en xuño de 1914.

BIBLIOGRAFÍA

Domingo Magaña, J.: *Capiteles Tardorromanos y Altomedievales de Hispania (ss. IV-VIII dC*), Universitat Rovira I Virgili, Tarragona, 2006; Domínguez Perela, E.*: Capiteles hispánicos altomedievales*, Universidad Complutense de Madrid, T. II, Madrid, 1987; Núñez Rodríguez, M.:: "Estudio estilístico de los capitelesde los siglos V al VII en Galicia" en Conimbriga, nº 14-17, *Coimbra*, 1975-1978, pp. 45-59.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

SIGLA: SET03

FICHA Nº 3: Capitel procedente de San Salvador de Setecoros (Valga, Pontevedra).

FOTOGRAFÍA : Propia (18/06/2019).

TIPO DE ELEMENTO: Capitel exento.

FUNCIÓN: Arquitectónica, sustentante, decorativa.

FORMA DA PEZA: Lixeiramente troncocónica.

DESCRICIÓN

Capitel de mármore co cálato lixeiramente troncocónico con dúas coroas de outo follas cada unha de follas pegadas ao cálato das que se destacan as nervaduras e o ápice. Entre as follas da segunda fila saen os caulículos con forma de cordón dos que parten dúas prefoliacións circinadas enroscadas cara o interior. Posúe decoración perlada no corpo superior. Non ten astrágalo.

LOCALIZACIÓN ACTUAL

Museo Provincial de Pontevedra.

Nº DE REXISTRO/INVENTARIO: 2083

SIGLAS NA BIBLIOGRAFÍA

NOE004 (Domingo Magaña, J.: *Capiteles Tardorromanos y Altomedievales de Hispania (ss. IV-VIII dC*), Universitat Rovira I Virgili, Tarragona, 2006, p. 674); PMA03 (Domínguez Perela, E.: *Capiteles hispánicos altomedievales*, Universidad Complutense de Madrid, Tomo IV, Madrid, 1987, p. 215); nº 701 (Domingo Magaña, J.: *Capiteles tardorromanos y altomedievales de Hispania (ss. IV-VIII),* Documenta13, Tarragona, 2011, p. 230).

PROCEDENCIA
LUGAR: Igrexa de San Salvador de Setecoros (Setecoros). CONCELLO: Valga. PROVINCIA: Pontevedra. ZONA: Rural. ANTIGA DIÓCESE: Iria Flavia. CONTEXTO: Relixioso.

PEZAS ASOCIADAS: SET01, SET02, SET04-SET14.

MATERIAL	**DIMENSIÓNS (cm)**
TIPO: Mármore. PROCEDENCIA: Descoñecida.	ALTURA: 42 LADO MÁX. ÁBACO: 47 DIAGONAL ÁBACO: 64 DIÁMETRO INFERIOR: Non se puido medir. Nº DE COROAS: 2 Nº FOLLAS POR COROA: 8 LONXITUDE DA PEZA: ANCHO DA PEZA:
FERRAMENTA UTILIZADA: Bisel. TIPO DE LABRA: Relevo.	

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo.
CAUSAS DO DETERIORO:
REUTILIZACIÓN: Descoñécese.
INTERVENCIÓNS:
MARCAS OU FACTORES ANTRÓPICOS QUE MODIFICAN:

CRONOLOXÍA DA PEZA
PROPOSTA NA BIBLIOGRAFÍA: século IV-V d. C. (Domínguez Perela, E.: *Capiteles hispánicos altomedievales*, Universidad Complutense de Madrid, Tomo II, Madrid, 1987, p. 66); séculos VI-VII d. C. (Núñez Rodríguez, M.: "Estudio estilístico de los capitelesde los siglos V al VII en Galicia" en *Conimbriga*, nº 14-17, Coimbra, 1975-1978, p. 53); século VI d. C. (Domingo Magaña, J.: *Capiteles tardorromanos y altomedievales de Hispania (ss. IV-VIII)*, Universidad Rovira i Virgili, 2007, p. 675); séculos VI-VII d.C. (Barriocanal López, Y.: "Capitel de Setecoros" , en *Galicia no tempo*, Consellería de Cultura e Xuventude, 1991, p. 129).
PROPOSTA PROPIA: VIII-IX d.C.

EPÍGRAFE
FÓRMULA:
TIPO DE LETRA:
DEDICACIÓN:

OBSERVACIÓNS
Crese que o material é mármore de O Íncio (Lugo), pero non está comprobado. Ten paralelos nun capitel no templo de San Xoán de Vilaronte, Foz, (Lugo); capitel no templo de San Xoán de Pena (Lugo); capitel no templo San Miguel de Corullón, Bierzo (León); capiteis no templo de Santa María de temes, Carballedo (Lugo). O capitel foi doado á Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra en xuño de 1914.

BIBLIOGRAFÍA

Domínguez Perela, E.: *Capiteles hispánicos altomedievales*, Universidad Complutense de Madrid, Tomo IV, Madrid, 1987, p. 215; Núñez Rodríguez, M.: "Estudio estilístico de los capitelesde los siglos V al VII en Galicia" en *Conimbriga*, nº 14-17, Coimbra, 1975-1978, pp. 45-59; Domingo Magaña, J.: *Capiteles tardorromanos y altomedievales de Hispania (ss. IV-VIII)*, Universidad Rovira i Virgili, 2007, p. 675; Barriocanal López, Y.: "Capitel de Setecoros" , en Galicia no tempo, Consellería de Cultura e Xuventude, 1991, p. 129; Yzquierdo Perrín, R. : *Galicia Arte. Arte Medieval*, Tomo X, A Coruña, 1993; Valle Pérez, J.C.: "Capitel de Setecoros" , en *In Tempore Sueborum. El tiempo de los suevos en la Gallaecia (411-585). El primer reino medieval de Occidente*, Deputación Provincial de Ourense, 2017, pp. 179-180; Schlunk, H.: *Arte Visigodo. Arte Asturiano*, Ars Hispaniae, Tomo II, 1947, pp. 227-416.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

SIGLA: SET04

FICHA Nº 4: Capitel procedente de San Salvador de Setecoros (Valga, Pontevedra).

FOTOGRAFÍA : Propia (18/06/2019).

TIPO DE ELEMENTO: Capitel exento.

FUNCIÓN: Arquitectónica, sustentante, decorativa.

FORMA DA PEZA: Lixeiramente troncocónica.

DESCRICIÓN

Irmán xemelgo do capitel SET03, este capitel marmóreo configurase sobre un cálato lixeiramente troncocónico con dúas coroas de outo follas cada unha de follas pegadas ao cálato das que se destaca as nervaduras e o ápice. Entre as follas da segunda fila saen os caulículos con forma de cordón dos que parten dúas prefoliacións circinadas enroscadas cara o interior. Posúe decoración perlada no corpo superior. Non posúe astrágalo.

LOCALIZACIÓN ACTUAL

Museo da Catedral de Santiago de Compostela.

Nº DE REXISTRO/INVENTARIO: nº 301

SIGLAS NA BIBLIOGRAFÍA

NOE005 (Domingo Magaña, J.: *Capiteles Tardorromanos y Altomedievales de Hispania (ss. IV-VIII dC*), Universitat Rovira I Virgili, Tarragona, 2006, p. 674); nº 702 (Domingo Magaña, J.: *Capiteles tardorromanos y altomedievales de Hispania (ss. IV-VIII),* Documenta13, Tarragona, 2011, p. 230); PMA03 (Domínguez Perela, E.: *Capiteles hispánicos altomedievales,* Universidad Complutense de Madrid, Tomo IV, Madrid, 1987, p. 215).

PROCEDENCIA
LUGAR: Igrexa de San Salvador de Setecoros (Setecoros). CONCELLO: Valga. PROVINCIA: Pontevedra. ZONA: Rural. ANTIGA DIÓCESE: Iria Flavia. CONTEXTO: Relixioso.

PEZAS ASOCIADAS: SET01, SET02, SET03, SET05-SET14.

MATERIAL	**DIMENSIÓNS (cm)**
TIPO: Mármore. PROCEDENCIA: Descoñecido.	ALTURA: 42 LADO MÁX. ÁBACO: 49 DIAGONAL ÁBACO: 61 DIÁMETRO INFERIOR: Non se puido medir. Nº DE COROAS: 2 Nº FOLLAS POR COROA: 8 LONXITUDE DA PEZA: ANCHO DA PEZA:
FERRAMENTA UTILIZADA: Bisel. TIPO DE LABRA: Relevo.	

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo. Algunhas zonas están erosionadas.
CAUSAS DO DETERIORO: Ambientais.
REUTILIZACIÓN: Descoñécese.
INTERVENCIÓNS:
MARCAS OU FACTORES ANTRÓPICOS QUE MODIFICAN:

CRONOLOXÍA DA PEZA
PROPOSTA NA BIBLIOGRAFÍA: século IV-V d. C. (Domínguez Perela, E.: *Capiteles hispánicos altomedievales*, Universidad Complutense de Madrid, Tomo II, Madrid, 1987, p. 66); séculos VI-VII d. C. (Núñez Rodríguez, M.: "Estudio estilístico de los capitelesde los siglos V al VII en Galicia" en *Conimbriga*, nº 14-17, Coimbra, 1975-1978, p. 53); século VI d. C. (Domingo Magaña, J.: *Capiteles tardorromanos y altomedievales de Hispania (ss. IV-VIII)*, Universidad Rovira i Virgili, 2007, p. 675); séculos VI-VII d.C. (Barriocanal López, Y.: "Capitel de Setecoros" , en *Galicia no tempo*, Consellería de Cultura e Xuventude, 1991, p. 129).
PROPOSTA PROPIA: Séculos VIII-IX d.C.

EPÍGRAFE
FÓRMULA:
TIPO DE LETRA:
DEDICACIÓN:

OBSERVACIÓNS
Ingreso no Museo da Catedral de Santiago de Compostela en 1930. Crese que é mármore de O Íncio (Lugo), pero non está comprobado. Ten paralelos nun capitel no templo de San Xoán de Vilaronte, Foz, (Lugo); capitel no templo de San Xoán de Pena (Lugo); capitel no templo San Miguel de Corullón, Bierzo (León); capiteis no templo de Santa María de temes, Carballedo (Lugo).

BIBLIOGRAFÍA

Domínguez Perela, E.: *Capiteles hispánicos altomedievales*, Universidad Complutense de Madrid, Tomo IV, Madrid, 1987, p. 215; Núñez Rodríguez, M.: "Estudio estilístico de los capitelesde los siglos V al VII en Galicia" en *Conimbriga*, nº 14-17, Coimbra, 1975-1978, p. 55; Domingo Magaña, J.: *Capiteles tardorromanos y altomedievales de Hispania (ss. IV-VIII),* Universidad Rovira i Virgili, 2007, p. 675; Domingo Magaña, J.*: Capiteles tardorromanos y altomedievales de Hispania (ss. IV-VIII)*, Documenta13, Tarragona, 2011; Barriocanal López, Y.: "Capitel de Setecoros" , en *Galicia no tempo*, Consellería de Cultura e Xuventude, 1991, p. 129; Yzquierdo Perrín, R. : *Galicia Arte*. *Arte Medieval*, Tomo X, A Coruña, 1993; Valle Pérez, J.C.: "Capitel de Setecoros" , en *In Tempore Sueborum. El tiempo de los suevos en la Gallaecia (411-585). El primer reino medieval de Occidente*, Deputación Provincial de Ourense, 2017, pp. 179-180; Schlunk, H.: *Arte Visigodo*. *Arte Asturiano*, Ars Hispaniae, Tomo II, 1947, pp. 227-416.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

SIGLA: SET05

FICHA Nº 5: Capitel procedente deSan Salvador de Setecoros (Valga, Pontevedra).

FOTOGRAFÍA : Propia (18/06/2019).

TIPO DE ELEMENTO: Capitel exento.

FUNCIÓN: Arquitectónica, sustentante, decorativa.

FORMA DA PEZA: Lixeiramente troncocónica.

DESCRICIÓN

Capitel de mármore con dúas coroas de follas. De entre as follas da segunda coroa parten uns curtos caulículos con nervaduras similares as follas. Sobre estes aparecen unas erosionadas volutas cuxas hélices se xuntan baixo a parte central do ábaco. Non posúe colariño, pero ten marcas dun posible cicelado que llo eliminou.

LOCALIZACIÓN ACTUAL

Museo Provincial de Pontevedra.

Nº DE REXISTRO/INVENTARIO: 2084

SIGLAS NA BIBLIOGRAFÍA

PMA04 (Domínguez Perela, E.: *Capiteles hispánicos altomedievales*, Universidad Complutense de Madrid, Madrid, 1987, p. 76); NOE006 (Domingo Magaña, J.: *Capiteles tardorromanos y altomedievales de Hispania (ss. IV-VIII)*, Universidad Rovira i Virgili, 2006, p. 675); nº 703 (Domingo Magaña, J.*: Capiteles tardorromanos y altomedievales de Hispania (ss. IV-VIII)*, Documenta13, Tarragona, 2011, p. 231).

PROCEDENCIA
LUGAR: Igrexa de San Salvador de Setecoros (Setecoros). CONCELLO: Valga. PROVINCIA: Pontevedra. ZONA: Rural. ANTIGA DIÓCESE: Iria Flavia. CONTEXTO: Relixioso.

PEZAS ASOCIADAS: SET01-SET04, SET06-SET14.

MATERIAL	**DIMENSIÓNS (cm)**
TIPO: Mármore. PROCEDENCIA: Descoñecida.	ALTURA: 34 LADO MÁX. ÁBACO: 39,5 DIAGONAL ÁBACO: Non se puido medir. DIÁMETRO INFERIOR: 29 Nº DE COROAS: 2 Nº FOLLAS POR COROA: 8 LONXITUDE DA PEZA: ANCHO DA PEZA:
FERRAMENTA UTILIZADA: Bisel. TIPO DE LABRA: Relevo.	

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Regular.
CAUSAS DO DETERIORO: Antrópicas, ambientais.
REUTILIZACIÓN: Probable, de novo como capitel pegado a un paramento.
INTERVENCIÓNS: Ten unha esquina do ábaco amputada e o colariño foi prácticamente eliminado.
MARCAS OU FACTORES ANTRÓPICOS QUE MODIFICAN: Función.

CRONOLOXÍA DA PEZA
PROPOSTA NA BIBLIOGRAFÍA: século IV d. C. (Domínguez Perela, E.: *Capiteles hispánicos altomedievales*, Universidad Complutense de Madrid, Tomo II, Madrid, 1987, p. 76); séculos V-VII d. C. (Núñez Rodríguez, M.: "Estudio estilístico de los capitelesde los siglos V al VII en Galicia" en *Conimbriga*, nº 14-17, Coimbra, 1975-1978, p. 52); século VI-VII d. C. (Domingo Magaña, J.: *Capiteles tardorromanos y altomedievales de Hispania (ss. IV-VIII)*, Universidad Rovira i Virgili, 2007, p. 231).
PROPOSTA PROPIA: Séculos VII-IX d. C

EPÍGRAFE
FÓRMULA:
TIPO DE LETRA:
DEDICACIÓN:

OBSERVACIÓNS
Ten unha esquina do ábaco amputada e o colariño foi prácticamente eliminado.

BIBLIOGRAFÍA

Domingo Magaña, J.*: Capiteles tardorromanos y altomedievales de Hispania (ss. IV-VIII),* Documenta13, Tarragona, 2011, p. 345; Domingo Magaña, J.: *Capiteles tardorromanos y altomedievales de Hispania (ss. IV-VIII)*, Universidad Rovira i Virgili, 2007, p. 1253; Domínguez Perela, E.: *Capiteles hispánicos altomedievales,* Universidad Complutense de Madrid, Tomo IV, Madrid, 1987, p. 219; Núñez Rodríguez, M.: "Estudio estilístico de los capitelesde los siglos V al VII en Galicia" en *Conimbriga*, nº 14-17, Coimbra, 1975-1978, p. 52.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

SIGLA: SET06

FICHA Nº 6: Capitel procedente de San Salvador de Setecoros (Valga, Pontevedra).

FOTOGRAFÍA : Propia (18/06/2019).

TIPO DE ELEMENTO: Capitel exento.

FUNCIÓN: Arquitectónica, sustentante, decorativa.

FORMA DA PEZA: Troncocónica.

DESCRICIÓN

Capitel derivado do corintio de mármore con dúas filas de follas paralelinervias de bordos sinuados. Entre as follas da segunda fila, e pegados ao cálato, aparecen uns elementos a modo de perfoliacións que substitúen as volutas.

LOCALIZACIÓN ACTUAL

Museo da Catedral de Santiago de Compostela.

Nº DE REXISTRO/INVENTARIO: nº 303

SIGLAS NA BIBLIOGRAFÍA

NOE011 (Domingo Magaña, J.: *Capiteles Tardorromanos y Altomedievales de Hispania (ss. IV-VIII dC*), Universitat Rovira I Virgili, Tarragona, 2006, p. 677); nº 708 (Domingo Magaña, J.: *Capiteles tardorromanos y altomedievales de Hispania (ss. IV-VIII)*, Documenta13, Tarragona, 2011, p. 232).

PROCEDENCIA
LUGAR: Igrexa de San Salvador de Setecoros (Setecoros). CONCELLO: Valga. PROVINCIA: Pontevedra. ZONA: Rural. ANTIGA DIÓCESE: Iria Flavia. CONTEXTO: Relixioso.

PEZAS ASOCIADAS: SET01-SET05, SET07-SET14.

MATERIAL	**DIMENSIÓNS (cm)**
TIPO: Mármore. PROCEDENCIA: Descoñecida.	ALTURA: 32 LADO MÁX. ÁBACO: 28 DIAGONAL ÁBACO: 46 DIÁMETRO INFERIOR: Non se puido medir. Nº DE COROAS: 2 Nº FOLLAS POR COROA: 4 LONXITUDE DA PEZA: ANCHO DA PEZA:
FERRAMENTA UTILIZADA: Bisel. TIPO DE LABRA: Relevo.	

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Regular.
CAUSAS DO DETERIORO: Antrópicas, ambientais.
REUTILIZACIÓN: Posiblemente de novo como capitel.
INTERVENCIÓNS: Eliminación de materia na base.
MARCAS OU FACTORES ANTRÓPICOS QUE MODIFICAN: Función.

CRONOLOXÍA DA PEZA
PROPOSTA NA BIBLIOGRAFÍA: séculos VI-VII d.C. segundo consta na ficha do Museo da Catedral de Santiago de Compostela; séculos VI-VII d. C. (Núñez Rodríguez, M.: "Estudio estilístico de los capiteles de los siglos V al VII en Galicia" en *Conimbriga*, nº 14-17, Coimbra, 1975-1978, p. 53); séculos III- VI d. C. (Domingo Magaña, J.: *Capiteles tardorromanos y altomedievales de Hispania (ss. IV-VIII)*, Universidad Rovira i Virgili, 2007, p. 677).
PROPOSTA PROPIA: Séculos IX-X d. C.

EPÍGRAFE
FÓRMULA:
TIPO DE LETRA:
DEDICACIÓN:

OBSERVACIÓNS
Ingreso no Museo da Catedral de Santiago de Compostela en 1930.

BIBLIOGRAFÍA

Domingo Magaña, J.: *Capiteles tardorromanos y altomedievales de Hispania (ss. IV-VIII),* Universidad Rovira i Virgili, 2007, p. 675; Domingo Magaña, J.: *Capiteles tardorromanos y altomedievales de Hispania (ss. IV-VIII)*, Documenta13, Tarragona, 2011; Barriocanal López, Y.: "Capitel de Setecoros" , en *Galicia no tempo*, Consellería de Cultura e Xuventude, 1991, p. 129.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

SIGLA: SET07

FICHA Nº 7: Capitel en San Salvador de Setecoros (Valga, Pontevedra).

FOTOGRAFÍA : Propia (22/07/2016).

TIPO DE ELEMENTO: Capitel de pilastra.

FUNCIÓN: Arquitectónica, sustentante, decorativa

FORMA DA PEZA: Prisma rectangular.

DESCRICIÓN

Capitel de mármore rectangular, mutilado no seu lado esquerdo, con dúas filas de follas de acanto paralelinervias de bordos sinuados. Entre as follas da segunda fila, e pegados ao cálato, emerxen caulículos enroscados que rematan en cálices vexetais.

LOCALIZACIÓN ACTUAL

Interior da igrexa de San Salvador de Setecoros.

Nº DE REXISTRO/INVENTARIO:

SIGLAS NA BIBLIOGRAFÍA

NOE008 e NOE006 (Domingo Magaña, J.: *Capiteles Tardorromanos y Altomedievales de Hispania (ss. IV-VIII dC)*, Universitat Rovira I Virgili, Tarragona, 2006, p. 677). Nesta publicación aparece a mesma imaxe deste capitel para os dous capiteis que soportan o arco absidial do templo; nº 705 (Domingo Magaña, J.: *Capiteles tardorromanos y altomedievales de Hispania (ss. IV-VIII)*, Documenta13, Tarragona, 2011, p. 231); SET01 (Domínguez Perela, E.: *Capiteles hispánicos altomedievales*, Tomo II, Universidad Complutense de Madrid, Madrid, 1987, p. 73).

PROCEDENCIA
LUGAR: Igrexa de San Salvador de Setecoros (Setecoros). CONCELLO: Valga. PROVINCIA: Pontevedra. ZONA: Rural. ANTIGA DIÓCESE: Iria Flavia. CONTEXTO: Relixioso.

PEZAS ASOCIADAS: SET01-SET06, SET08-SET14.

MATERIAL	**DIMENSIÓNS (cm)**
TIPO: Mármore. PROCEDENCIA: O Incio (Lugo).	ALTURA: 44 LADO MÁX. ÁBACO: 60 DIAGONAL ÁBACO: Non se pode medir. DIÁMETRO INFERIOR: Nº DE COROAS: 2 Nº FOLLAS POR COROA: 5 na 1ª e 4 na 2ª LONXITUDE DA PEZA: ANCHO DA PEZA:
FERRAMENTA UTILIZADA: Bisel. TIPO DE LABRA: Relevo.	

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Regular.
CAUSAS DO DETERIORO: Antrópicas, biodeterioro.
REUTILIZACIÓN: Novamente como capitel.
INTERVENCIÓNS: Eliminación do lado esquerdo da peza mediante rebaixe.
MARCAS OU FACTORES ANTRÓPICOS QUE MODIFICAN: Función.

CRONOLOXÍA DA PEZA
PROPOSTA NA BIBLIOGRAFÍA: séculos VI-VII d.C. segundo consta na ficha do Museo da Catedral de Santiago de Compostela; séculos VI-VII d. C. (Núñez Rodríguez, M.: "Estudio estilístico de los capiteles de los siglos V al VII en Galicia" en *Conimbriga*, nº 14-17, Coimbra, 1975-1978, p. 53); séculos III- VI d. C. (Domingo Magaña, J.: *Capiteles tardorromanos y altomedievales de Hispania (ss. IV-VIII*), Universidad Rovira i Virgili, 2007, p. 677); séculos V-VI d.C. (Domínguez Perela, E.: *Capiteles hispánicos altomedievales*, Tomo II, Universidad Complutense de Madrid, Madrid, 1987, p. 73).
PROPOSTA PROPIA: Séculos IX-X d. C

EPÍGRAFE
FÓRMULA:
TIPO DE LETRA:
DEDICACIÓN:

OBSERVACIÓNS
O capitel norte do arco toral do templo de San Salvador de Setecoros, Valga (Pontevedra), SET08 e o depositado no Museo da Catedral de Santiago de Compostela SET06 son do mesmo taller.

BIBLIOGRAFÍA

Domingo Magaña, J.: *Capiteles tardorromanos y altomedievales de Hispania (ss. IV-VIII)*, Universidad Rovira i Virgili, 2007, p. 675; Domingo Magaña, J.: *Capiteles tardorromanos y altomedievales de Hispania (ss. IV-VIII)*, Documenta13, Tarragona, 2011; Domínguez Perela, E.: *Capiteles hispánicos altomedievales*, Tomo IV, Universidad Complutense de Madrid, Madrid, 1987; Núñez Rodríguez, M.: "Estudio estilístico de los capiteles de los siglos V al VII en Galicia" en Conimbriga, nº 14-17, *Coimbra*, 1975-1978; Bernárdez Fresco, X.: *Columnas Tardorromanas da Igrexa Divino Salvador de Setecoros (Valga)*. Memoria de intervención, 2016.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

SIGLA: SET08

FICHA Nº 8: Capitel en San Salvador de Setecoros (Valga, Pontevedra).

FOTOGRAFÍA : Propia (22/07/2016).

TIPO DE ELEMENTO: Capitel de pilastra.

FUNCIÓN: arquitectónica, sustentante, decorativa.

FORMA DA PEZA: Prisma rectangular.

DESCRICIÓN

Moi similar ao seu compañeiro situado no lado norte, aínda que con certas diferencias na súa factura, este capitel de mármore, tamén mutilado, pero no lado dereito, posúe dúas filas de follas de acanto paralelinervias de bordos sinuados. Entre as follas da segunda fila, e pegados ao cálato, emerxen caulículos enroscados que rematan en cálices vexetais.

LOCALIZACIÓN ACTUAL

Interior da igrexa de San Salvador de Setecoros (Setecoros).

Nº DE REXISTRO/INVENTARIO:

SIGLAS NA BIBLIOGRAFÍA

NOE008 e NOE006 (Domingo Magaña, J.: *Capiteles Tardorromanos y Altomedievales de Hispania (ss. IV-VIII dC)*, Universitat Rovira I Virgili, Tarragona, 2006, p. 677). Nesta publicación aparece a mesma imaxe deste capitel para os dous capiteis que soportan o arco absidial do templo; nº 706 (Domingo Magaña, J.: *Capiteles tardorromanos y altomedievales de Hispania (ss. IV-VIII)*, Documenta13, Tarragona, 2011, p. 231); SET02 (Domínguez Perela, E.: *Capiteles hispánicos altomedievales*, Tomo II, Universidad Complutense de Madrid, Madrid, 1987, p. 73).

PROCEDENCIA
LUGAR: Igrexa de San Salvador de Setecoros (Setecoros). CONCELLO: Valga. PROVINCIA: Pontevedra. ZONA: Rural. ANTIGA DIÓCESE: Iria Flavia. CONTEXTO: Relixioso.

PEZAS ASOCIADAS: SET01-SET07, SET09-SET14.

MATERIAL	**DIMENSIÓNS (cm)**
TIPO: Mármore. PROCEDENCIA: O Incio (Lugo).	ALTURA: 44 LADO MÁX. ÁBACO: 50 DIAGONAL ÁBACO: Non se pode medir. DIÁMETRO INFERIOR: Nº DE COROAS: 2 Nº FOLLAS POR COROA: 5 na 1ª e 4 na 2ª LONXITUDE DA PEZA: ANCHO DA PEZA:
FERRAMENTA UTILIZADA: Bisel. TIPO DE LABRA: Relevo.	

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Regular.
CAUSAS DO DETERIORO: Antrópicas, biodeterioro.
REUTILIZACIÓN: Novamente como capitel.
INTERVENCIÓNS: Eliminación do lado dereito mediante rebaixe de materia.
MARCAS OU FACTORES ANTRÓPICOS QUE MODIFICAN: Función.

CRONOLOXÍA DA PEZA
PROPOSTA NA BIBLIOGRAFÍA: séculos VI-VII d.C. segundo consta na ficha do Museo da Catedral de Santiago de Compostela; séculos VI-VII d. C. (Núñez Rodríguez, M.: "Estudio estilístico de los capiteles de los siglos V al VII en Galicia" en *Conimbriga*, nº 14-17, Coimbra, 1975-1978, p. 53); séculos III- VI d. C. (Domingo Magaña, J.: *Capiteles tardorromanos y altomedievales de Hispania (ss. IV-VIII)*, Universidad Rovira i Virgili, 2007, p. 677); séculos V-VI d.C. (Domínguez Perela, E.: *Capiteles hispánicos altomedievales*, Tomo II, Universidad Complutense de Madrid, Madrid, 1987, p. 73).
PROPOSTA PROPIA: Séculos IX-X d. C.

EPÍGRAFE
FÓRMULA:
TIPO DE LETRA:
DEDICACIÓN:

OBSERVACIÓNS
O capitel norte (SET07) do arco toral do templo de San Salvador de Setecoros, Valga (Pontevedra) e o capitel depositado no Museo da Catedral de Santiago de Compostela (SET06) son do mesmo taller.

BIBLIOGRAFÍA

Domingo Magaña, J.: *Capiteles tardorromanos y altomedievales de Hispania (ss. IV-VIII)*, Universidad Rovira i Virgili, 2007, p. 675; Domingo Magaña, J.: *Capiteles tardorromanos y altomedievales de Hispania (ss. IV-VIII)*, Documenta13, Tarragona, 2011; Domínguez Perela, E.: *Capiteles hispánicos altomedievales*, Tomo IV, Universidad Complutense de Madrid, Madrid, 1987; Núñez Rodríguez, M.: "Estudio estilístico de los capiteles de los siglos V al VII en Galicia" en Conimbriga, nº 14-17, *Coimbra*, 1975-1978; Bernárdez Fresco, X.: *Columnas Tardorromanas da Igrexa Divino Salvador de Setecoros (Valga).* Memoria de intervención, 2016.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

SIGLA: SET09

FICHA Nº 9: Fuste en San Salvador de Setecoros (Valga, Pontevedra).

FOTOGRAFÍA : Propia (22/07/2016).

TIPO DE ELEMENTO: Fuste monolítico.

FUNCIÓN: Arquitectónica, sustentante, decorativa.

FORMA DA PEZA: Cilíndrica.

DESCRICIÓN

Fuste cilíndrico monolítico de mármore gris veteado.

LOCALIZACIÓN ACTUAL

Interior da igrexa de San Salvador de Setecoros (Setecoros).

Nº DE REXISTRO/INVENTARIO:

SIGLAS NA BIBLIOGRAFÍA

PROCEDENCIA
LUGAR: Igrexa de San Salvador de Setecoros (Setecoros). CONCELLO: Valga. PROVINCIA: Pontevedra. ZONA: Rural. ANTIGA DIÓCESE: Iria Flavia. CONTEXTO: Relixioso.

PEZAS ASOCIADAS: SET01-SET08, SET10-SET14.

MATERIAL	**DIMENSIÓNS (cm)**
TIPO: Mármore. PROCEDENCIA: Estemoz?	ALTURA: LADO MÁX. ÁBACO: DIAGONAL ÁBACO: DIÁMETRO INFERIOR: Nº DE COROAS: Nº FOLLAS POR COROA: LONXITUDE DA PEZA: 172 ANCHO DA PEZA: 50
FERRAMENTA UTILIZADA: TIPO DE LABRA:	

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Regular.
CAUSAS DO DETERIORO: Antrópicas, biodeterioro.
REUTILIZACIÓN: Novamente como fuste.
INTERVENCIÓNS: Buratos para colocación de un púlpito.
MARCAS OU FACTORES ANTRÓPICOS QUE MODIFICAN: Función

CRONOLOXÍA DA PEZA
PROPOSTA NA BIBLIOGRAFÍA: Séculos III- VII d. C. (Bernárdez Fresco, X.: *Columnas Tardorromanas da Igrexa Divino Salvador de Setecoros (Valga)*. Memoria de intervención, 2016).
PROPOSTA PROPIA: Séculos IV-V d.C.

EPÍGRAFE
FÓRMULA:
TIPO DE LETRA:
DEDICACIÓN:

OBSERVACIÓNS
O fuste está enteiro embutido no paramento. É igual que o fuste sur.

BIBLIOGRAFÍA

Bernárdez Fresco, X.: *Columnas Tardorromanas da Igrexa Divino Salvador de Setecoros (Valga)*. Memoria de intervención, 2016; Núñez Rodríguez, M: *Arquitectura prerrománica*, Santiago de Compostela, 1978; Núñez Rodríguez, M.: "Estudio de los capiteiles de los siglos V-VIII en Galicia", en *Conimbriga*, 1976, nº XV, pp. 45-59, p. 48.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

SIGLA: SET10

FICHA Nº 10: Fuste en San Salvador de Setecoros (Valga, Pontevedra).

FOTOGRAFÍA : Propia (22/07/2016).

TIPO DE ELEMENTO: Fuste monolítico.

FUNCIÓN: Arquitectónica, sustentante, decorativa.

FORMA DA PEZA: Cilíndrica.

DESCRICIÓN

Fuste cilíndrico monolítico de mármore.

LOCALIZACIÓN ACTUAL

Interior da igrexa de San Salvador de Setecoros (Setecoros).

Nº DE REXISTRO/INVENTARIO:

SIGLAS NA BIBLIOGRAFÍA

PROCEDENCIA
LUGAR: Igrexa de San Salvador de Setecoros (Setecoros). CONCELLO: Valga. PROVINCIA: Pontevedra. ZONA: Rural. ANTIGA DIÓCESE: Iria Flavia. CONTEXTO: Rural.

PEZAS ASOCIADAS: SET01-SET09, SET11-SET14.

MATERIAL	**DIMENSIÓNS (cm)**
TIPO: Mármore. PROCEDENCIA: O Incio (Lugo).	ALTURA: LADO MÁX. ÁBACO: DIAGONAL ÁBACO: DIÁMETRO INFERIOR: Nº DE COROAS: Nº FOLLAS POR COROA: LONXITUDE DA PEZA: 172 ANCHO DA PEZA: 50
FERRAMENTA UTILIZADA: TIPO DE LABRA:	

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Regular.
CAUSAS DO DETERIORO: Antrópicas, biodeterioro.
REUTILIZACIÓN: Novamente coma fuste.
INTERVENCIÓNS: Buratos para colocación de un púlpito.
MARCAS OU FACTORES ANTRÓPICOS QUE MODIFICAN: Función.

CRONOLOXÍA DA PEZA
PROPOSTA NA BIBLIOGRAFÍA: séculos III- VII d. C. (Bernárdez Fresco, X.: *Columnas Tardorromanas da Igrexa Divino Salvador de Setecoros (Valga).* Memoria de intervención, 2016).
PROPOSTA PROPIA: séculos IV-V d.C.

EPÍGRAFE
FÓRMULA: O Λ S A? O I S A?
TIPO DE LETRA: Capital.
DEDICACIÓN: Descoñecida.

OBSERVACIÓNS
O fuste está enteiro e embutido no paramento. É igual que o fuste norte. Foi colocado en posición invertida, pois o epígrafe está ao revés. En relación ao epígrafe, atopamos o hidrónimo Oisa. Este é un afluente do río Deza que na actualidade chámase Gouxa (Abeledo Penas, A.: "Arroio de Oisa...Ulo río da Gouxa?", en *Descubrindo: anuario de estudios e investigación de Deza*, nº 10, 2008, pp. 317-354).

BIBLIOGRAFÍA

Bernárdez Fresco, X.: *Columnas Tardorromanas da Igrexa Divino Salvador de Setecoros (Valga)*. Memoria de intervención, 2016; Nüñez Rodríguez, M.: *Arquitectura Prerrománica*, Santiago de Compostela, 1978; Núñez Rodríguez, M.: "Estudio de los capiteiles de los siglos V-VIII en Galicia", en *Conimbriga*, 1976, nº XV, pp. 45-59, p. 48.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

SIGLA: SET11

FICHA Nº 11: Fuste procedente de San Salvador de Setecoros (Valga, Pontevedra).

FOTOGRAFÍA : Propia (25/04/2019).

TIPO DE ELEMENTO: Fuste monolítico.

FUNCIÓN: Arquitectónica, sustentante, decorativa.

FORMA DA PEZA: Cilíndrica.

DESCRICIÓN

Fuste monolítico de mármore branco con lixeiro éntase e cunha cruz inscrita na parte central.

LOCALIZACIÓN ACTUAL

Museo da Catedral de Santiago de Compostela.

Nº DE REXISTRO/INVENTARIO: nº 302

SIGLAS NA BIBLIOGRAFÍA

PROCEDENCIA
LUGAR: Igrexa de San Salvador de Setecoros (Setecoros). CONCELLO: Valga. PROVINCIA: Pontevedra. ZONA: Rural. ANTIGA DIÓCESE: Iria Flavia. CONTEXTO: Relixioso.

PEZAS ASOCIADAS: SET01-SET10, SET12-SET14.

MATERIAL	**DIMENSIÓNS (cm)**
TIPO: Mármore. PROCEDENCIA: Descoñecida.	ALTURA: LADO MÁX. ÁBACO: DIAGONAL ÁBACO: DIÁMETRO INFERIOR: Nº DE COROAS: Nº FOLLAS POR COROA: LONXITUDE DA PEZA: 163 ANCHO DA PEZA: 25
FERRAMENTA UTILIZADA: TIPO DE LABRA:	

ESTADO DE CONSERVACIÓN: Bo. Algunhas manchas de ferro.
CAUSAS DO DETERIORO: Antrópicas.
REUTILIZACIÓN: Descoñecida.
INTERVENCIÓNS:
MARCAS OU FACTORES ANTRÓPICOS QUE MODIFICAN:

CRONOLOXÍA DA PEZA
PROPOSTA NA BIBLIOGRAFÍA: Séculos VI-VII d. C. segundo consta na ficha do Museo da Catedral de Santiago de Compostela; VI-VII d. C (Núñez Rodríguez, M., "Estudio estilístico de los capiteles de los siglos V-VIII en Galicia", 1976, *Conimbriga*, nº14-17, p. 48).
PROPOSTA PROPIA: séculos V-VII d.C.

EPÍGRAFE
FÓRMULA:
TIPO DE LETRA:
DEDICACIÓN:

OBSERVACIÓNS
